



PROGRAMA  
DE GOBERNO



A GALIZA  
QUE QUERES

## INTRODUCCIÓN

Somos un gran País. Galiza ten recursos, potencialidades, coñecemento, capacidade, traballo e talento abondo para ofrecer oportunidades e a mellor calidade de vida á xente que vive e traballa aquí. Porén, as políticas desenvolvidas polo Partido Popular en case trinta anos de Goberno desde a creación da Autonomía, os quince últimos de maneira ininterrompida, fixeron cada vez máis pequeno o noso País.

E así o evidencian as cifras.

- Desde 2009, Galiza acumula un recorte orzamentario de 2.193 millóns de euros en Atención Primaria e **375.000 persoas están actualmente esperando por unha operación, por unha proba diagnóstica ou por unha consulta** cun especialista.
- Por primeira vez, as galegas e galegos temos que agardar durante semanas para poder ver a nosa médica ou médico de cabeceira e **as nenas e nenos en seis de cada dez concellos non teñen pediatra.**
- A día de hoxe, **9.080 persoas agardan no noso País para recibir unha primeira consulta en saúde mental na sanidade pública** o que deixa a posibilidade de atención neste ámbito só en mans de quen poida pagalo.
- Desde 2009, **destruíronse no noso País 51.200 postos de traballo no sector industrial, no mar e no sector agrogandeiro** e Galiza conta con 22.500 persoas autónomas menos.
- Ao longo destes catorce anos de goberno do Partido Popular **pecharon 4.127 empresas e 374.527 persoas marcharon à emigración**, 141.881 delas, é dicir, o 38%, tiñan menos de 29 anos.
- No 2022, en Galiza **o 23,6 % da poboación estaba en risco de pobreza ou exclusión social (taxa AROPE) o que en termos absolutos significa 636.000 persoas.**
- Na última década, en Galiza **só se construíron 22 vivendas públicas** convertendo un dereito fundamental nun dos principais factores de exclusión e nun ben especulativo.
- Entre tanto, **a débeda pública galega multiplicouse por tres** situándose en 14.239 millóns de euros e lonxe de converxer, Galiza afastouse nestes anos cada vez máis da renda per cápita da UE pasando de situarse en 2007 no 89,4% (PIB per cápita) da media da UE-27 a caer ao 76,9% en 2022.

Quince anos de goberno do Partido Popular supuxeron un devalo demográfico e económico progresivo que se traduce no empeoramento da calidade de vida e do benestar das galegas e dos galegos e, tamén, na perda de oportunidades económicas para o conxunto do País.

Mais hai esperanza, porque o galego é un pobo digno e traballador que non se resigna a ver como nos van achicando, como van facendo a cada pouco este País máis pequeno.

Neste contexto, é preciso pór en marcha un plan de goberno ambicioso e de País que colla da man os sectores sociais, económicos e culturais máis vivos e dinámicos de Galiza para abrir unha urxente e necesaria fiestra de oportunidade. Un goberno que estea liderado, por primeira vez na historia de Galiza, por unha muller nacionalista coas mans libres para defender os intereses das galegas e galegos, sen ataduras.

Tes nas túas mans a proposta de goberno do Bloque Nacionalista Galego para as eleccións do próximo 18 de febreiro.

Unha proposta ampla, resultado do contraste con ducias de persoas diversas e tamén do traballo man a man ao longo destes anos con numerosos colectivos, entidades e organizacións sociais.

Esta proposta programática é froito, tamén, das xenerosas achegas de persoas expertas no ámbito económico que colaboraron no deseño dunha alternativa sólida e realista coa que queremos sacar adiante o noso País.

Un documento vivo e aberto ao que son benvidas as achegas de todas as persoas que teñen Galiza na cabeza e no corazón.

Neste novo ciclo político que se abre, desde o Bloque Nacionalista Galego fixámonos **catro obxectivos estratéxicos** que dean o impulso necesario ao noso País.

1. **Xerar actividade económica e emprego de calidade.** Pór o País a producir desde a innovación procurando un desenvolvemento autocentrado (baseado nos propios recursos), nos sectores estratéxicos (tradicionais e emerxentes) así como na xeración de cadeas de valor.
2. **Construír unha Galiza máis forte e orgullosa da súa identidade,** afortalando a capacidade de decisión do pobo galego, avanzando no noso recoñecemento como nación e no noso autogoberno.
3. **Coidar as persoas,** especialmente a quen máis o precisa, reducindo as desigualdades así como fortalecendo e ampliando os servizos públicos esenciais.
4. **Coidar o territorio e o planeta,** a través dun País máis ordenado e cohesionado social e territorialmente.

Partindo dos obxectivos anteriores, as propostas que integran o programa de goberno do BNG xiran arredor de once grandes eixos vertebradores:

1. Un país dono de si.
2. Un país con lingua de seu
3. Un país con unha administración pública moderna, aberta e eficaz
4. Un país con benestar social.
5. Un país produtivo e dinámico.
6. Un país asentando na ciencia e no coñecemento
7. Un país con traballo digno na terra
8. Un país que coida o territorio e os recursos naturais
9. Un país con identidade, con historia e con memoria
10. Un país con democracia e dereitos
11. Un país aberto ao mundo

## **EIXO I: Un País dono de si**

*Impulso dun novo marco político. Máis e mellor autogoberno*

- i. Soberanía para decidir e para mellorar as condicións de vida

O nacionalismo galego sempre considerou o modelo autonómico como insuficiente e inadecuado para dar solución aos problemas da Galiza e para lle dar saída ás aspiracións políticas dunha nación que quere exercer como tal.

O papel político que lle foi recoñecido a Galiza no marco da Constitución de 1978 e do Estatuto de 1981 supón unha autonomía limitada e tutelada. Un modelo de descentralización, basicamente administrativa, que non nos recoñece como suxeito político e que non dotou a nosa nación da capacidade real de poder decidir sobre aspectos básicos da nosa economía, organización territorial, modelo social, cultural ou lingüístico, entre outros.

De feito, catro décadas despois da súa aprobación, é evidente que o actual marco xurídico e político autonómico non serviu para resolver os problemas estruturais do noso País nin serve agora para enfrontar novos e acuciantes retos.

É por iso que desde o Bloque Nacionalista Galego defendemos o impulso dun novo marco político que emane do exercicio do dereito de autodeterminación do pobo galego baixo unha premisa básica: decidir nós por nós mesmas. Autoresponsabilizámonos do noso e tomar o control da nosa riqueza, do produto do noso traballo e intelixencia colectiva, decidir sobre o destino do noso aforro e impostos, dos nosos recursos naturais e enerxéticos ou de como organizar a economía, para pór o País a producir e para blindar os servizos públicos e as políticas sociais.

Este debe ser un dos grandes debates en Galiza, como xa o está a ser a nivel estatal.

Nese sentido, só o BNG garante que haxa un Goberno galego que defenda as mudanzas que vaian no camiño do recoñecemento dos plenos dereitos políticos de Galiza e sexa a base dun novo marco político e xurídico que nos recoñeza como pobo e nos outorgue o dereito a decidir o noso futuro, baixo a convicción de que só desde o exercicio da nosa soberanía poderemos rachar coa dependencia económica e política para construír unha sociedade diferente, libre, próspera, verdadeiramente democrática, igualitaria e xusta.

Sen renunciar ao obxectivo estratéxico da plena soberanía para Galiza, o BNG entende que, no actual contexto político e no período que se abre con estas eleccións, é preciso avanzar con propostas que vaian na dirección de establecer avances inmediatos.

En primeiro lugar, executando as transferencias pendentes recollidas no actual Estatuto e sobre aquelas materias sobre as que existían amplos consensos no Parlamento de Galiza, mediante a convocatoria da comisión mixta de transferencias Xunta de Galiza– Goberno español. Isto suporía un importante avance para o noso País logo de quince anos de goberno do Partido Popular no que, por primeira vez na historia autonómica de Galiza,

non se conseguiu ningunha competencia nova.

En segundo lugar, impulsando a constitución dunha Ponencia de Autogoberno no Parlamento de Galiza que permita debater e acordar unha proposta de novo status político para a nación galega que fixe un novo marco de relación co Estado español baseado nos seguintes principios:

- **Podermos decidir sobre a base produtiva e económica de Galiza** para desenvolver unha promoción económica e do emprego adecuadas ás nosas potencialidades e capacidades.
- **Exercer en exclusiva a planificación, dirección e xestión dos servizos públicos** ligados ao benestar, para dar adecuada cobertura ás nosas necesidades específicas.
- **Impulsarmos sen interferencias, en todos os ámbitos, os elementos que nos conforman como pobo** e nos identifican como nación (lingua, cultura, patrimonio, etc.)
- **Deseñarmos e articularmos a ordenación territorial e a estrutura administrativa**, institucional e da xustiza en Galiza.
- **Garantirmos a capacidade de decisión de Galiza** nas institucións estatais, europeas e internacionais nos asuntos que nos afectan.
- **Contarmos cun modelo de financiamento propio** en que a Galiza teña a plena capacidade para implantar unha política fiscal, desde a regulación até a recadación e xestión integrada a través dunha Facenda Galega, con que facer uso pleno dos nosos recursos económicos para financiar os servizos públicos básicos e podermos aplicar políticas propias de redistribución social.
- **Capacidade de xestionar directamente a Seguranza Social e as pensións.**
- **Podermos exercer libremente relacións internacionais propias**, entre outras cousas para negociar directamente acordos económicos con terceiros países ou para podermos aproveitar o inmenso potencial que neste ámbito nos ofrece o mundo lusófono.

### Propostas para a configuración do novo status político de Galiza

O BNG defende unha Galiza capaz de se gobernar a si propia. Soberanía é igual a máis capacidade para resolvermos nós os nosos problemas. Máis autogoberno é igual a máis democracia e máis benestar. Os galegos e as galegas temos dereito a institucións democráticas propias, capaces de gobernaren o País sen necesidade de pedir permiso. Xa sufrimos durante tempo de máis as incoherencias do modelo actual, as discriminacións para Galiza que del resultan, e non podemos seguir agardando para avanzarmos no camiño da plena soberanía.

O exercicio da soberanía exige outro marco constitucional que recoñeza a capacidade de

Galiza para decidir amplamente desde as institucións do País nas cuestións que nos competen. O BNG é chave para que haxa un Goberno galego que defenda as mudanzas que vaian no camiño do recoñecemento da Galiza como nación con plenos dereitos, comezando polas seguintes medidas:

- **O recoñecemento do dereito de autodeterminación de Galiza**, consonte á súa condición de nación, que leve aparelado o exercicio libre e soberano do poder para atinxir os seus obxectivos de desenvolvemento económico sustentábel, benestar social e florecemento cultural nun modelo de articulación adecuado dos seus dereitos e intereses, con criterios democráticos de liberdade, paridade e reciprocidade. A nación galega asume a condición de suxeito político decisorio coa fórmula que corresponder.
- **Unha nova actitude fronte á cuestión lingüística**, que se plasme no coñecemento real do idioma para permitir o dereito a usarmos a nosa lingua en todo momento e en todo lugar, tamén en todas as institucións.
- **A asunción de todas as competencias esenciais** para garantir que a capacidade de decisión é real e efectiva.
- **A fonda revisión de institucións centrais que inflúen na Galiza**, de xeito que poidamos ter capacidade de incidencia directa na súa designación e mesmo capacidade de veto nos casos en que unha decisión afecte de forma relevante os intereses do noso País.
- **A completa reformulación do Tribunal constitucional**, que deixaría de exercer funcións sobre a Galiza, trasladando os conflitos de competencias a solucións arbitrais a través de órganos políticos bilaterais.
- **A presenza directa de Galiza nas institucións europeas e internacionais.**
- **A eliminación das provincias** e da súa referencia como circunscrición electoral, así como a desaparición das deputacións provinciais. Estruturação do territorio galego a partir dos concellos e as comarcas.
- **A asunción plena e exclusiva das competencias en seguranza pública e viaria.**
- **A adecuación da administración de xustiza**, considerando un poder xudicial propio para Galiza que será a última instancia xudicial no noso País.

Avances no autogoberno de Galiza, en tanto non se consolide o novo marco institucional

### Trasposos e transferencias pendentes

Para alén de afrontar a superación do actual marco constitucional, e no camiño de ir afondando na capacidade de decisión de Galiza, deben acometerse xa sen demora os trasposos e transferencias a Galiza de infraestruturas e servizos esenciais:

- Traspaso AP—9 (Ferrol—Fronteira portuguesa)
- Traspaso AP—53 (treito Santiago—Dozón aínda dependente do Estado)
- Traspaso das competencias en infraestruturas de transporte de interese xeral: Portos de interese xeral, aeroportos e control de tráfico aéreo en Galiza, alén de estradas e camiños de ferro que discorren por territorio galego.
- Transferencia das competencias en materia de costas, tanto as normativas para aprobar unha lei galega de protección do litoral adaptada á realidade galega como as de intervención e xestión (autorizacións de instalacións na costa galega). Tamén se afrontará o traspaso das competencias sobre as bacías hidrográficas (transferencia plena da confederación hidrográfica Miño—Sil).
- Transferencia das competencias e servizos de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña.
- Transferencia das competencias en materia de tráfico, seguranza vial e seguranza pública.
- Transferencia á Galiza das competencias en materia de control, inspección e vixilancia pesqueira actualmente atribuídas á Garda Civil do Mar, ou mesmo á Armada española.
- Traspaso dos fondos e competencias relacionadas co fomento da industria cinematográfica e audiovisual galega.
- Traspaso dos arquivos, bens e fondos documentais, culturais e históricos a Galiza, que se atopan espallados en diversas institucións e organismos do Estado.
- Traspaso das competencias en materia deportiva do Consello Superior de Deportes e das federacións deportivas.
- Transferencia dos activos da SAREB (entidade de xestión de activos inmobiliarios das entidades financeiras saneadas) situados en Galiza, para a súa incorporación nunha Bolsa de vivendas e inmóbeis para fomento da vivenda pública social en Galiza.
- Traspaso das competencias en materia de comercio exterior que exerce o ICEX respecto das empresas galegas.
- Traspaso de espazos e instalacións abandonadas ou en desuso, tanto militares como civís.
- Traspaso da xestión do Ingreso Mínimo Vital.
- Transferencia de competencias en materia de investigación científica.

## ii. Un novo sistema de financiamento

O actual modelo de financiamento está esgotado toda vez que a súa vixencia rematou en 2014 e ademais vén sendo obxecto de críticas desde o seu nacemento por insuficiente, por inxusto



e por non garantir plena capacidade financeira para Galiza.

Neste senso, desde o BNG consideramos que cómpre avanzar nun novo modelo que garanta a suficiencia de recursos tendo en conta o custe real das competencias da Xunta de Galiza, garantindo a autonomía financeira tanto do punto de vista dos gastos como dos ingresos.

Nesta lexislatura, debe ser prioridade do goberno galego negociar un novo modelo baseado no concerto económico, que considere a atribución de plena capacidade normativa, de xestión e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados en Galiza, contando cunha Axencia Tributaria galega integral. Este modelo incluírá a “internalización” do financiamento das nosas entidades locais, e debe completarse coa articulación de mecanismos redistributivos que garantan o equilibrio territorial no Estado.

Así as cousas, en tanto non materializarse de xeito completo un sistema de concerto económico con plenas competencias, o BNG defenderá na vindeira reforma do sistema de financiamento avances claros tanto en autonomía fiscal (maior capacidade para obter recursos) como en suficiencia fiscal (maiores recursos).

Concretamente, defenderá tres principios reitores que guíen a proposta de Galiza na nova negociación:

1º **O incremento da participación de Galiza nos tributos cedidos** parcialmente e a ampliación da capacidade normativa da Xunta de Galiza así como a cesión completa do IRPF, do IVE e dos Impostos Especiais.

2º Por outra parte, **o imposto de sociedades**, que hoxe non forma parte da cesta de tributos que integran o Sistema de Financiamento Autónomo, debe incorporarse ao mesmo, adoptando as medidas que sexan necesarias para que tributación dos distintos establecementos empresariais se produza alí onde están radicadas as súas actividades e non onde se sitúa a sede central da empresa.

3º Vincular o criterio de reparto dos fondos ao **custe real da prestación do servizo** tendo en conta, no caso galego, de maneira especial a dispersión poboacional e o envellecemento, entre outros.

### **Financiamento xusto para os concellos**

A **insuficiencia financeira estrutural que padecen os concellos** foi agravada pola pasada crise económica, tendo moitos deles grandes dificultades para atender os servizos públicos.

Esta situación é agravada pola discriminación na distribución de fondos do Goberno central, xa que se nos adxudica unha Participación nos Ingresos do Estado (PIE) moito menor ao noso peso poboacional. Así, segundo os datos do Ministerio de Facenda sobre os orzamentos das entidades locais correspondentes a 2023, os concellos galegos tan só recibiron en concepto de Participación nos Ingresos do Estado, o 4,87% de transferencias correntes, a pesar de representaren o 6% da poboación total das CCAA de réxime común. Isto supón un déficit de 53 euros por habitante que significa unha perda anual de máis de 143 millóns de euros. Os concellos galegos están infrafinanciados, pois reciben do estado 247,8 euros por habitante, por debaixo da media estatal que ascende a 303,9 euros por habitante.

Trátase dunha situación de discriminación que mesmo se agudiza no caso das grandes cidades galegas.

Por tanto, mentres o financiamento local non estea integrado nun novo modelo de financiamento para Galiza, e coa finalidade de proporcionar máis recursos aos concellos galegos, demandaremos unha reforma do actual modelo de financiamento local, que teña en conta os maiores custos da prestación dos servizos derivados da realidade galega.

Propomos que se adopten os **criterios de dispersión e envellecemento** da poboación para a distribución da Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e que esta se transfira á Xunta de Galiza, para que sexa a administración galega a que realice o reparto destes fondos entre os concellos. Proporemos modificar a distribución en función da poboación de cada concello, que na actualidade prima as grandes cidades sobre o resto.

Ademais dun **novo sistema de financiamento xusto para os concellos**, o BNG promoverá unha Lei galega de facendas locais e un novo sistema de reparto das transferencias non finalistas aos concellos, mediante un plan único que aglutine os recursos do Plan de Cooperación Local e doutros programas de cooperación autonómicos, co obxectivo de evitar a distribución discrecional e partidista de fondos públicos. As convocatorias de subvencións serán un procedemento excepcional e faranse sempre polo procedemento de concorrencia competitiva.

### iii. Soberanía económica e fiscal

## **Impulso ao desenvolvemento de Galiza mediante a creación dunha banca pública galega**

Co obxectivo de transformar o aforro galego en crédito ao tecido produtivo do País, levaremos a cabo as seguintes propostas :

- **Creación da banca pública galega** e impulso de novas fórmulas de participación pública, reformulando os instrumentos do crédito e adoptando as medidas necesarias para que o aforro galego reverta en crédito e investimento no noso País.
- **Creación dun Instituto Galego de Crédito e Investimento**, como unha vía máis áxil para dinamizar o crédito á economía produtiva de xeito inmediato. Será, por tanto, un instrumento complementario dentro da estratexia de configuración dunha banca pública galega.

Unha **banca pública** permitirá achegar liquidez en momentos de crise, ao tempo que será o motor financeiro para o tecido produtivo galego, en especial para as PEMEs, e permitirá dirixir o financiamento para proxectos estratéxicos e a reorientación do tecido produtivo. Por tanto, a avaliación da banca pública como alternativa á banca privada debe ter en conta os efectos positivos que a súa actividade terá no desenvolvemento do noso tecido produtivo, entre os que podemos destacar:

- Implicación directa no desenvolvemento do país a través da aposta por sectores ou áreas onde as entidades privadas non o fan, xa que entenden a priori que non obterían rendibilidades desexadas.

- Evitar a fuga de capitais cara a outros territorios, mediante a captación de aforro galego para destinalo a investimento do tecido produtivo galego.
- Maior orientación cara ao financiamento da economía produtiva e PEME, involucrándose no financiamento de actividades estratéxicas para o desenvolvemento do territorio e concedendo créditos a máis longo prazo. Ademais pode proporcionar investimento en proxectos que teñen maior dificultade de acceso ao crédito privado.
- Maior capacidade de intermediación: após a reconversión financeira, as entidades financeiras están máis concentradas e diminúen a súa orientación cara á intermediación, xa que o fan cara a actividades máis especulativas.
- Reduce as dificultades que teñen determinados segmentos da poboación para o acceso a certos servizos ou produtos financeiros como préstamos, tarxetas de crédito, domiciliación bancaria da nómina, etc.
- Limitar os xuros abusivos para préstamos hipotecarios que teñan como finalidade a adquisición da primeira vivenda mediante un sistema que considere criterios de vulnerabilidade social.

Ademais, impulsaremos ou demandaremos do goberno central as seguintes **medidas no sector financeiro**:

- Recuperación do rescate bancario para aumentar os recursos públicos dedicados aos servizos básicos: sanidade, educación e servizos sociais.
- Adoptar medidas para garantir o acceso universal e gratuíto aos servizos bancarios.
- Acometer unha regulación do sector financeiro que supervise e controle entidades e axentes financeiros, limitando movementos especulativos de capital e supeditando a actividade financeira ás necesidades da economía produtiva.
- Acordar medidas complementarias á aposta por instrumentos financeiros propios para impediren a expulsión dos nosos aforros e a súa utilización no noso País.
- Introducir regras sobre a retribución dos altos directivos do sector financeiro, limitando os salarios e o establecemento de bonos e incentivos desmedidos.
- Aprobar normas sobre servizos financeiros que limiten o cobro de comisións abusivas a usuarios/as, así como o reforzamento da transparencia da información das entidades financeiras.
- Culminación dos traballos da Comisión de investigación parlamentaria sobre o proceso de bancarización e privatización das Caixas galegas.

### **Avanzar nas capacidades fiscais para unha maior xustiza tributaria**

O actual sistema fiscal amosa un claro carácter regresivo, onde a contribución impositiva recae fundamentalmente sobre os impostos indirectos ao consumo e ás rendas do traballo, fronte ás de capital. Deste xeito, non está a contribuir a corrixir as desigualdades económicas e, por tanto, non cumpre a súa función de redistribución da riqueza.

O resultado é un sistema fiscal cun baixo nivel de presión fiscal sobre determinadas rendas e un reparto pouco equitativo da carga fiscal que impide o desenvolvemento do sistema de benestar, privando à sociedade dos recursos necesarios para poder adoptar medidas de estímulo na economía dirixida a un crecemento sustentábel a longo prazo.

Apostamos por un sistema fiscal galego inserido nun modelo de financiamento baseado no concerto económico, froito da negociación bilateral da Xunta có Estado, que garanta que Galiza teña plena capacidade normativa, de xestión e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados no noso país, de cara a avanzar na xustiza fiscal. Mentres non academos este modelo, é prioritario acometer unha reforma fiscal cos obxectivos de:

1. **Garantir e incrementar a capacidade** recadadora do sistema tributario, nun sentido de progresividade impositiva, de maneira que en función da capacidade económica e patrimonial pague proporcionalmente máis quen máis ten, para fortalecer un sistema de benestar que asegure o acceso de toda a poboación ás prestacións sociais e servizos públicos de calidade.
2. **Incrementar a xustiza do sistema fiscal**, impulsando a función de redistribución da renda e riqueza e como elemento activo na corrección das desigualdades sociais.

O BNG avoga por aproveitar ao máximo as capacidades de Galiza para introducir progresividade nos impostos que forman parte do sistema de financiamento. Deste xeito, en tanto non se reforme este sistema:

- **Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas:** na tarificación das bases imponible liquidables aumentaremos o número de tramos e actualizaremos os límites dos primeiros tramos, onde se concentra a maior parte dos declarantes, así como os mínimos persoal e familiar, para compensar o efecto da inflación. Ademais, modificaremos os tipos de gravame do IRPF, para que as rendas máis altas tributen proporcionalmente máis, achegando maiores recursos para o sostemento dos servizos públicos galegos, realizando todas as modificacións precisas para dotar este imposto de maior progresividade. Ademais estableceremos distintos tipos de gravame en función da natureza dos rendementos minorando a tributación polos ingresos do traballo e aumentando a correspondente aos derivados do capital. As deducións serán inversamente proporcionais aos tipos de gravame.
- **Imposto de patrimonio:** suprimiremos a bonificación da cota íntegra e actuaremos sobre o mínimo exento para que os patrimonios superiores a 300.000 euros, excluída a vivenda habitual, acheguen máis ao sostemento dos servizos públicos galegos, ao tempo que dotaremos a escala deste imposto de maior progresividade.

Así mesmo, aproveitaremos as nosas capacidades fiscais para crear novos tributos ou modificar algúns dos existentes, para afondar na protección dos intereses ambientais, da maioría social e do entorno rural:

- **Imposto sobre as Grandes Superficies Comerciais** que grave o impacto económico, social e ambiental que provocan estas grandes superficies, en función do seu tamaño.
- **Imposto medioambiental sobre as instalacións de transporte de enerxía**

**eléctrica de alta tensión**, que gravará a capacidade económica que se manifesta na xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural polas instalacións eléctricas a través de elementos fixos de alta tensión. A Base impositiva do imposto estará constituída polos quilómetros de tendido eléctrico en redes de capacidade igual ou superior aos 220 kW.

- **Imposto sobre as vivendas baleiras**, que terá como suxeito pasivo ás persoas xurídicas —xa que logo, non afectará ás persoas físicas— e gravará o incumprimento da función social das vivendas polo feito de permaneceren desocupadas de forma permanente, durante máis de dous anos sen causa xustificada. Constituirá a base impositiva o número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto das que é titular o suxeito pasivo, reducida en 160 metros cadrados en concepto de mínimo exento.
- **Modificación do canon eólico** para que a base impositiva estexa constituída pola suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existente en cada parque eólico instalado en Galiza, e non o número de aerogeradores como está establecido na actual normativa e que favorece os intereses das grandes eléctricas e prexudica o fornecimento de recursos para o Fondo de Compensación Ambiental.
- **Elevaremos a cota tributaria do Imposto sobre o Dano Medioambiental** por determinados usos e aproveitamento da auga encorada.
- **Impulsaremos a imposición fiscal sobre aqueles feitos que deterioran o medio**, coa finalidade de incentivar o uso de sistemas de produción limpos, así como compensar o custe social de soportar danos medioambientais coa internalización deses custes por parte das empresas ou calquera outro produtor da contaminación.

**Galiza, en tanto non se mude o actual sistema de financiamento por un sistema baseado na responsabilidade fiscal plena**, recibe parte dos seus ingresos públicos a través dunha canastra de impostos, composta por tributos propios e outros cedidos parcialmente polo estado, polo que recada un volume de impostos que está moi lonxe dos total dos tributos realmente pagados por galegas e galegos. Xa que logo, mentres ese deseño fiscal do Estado español teña incidencia nos recursos con que conta Galiza, o BNG desde o Goberno galego promoverá tamén unha profunda remodelación do sistema fiscal estatal, consonte os seguintes criterios:

- **Estabelecer novos tramos na tarifa xeral do IRPF para as rendas superiores**, actualizar os seus límites en función dos efectos da inflación e a mellora na progresividade na tributación do aforro.
- **Manter ou aumentar as rebaixas do IVE para servizos e bens de consumo básicos** como a electricidade, os alimentos básicos, carne, leite, pescado, etc.
- **Modificar a lexislación das Institucións de Inversión Colectiva**, a fin de que as sociedades de investimento de capital variábel (SICAV) tributen aos tipos impositivos análogos aos fixados no imposto sobre a renda e sociedades.
- Mentres Galiza non teña competencias sobre o Imposto de Sociedades, **fixar un gravame adicional no Imposto sobre Sociedades para as bases impositivas que superen os 100 millóns de euros**, isto é, empresas que teñan grandes beneficios.
- **Estabelecer un réxime fiscal sobre a actividade financeira** que grave as

transaccións especulativas.

### Loita contra a fraude fiscal

É necesario que o Estado implemente medidas de loita contra a fraude fiscal e a evasión de capitais, que actualmente, non se están a perseguen cos medios adecuados, nomeadamente o fraude correspondente as grandes corporacións e fortunas.

- **Demandaremos que o Estado impulse un plan específico con medidas efectivas de loita contra a fraude e a evasión fiscal** das sociedades e capitais despositados en entidades financeiras domiciliadas en paraísos fiscais e contra sociedades “pantalla” ou interpostas, así como contra os axentes mediadores que facilitan a fraude fiscal.
- **A Xunta de Galiza tamén será un axente activo na loita contra a fraude fiscal.** Aínda con competencias limitadas, existe marxe para actuar desde o ámbito galego. En especial, actuaremos mediante a reclamación dun marco competencial acaído para que desde a Xunta de Galiza se poidan desenvolver accións eficaces contra a fraude fiscal.

En consonancia coa defensa do BNG dunha nova política social e territorial baseada nos principios da xustiza social e o combate da desigualdades territoriais que afectan a Galiza. Desde o Goberno galego, demandaremos do estado:

- **Orzamentos públicos participativos e democráticos**, que defendan os intereses das maiorías sociais
- **Impulso à economía produtiva** e a reindustrialización
- **Defensa do interese social:** derogación da lexislación que atenta contra os dereitos laborais da clase traballadora, contra a negociación colectiva e contra as pensións. Medidas de redución da precariedade e da temporalidade laboral.
- **Actualización permanente dos salarios** en función do aumento do custo da vida
- **Pensións dignas e sistema público garantido:** o sistema público de pensións é perfectamente sustentábel e o seu futuro é unha cuestión de vontade política, non de viabilidade económica. A viabilidade futura implica o incremento dos ingresos do sistema, aumentando os salários e o emprego, evitando a emigración e a fenda de xénero, e obviamente requirer derogar todas as reformas que atentan contra a capacidade adquisitiva das prestacións.
- **Redución da xornada laboral**
- Desenvolvemento do **Marco Galego de Relacións Laborais**
- **Eliminación da fenda de xénero:** igualdade de dereitos e oportunidades para todas e todos.

### Empoderar Galiza ante o centralismo económico

Madrid converteu-se en núcleo referencial do estado, sede dos poderes político, executivo,

lexislativo, xudiciário, militar e do corpo diplomático. O Estado investiu todo o seu esforzo en facer de Madrid o nodo central dos transportes e as comunicacións, centro radial por onde todo debe pasar. Beneficiada polo chamado “efeito sede” reúne a maioría de organismos e entidades públicas empresariais concentrando grande parte do emprego estatal; congrega o maior número e facturación de grandes empresas atraindo o investimento, nomeadamente o especializado nas TIC’s; e é centro financeiro, dos medios de comunicación e das principais entidades científicas, artísticas e culturais, ofrecendo a maioría do emprego cualificado.

Madrid ten un permanente apoio do Estado grazas ao investimento en novas e importantes infraestruturas de transporte terrestre e aéreo, que afonda no seu deseño radial, e situa os centros de decisión do Estado à beira dos centros de decisión políticos, o que facilita a adxudicación dos contratos públicos às grandes empresas con sede en Madrid. As consecuencias do centralismo son moi negativas para Galiza: agrava a nosa condición de periférica económica e a fuxida de empresas para Madrid que é a sede fiscal de mais de 4.300 empresas con actividade na Galiza, provocando un estrago fiscal devastador.

Galiza segue a estar discriminada na atracción de investimentos, é fornecedora de recursos fiscais e de grande parte do noso aforro, de materias-primas, man de obra e enerxía, ao tempo que sofremos unha crise demográfica que segundo estimacións do Instituto Galego de Estatística levará a perdermos o 6,6% da poboación nos próximos 15 anos.

Por todo isto o BNG defenderá desde o Goberno galego e ante o Estado a:

- **Participación pública galega nos organismos de dirección** (consellos reitores, órganos de administración, etc) **de empresas públicas estatais** radicadas na Galiza, con capacidade decisiva (veto) cando se adopten medidas que afecten aos centros produtivos galegos.
- **Derrogación das leis de garantía de unidade de mercado**, favorecendo o impulso a economía galega sen o control e limitación do Goberno central.
- **Derrogación da normativa sobre estabilidade financeira**, así como da reforma constitucional *exprés* de 2011 que a sustenta, que afoga a capacidade investidora e de mellora de servizos públicos da administración galega e das administracións locais.
- **Anulación da lei de acción exterior do Estado**, recuperando a capacidade e iniciativa da Galiza para a súa presenza exterior consonte a súa iniciativa e estratexia propias.
- **Inclusión preferente de Galiza no Corredor Atlántico** como nó prioritario, garantindo a conexión có norte de Portugal e có Cantábrico. Non pode ser que Madrid sexa nó central deste corredor priorizando-se as conexións Aveiro-Valladolid-Irun e Algeciras-Madrid-Irun unindo Portugal, Andalucía, Madrid e Euskadi e deixando afastada a Galiza do corredor que leva por nome o oceano que rega as nosas costas.

### Políticas alternativas para compensar os efectos da inflación

En Galiza, con salarios e pensións máis baixas que a media estatal, as consecuencias da suba dos prezos e dos xuros das hipotecas é moi preocupante. Primeiro porque a inflación ven

sendo maior en Galiza que a media do conxunto do estado, e segundo, por que afecta a unha poboación cun menor poder adquisitivo. E por se é pouco, a maior parte dos salarios aínda non se teñen actualizado para compensar o aumento dos prezos.

Así, a taxa de risco de pobreza ou exclusión social en Galiza acadou en 2022 o 24,2% da poboación. A porcentaxe de fogares galegos con dificultades para chegar a fin de mes o 43,1%, e a de fogares que non poden permitir-se manter a vivenda con unha temperatura adecuada en Galiza foi do 19,1%.

O BNG considera que existen **políticas alternativas** para compensar os efectos da inflación:

- **Medidas fiscais para compensar a perda de poder adquisitivo** das economías domésticas e das pequenas e medianas empresas:
  - **Imposto sobre a Renda:** incrementando a súa progresividade, que pague máis quen máis renda obtén; deflactar as tarifas do IRPF en función da taxa de inflación galega; establecer distintos tipos de gravame en función da natureza dos rendementos minorando a tributación polos ingresos do traballo e aumentando a correspondente aos derivados do capital e deducións inversamente proporcionais aos tipos de gravame.
  - **Imposto de Sociedades:** establecer a progresividade en función da dimensión da empresa e deducións inversamente proporcionais aos tipos de gravame soportados.
  - **IVE:** continuar coa rebaixa do IVE de produtos de alimentación básica, carnes e produtos do mar, elementos de hixiene persoal e feminina, transporte público de pasaxeiros, investimentos en eficiencia enerxética e enerxías renovábeis no ámbito doméstico e nas pequenas e medianas empresas. Redución do IVE do gas e redución permanente do IVE da electricidade ao tipo superreducido do 4%.
- **Medidas para intervir o sector eléctrico:** intervención pública no mercado eléctrico, modificar o sistema de fixación de prezos, garantir tarifas estábeis para a industria electrointensiva revisando o Estatuto de Electrointensivas que non se adapta a realidade galega, Tarifa Eléctrica Galega abaratando as peaxes de transporte pola nosa condicións de territorio produtor de electricidade, reformar o bono social do estado aumentando a súa cobertura e considerando as condicións habitacionais e climáticas de Galiza, prohibir permanentemente os cortes de luz, auga e gas as familias e colectivos socialmente vulnerábeis e impulsar de xeito efectivo o autoconsumo e a eficiencia enerxética para reducir o consumo e a dependencia do lobby eléctrico.



## Eixo 2. Un país con lingua de seu

A lingua é un dereito (individual e colectivo) irrenunciábel. Asemade, a lingua é un sinal de identidade do pobo galego, unha das súas maiores creacións, única e insubstituíbel, que contribúe á igualdade e á diversidade cultural e lingüística do mundo (e con iso á súa propia supervivencia), pois reflicte unha certa maneira de estarmos no mundo que nos é propia e característica. A lingua contribúe á nosa cohesión e vertebración como pobo e tamén á integración das persoas que proceden de fóra de Galiza.

Porén, todos os estudos sociolingüísticos conveñen na perigosa situación da nosa lingua, por mor de falta de transmisión interxeracional, a reconsolidación de vellos prexuízos e a existencia dunha capa cada vez maior de persoas que non gozan de contacto habitual coa nosa lingua. Con todo, a situación aínda é reversíbel, se nos dotarmos dunha política lingüística seria, respectuosa coa diversidade e os dereitos, decidida e valente. Cómpre reiniciar un novo camiño de impulso normalizador.

Consecuentemente, a política lingüística debe permear todas as políticas que se desenvolvan ou activen desde calquera instancia do Parlamento e da Xunta de Galiza. Isto é, debe ser unha constante nuclear de toda a acción do Goberno, a corrente continua que impulse calquera acción de forma transversal, o vaso comunicante que restaure, desde o reforzo positivo, a normalidade lingüística para o galego como lingua minorizada que aínda é.

O BNG considera que é o momento de construír un **grande acordo nacional pola lingua galega**, que consiga un consenso amplo de todos os axentes políticos, económicos e sociais galegos para revertir a tendencia de perda de falantes que se vén dando na última década de forma moi acusada.

É por iso que, do mesmo xeito que é imprescindible atender na acción política unha perspectiva de xénero para tratar de forma transversal a igualdade na acción de goberno, tamén debe existir unha **perspectiva de lingua** que axude a que se teña en conta o fomento do uso e do prestixio do galego en canta acción e manifestación de goberno se poida introducir: deseño e execución de proxectos e programas de todos os ámbitos; elaboración de orzamentos; contratación de servizos, subministracións, obras e adxudicacións públicas; lexislación; I+D+i+transferencia; colaboración con outras entidades; medidas de fomento de todo tipo (axudas públicas, subvencións, premios...), cooperación transfronteiriza...

O obxectivo vertebrador da planificación lingüística é a normalización da lingua galega, un proceso progresivo e diverso consonte a realidade sociolingüística galega, conducente a:

1. Incrementar o uso e o prestixio da lingua galega en todos os ámbitos sociais.
2. Garantirlles ás persoas que queren vivir en galego en Galiza poder facelo, sen atrancos, con seguridade e garantías e con toda a oferta posíbel en servizos e produtos.
3. Ofrecerlles unha contorna favorábel, chea de oportunidades e recursos de aprendizaxe e posibilidades de usos, ás persoas que queiran aumentar e mellorar o seu uso do galego.

4. Seducir as persoas que non usan o galego na súa vida, para que consideren o galego como un sinal de identidade positivo, que nos dá cohesión como pobo, útil como ferramenta de comunicación dentro e fóra de Galiza e prestixioso como representación cultural dun pobo milenario.

O obxectivo da normalización é chegar a todos os aspectos da vida, mais, á vista da realidade actual de emerxencia lingüística que todos os estudos presentan, cómpre priorizar ámbitos de actuación:

- I. **Infancia e mocidade:** son os falantes do futuro. Cómpre que teñan unha formación plurilingüe acorde coas necesidades dun mundo global, mais é fundamental que sexan competentes desde o noso idioma, propio e oficial, e que desenvolvan sensibilidade e conciencia para posibilitar a continuidade do galego.
  - **Derrogación inmediata do Decreto 79/2010 do Plurilingüismo** e substitución por unha nova norma que busque activar as competencias plurilingües das rapazas e rapaces partindo do coñecemento do galego, con base nos compromisos asinados polo Estado ao ratificar a Carta Europea das Linguas e atendendo aos informes e recomendacións dos expertos da Unión Europea para cumprilos: establecemento dunha oferta educativa completa ou principalmente en lingua galega. Poñerase en marcha mediante experiencias piloto, que serán seguidas e avaliadas, en continuo diálogo coa comunidade educativa, e reforzadas cun proxecto de actividades complementarias de formación, sensibilización e fomento entre o profesorado e as familias, especialmente para a primeira infancia.
  - **Revisión da eficacia e eficiencia da política de adquisición de coñecemento de linguas estranxeiras.** A falta dunha auditoría específica, cómpre asegurar o dereito do alumnado a aprender as materias específicas, a redución das ratios do alumnado nas clases de idiomas, a implantación do sistema integrado da aprendizaxe de linguas (TIL), a introdución do portugués como vantaxe competitiva e desde unha perspectiva normalizadora.
  - **Asegurar a existencia de contextos favorábeis para o uso do noso idioma entre as familias e a mocidade,** cun ambicioso programa de dinamización que abrangue actividades, a aparición de recursos propios e a introdución do galego nas ferramentas extraescolares, de lecer e tempo libre para a infancia e a mocidade: xoguetes, campamentos, deporte, música, audiovisual, videoxogos, libros, teatro, actividades de conciliación, espazos para as familias, etc.
2. **Sector socioeconómico e relacións laborais, empresariais e comerciais:** promoción de estímulos para incorporar o galego no ámbito laboral, para que se vexa a utilidade de aprendelo desde a infancia.

A administración debe non só implantar medidas para se converter nun modelo de referencia lingüístico-laboral (facer efectivo o principio de oferta positiva,

regulación de usos lingüísticos nas propias administracións públicas, introdución de perfís lingüísticos para a selección e o desempeño, defender o dereito ao atendimento en galego nos organismos de ámbito estatal etc.), senón tamén cumprir o seu papel dinamizador no mundo económico e do traballo:

- Impulsando positivamente o uso do galego no ámbito empresarial: na etiquetaxe, na rotulación, na publicidade, na atención ao público...
- Estabilizando e ampliando a formación de persoas adultas en lingua galega, a través da creación dun corpo estábel de profesorado que deseñe e execute programas de formación en lingua xerais e específicos por áreas e por perfís sociais, e que garanta o acceso á formación en lingua actualizada e de calidade.
- Implantando a perspectiva de lingua mediante a figura da contratación responsábel en contratos e licitacións de servizos que preste mediante concesión e nos produtos que adquira, de xeito que estimule a introdución do galego na oferta empresarial.
- Apoiando a galeguización planificada e participada das empresas e iniciativas económicas e laborais.
- Poñendo en marcha un plan lingüístico-laboral para dar satisfacción ás necesidades terminolóxicas e formativas das empresas e das traballadoras e traballadores.

3. **A comunicación e as novas tecnoloxías:** a posta en valor dunha lingua minorizada debe priorizar a súa presenza naqueles espazos de comunicación máis contemporáneos e prestixiados socialmente e, á vez, máis cotiáns e habituais, á vez que se debe garantir a información da sociedade na lingua propia do país.

- Xogando un papel intermediador cos principais axentes do sector tecnolóxico para facilitar a dispoñibilidade dos seus servizos na nosa lingua. Traballando para que as plataformas e produtos dixitais, que se empregan no ámbito laboral e de ocio, estean dispoñíbeis en galego.
- Fomentando a investigación e o desenvolvemento para incorporar o galego ás novas ferramentas tecnolóxicas (informática, demótica, intelixencia artificial, tecnoloxías da fala, web semántica...). Neste ámbito, e para garantir a vida dixital do galego, incrementaremos decididamente o apoio ao Proxecto Nós.
- Impulsando estratexias que permitan a produción de contidos en galego nos medios dixitais, coa intención de amplificar a nosa lingua en Internet. Dando vida ao galego nas plataformas sociais cunha cantidade elevada de persoas diversas que aposten por comunicar nesta lingua.

Para impulsar unha política lingüística activa e transversal que teña como obxectivo a normalización da lingua galega, dotaremos o goberno dunha Secretaría Xeral de Política Lingüística na Presidencia, con peso suficiente, con capacidade de acción social e coas

competencias necesarias para a coordinación, incidencia no conxunto do goberno e a acción transversal de fomento do uso e do prestixio do galego desde todas as áreas da Xunta.

O impulso da política lingüística conduce á necesidade de revisar e actualizar o marco lexislativo, nomeadamente a Lei de normalización lingüística de 1983, para acompasala aos tempos actuais e introducila nos diversos ámbitos de actuación.

Para poder executar esta política, debemos crear estruturas técnicas estables, plans de traballo a longo prazo para que a acción en normalización lingüística teña continuidade coa necesaria dotación de medios técnicos, humanos e económicos. Non só se trata de ampliar (transversalmente) ou reformular o orzamento destinado á política lingüística, dramaticamente recortado nos últimos quince anos (o 61% menos de orzamento que en 2009), senón tamén de dotarse de recursos con carácter estrutural (organización, persoal técnico, redes...), minúsculos na actualidade, para poder executar a política lingüística con eficiencia, eficacia e coa necesaria coordinación e colaboración co resto de administracións e organismos.

- Basear o traballo en política lingüística seguindo os criterios de planificación, seguimento e avaliación para detectar os éxitos, os fallos e reconducir as actuacións, atendendo sempre, ante calquera proposta de intervención, ao necesario diálogo e participación social.
- Defender o dereito ao atendimento en galego nos organismos de ámbito estatal.
- Aproveitar a lusofonía e os vínculos que nos unen a ela con accións concretas, non só con teses. Cómpre impulsar que as eurocidade e eurorexións aproveiten a oportunidade para estreitar tamén os lazos culturais e lingüísticos a relación cultural próxima con Portugal.

Para alén destas cuestións, propomos as seguintes medidas

- a) **a elaboración dunha nova Lei de Normalización Lingüística**, que actualice e adapte á realidade da sociedade galega actual e dos entornos sociais, culturais, económicos e tecnolóxicos actuais o texto de referencia para a normalización social do galego; o BNG propón neste sentido a elaboración dunha nova Lei Xeral pola Igualdade Lingüística.
- b) **a elaboración dun novo decreto para os usos lingüísticos no ensino**, de maneira que se substitúa canto antes o nefasto Decreto do Plurilingüismo, por un Decreto para a Igualdade Lingüística no Sistema Educativo.
- c) Creación dunha rede verdadeiramente estruturada e coordinada de servizos de normalización lingüística de carácter territorial, participada por entidades encargadas da coordinación das actuacións nesa materia, adecuándoas aos diferentes contextos sociolingüísticos. O Goberno galego coordinará co resto das administracións, nomeadamente coas institucións municipais, os procesos específicos de normalización lingüística.
- d) **Aplicación da Iniciativa Xabarín aprobada polo Parlamento galego**. Mellora e ampliación da oferta de lecer infantil e xuvenil en galego na TVG e na RG. Ademais, promoción da presenza do galego nos medios privados. Os subsidios públicos aos medios

privados estarán sempre en relación directa co uso real da lingua galega na comunicación.

- e) Garantía da atención oral e escrita en galego, tanto na documentación informativa e contractual por parte das entidades financeiras que operan na Galiza (servizos en liña, banca electrónica, caixas automáticas e na atención ao público, presencial e telefónica).
- f) Fomento da extensión da nosa lingua nas relacións laborais, comerciais e empresariais. Posta en marcha dun plano específico orientado á galeguización de festas e romarías, con medidas orientadas a concellos e comisións de festas, orquestras, grupos musicais e bandas de música e soportes publicitarios.
- g) Promoción das medidas necesarias para que o galego sexa a lingua normal da administración de Xustiza e dos seus programas informáticos, exixindo o coñecemento obrigatorio e contrastado e o uso do galego por parte do funcionariado e impedindo a discriminación lingüística nas actuacións xudiciais. Defenderase a modificación da LOPX co fin de que maxistratura e xuízas e xuíces teñan o deber de coñeceren o galego para desenvolveren a súa función en Galiza.
- h) Estabelecemento de accións para introducir o galego como lingua normal de traballo nas notaría, erradicando demoras e outras eivas asociadas aínda na actualidade ao uso do noso idioma. Mantemento dunha política activa de intercambio e promoción de produción cultural entre Galiza, Portugal e o resto dos países de expresión galego-portuguesa, na procura da normalización e internacionalización da cultura expresada no noso idioma.
- i) Recepción en todo o territorio galego, cando menos, do sinal da Radio Televisión Portuguesa e emisión da CRTVG para Portugal. Incorporación da oferta de lingua portuguesa en todos os centros de ensino do noso País, programas de capacitación e actualización para o profesorado de lingua(s) e incorporación de prazas específicas de portugués nas ofertas públicas de emprego.
- l) Promoción da normalización do noso idioma, dentro do actual marco legal, a través da subscripción de convenios coas administracións competentes na Seabra, no Bierzo, e na comarca do Eo e do Navia, así como no caso dos concellos do Val de Ellas (Estremadura).

### **Eixo 3. Un país con unha administración pública moderna, aberta e eficaz**

No BNG defendemos a adaptación da administración ás necesidades e demandas da sociedade galega a través das seguintes liñas de actuación:

#### **a) Reforma da administración para adaptala aos retos do século XXI**

-Reformulación da estrutura orgánica do Goberno e dos seus departamentos para facela máis eficiente e máis axeitada ás funcións e ás políticas que debe desenvolver a administración galega

-Análise dos perfís profesionais necesarios na administración galega e desenvolvemento dunha estratexia a medio prazo para darlles cobertura, tendo en conta tamén o necesario relevo xeracional nas diferentes escalas. Transitoriamente desenvolverase un programa de adaptación, reforzo e capacitación daqueles perfís considerados prioritarios.

-Reforzo dos cadros de persoal nos servizos públicos fundamentais que padeceron un recorte moi substancial nos últimos 15 anos.

-Recuperación de dereitos económicos e laborais. Recuperación progresiva de perda de capacidade adquisitiva do persoal funcionario e laboral da administración galega.

#### **b) Transparencia, rigor e equidade no uso dos recursos públicos**

-Axuste do gasto corrente ás necesidades reais de funcionamento, coa redución de gastos superfluos de publicidade e propaganda

-Impedir que se camuflen gastos correntes nas contas correspondentes aos investimentos de carácter inmaterial.

-As orientacións orzamentarias adoptarán un papel activo no impulso ao desenvolvemento económico do país, para o cal desenvolveremos as seguintes medidas:

Promoveremos unha política orzamentaria en que se conceda preferencia á aplicación dos recursos cara a obxectivos que revistan unha utilidade social clara, que reforcen directamente a capacidade produtiva e que promovan a diversificación do sistema produtivo e o incremento do seu valor engadido.

- Partiremos dun orzamento en base cero, suprimindo todos os gastos superfluos e innecesarios, e reasignaremos os recursos dispoñíbeis conforme ás novas prioridades, fortalecendo a prestación dos servizos públicos esenciais, as políticas de emprego e o investimento produtivo.

- Excluiremos a colaboración público—privada na construción e xestión de infraestruturas e equipamentos vinculados a servizos públicos básicos.

- Estabeleceranse normas de plena transparencia a respecto das subvencións que se concederán, no seu caso, con base en criterios de obxectividade, evitando a arbitrariedade existente actualmente, ligada a unha forma específica de clientelismo que constitúe de facto un xeito de corrupción. Os órganos administrativos encargados da concesión das axudas elaborarán informes anuais con toda a información relevante dos

beneficiarios e contías, que se publicarán nas páxinas web correspondentes. Comprobarase que se cumpra a finalidade e obxectivos a alcanzar da concesión das diferentes axudas.

- Os investimentos que realice o goberno acompañaranse de informes económicos que xustifiquen a súa rendibilidade social.

- Creación do Rexistro de Entidades do Sector Público previsto na Lei de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público de Galiza e cumprimento da obriga de presentación de informes anuais de actividade e rendición de contas.

- Auditoría sobre as fundacións públicas nas que participa a Xunta e revisión do cumprimento dos seus obxectivos e da súa capacidade para canalizar a participación da sociedade en actividades de interese xeral

### c) A contratación das administracións públicas ao servizo do benestar e da dinamización económica:

#### **-Compra e contratación pública estratéxica e responsábel**

As administracións públicas conforman un dos maiores axentes económicos de Galiza. A través da contratación e adquisición de bens, servizos e obras mais tamén a través do financiamento de proxectos mediante subvencións, o sector público galego é responsábel directo da xeración de milleiros de empregos e, con eles, das condicións laborais de milleiros de traballadoras e traballadores. Asemade, tamén exerce unha enorme responsabilidade noutros aspectos que inciden directamente na sociedade galega actual mais tamén futura: enfrontar a crise climática, garantir os dereitos lingüísticos da poboación, promover a igualdade e os dereitos de inclusión e de accesibilidade, entre outros.

É dicir, a través da súa acción de contratación, de compra e de financiamento, as entidades públicas representan unha ferramenta estratéxica na promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes así como na normalización da lingua galega, mais tamén representa un importante instrumento de transformación cara á modelos de produción e consumo responsábeis e ambientamente sustentables.

Avogamos por unha contratación pública galega que sexa estratéxica e responsábel para acadar obxectivos sociais (cláusula social), éticos (comercio xusto e responsábel) e ambientais (cláusula verde). Mediante a contratación dos servizos públicos da Xunta de Galiza poderemos intervir e influír nos mercados de bens e servizos, para artellar unha economía galega e desde a responsabilidade social e medioambiental. No marco do impulso da contratación pública responsábel, utilizaremos todas as posibilidades legais para a fomento dos contratos reservados para iniciativas de carácter social e sen ánimo de lucro.

Impulsaremos unha **Lei galega de contratación das administracións públicas** que terá como obxectivo favorecer as contratacións de pequenas e medianas empresas con capacidade innovadora e de xeración de emprego estábel. Trátase de acabar co práctico monopolio das grandes construtoras e fornecedoras de servizos madrileñas na realización de obras públicas e prestación de servizos na Galiza e, ao tempo, garantir o pleno respecto polos dereitos laborais. Desenvolverase ademais unha normativa para o impulso

de contratos reservados

Reduciranse na medida do posíbel os contratos a empresas externas de servizos que pode prestar directamente a administración pública cos seus propios recursos.

Dentro dese marco legal, priorizaremos as seguintes liñas de actuación:

- Inclusión de **cláusulas para que a contratación pública estratéxica e responsábel acade obxectivos sociais, éticos, ambientais e de normalización da lingua galega**. Así, introducíranse cláusulas sociais, de comercio xusto e responsábel, verde, lingüísticas e con perspectiva de xénero. Terase en conta ademais a necesidade de valorar neste ámbito ás entidades sen ánimo de lucro, á economía social e á integración de colectivos desfavorecidos ou que presentan dificultades de inclusión social. Tales cláusulas, no caso concreto das sociais, deben servir para crear emprego, mais tamén para garantir que as persoas que traballan nas empresas contratistas teñen unhas condicións laborais óptimas.
- Aposta polas **compras e subministracións de produtos que existan en galego** (programas, equipos informáticos e electrónicos, produtos alimentarios, medios de comunicación e subministracións de todo tipo) e que fosen elaborados en condicións óptimas de sustentabilidade e de comercio xusto, responsábel e ético. Valoración do domicilio social das empresas e a creación de emprego no ámbito local, comarcal e nacional galego.

-Emprego dos **servizos financeiros da banca cooperativista galega e da banca ética**. Inclusión nos pregos de condicións para a adquisición de crédito ou doutros servizos financeiros a exixencia ás entidades dunha declaración de responsabilidade e de compromiso ético nos seus produtos financeiros, empresas ou grupos en que invista.

- **Investimento Público Estratéxico**. Por medio de recursos orzamentarios e através do Instituto Galego de Crédito e Investimento, **desenvolverase un Plan de Investimentos Estratéxicos e Transformadores 2024-2028 que mobilice 1.500 millóns de euros** nas seguintes liñas: Transición enerxética, mobilidade sustentábel e saudábel, saúde e coidados, acción fronte ao cambio climático, rexeneración e rehabilitación urbana, vivenda social, ciclo da auga, ecosistema dos coidados, xestión racional e circular dos residuos, dixitalización...

#### **d) Accesibilidade da administración e dixitalización como panca de transformación e equidade**

Unha administración democrática e próxima debe garantir a máxima accesibilidade da cidadanía. Por este motivo, o goberno do BNG fomentará e garantirá a máxima accesibilidade na presentación de documentación e na tramitación administrativa para persoas, asociacións e empresas. Velará especialmente para garantir a relación coa administración e o acceso aos servizos públicos ás persoas con discapacidade física, sensorial e intelectual.

A transformación tecnolóxica e dixital é unha realidade onnipresente e que avanza a un ritmo acelerado, que afecta a todos os ámbitos da vida: as actividades económicas, o traballo, o lecer e os servizos públicos.



A administración debe cumprir un papel central no impulso da axenda dixital para garantir a modernización e a transformación do país e un desenvolvemento equitativo e inclusivo, que non deixe ninguén atrás por razóns sociais, xeográficas ou de idade. A dixitalización ten que ser unha aliada, non unha fenda que exclúe e discrimina unha parte importante da cidadanía.

Para garantir a equidade e a inclusividade, desenvolveranse as seguintes liñas de actuación:

-Garantir o acceso ás infraestruturas dixitais para o desenvolvemento das necesidades básicas da poboación en calquera parte do territorio galego, impulsando a conexión de banda larga naquelas zonas con maiores dificultades de acceso á rede de telecomunicacións.

-Garantir que a dixitalización da administración non crea maiores desigualdades e exclusión, con puntos de atención en todas as oficinas de rexistro das administracións públicas para o asesoramento á cidadanía sobre a presentación dixital de todo tipo de trámites, incluíndo a presentación (en nome da persoa interesada) por parte do persoal público que a atende.

- Impulsar un proxecto de país en relación coa capacitación dixital mediante a creación do **Consortio para a capacitación e as competencias dixitais, organismo coa participación da Xunta**, administracións locais e universidades para dar un gran pulo á transformación dixital da sociedade. O consorcio desenvolverá programas de formación permanente e actualización para as administracións, a cidadanía, as entidades sociais, o tecido empresarial e produtivo prestando especial atención ás pemes, microempresas e á economía social; plans formativos de e-comercio e e-turismo; o programa de dixitalización e competencias dixitais no ensino; o programa de dixitalización de arquivos, bibliotecas e bens culturais...

- Datos abertos e Proxecto Soberanía do Dato

Para o BNG será unha prioridade o desenvolvemento de sistemas propios que eviten o pagamento de licenzas moi custosas a empresas privadas e que ademais faciliten a compartición de datos e a exportación dos mesmos para que as decisións políticas se poidan tomar en base a información real e fiable.

-Desenvolvemento dunha ferramenta de tecnoloxía SIX (sistema de información xeográfica) onde integrar todos os datos relativos ao territorio, desde usos do solo, ate mobilidade da poboación,

turismo ou enerxía... e garantir a súa interoperabilidade.

-Cumprimento da normativa europea e galega sobre datos abertos e accesibilidade

## e) Integridade e exemplaridade na administración e dos cargos públicos

-Considerando a transparencia e a loita contra a corrupción como elementos esenciais na xestión dos recursos públicos, o BNG procederá á reforma da Autoridade Galega Independiente de Protección da Persoa Informante, improvisadamente aprobada polo Partido Popular, para configurala como un ente con personalidade, capacidade e patrimonio propio, e plena autonomía e independencia para o cumprimento das súas

funcións de loita contra a corrupción e de protección da persoa informante de prácticas irregulares, no sector público e privado.

- Incremento dos estándares de transparencia e goberno aberto. Transparencia na actuación política e na actuación administrativa que se fundamenta no fomento da participación cidadá e na escoita activa permanente, así como na observancia do principio de responsabilidade para o cal é un elemento indispensable a rendición de contas clara, precisa e veraz.
- Incremento dos estándares de participación social no proceso de elaboración e aprobación de normas legais, estratexias, plans e programas.

## **EIXO 4: Un país con benestar social**

### *As persoas e os servizos públicos no centro*

Os servizos públicos son os alicerces que toda sociedade democrática necesita. Uns servizos públicos fortes, de calidade, universais, gratuítos e cos recursos necesarios para garantir as maiores cotas de benestar social e os dereitos fundamentais das galegas e galegos.

#### i. Sanidade

A situación actual da sanidade pública en Galiza non é froito da casualidade, ou dunha situación sobrevida, excepcional, moi ao contrario, é o resultado dunha voadura programada. O PP na Xunta de Galiza adicouse ao desmantelamento e a descapitalización constante da sanidade pública galega entregándollela a multinacionais e fondos de investimento. Nunca un goberno fixo tanto dano á sanidade pública, ao seu cadro de persoal e ás persoas usuarias.

A responsabilidade da Xunta era planificar e organizar e non o fixo a mantenta. Non hai persoal facultativo, non hai pediatras, non hai enfermeiras... non porque desapareceran dun día para outro, senón porque fixeron todo o posíbel para que non os houbese.

Os 15 anos de goberno do PP dan como resultado unha sanidade pública esnaquizada.

Actuaron para que moitas das actividades estratéxicas do Sergas e a Consellería pasaran a mans de empresas multinacionais e fondos de inversión, baleirando de contido ás estruturas directivas e deixando a xestión dunha parte importante do sistema sanitario público galego en mans privadas: Novo Hospital de Vigo, Concerto Singular con Povisa, os servizos tecnolóxicos mediante a figura do “socio tecnolóxico”, a investigación sanitaria mediante os Institutos Biomédicos de Investigación dos hospitais públicos do Sergas.

Trasladaron servizos estratéxicos do Sergas a empresas multinacionais e fondos de investimento: Servizo de ambulancias, historia clínica electrónica (lanus), telecomunicacións, a Plataforma Electrónica, teléfono de cita previa, servizo de subministro e loxística, mantemento dos equipos sanitarios, xestión da limpeza e enerxía, servizos de catering dos hospitais, servizos de protección radiolóxica, teleasistencia, receita electrónica...A lista das áreas das que se foi desprendendo o Sergas encomeza a ser interminábel.

Reduciron continuamente os orzamentos, especialmente en atención primaria, o recorte entre 2009 e 2024 é de -2.193.390.705. Aplicando a inflación tería que ter 473 millóns de euros máis só para manter o mesmo nivel de investimento.

Segundo o último informe anual do sistema de saúde, publicado polo Ministerio a principios de novembro de 2023, Galiza segue estando á cola en Atención Primaria 11.79%, fronte ao 14.17% da media do Estado, case 2 puntos e medio de diferenza.

O proceso de descapitalización de profesionais é brutal, persoal médico, pediatras, enfermería, matronas...

Non tomaron medidas a pesares de que sabían desde hai anos que ían faltar profesionais

para cubrir todas as prazas existentes, as xubilacións, as vacantes, moi ao contrario, aplaudiron e mantiveron a taxa de reposición, deixaron prazas MIR sen convocar.

A día de hoxe a planificación de formación non responde ás necesidades, está habendo problemas con moitas especialidades, as principais medicina de familia e pediatría, mais hai outras moitas como medicina interna, radioloxía, anestesia... e non se están ofertando prazas de formación. No que respecta a Atención Primaria seguen quedando prazas MIR sen cubrir, porque non lles resulta atractiva. Dos que rematan unha parte importante non aceptan quedar a traballar en Atención Primaria.

Practicaron constantemente e a mantenta a precariedade e abuso laboral: converteron en norma intersubstitucións, prolongacións de xornada para que unha profesional teña que facer o traballo de 3, 4 os os que fagan falta, contratos precarios, a día de hoxe seguen facendo contratos por días ou mes a mes.

Na folia de ruta de pórllle a alfombra vermella á sanidade privada, aprobaron pagarlles aos profesionais que traballan na privada o complemento contemplado para @s profesionais con dedicación exclusiva á sanidade pública, na vez de premiar e compensar a quen teñen un claro compromiso coa sanidade pública.

Non puxeron en marcha ningunha medida estrutural que significara unha aposta pola sanidade pública, de xeito que a radiografía da situación real é a seguinte:

Miles de galegas e galegos que teñen que agardar semanas para ter unha cita co/a médico/a de cabeceira, centos aos que lle pecharon os consultorios.

Miles de nen@s sen pediatra; a asociación de pediatría de atención primaria estima que en Galiza son arredor de 11.000 crianzas sen pediatra nin outro/a médico/a asignado.

Esta situación que non vai facer máis que empeorar polos centos de médicos/as, pediatras enfermeiras, matronas que se van xubilar nos vindeiros anos. A relación de profesionais que teñen máis de 63 anos: médicas e médicos de familia 809, pediatras 80, enfermeiras 583.

Elevadísimas listas de espera, 210 mil que agardan por unha primeira consulta hospitalaria, 47 mil que agardan por unha intervención cirúrxica, 119 mil pendentes dunha proba diagnóstica, ao que hai que engadir os miles que están nas listas non estruturais e os miles agardando consultas sucesivas, seguimentos, tratamentos, moitos deles doentes de oncoloxía.

Fuga de profesionais e drenaxe constante de doentes á sanidade privada, quen poida pagala e o que non quédase tirado.

A atención á saúde mental é das grandes damnificadas, nun contexto de aumento da prevalencia de problemas de saúde mental exponencial.

Estamos á cola do Estado en número de profesionais e á cabeza en prevalencia e en número de suicidios. O suicidio en Galiza ten unha altísima prevalencia, estamos á cabeza do Estado, no ano 2022 quitáronse a vida 340 persoas, 9 máis que o ano anterior. Dende o ano 2010 son 4.501 as persoas que se quitaron a vida.

Taxa de profesionais especialistas moi por debaixo da media do Estado e da Unión

Europea e tempos de espera inaceptábeis, máis de 9.000 persoas agardando por unha primeira consulta en psiquiatría.

Especialmente grave é a situación da mocidade, onde están aumentando moito os problemas: trastornos de conduta, alimentaria, afectiva, déficit de atención, hiperactividade e o máis preocupante as condutas autolesionas e intentos de suicidio)

### Ambulancias

O informe do Consello de Contas, tras analizar o funcionamento do 061 conclúe que “Non se logra que a asistencia dos recursos se realice en condicións de equidade, adaptadas ás características do territorio”. En 198 concellos os tempos de resposta das AA-SVB, ambulancia soporte vital básico, están por enriba do máximo establecido, afectando ao 22% da poboación, 592.000 habitantes. SVA só prestou algún servizo en 176 concellos, concentrados nas zonas de maior poboación. 137 concellos non recibiron ningún servizo de ambulancia medicalizada: 229 concellos están fóra de isócrona, case un millón (966.206) de galegas e galegos.

É necesario revertir as políticas de recortes e privatizacións e unha actuación urxente de recuperación da sanidade pública galega. Para o BNG é prioritario restabelecer un modelo de sanidade pública, universal, de calidade e gratuíta. Unha sanidade financiada a través dun sistema impositivo xusto, que pague máis quen máis diñeiro tiver e non quen máis sanidade necesite. Unha sanidade planificada en función das necesidades da cidadanía e non das empresas contratistas da saúde privada, que conte cun financiamento suficiente, e coa participación tanto da cidadanía coma das e dos profesionais.

Para cumprir este obxectivo, desenvolveremos desde o goberno as seguintes liñas de actuación:

- Reforzar o Servizo Galego de Saúde como instrumento de superación de desigualdade e motor económico galego, ligado ao coñecemento e á tecnoloxía, creador de emprego de calidade e promotor de industria produtiva radicada no país.
- Demandar a transferencia a Galiza das competencias sanitarias relativas aos centros penitenciarios.
- Utilización intensiva de todos os recursos da rede sanitaria pública para mellorar o seu funcionamento e asegurar unha atención sanitaria de calidade.
- Realización dunha auditoría de todas as privatizacións realizadas, para proceder á súa reversión. Optar expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do Sistema de Saúde da Galiza.

### **Atención Primaria**

Ten que ser o auténtico eixo vertebrador do sistema sanitario, polo que é preciso poñer en marcha un novo modelo no que as e os doentes sexan o centro e baseado en equipos multidisciplinares de profesionais, en número suficiente e con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación. Proceder á dotación de recursos económicos, técnicos e humanos que foren precisos para prestar un bo servizo e unha

boa calidade asistencial:

- Plan de Mellora de Atención Primaria, cun incremento orzamentario que permita na lexislatura chegar ao 25% do destinado a sanidade, excluído o gasto farmacéutico.
- Incrementar o número de profesionais en todas as categorías tanto nos centros de saúde como nos PACs, para que permita aumentar o tempo da atención e a calidade asistencial.
- Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs garantindo equipas completas en todos eles.
- Aumentar as prazas de formación para as especialidades de Atención Primaria, nomeadamente, pediatría e medicina familiar e comunitaria.
- Garantir que todas as crianzas galegas en idade pediátrica teñan asistencia en Atención Primaria por un profesional especialista en pediatría, independentemente de onde residan.
  - Incorporación a Atención Primaria de categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral: persoal de psicoloxía clínica, terapia ocupacional, logopedia, óptic@s-optometristas, podoloxía, nutrición...
  - Garantir a atención presencial para o 100% das persoas que o precisen e soliciten e limitar as consultas telefónicas ou telemáticas a actividades complementarias.
  - Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade de decisión, resolutiva e orzamentaria.
  - Incrementar a capacidade diagnóstica e de acceso á tecnoloxía de Atención Primaria. Permitir solicitar as probas diagnósticas dispoñíbeis na súa área sanitaria e a que estas sexan informadas polos especialistas correspondentes
  - Asunción inmediata do mantemento dos centros de saúde por parte da Xunta.
  - Posta en marcha dun Plan de saúde buco-dental: Dotar todas as unidades de saúde buco- dental, de como mínimo, un/unha hixienista dental, protocolos para regularizar e garantir a equidade tanto no acceso como nos servizos que se realizan, incrementar a cobertura das prestacións de hixienistas tanto en idade como a doentes de colectivos que deben ser atendidos con accións preventivas e educativas, fundamentalmente doentes de risco como: persoas irradiadas de cabeza e colo, diabéticas, transplantadas, oncolóxicas, con enfermidade cardiovascular grave e doentes especiais, campañas informativas, de divulgación das prestacións odontolóxicas dentro do Sergas.
  - Asunción polo SERGAS da atención primaria intra-penitenciaria en conformidade co establecido na disposición adicional 6ª da Lei de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde 16/2003 de 28 de maio.
- Modificación do Decreto que regula as Áreas Sanitarias e os Distritos Sanitarios

para proceder á recuperación das eliminadas, Salnés, A Mariña, Monforte e Valdeorras e creación da de Verín e Costa da Morte, Barbanza e dotándoas de autonomía, con capacidade de decisión, resolutiva e orzamentaria.

- Constitución dos Consellos de Saúde de Área como órganos de participación da cidadanía na toma de decisións.
- Posta en valor dos Hospitais Comarcais, dotalos do persoal, material, tecnoloxía e especialidades necesarios para unha atención axeitada ás persoas do seu ámbito de actuación. Dotalos de servizo de urxencias pediátricas presenciais
- Aumento dotación HADO, especialmente nos entornos rurais.

### **Plano de actuación para eliminar as listas de espera**

- a) Mellora e optimización dos recursos estruturais e tecnolóxicos para adaptalos ás necesidades reais.
- b) Manter as unidades de hospitalización abertas e funcionando coa totalidade dos recursos de que dispoñen. Abrir as plantas e as camas pechadas, e as bloqueadas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza.
- c) Dimensionar os cadros de persoal co número de profesionais precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial.
- d) Incremento do número de profesionais para introducir melloras organizativas que permitan desenvolver actividade ordinaria nos hospitais en quendas de mañás e tardes.
- e) Ter operativos todos os recursos de que dispón o Sergas (camas, quirófanos...) e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existiren recursos dispoñíbeis, susceptibles de seren usados nos centros públicos.
- f) Xestionar as listaxes de espera de tal modo que o prioritario sexa a transparencia. Isto implica as seguintes cuestións:
  1. Información completa da espera sanitaria, das listaxes estruturais e non- estruturais, establecendo un sistema homologado de información para a espera por prioridades que permita o seguimento e control.
  2. Xestión eficaz da agarda en función de criterios clínicos, utilizando parámetros publicados e controlábeis, considerando conxuntamente prioridades e tempos máximos, onde a autoconcertación sexa a norma.
- g) Nova Lei de Garantías de Prestación Sanitaria, derrogando a actual, que só ten como obxectivo legalizar a derivación masiva de doentes á sanidade privada.

Un Plan que harmonice as necesidades das e dos profesionais co sistema sanitario.

- a) Elaboración e publicación do Cadro de Persoal do Sergas, coa identificación das prazas existentes, tanto estruturais coma non estruturais.
- b) Esixencia ao Estado de eliminación da taxa de reposición e convocar oferta pública de emprego (OPE) coa totalidade das prazas vacantes en todas as categorías
- c) Recoñecemento aos/ás profesionais con contratos eventuais dos dereitos que lle correspondes igual que ao persoal fixo: licenzas, vacacións, formación...
- d) Esixencia do recoñecemento de xubilación anticipada sen redución salarial.
- e) Eliminación da precariedade e dos abusos na contratación.
- f) Dotación orzamentaria para cumprir os acordos acadados: atención continuada, exención noites a maiores 55 anos, regulación xornada complementaria, clasificación profesional adaptada ás funcións, equiparación complemento específico persoal Xunta, recuperación 3 LDs
- g) Eliminación dos “contratos de continuidade” de persoal facultativo e de enfermería e da categoría de Persoal Facultativo Especialista de Atención Primaria
- h) Establecemento do complemento por dedicación exclusiva só para as e os profesionais que desenvolvan a súa actividade exclusivamente na sanidade pública.
- i) Posta en marcha dun plan de retorno e captación de profesionais que emigraron ou optaron pola sanidade privada, baseado na convocatoria de todas as prazas vacantes, a estabilidade laboral e a eliminación da precariedade na contratación.
- j) Actualización competencial e da carteira de servizos acorde ás capacitacións académicas de cada unha das categorías profesionais.

### **Rescate para a sanidade pública a Área Sanitaria de Vigo**

As decisións tomadas polo PP desde a Xunta tiveron por obxectivo condicionar a área Sanitaria de Vigo reducindo as camas, servizos e prestacións do hospital Álvaro Cunqueiro e mantendo infrautilizadas outras infraestruturas como o hospital Meixoeiro, para continuar con un concerto multimillonario con Povisa.

É preciso a posta en marcha dun Plan estratéxico para o conxunto da Área Sanitaria de Vigo, co obxectivo de dotala das infraestruturas sanitarias precisas que permitan atender toda a cidadanía, en todas as especialidades e con todos os servizos, nun hospital público e de calidade:

- a) Recuperar o Hospital Álvaro Cunqueiro para a Sanidade Pública, e convertelo no hospital público que sempre debeu ser; punteiro en investigación e coñecemento, avanzado tecnoloxicamente e con capacidade para atender, tanto no presente coma no futuro, ao conxunto da veciñanza da área sanitaria.



b) Utilización de 100% do hospital Meixoeiro, co aumento da complexidade das intervencións cirúrxicas e con dotación de unidade de críticos 24 horas.

c) Iniciar as actuacións para incorporar ao hospital POVISA á rede pública e realizar de xeito directo a xestión deste centro hospitalario, garantindo o dereito a recibir unha atención sanitaria 100% pública, universal, gratuíta e de calidade. En tanto non se integre actuar como garante da calidade da atención sanitaria, do mantemento dos postos de traballo, e o respecto polos dereitos laborais do persoal. Realizar unha auditoría das contas e da xestión realizadas por Povisa no relativo ao concerto asinado co Sergas da que se derive un informe detallado en que conste a orixe dos recursos, públicos ou privados, que destina a atender: persoal, camas, innovación tecnolóxica, infraestruturas..., así como a situación laboral do persoal.

- Creación do Instituto de Investigación Sanitaria, organismo para a investigación biomédica en ciencias da saúde do Sistema Público de Saúde da Galiza. Derrogación dos Decretos da Axencia Galega para o Coñecemento en Saúde e a Axencia Galega de Tecidos e Órganos.

- Integración na Sanidade Pública de GALARIA e as Axencias creadas.

- Rexeitamento dos co-pagamentos, establecendo mecanismos para que ninguén, por motivos económicos, fiquen sen recibir os produtos farmacéuticos que precisar.

### **Servizo de ambulancias**

Que Galiza conte cunha rede de transporte sanitario terrestre de calidade é unha preocupación constante do BNG, xa que cumpre un papel fundamental na cadea asistencial, pola súa relevancia e polo enorme volume de servizos que realizan.

É preciso o seu dimensionamento, tanto en vehículos, persoal e recursos para a atención ás urxencias extrahospitalarias, como a atención programada, para garantir unha asistencia sanitaria de calidade, que protexa e dea tranquilidade á poboación e non o negocio privado.

a) Proceder ao rescate da externalización do transporte sanitario, e pasar a prestar o servizo mediante a prestación directa por parte da Xunta, na xestión, na provisión e na titularidade.

b) Elaboración dun estudo que analice as necesidades de dimensionamento do servizo tanto no ámbito territorial como de recursos, para rematar cos déficits históricos que colapsan o servizo por falta de vehículos e equipos humanos.

c) Implementación de ambulancias de Servizo Vital Avanzado (SVA) en comarcas deficitarias como Lalín-Deza, Barbanza, Bergantiños, Baixo Miño, Valdeorras... de forma que se adapten ás necesidades poboacionais e de asistencia.

d) Dotación de todas as ambulancias medicalizadas (ASVA) cos equipos profesionais completos: dúas persoas técnicas, I persoal de enfermería I persoal facultativo.

- e) Garantir o transporte sanitario terrestre programado coa dotación económica precisa para dotar de vehículos e persoal suficiente para prestar unha atención de calidade.
- f) Declaración como persoal sanitario aos profesionais do servizo de transporte sanitario terrestre.

### **Plan de Atención Integral á Saúde das Mulleres**

É precisa unha atención integral e de calidade á saúde das mulleres. Promover a saúde e prever e atender á enfermidade, e facelo ao longo de toda a súa vida. Ofrecer actividades tanto asistenciais como educativas, que lles permitan, ademais de preservaren a súa saúde, adquirir unha autonomía e responsabilidade propias.

- a) Potenciación da enfermería obstétrica xinecolóxica, da matrona, figura esencial que incide no ámbito social tan importante como o da maternidade e a atención integral durante o ciclo vital das mulleres e en todas as súas fases: saúde reprodutiva, sexualidade e climaterio. Aumento gradual das prazas existentes en Atención primaria con rateos matrona/mulleres onde se contabilicen todas as mulleres, non só as de idade reprodutiva.
- b) Prevención e educación sanitaria da saúde sexual das mulleres: disfuncións, anticoncepción, climaterio, detección precoz de cancros de cérvix, mama, colo de útero, atención ás infeccións de transmisión sexual, chan pélvico e prevención da incontinencia urinaria, prevención e detección de infeccións do tracto reprodutivo.
- c) Creación de unidades de chan pélvico, co número de profesionais precisos, para garantir o diagnóstico e tratamento.
- d) Garantir que o dereito á interrupción voluntaria do embarazo se realice nos centros sanitarios públicos máis próximos á residencia das galegas que o demanden ou precisaren, garantindo a presenza de profesionais non obxectores en todos os hospitais públicos para realizar a interrupción incluída a partir da semana catorce. Regular a obxección de conciencia e creación do Rexistro de Obxectores/as.
- e) Atención a doenzas específicas como a endometriose: Creación dunha unidade multidisciplinar de referencia en Galiza, creación das consultas específicas da endometriose en todas as áreas sanitarias, realizar a derivación das endometrioses máis severas a unidades multidisciplinares alí onde non as houber, campañas de divulgación e formación da doenza entre o persoal sanitario que axuden a recortar o tempo medio de diagnóstico de 8 anos, guía de atención a mulleres con endometriose, inclusión dos tratamentos para a endometriose entre os financiados pola Seguridade Social.
- f) Plan de atención á fibromialxia
  - Reclamar do Goberno central a inclusión no Catálogo de Prestacións Sanitarias do tratamento preciso para a reasignación de sexo.

- **Plan Galego de Saúde Mental e Plan galego de Prevención do Suicidio**

Un Plan con dotación orzamentaria, cara ao obxectivo recomendado da OMS do 10%, persoal, cronograma de aplicación e avaliación, para poñer fin á desplanificación e dano á saúde e aos recursos sanitarios e sociais realizados polo PP na Xunta:

- a) Reforzar a atención á saúde mental en Atención Primaria coa incorporación normalizada de prazas de psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, traballador@s sociais... que permita a creación de equipas multidisciplinares para prestar unha atención integral e actuar na prevención e prestación e detección.
- b) Atención á saúde mental na infancia e adolescencia. Para garantir a promoción da saúde e prevención da enfermidade mental. Creación de recursos asistenciais, programas específicos e equipos multidisciplinares para dar unha resposta integral, creación de unidades hospitalarias de atención infanto xuvenil en todas as áreas sanitarias, co persoal e orzamento preciso.
- c) Posta en marcha das medidas precisas para dispor de datos actualizados e precisos, xa que a calidade, axilidade e regularidade dos datos en relación coa saúde mental, en especial os suicidios e autolesións, é un dos piares básicos para a prevención e para establecer o alcance das medidas a tomar para actuar con eficacia.
- d) Posta en marcha de Programas de Intervención Intensiva da Conduta Suicida con equipos específicos en cada Área Sanitaria, persoal sanitario e os recursos humanos e económicos necesarios. Campañas de concienciación e de prevención de condutas suicidas e de autolesión, dirixidas a diferentes sectores e tendo en conta, a respecto das mensaxes, factores como a idade ou o xénero.
- e) Atención ás persoas en situación de grave vulnerabilidade psicosocial. Reforzo dos recursos comunitarios que eviten a institucionalización innecesaria, programas asistenciais con enfoque na recuperación e integración laboral.
- f) Iniciativas explícitas cara á consecución da eliminación do uso da contención mecánica nos dispositivos asistenciais e residenciais.
- g) Incorporación da perspectiva de xénero na planificación e na atención á saúde mental.
- h) Potenciación da participación directa das persoas afectadas na planificación, decisión e avaliación das políticas de saúde mental.
- i) Integración na rede sanitaria pública dos dispositivos de atención ás drogodependencias, coa estabilización do persoal e a dotación orzamentaria necesaria.

#### **Outras medidas:**

- Posta en marcha, coa dotación orzamentaria precisa, dun plan de atención a persoas con ludopatía
- Plan para o cumprimento das normativa que regulan a atención ás persoas ao final da vida: Instrucións previas, Lei eutanasia, Lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais. Declaración 12 de xaneiro, Día da Morte Digna en Galiza

- Creación dun Sistema Público de Alertas Epidemiolóxicas e Emerxencias Sanitarias, co obxecto de crear unha rede de alerta e un sistema integrado de prevención e resposta rápida diante de crises de saúde pública. Dotada de persoal, recursos, tecnoloxía, puntos sentinela, equipos de rastrexo, monitorización de augas residuais...
  - Plan de atención ás persoas con enfermidades raras
  - Estratexia de atención ás persoas con dano cerebral adquirido
    - Aplicación da Lei de Publicidade Sanitaria e actuación decidida na loita contra o intrusismo.
  - Plano de normalización da lingua galego no Sergas

#### d) Educación

O ensino é un dereito e como tal debe ser garantido a través dun servizo público, universal, de calidade e gratuíto. Para garantir este dereito, desde o BNG propomos:

- Incrementar o investimento público en educación co obxectivo de alcanzar, progresivamente, o 7% do PIB.
- Defender inequivocamente o ensino público. Regular a admisión do alumnado nos centros educativos para establecer, mentres non se supriman, os concertos educativos. Por conseguinte, sermos especialmente vixilantes co cumprimento efectivo da eliminación dos concertos educativos dos centros que segregan alumnado por razón de xénero, controlando que o modelo de segregación desapareza dos centros que reciben fondos públicos e aplicando medidas sancionadoras no caso do incumprimento da lei. No camiño da supresión dos concertos en todos os niveis educativos, eliminación destes no ensino non obrigatorio e control do financiamento alleo aos concertos nos centros sostidos con fondos públicos.
- Procurar un sistema educativo que conciba a educación como servizo público universal e gratuíto de 0 a 18 anos, obrigatorio dos 3 aos 18 anos, e que se converta en factor fundamental para a transformación social, a galeguización e o desenvolvemento integral de Galiza.
- Integrar toda a etapa educativa de educación infantil (0 a 6 anos) no ámbito da consellaría competente en materia de educación, ampliando a oferta pública no ciclo 0-3 actualmente existente.
- Aprobar unha Lei galega de Educación inserida na realidade social, cultural, económica e lingüística de Galiza que garanta o dereito universal a unha educación pública de todas as galegas e galegos e unha formación ao longo de toda a vida.
- Derrogar aquelas normas en materia educativa que sustentan a desigualdade, a privatización, a mercantilización, a españolización e a confesionalidade do sistema educativo.

#### Un ensino galego e en galego

- Superar o actual marco legislativo estatal en todas as etapas e niveis educativos, desde a educación obrigatoria á universitaria, pasando pola Formación Profesional, co obxectivo de desenvolver unha lexislación educativa propia que nos permita exercer as máximas cotas de autogoberno en materia educativa.
- Negociar a transferencia de todas as competencias pendentes, garantindo a plena capacidade para deseñar e desenvolver un modelo educativo propio. Traspaso de todos os programas educativos e centros educativos e formativos situados en Galiza adscritos á administración central e todas as competencias para poder elaborar os plans de estudo e os deseños curriculares en todas as etapas educativas, así como a política de bolsas de estudo para ensino non universitario; organizar todas as ensinanzas e establecer os currículos escolares de todas as materias e fixar os criterios de avaliación do proceso de aprendizaxe e promoción do alumnado para fixar un ensino inclusivo e integrador que dea resposta satisfactoria e adecuada ao alumnado con necesidades especiais.
- Garantir a plena e exclusiva competencia en xestión do persoal docente: regular os corpos e especialidades docentes, fixar o sistema de acceso á función pública docente, con plena autonomía para suprimir as taxas de reposición de efectivos nas ofertas de emprego público e así poder dotar o ensino público do profesorado que precise; regular a competencia e composición de todos os órganos colexiados e da elección democrática das direccións por e entre quen integra os propios centros, eliminando a libre designación nos Centros Integrados de FP.
- Derrogar o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza. Aprobar unha nova Lei de Normalización Lingüística para, entre outras cuestións, recoñecer o galego como a lingua vehicular no ensino. Elaborar un modelo de inmersión lingüística co obxecto de conseguir a plena normalización lingüística e un ensino totalmente en galego, partindo da Proposta de Bases para a Normalización do Ensino en Galiza.
- Establecer plans de formación para o conxunto do profesorado co fin de alcanzar a plena normalización lingüística. Constarán, como mínimo, de formación específica en cada materia do currículo e deberán ser instrumento de capacitación do profesorado para dar aulas en galego e de dinamización do uso da lingua galega como lingua de docencia.
- Fixar que para o acceso á función pública docente, o profesorado deberá ter competencia en lingua galega e estará obrigado a realizar, como mínimo, unha das probas en lingua galega.
- Promover a aprendizaxe da lingua portuguesa en todos os niveis educativos dando cumprimento á Lei Paz Andrade. A súa oferta será obrigatoria en todos os centros de ensino e desenvolveranse campañas de difusión e promoción do portugués entre o alumnado, o profesorado e as ANPAS. Aumentarase progresivamente nas Ofertas Públicas de Emprego do ensino prazas de portugués para garantir a extensión da oferta.
- Institucionalización no calendario escolar o día 23 de febreiro como Día de Rosalía.

## Un ensino de calidade e con dereitos para o profesorado

- Ofertar prazas públicas suficientes en todos os niveis educativos e garantir que todos os centros contén coa dotación de recursos necesarios e co profesorado suficiente en todas as especialidades para asegurar a calidade e equidade educativa para todas e todos prestando especial atención ás necesidades educativas específicas e a diversidade.
- Restitución do horario lectivo arrebatado ao profesorado galego en todos os corpos, facendo efectiva a redución a 18 horas en Secundaria e 21 horas en Infantil e Primaria nun prazo máximo de dous cursos (2024-25 e 2025-26)
- Negociar coa representación legal do profesorado un plan de eliminación da burocracia innecesaria e de aplicación de medidas efectivas para reducir as tarefas burocráticas necesarias, reforzando a disposición horaria do persoal docente con responsabilidades de dirección e coordinación pedagóxica e aumentando o persoal administrativo.
- Regular a afinidade das materias que se imparten na ESO, o Bacharelato e a Formación Profesional.
- Implantar a redución das ratios de carácter xeral e inmediato en todas as ensinanzas e xa con efectos no curso 2024-25. Comezando neste curso coa redución a 20 na educación infantil e educación primaria, 25 na ESO, PF e EOI e 30 no Bacharelato; redución a 15 na FP Básica e a 30 na modalidade a distancia da FP, completando estas reducións en cada ensinanza antes do remate desta lexislatura. Co obxectivo a medio prazo de reducir as ratios a un máximo de 15 estudantes por aula en educación infantil, 20 na ESO, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas e de 25 estudantes por aula no Bacharelato. Nas ratios teranse en conta non só o alumnado con recoñecemento de discapacidade ou dependencia ou repetidor senón tamén aquelas outras necesidades específicas de apoio educativo existentes, previo informe das equipas de orientación específicas e dos propios centros.
- Promover a modificación da lexislación do Estado para garantir a xestión democrática dos centros, incluídos os centros Integrados de Formación Profesional mediante a elección democrática e directa das direccións polo Consello Escolar. Promoverase o traballo en equipo e a decisións colexiadas nos órganos de goberno. Impulsarase a participación dos pais e nais nos órganos constituídos para propiciar o interese pola marcha do sistema educativo.

## Un ensino universal

- Restituír a gratuidade de libros de texto a través dun programa de préstamo dirixido ao ensino infantil e obrigatorio.
- Garantir a igualdade de oportunidades, a equidade e a atención á diversidade en todas as etapas e niveis educativos, a través de:
  - Un Plan de Actuación Preferente destinado a combater o fracaso escolar e o abandono na escolarización temperá, garantindo unha adecuada atención á diversidade, apoio e reforzo educativo, atención personalizada e unha escolarización adecuada para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, reforzando a titoría e a orientación e apostando por un modelo educativo máis social e igualitario.
  - Unha Rede Educativa da Atención á Diversidade. Estender os departamentos de orientación a todos os centros de Educación Infantil e Primaria. Ampliar a dotación de orientadores e orientadoras nos centros docentes que imparten ESO, Bacharelato e FP con criterios obxectivos e negociados coas organizacións sindicais. Implantar unha ratio de 250 alumnas e alumnos por departamento de orientación. Reducir ao mínimo a adscrición de centros, limitando as itinerancias tanto de responsábeis de Orientación como de PT e AL. Ampliar os Equipos de Orientación Específicos (EOE). Co obxectivo de camiñar cara a unha distribución comarcal e unha ampliación máis ambiciosa dos EOE, crearanse inicialmente un novo EOE na provincia de Pontevedra (con sede en Vigo) e dous na provincia da Coruña (un con sede en Santiago e outro en Ferrol).
  - Desenvolver un programa gradual para incorporar a figura do/a educador(a) social aos centros educativos e aos equipos de orientación.
  - Asumir un maior compromiso na escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais dotando todos os centros que escolaricen alumnado de educación especial dos docentes e persoal específico necesario e a redución da súa ratio para facer efectiva e real a inclusión escolar e a igualdade de oportunidades. Así mesmo, introducíranse as reformas normativas que sexan necesarias para garantir a permanencia das mozas e mozos con discapacidade escolarizados nos Centros de Educación Especial, cando así sexa necesario, entre os 21 e 30 anos.
  - Coordinación entre a Consellería de Educación, a de Sanidade e os servizos sociais dos concellos coas familias para a detección, diagnóstico e seguimento do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
    - Desenvolver nos centros educativos a figura do Coordinador ou Coordinadora de Benestar e Protección para mellorar a detección precoz e a prevención da violencia.
    - Plan Específico de Formación na atención á diversidade dirixido, dunha banda, ao profesorado especialista de PT e AL, fomentando a compartición de experiencias e propostas; e, doutra, dirixido ao profesorado non especialista fornecéndoo de recursos para a atención á diversidade.
- Plan integral do ensino no rural. Garantir as infraestruturas, os servizos complementarios e medios necesarios para prestar un ensino de calidade e adaptado á realidade de cada zona.

— Facilitar os servizos complementares gratuítos (comedor e transporte escolar) no ensino público, asumindo, paulatinamente, a xestión pública e directa desde a administración galega.

— Elaborar unha nova normativa sobre os comedores escolares que garanta o acceso ao servizo e promova a súa xestión pública directa. O alumnado escolarizado no ensino público de Galiza terá dereito a facer uso do servizo de comedor escolar. O servizo de comedor estará atendido por persoal específico non docente, dependente da administración e coa cualificación correspondente.

O alumnado que teña que facer uso do transporte escolar para a súa escolarización terá acceso gratuíto ao comedor. Fixaranse uns prezos módicos para o resto do alumnado, co obxectivo de conseguir o acceso gratuíto para todo o alumnado do ensino básico e infantil.

— Promover a elaboración dunha normativa legal do transporte escolar de Galiza para garantir o dereito ao transporte escolar en todos os niveis educativos, nomeadamente nas zonas rurais que non contan con transporte público regular. A organización e a regulación dos itinerarios ou itinerarios multicentros non poden condicionar o horario e a xornada escolar. A Consellaría de Educación dotará de persoal para custodiar o alumnado nas esperas, desde a chegada do transporte escolar até o inicio das aulas e desde a finalización até a saída do transporte.

— Facilitar unha oferta ampla a todos os centros públicos de actividades extraescolares gratuítas que serán impartidas por persoal específico e cualificado. A administración garantirá o transporte público ao alumnado para asistir a estas actividades. Así mesmo facilitarase o programa madrugadores/as onde for demandado.

— Potenciar as bibliotecas escolares co fin de mellorar a súa xestión, instalacións, materiais e dotación. Iniciar a dotación da docente bibliotecaria nos centros co maior número de alumnado. Garantir no resto dos centros que o profesorado que participe ou asuma a responsabilidade deste servizo goce da suficiente redución horaria. As bibliotecas escolares contarán cun fondo documental adecuado e actualizado, instalacións e equipamentos apropiados. Así mesmo, permanentemente, dotaranse economicamente as bibliotecas escolares para a súa actualización. Dotaranse todos os centros de material didáctico audiovisual, informático, documental e bibliográfico, aplicado ás diferentes áreas.

— Todos os centros terán unha dotación suficiente tanto en equipos informáticos como en espazos. Os centros de certa complexidade contarán con persoal técnico e cualificado en TIC. Garantirase o apoio e mantemento das TIC no resto dos centros. Estabelecerase un plano de formación dirixido a todo o profesorado para a formación no uso das TICs.

— Incorporar nos currículos formativos aspectos ligados á innovación, a creatividade e o emprendemento desde unha perspectiva galega, sustentábel e de igualdade de xénero.

— Promover un debate con toda a comunidade educativa sobre o calendario escolar, co fin de determinar un calendario que non estea marcado polas festividade relixiosas, conformado con intervalos lectivos compensados e cos respectivos descansos non lectivos, evitando o desequilibrio en días lectivos dos actuais trimestres.



--- Restabelecerase a xornada matinal reducida de catro horas durante os meses de xuño e setembro nos centros que imparten ensinanzas de infantil e/ou de primaria.

### **Formación Profesional**

Nova planificación da Formación Profesional que suprima os concertos educativos co ensino privado. Ampliar, diversificar e asegurar unha oferta suficiente na rede pública para satisfacer a demanda existente e atender as necesidades do tecido industrial e dos sectores estratéxicos da nosa economía, contribuíndo así a fomentar e a desenvolver as nosas potencialidades económicas.

A potenciación da formación profesional na Galiza debe ir parella aos plans económicos tendo en conta que estamos nun nivel formativo orientado ao mundo laboral e con implantación en todo o territorio.

Medidas necesarias e urxentes para desenvolver este pilar fundamental da sociedade galega son:

- 1) Aprobación dunha Lei Galega de Formación Profesional que integre as diferentes vías de FP para coordinalas e orientalas ao logro dos principais obxectivos: aumento da inserción laboral da poboación, innovación e desenvolvemento sustentábel. En todos estes anos de Goberno popular non se aprobou unha Lei orientada á FP que regulara os aspectos básicos da FP nos seus eidos, dotando dun verdadeiro poder deliberativo ao Consello Galego de FP e coordinando a tripla FP (regrada, ocupacional e continua) baixo criterios orientados ás maiorías sociais.
- 2) Creación dun Centro de Innovación da FP Galega que dea apoio á innovación e investigación aplicada en todo o sistema da FP galega, Integración do Centro Galego de Innovación da FP Eduardo Barreiros na Axencia Galega da Innovación, mellorando e potenciando a coordinación das actuacións en materia de FP para promover a innovación aplicada no que converxan as áreas do goberno galego de Educación, Universidades, Innovación e Emprego.
- 3) Creación dos Consellos Comarcais de FP nos que se realice unha planificación, estudo e análise da oferta formativa de FP e as necesidades do tecido produtivo, formada por representantes da administración (tamén do Servizo de Promoción do Emprego de Galiza, SPEG), sindicatos e empresarios, integrado no Consello Galego de FP.
- 4) Actualizar e revisar a oferta formativa para aliñala coa potenciación dos sectores económicos chave de Galiza. É fundamental que os programas formativos se deseñen desde unha perspectiva de País para potenciar os elementos característicos do noso tecido produtivo.
- 5) Mudar a política de viveiros de empresa localizados en “oficinas” para usar os propios talleres e aulas prácticas nos centros de ensino de FP como verdadeiros viveiros de empresa durante os períodos nos que non hai actividade escolar para proxectos de empresas innovadores do alumnado de FP.

- 6) Potenciar a Orientación laboral e profesional con capacidade para coordinar as actuacións relativas a vinculación entre mundo formativo e laboral, conexión con outras ofertas de FP e programas de emprendemento e innovación, instituíndo a figura da Orientadora Laboral en todos os CIFP e IES con FP e aumentando as orientadoras laborais nos SPEG, coordinando as actuacións entre uns e outros nos concellos / comarcas.
- 7) Impulso ás modalidades de formación para adultos, potenciando o ensino online e semipresencial, preservando a oferta presencial e fomentando a reconversión e reciclaxe formativa da poboación.
- 8) Potenciar a presenza de mulleres nas profesións máis masculinizadas e, especialmente, nas ramas STEM.
- 9) Executar a presenza vehicular da lingua galega en toda a FP dando valor ao seu uso para o noso tecido produtivo. Vincular a importancia da nosa integración na lusofonía e do máis-valor que supón para o noso tecido empresarial.
- 10) Abrir as posibilidades de duplas titulacións e ciclos formativos abertos que permitan dar resposta a novas necesidades formativas.
- 11) Aumentar os estudos científicos sobre a FP, a súa situación, estado e descubrimento das mellores prácticas, establecendo para tal fin programas de colaboración Universidade-FP.
- 12) Coordinar o transporte público comarcal cos centros de ensino de FP, especialmente para o alumnado de FP Básica e Grao Medio (menor de idade na maioría dos casos).

### **Ensinanzas especiais e formación permanente**

- Ampliar e estender a rede das escolas oficiais de idiomas, mediante a creación de novos centros e/ou da ampliación dos existentes, fomentando dun modo especial o estudo da lingua portuguesa.
- Promover unha reordenación do ensino artístico, integrando as diferentes especialidades a través dunha organización única e orientada cara á realidade galega. Arbitrar os mecanismos necesarios para que as ensinanzas artísticas superiores poidan adscribirse e integrarse na universidade, a fin de que o alumnado obteña a titulación de grao. Implementar mecanismos eficaces para a incorporación do alumnado egresado nas redes de creación e difusión cultural do país, favorecendo a produción e consumo de cultura galega.
- Potenciar a actual rede de educación de persoas adultas, garantindo unha ampla oferta presencial da ESA e o Bacharelato. Elaborar unha rede de educación permanente de persoas adultas que inclúa centros específicos nas áreas de maior poboación e garantindo unha oferta en centros ordinarios nas cabeceiras comarcais. Impulsar a posta en marcha de programas de formación da poboación galega para coñecermos a nosa historia, cultura, xeografía, sociedade e natureza.

— Desenvolvemento dun marco regulador e dun proxecto de país en relación coa formación permanente ao longo de toda a vida.

### **Un ensino feminista**

— Promover unha educación non sexista e coeducativa. Todo o material curricular estará fundamentado no principio de igualdade entre mulleres e homes.

- Actuar preventivamente en contra da educación machista e a violencia de xénero.

Recuperar a oferta da materia de Igualdade de xénero eliminada no curso 2023-24.

- Eliminar e rexeitar os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes con especial consideración no que atinxe aos libros de texto e materiais educativos.

- Promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.

- Estabelecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensinanza do papel das mulleres na Historia, no Pensamento, na Ciencia e, en xeral, na sociedade.

— Formación transversal do persoal educativo en materia de igualdade e para o respecto á diversidade afectiva sexual; protocolos contra o acoso lgtbifóbico; inclusión da diversidade sexual e de xénero nos programas docentes.

— Elaborar, de maneira dialogada cos distintos axentes, un Plan galego de educación afectivo-sexual que garanta o dereito do alumnado a unha educación integral.

### **Ensino universitario**

As prioridades de goberno do BNG aséntanse sobre as seguintes propostas:

- Negociar un novo plan de financiamento universitario que garanta fondos públicos suficientes ao Sistema Universitario Galego (SUG) e que teña como referencia o 1,5% do PIB. A parte estrutural do fondo deberá cubrir os gastos de persoal e de funcionamento e incluírá un fondo basal de investigación.

- Implantación da matrícula gratuíta no primeiro curso de grao en todas as titulacións universitarias establecendo mecanismos de compensación no Plan de financiamento das Universidades pola minoración de fondos que representa.

- Programa específicos de bolsas de mobilidade para garantir a formación e a actualización de coñecementos do persoal docente e investigador, do persoal de administración e servizos e do estudiantado.

- Avanzar, aproveitando a especialización e fortalezas dos distintos campus, na oferta académica do SUG, cara á completa oferta de titulacións do sistema.
- Apoio e promoción de titulacións interuniversitarias de grao, mestrado e doutoramento, sinaladamente aquelas que sirvan para o desenvolvemento económico, social e cultural da Galiza.
- Fomentar e promover a cooperación, colaboración e coordinación no SUG como mellor xeito de cumprir cos obxectivos da Universidade.
- Incrementar o número de prazas nas titulacións universitarias, adecuando a oferta á súa demanda real para evitarmos a existencia de titulacións elitistas e excluíntes que provocan a emigración académica do estudiantado con todos os custos económicos que isto supón, cando non impiden o acceso ao ensino superior como dereito básico. No tocante aos estudos de medicina impulsar a aplicación do convenio suscrito entre as tres universidades que permite ampliar a oferta aproveitando os recursos humanos e materias do SUG e o SERGAS.
- Revisión do proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, xa desbotado en algunhas universidades europeas polos seus efectos negativos sobre a educación superior e os fins esenciais da Universidade.

### Universidade galega

- Transferencia a Galiza das competencias en materia de xestión e concesión de bolsas de axuda ao estudo. Desenvolvemento dunha política que garanta o dereito á educación no ensino superior, modificando os requisitos, incluídos os académicos, para a obtención de axudas ao estudos, de modo que non impidan ao estudiantado con menor poder adquisitivo acceder á universidade.
- Promover e defender a derogación das normas de racionalización do gasto público no ámbito educativo universitario que reducen os cadros de persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos e que incrementan os rateos.
- Transferencia a Galiza dos medios materiais e competencias da UNED, da Universidade Internacional Menéndez Pelayo e das Institucións dependentes do Centro de Investigacións Científicas.
- Apoio e promoción de titulacións interuniversitarias de grao, mestrado e doutoramento, sinaladamente aquelas que sirvan para o desenvolvemento económico, social e cultural de Galiza.
- Pular pola normalización do uso e a promoción da lingua galega en todos os ámbitos universitarios, coa inclusión de medidas que garantan o seu coñecemento no acceso aos postos docentes e para impartir as aulas en galego.
- Incentivar e apoiar o establecemento de vínculos académicos e de investigación internacionais coas universidades do ámbito lusófono.

## Universidade de calidade e innovadora

- Derrogación da normativa pola que se modifican os plans de estudos do ensino universitario, que pasa a ser de 3 anos no grao e de 2 anos no mestrado, por degradar as titulacións e as cualificacións universitarias, promover as universidades privadas e expulsar as clases máis humildes da universidade.
- Fomentar a dinamización e o crecemento do persoal dedicado á investigación, rematando coa temporalidade dos contratos nos proxectos de investigación no marco do fomento da investigación, favorecendo a libre difusión do coñecemento no canto da súa mercantilización, apoiando programas de doutoramento de calidade en todos os eidos de coñecemento e recuperando as convocatorias para o inicio e consolidación da carreira investigadora.
- Apoio e promoción de programas de doutoramento industriais.
- Revisión do proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, xa desbotado nalgunhas universidades europeas polos seus efectos negativos sobre a educación superior e os fins esenciais da Universidade.
- Incrementar o número de prazas nas titulacións universitarias, adecuando a oferta á súa demanda real para evitarmos a existencia de titulacións elitistas e excluíntes que provocan a emigración académica do estudantado, con todos os custos económicos que isto supón, cando non impiden o acceso ao ensino superior como dereito básico.
- Modificación do actual calendario académico e superación das probas de acceso á universidade polas trabas que estas implican para o exercicio do dereito ao ensino superior.
- Modificación da normativa galega relativa aos consellos sociais, especialmente no que ten a ver coa súa composición, que non é representativa da sociedade en que se insire o noso sistema universitario galego, alén de demandar a reforma da lexislación española sobre tales órganos e as súas funcións.
- Apoio e promoción de planos específicos de consolidación dos cadros de persoal docente e investigación e do persoal de administración e servizos das tres universidades.
- Apoio con medios materiais e humanos ás tres universidades galegas para a captación de recursos económicos públicos en convocatorias de institucións públicas estatais e internacionais, promovendo ademais a presenza en Bruxelas de representación que dea apoio ás nosas universidades.
- Garantir a existencia de infraestrutura e de equipamentos mínimos necesarios para que o sistema universitario galego funcione con normalidade, especialmente naqueles campus que máis o necesitan.
- Garantir a comunicación e o acceso a todos os campus galegos, facendo especial fincapé nos denominados campus periféricos, apostando pola mobilidade en todos os medios de transporte e en clave de rendibilidade social, con especial atención ao papel que pode xogar o tren de proximidade.

e) Un novo modelo de coidados

Un dos piares esenciais do denominado estado do benestar son os coidados. Porén, ao contrario do que aconteceu co sistema sanitario e o educativo, aínda fica pendente de construír un verdadeiro servizo público dirixido a garantir o benestar do conxunto da poboación.

De feito, se ollamos os datos, a maior parte das escolas infantís, centros de día, centros dirixidos a persoas con discapacidade ou residencias de maiores son privados sendo aqueles de titularidade e xestión pública os menos.

E os datos así o demostran:

En Galiza hai 409 residencias de maiores e 23.195 prazas segundo os datos do último informe publicado polo CES (2022), delas só 90 centros e 5.180 prazas son públicas.

Se ollamos os centros de día, en Galiza atopamos 247 cun total de 9.535 prazas das que só 3.827 son públicas.

A respecto das escolas infantís, dos 496 centros existentes, a Xunta de Galiza conta cunha rede pública propia –isto é, sen contar as escolas de titularidade municipal-- de apenas 147 centros e 8.500 prazas na Rede Galiña Azul xunto con 27 centros e 2.242 prazas dependentes da Axencia galega de servizos sociais.

Desde o BNG temos claro que é necesario dar un importante paso adiante neste sentido a través da:

- Creación do auténtico **Servizo Galego do Benestar**, un organismo que viría a xogar un papel similar ao do SERGAS mais no ámbito dos servizos sociais garantindo a xestión pública dos mesmos a comezar polas residencias da terceira idade, centros de persoas con discapacidade, centros de día e Servizo de Axuda no Fogar (SAF). A atención á terceira idade ou ás persoas con discapacidade é un servizo público que debe ser xestionado integramente pola Xunta de Galiza rematando co actual esquema perverso de mercantilización e de privatización directa ou indirecta.

### O reto da vellez

Na actualidade, Galiza conta cunha esperanza de vida media de 86 anos para as mulleres e 80 para os homes. A poboación maior de 65 anos representa xa máis do 30% da sociedade galega e as previsións é que esta porcentaxe vaia en aumento.

Neste senso, segundo as proxeccións de poboación a curto prazo (2018-2033) elaboradas polo Instituto Galego de Estatística (IGE) a nosa poboación de oitenta anos e máis chegará das 237.218 persoas no ano 2018, a 249.366 persoas no 2033, e no caso da poboación centenaria pasaría das 1.109 persoas no ano 2018 a 4.196 persoas no ano 2033.

O impacto negativo que ten o envellecemento demográfico, é dicir, os cambios que se producen na estrutura da poboación polo aumento da proporción de persoas nos grupos de maior idade e unha diminución da taxa de fecundidade, incluíndo en Galiza o impacto da emigración, non debe agochar o dato positivo do aumento da taxa de esperanza de vida.

O envellecemento da poboación por aumento da esperanza de vida significa vivir máis anos. E ademais, confirma que as políticas de protección social do Estado de Benestar, tan cuestionadas desde os valores fundamentalistas e economicistas do mercado, tiveron moito que ver nese éxito.

Por iso, desde o Bloque Nacionalista Galego concibimos o envellecemento poboacional como un reto, nunca como un problema.

Vivimos máis anos grazas a un incremento da esperanza de vida, mais, en que condicións vivimos cando imos cumprindo anos?

O aumento da lonxevidade non significa de maneira automática que eses anos de vida teñan lugar coa maior calidade e benestar. De feito, segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (2018) e a Enquisa Nacional de Saúde (2020) a esperanza de vida sen limitacións graves sitúase en 78,9 anos para as mulleres e 75,6 anos para os homes.

Isto quere dicir que unha parte importante da vellez en Galiza está condicionada por algunha discapacidade ou dependencia o que esixe das institucións públicas accións firmes encamiñadas a cumprir cun obxectivo fundamental, engadir vida aos anos, tal e como sinala a Organización Mundial da Saúde (OMS) na Estratexia Mundial sobre o envellecemento e a saúde (2016-2030).

Urxe, pois, camiñar cara á un novo modelo de coidados que responda á realidade actual e futura de Galiza poñendo no centro as persoas e as súas, nosas, necesidades.

Así mesmo, Galiza vén experimentando nos últimos anos un incremento progresivo no número de persoas que viven soas, cada vez de maior idade.

Segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) na última década (2011-2021) en Galiza pasamos de 229.993 fogares unipersoais en 2011 a 247.557 en 2021, a maior parte deles conformados por mulleres (56,8%).

Por tramos de idade, a metade deses fogares están constituídos por unha persoa maior de 65 anos (o 51,42% en 2021) e, de novo, na inmensa maioría dos casos, fórmanos mulleres que viven soas (88.669 fogares).

Combater a soidade non desexada e o illamento social constitúe un dos desafíos da nosa época pois este complexo fenómeno, multicausal e subxectivo, que pode afectar a calquera persoa ao longo das diferentes etapas do ciclo vital, é considerado pola Organización Mundial da Saúde (OMS) como un dos maiores

riscos para o deterioro da saúde e un factor determinante que favorece a entrada das persoas en situacións de dependencia.

Neste senso, desde o BNG propomos:

- Impulso dun **novo modelo de residencias baseado** na Proposición de lei galega de residencias elaborada polo BNG e asentada nos seguintes principios:
  - **Límite de prazos.** Un tope de 100 prazos, cun mínimo do 90% das habitacións individuais, estruturadas en módulos de 25 residentes como máximo e 20 en caso de centros con persoas dependentes. Tamén deben estar integradas nos núcleos urbanos ou rurais non en lugares illados, e en zonas libres de ruídos, de agresións ambientais e, na medida do posible, próximos a espazos que faciliten o lecer, como parques ou zonas verdes.
  - **Novos criterios para o cálculo das rateos de persoal** que obriguen a diferenciar entre catro categorías: persoal de atención directa; persoal técnico, persoal de servizos xerais e dirección, mellorando así a calidade da atención e dos coidados.
  - Un **modelo de atención centrado nas persoas** que debe ser integral, garante de dereitos e respectuoso coa dignidade das persoas. Deben contar cun plan de atención individualizado para cada persoa usuaria no que se faga unha valoración integral, se establezan obxectivos, medidas para conseguilos e un acaído seguimento por parte dunha persoa de referencia que actúa como enlace coa familia. Isto é, debe ser o centro quen se adecúe aos maiores e non ao contrario, polo que tamén se inclúe a posibilidade de personalizar a súa habitación levando mobiliario propio para manter no posible sensación de fogar.
  - **Supervisión, inspección e réxime sancionador** co obxectivo de conseguir a máxima transparencia e información das residencias. Neste sentido, impulsaremos a creación dun corpo de inspección específico para as residencias cos medios humanos e técnicos suficientes. En aras desa transparencia, crearase unha web de acceso público coa información das actas e informes das inspeccións, as sancións impostas así como todas e cada unha das axudas que recibe cada residencia privada ou concertada, información que tamén debe ser trasladada ao Parlamento nun informe anual.
  - A **planificación dunha rede pública de residencias** co obxectivo de ir mudando o actual modelo privatizado. Esta planificación deberá ser revisada cada catro anos e, ao mesmo tempo, se prevé a recuperación dos centros públicos pero de xestión privada a medida que venzan os contratos coa Administración.
  - Creación dun **Comité galego de ética** semellante ao que xa existe en materia de saúde. Un organismo independente que permita resolver conflitos éticos en materia de atención asistencial. Un organismo formado por profesionais ao que acudir



para denunciar e encargado tamén de remitir informes nesta materia.

- Aprobar o **Mapa Galego de servizos sociais**, que inclúa o establecemento dos criterios de dotación de centros e de servizos en todo o territorio galego así como dun **catálogo de servizos sociais** integrado polo conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións, de tal maneira que se concreten aquelas que teñan un carácter esencial, o que determinará a súa condición como dereito exixíbel por todas as persoas que o precisaren.
- Implantación progresiva e xeneralizada da **Tarxeta Social Galega** que acredite o acceso aos servizos sociais e proporcione, de maneira áxil e directa información relativa á situación social da persoa así como dos servizos e prestacións que recibe e aos que ten dereito.
- Incremento do persoal dos **Equipos de Valoración e Orientación da dependencia**.
- **Reforzar os servizos sociocomunitarios** creando equipas diferenciadas para os labores administrativos, por exemplo a tramitación de axudas e prestacións, e os traballos de campo (prevención).
- Reformular o modelo de financiamento e xestión do **Servizo de Axuda no Fogar**. Incrementando o seu financiamento até alcanzar os 20 euros/hora nos dous primeiros anos de lexislatura así como ampliar a carteira de servizos de atención no domicilio para garantir o dereito a envellecer no propio fogar coas mellores condicións de vida. Aumentar a súa intensidade horaria en función do grao de dependencia e tamén os servizos que o integran para introducir un enfoque máis preventivo, de fomento da autonomía persoal e reparador-rehabilitador (fisioterapia, terapia ocupacional, actividade física-deportiva...)
- Crearemos un **Programa de detección e atención ás persoas maiores en situación de soidade non desexada** en colaboración cos Concellos, coa rede de servizos de benestar e coas entidades asociativas locais, garantindo a atención personalizada de calidade e a mellora da socialización das persoas a través do fomento das prácticas comunitarias en todo o territorio
- Reformular e ampliar o servizo **Xantar na Casa** para chegar a máis persoas facendo del unha ferramenta encamiñada a combater, entre outras cuestións, a soidade non desexada garantindo, ademais, unha alimentación próxima, saudable e de grande valor nutricional.
- Reforzar e ampliar a **rede de centros de día públicos** priorizando a súa implantación nos concellos que actualmente non dispoñen deste servizo e aqueles nos que existe maior demanda. Estes centros garantirán un enfoque preventivo da dependencia e promoverán un envellecemento saudable ademais de sinerxias interxeracionais.
- Creación de **centros de noite** ou opcións non institucionalizadas de vivenda compartida para aquelas persoas que non desexen pasar a noite en

soidade.

- Incrementar a implantación de **teleasistencia básica e avanzada** como mecanismo de monitorización dirixido, especialmente, á poboación que vive soa. Incorporar outras innovacións tecnolóxicas (como sensores infravermellos para a detección de caídas ou o despregamento de reloxos/teléfonos intelixentes) como mecanismos de seguridade e prevención.
- Creación de **bancos locais/comarcais de material de apoio para persoas dependentes** dirixidos a favorecer o acceso e a reutilización de recursos como grúas, camas, cadeiras de rodas, etc. Despregamento dunha aplicación dixital (APP) que favoreza e facilite a  
  
Comunicación e o troco.
- Creación dun **Servizo de orientación e promoción da actividade física (SOPAF)** coordinado entre a Consellaría de Sanidade, a Secretaría Xeral para o Deporte, a Consellaría de Política Social, a Fegamp e as Deputacións Provinciais. Terá un carácter local/comarcal e dirixirase, preferentemente, a poboación maior de 65 anos cunha vida sedentaria que, por prescripción médica, dos servizos sociais ou por propia vontade, queiran mellorar a súa saúde e condición física.

## ACCIÓNES ESPECÍFICAS

### a) Dirixidas a persoas cuidadoras:

- Ampliar os mecanismos de **respiro no domicilio** dirixidos a persoas cuidadoras informais garantindo o descanso e minimizando a sobrecarga de traballo incluíndo alternativas á estadía residencial cando a persoa usuaria ou a súa familia así o desexen.
- Promover o **acompañamento e asesoramento dunha persoa terapeuta ocupacional no domicilio** para deseñar, construír e procurar coa familia modelos personalizados que favorezan a comunicación coa persoa en situación de dependencia e mellorar a súa atención no fogar.
- Encontros entre persoal dos servizos sociocomunitarios con asistentes persoais e cuidadoras (tanto profesionais como informais) para identificar necesidades específicas e definir **pílulas de formación**, por exemplo, para a capacitación no manexo de produtos e materiais de apoio ou técnicas en actividades cotiás (erguer da cama, o baño, etc.). O obxectivo é reducir o impacto físico e as lesións derivadas deste traballo especialmente en persoas grandes dependentes e cuidadoras familiares.
- **Apoio psicolóxico no domicilio** a través dun programa específico dentro do SAAD dirixido tanto á persoa usuaria como á súa contorna familiar e, especialmente, ás persoas responsables do seu coidado.

### b) Dirixidas á contorna

- Impulso de **actividades comunitarias** co apoio de asociacións e programas de

voluntariado específicos como accións de lecer cotián, encontros inter-xeracionais, proxectos de recuperación da memoria histórica do concello a través das testemuñas de persoas participantes, cursos de formación (informática, restauración, cociña...).

- Impulsar, da man das asociacións de comercio e distribución, a creación dunha **rede de caixas de conversa** nos servizos de atención ao público, especialmente nos establecementos comerciais urbanos e periurbanos, como os supermercados. As caixas de conversa concibiranse como un servizo dirixido a garantir un tratamento máis amigable, humano e combater a soidade non desexada e o illamento social nos barrios.
- En colaboración con Correos despregar unha **rede de carteiras e carteiros que combatan a soidade non desexada e o illamento social** a través de visitas periódicas das mesmas traballadoras e traballadores a aqueles domicilios e persoas que o precisen, especialmente nas contornas rurais.
- Creación do **Consello galego de persoas maiores** entendido como un órgano específico para a participación activa das persoas maiores de 65 anos co obxectivo de que adquiran un protagonismo real, colaborativo e voluntario, fomentando a súa achega á vida pública en diálogo coa administración.

c) **Dirixidas á prevención e atención a doenzas neurodexenerativas**

- Creación dunha **rede pública de xestión directa de centros de día especializados en alzhéimer outras demencias** neurodexenerativas.
- Creación de **programas de axuda a domicilio especializados** en demencias con profesionais formados especificamente.
- Posta en marcha dunha **estratexia específica para cuidadores familiares** incorporándoos na intervención do sistema sanitario, aplicando un proceso de dupla intervención sanitaria, psicolóxica e social.
- **Plan de prevención do deterioro cognitivo e a demencia** que inclúa, a elaboración de programas de cribado para a detección precoz de doenzas neurodexenerativas como a demencia ou o alzhéimer, promover a coordinación de entidades locais para promover a saúde cognitiva nas distintas etapas da vida; investimentos en prevención primaria dirixida ao conxunto da cidadanía co obxectivo de reducir o risco de padecer estas enfermidades a través do impulso de hábitos saudábeis.
- Posta en marcha de estratexias para manter e respectar o maior tempo posíbel a capacidade de obrar das persoas promovendo accións que respecten as decisións das persoas afectadas e as persoas que exercen de cuidadoras principais.
- Programas de formación para persoal cuidador, formal e informal, no manexo deste perfil de persoas usuarias garantindo un tratamento acáido ás súas necesidades.

- Desenvolvemento de **innovacións tecnolóxicas** e aplicacións encamiñadas a garantir a localización de persoas con demencias moi avanzadas.

i. Infancia

As nenas e nenos son suxeitos de dereitos en si mesmos por iso todas as administracións, a comezar pola Xunta de Galiza, deben habilitar os recursos e medios necesarios para que eses dereitos estean sempre garantidos, de maneira especial, se se tratar de menores en situación de risco.

- Aprobación dunha **Lei galega de infancia e adolescencia** e incremento do orzamento xeral destinado a este ámbito.

- Elaborar un **Plan de Infancia e Adolescencia**, contando coa colaboración dos concellos, e que para alén de establecer políticas xerais, incorpore especificamente o obxectivo de facilitar o acceso a servizos de calidade para satisfacer as necesidades da infancia máis vulnerábel.

- Definir un **Plan de Acción para o Observatorio Galego da Infancia e Adolescencia** e impulsar a súa actividade e, con ela, a participación, a través deste órgano, das nenas, nenos e adolescentes nas decisións que lles afectan.

- **Loitar contra a pobreza infantil a través da elaboración de plans específicos dirixidos a fogares en risco de pobreza e exclusión social con menores a cargo**, prestando especial atención e medidas concretas a apoiar as familias monoparentais co obxectivo de abordar as elevadas taxas de pobreza que se rexistran neste tipo de fogares.

Impulsar as mudanzas legais necesarias para **harmonizar a lexislación galega coa Lei Orgánica de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia (LOPIVI)** e dotar de recursos as distintas administracións para que poidan implementar de maneira efectiva o mandato desta.

- Fomentar e apoiar o establecemento de estándares e análise de risco de protección infantil organizacional no seo das administracións, centros educativos e entidades en contacto con nenos, nenas e adolescentes.

### **Conciliación**

- **Gratuidade e universalización do ensino 0 a 3 anos** garantindo prazas suficientes a través dun **Plan de ampliación da rede de escolas infantís públicas de Galiza** (0 a 3 anos) no que se inclúa o número de prazas de nova creación; lugares ou criterios de localización das mesmas, previsión temporal e orzamento de execución. Teranse en conta neste plan as necesidades de conciliación nas contornas laborais como criterio de implantación de novos centros.

- Creación dun **servizo público de coidado de menores a domicilio** dirixido a cubrir necesidades de conciliación de natureza extraordinaria tanto das crianzas (desde os 4 meses até os 12 anos) como das persoas adultas responsábeis por motivos laborais.

- **Mellora do financiamento das escolas infantís municipais**, eliminando os efectos negativos que as decisións unilaterais do Partido Popular tiveron para as facendas locais e fomentando o traballo en rede.

### Atención temperá

- Acometer un programa específico de atención temperá, que incorpore os recursos e prestacións existentes, aumento orzamentario para garantir a cobertura en toda Galiza e a equidade no acceso. Entre as actuacións a levar a cabo para **mellorar a Rede galega de atención temperá** impulsaranse, en diálogo coas entidades representativas do sector, as seguintes:
  - a) **Definición duns criterios claros e ben regulados de planificación e implantación de novos servizos** de atención temperá garantindo tanto a cobertura do conxunto do territorio como a debida atención á poboación diana (crianzas de 0 a 6 anos) naqueles lugares onde existe unha maior concentración.
  - b) **Mellora do sistema de financiamento** da Rede que permita aumentar a calidade da prestación do servizo, extender a cobertura ao conxunto do territorio galego, así como dotar da estabilidade necesaria as equipas de atención.
  - c) **Mellorar a coordinación e xestión da Rede galega de Atención Temperá** a través da creación dun órgano administrativo na Xunta de Galiza encargado da mesma.
    - **Ampliación da rede de Puntos de Encontro Familiar (PEF)**, para levar a cabo visitas tuteladas e supervisadas de xeito que como mínimo exista un en cada comarca, cos recursos e horarios precisos adaptados ás necesidades das familias.

### Protección de menores

- Visibilizar e pór en valor a representación pública das persoas menores de idade que forman parte do sistema de protección, ás familias acolledoras e a súa contorna.
- **Actualización do Decreto 329/2005 polo que se regulan os centros de protección de menores e a atención á infancia**, mellorando o salario e as condicións dos equipos educativos que conviven cos nenos e nenas.
- Fortalecer os **programas de apoio e autonomía persoal dos mozos e mozas cando abandonen o sistema de protección e xustiza xuvenil** aos 18 anos, axudando a súa emancipación.
  - Implementar as **medidas necesarias para que se cumpra a normativa vixente en materia de acollemento, priorizando o acollemento familiar fronte ao internamento institucional ou residencial**. Incidindo especialmente na obrigatoriedade nos casos de crianzas menores de 6 anos.

- **Ampliar as axudas económicas dirixidas ao apoio das familias acolledoras.** En diálogo coas entidades, aprobar un marco normativo que regule estas axudas e determine as distintas contías en función das características do fogar e da crianza.
  - **Incluír o acollemento especializado e profesionalizado mediante o favorecemento e o acollemento de crianzas con especiais dificultades e** implementando liñas de formación expresas.
  - **Unificar e harmonizar os criterios de interpretación e aplicación da normativa vixente** e protocolos en toda Galiza.
  - **Incrementar como mínimo nun 50% o número de Equipos Técnicos na Administración Pública.**
  - **Recoñecer de pleno dereito dentro da unidade familiar ás persoas menores de idade en acollida,** en tanto en canto dure a convivencia, independentemente do tipo de acollemento.
  - **Facilitar os trámites das familias de acollida na relación coa Administración** de tal xeito que proxenitores/as acolledores/ as poidan ser para todos os efectos as persoas para asinaren documentación en representación dos menores acollidos (tarxeta sanitaria europea, consentimento médico informado, relación ordinaria cos centros de ensino...)
  - Estabelecer **liñas de actuación específicas para adolescentes en acollemento familiar ou en internamento residencial ou persoas menores de idade non acompañadas** que estean próximos á maioría de idade. É preciso duplicar esforzos para a inserción paulatina e acompañada, implementando un tipo de acollemento adecuado ás súas necesidades.
  - Promover unha comisión permanente de traballo, para o desenvolvemento, avaliación e seguimento do programa de acollemento da Xunta de Galicia, en que estean presentes as familias acolledoras, as persoas técnicas da administración e as entidades sociais que traballan no eido de protección de menores.

### Infancia migrante non acompañada

- **Establecer un plan para a acollemento coordinando cos centros de protección** asignando recursos suficientes para a súa estadía.
- **Dotar a administración dos recursos necesarios para a tramitación dos procedementos de regularización,** ben a través de servizos externos, ben a través dos servizos xurídicos propios para, entre outras cuestións, establecer un acceso en igualdade de condicións á sanidade

i. Discapacidade

Urxe construír unha Galiza sen barreiras despois de 15 anos de goberno do Partido Popular na Xunta que nin sequera foi quen de desenvolver a Lei de accesibilidade de Galiza (2014) cuxo plan, previsto no propio texto normativo, continúa sen elaborar desde hai case unha década.

- Elaboración, en diálogo e colaboración coas organizacións e entidades representativas das persoas con discapacidade, dunha **Lei galega para as persoas con discapacidade** que blinde dereitos e garanta unha atención integral.
  - Estabelecer canles de **diálogo permanente e colaboración coas entidades** que traballan no ámbito da atención e integración das persoas con discapacidade para definir conxuntamente as liñas de actuación para lograr os obxectivos propostos.
  - Creación do **Consello Galego de Persoas con Discapacidade**, como órgano paritario de encontro e debate sobre as políticas públicas de diversidade funcional entre a administración e as entidades que traballan neste ámbito, así como unha comisión permanente no Parlamento da Galiza.
  - Impulsar un **Plan de Atención ás Persoas con Discapacidade** que supoña un paso adiante en materia de prevención e atención e avanzar significativamente na visibilización e sensibilización da sociedade, para que se chegue a producir a verdadeira integración social das persoas con discapacidade.
  - **Divulgación e extensión do uso da lingua de signos no conxunto dos servizos da administración** pública para facilitar a inclusión das persoas xordas. Recoñecemento da Lingua de Signos Galega.
  - **Plan de igualdade de xénero para as mulleres con discapacidade** loitando contra duplas e triplas discriminacións.
  - Acometer un **Plan de mellora e de ampliación dos centros socio-comunitarios e de centros de día**, incluíndo a adecuación e adaptación física dos centros para estes dispoñen dos servizos e das instalacións adecuadas para as persoas de idade e diversidade funcional poderen participar en óptimas condicións. Serán dotados, igualmente, de persoal e de servizos adecuados ás súas necesidades.
- Recuperar o servizo de transporte adaptado 085 para garantir a mobilidade de persoas con discapacidade e dependencia no territorio galego especialmente no ámbito rural.

ii. Feminismo, igualdade e diversidade sexual

A Galiza que vén e que queremos construír é unha Galiza feminista, de persoas libres e iguais, sen discriminacións por razóns de xénero, identidade ou orientación sexual, que cada día avanza contra a violencia machista, a transfobia ou a LGTBifobia. O nacionalismo

galego impulsou ao longo da historia importantes avances como a primeira lei galega contra a violencia machista ou, máis recentemente, reformas legais para acabar coa discriminación da maternidade no ámbito da innovación ou recoñecer a violencia vicaria. Ante o cuestionamento ou banalización das violencias machistas e as posicións que pretender facernos retroceder en dereitos, a mellor resposta é a intensificación das políticas feministas.

É agora o momento de avanzar con intensidade na conquista de dereitos e nas demandas do movemento feminista galego, a comezar por:

- Creación dunha Valedoría de Igualdade como órgano de defensa cidadá perante situacións de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, con funcións de investigación, asesoramento, mediación e elaboración de propostas de sanción para a promoción da garantía do cumprimento do principio de igualdade.

- Creación do Instituto Galego das Mulleres como un organismo público que promova e fortaleza as políticas de igualdade de forma transversal en todos os ámbitos da vida social, económica, cultural e política de Galiza. Para tal fin, o Instituto fíxase como obxectivo a promoción das condicións que promovan a igualdade e supriman todos os obstáculos que a impiden así como a eliminación de todas as formas de discriminación das mulleres en Galiza.

- Impulso dunha auditoría sobre a situación das mulleres nas contratacións públicas sufragadas total ou parcialmente por parte da Xunta de Galiza de cara a asegurar o cumprimento dos convenios colectivos e da lexislación vixente, priorizando aqueles especialmente sensibles como o da limpeza.

- Impulso dunha normativa de Inclusión de Cláusulas Sociais en materia de Igualdade co obxectivo de as introducir transversalmente en todos os ámbitos de actuación administrativa en que sexa procedente, así como para aquelas circunstancias e situacións sociais, onde xuridicamente, for posible. Neste sentido, incluíranse estas cláusulas, no ámbito da contratación pública, no réxime de subvencións; en materia ambiental; respecto da regulación das necesarias condicións laborais dignas e, en materia lingüística, entre outras.

- Impulso da Lei galega de recoñecemento e apoio das familias monoparentais que blinde o recoñecemento específico daquelas que o son en orixe, motivadas por unha decisión libre e consciente, que no actual marco normativo están invisibilizadas e que incorpore medidas de apoio transversais en todos os ámbitos e singularmente no da protección socioeconómica.

- Impulso dunha lei de igualdade no deporte na que se incorporen, entre outras medidas, a creación da Comisión Galega de Igualdade no Deporte para a protección das deportistas sobre os ataques machistas e lgtbfóbicos e que contará con potestade sancionadora; o Observatorio Galego da Igualdade no Deporte, protocolos específicos, plans de conciliación familiar e fomento da visibilidade do deporte feminino nos centros educativos e nos medios audiovisuais, en especial no que ten a ver coa CRTVG.

- Impulsar a visibilidade do traballo non remunerado no fogar e profundar no coñecemento do uso e reparto dos tempos a través da realización periódica da Conta Satélite da Producción Doméstica do IGE e da colaboración coas universidades galegas no desenvolvemento de estudos específicos sobre o valor deste traballo. Así mesmo,



impulsarase un Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados que co fin de valorizar e divulgar a súa relevancia económica e social e as consecuencias que o desequilibrio que persiste na actualidade supón para as mulleres.

- Elaborar, de maneira dialogada coa comunidade educativa e axentes especializados, un Plan galego de educación afectivosexual que garanta o dereito a unha educación integral neste ámbito en todas as etapas educativas. Así mesmo, garantir a recuperación e incrementar a oferta da materia de Igualdade nas diferentes etapas educativas..

- Garantir a formación docente en materia de violencia machista e igualdade a través dunha materia específica no máster habilitante e a través de formación obrigatoria e continuada ao longo da carreira docente.

- Retirada de calquera financiamento mediante fondos públicos que se mantén aínda a entidades antiabortista, lgbtigóbicas ou promotoras da inexistente “síndrome de alienación parental” así como de calquera acto ou actividade que promova o machismo.

- Intensificar os esforzos contra a violencia machista destinando, como mínimo, do 1% dos orzamentos de forma específica e así rectificar a falta de desenvolvemento e cumprimento da Lei

11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en aspectos desatendidos como a educación ou o apoio psicolóxico.

- Impulso e reforma dos Centros de Información ás Mulleres (CIM). Aprobarase un programa de ampliación e extensión dos CIM que contemple o incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM, facendo especial énfase na creación destes centros naquelas comarcas nas que actualmente non existen. Así mesmo, fixaranse rateos de persoal en función do número potencial de usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM e incorporaranse novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo.

- Ampliación dos Puntos de Encontro Familiar e aprobación dun novo regulamento, con especial atención á intervención social e a prevención e detección de posibles situacións de violencia deseñando canles de comunicación e colaboración interinstitucionais que garantan a protección das e dos menores e das súas nais.

- Fortalecer e ampliar os recursos contra a violencia sexual acelerando a creación dos centros de atención 24 horas ás vítimas tendo como referencia a totalidade dos hospitais públicos galegos para garantir a súa distribución territorial equilibrada; difundir os protocolos de atención ás agresións por submisión química e aprobar e difundir un protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do ocio nocturno. Garantir a gratuidade da atención xurídica ás vítimas de violencia sexual, promover un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista e impulsar campañas específicas no ámbito do ensino secundario e universitario.

- Elaboración dun Estatuto de Vitima do Feminicidio e impulso dun plan de mellora da atención no ámbito xudicial no que se contemple unha revisión das instalacións

xudiciais para garantir a intimidade e a seguridade e unha revisión dos procedementos, reformulando os protocolos interinstitucionais existentes co obxectivo de melloralos e impulsalos onde non existen ou non funcionan adecuadamente.

- Incrementar o persoal do IMELGA e colaborar coas demais administracións para mellorar a atención e protección das vítimas complementando as valoracións con informes forenses de avaliación de risco de carácter urxente, impulsar medidas de protección específicas para as vítimas menores e mellorar e ampliar o uso de dispositivos telemáticos de protección.
- Incremento dos recursos habitacionais, tanto para a acollida urxente como vivenda tutelada e axudas para o alugueiro. É preciso un novo impulso á Rede Galega de Acollemento para ampliar o número de prazas e extensión xeográfica dos recursos habitacionais de urxencia, así como planificar a progresiva xestión íntegra pública por parte da Xunta de Galiza. Así mesmo, é preciso aumentar os recursos de axuda para o alugueiro e garantir mecanismos de aval para protexer as vítimas ante o endurecemento das condicións de acceso á vivenda.
- Compromiso de incremento das contías da prestación periódica de vítimas de violencia machista para compensar a suba do IPC así como promover a equiparación a vítimas de terrorismo a efectos de indemnizacións.
- Elaboración periódica dunha macroenquisa galega bianual sobre violencia machista que nos permita ter un coñecemento periódico da evolución dos diferentes parámetros de violencia e da percepción pola sociedade. Incorporar ademais elementos de discriminación múltiple ou interseccional e crear unha liña de financiamento para a súa investigación tamén do punto de vista cualitativo polo tecido universitario galego, desenvolvendo o ámbito de investigación que contempla a lei galega.
- Intensificar a loita contra a trata impulsando unha avaliación rigorosa do Plan galego contra a trata e a aprobación dun novo para o período 2024-2028 en colaboración cos colectivos e entidades sociais e aumentando o seu orzamento.
- Contribuír activamente na loita para a abolición da prostitución desde unha perspectiva que puna e persiga o proxeneta e prostituidor ficando as mulleres prostituídas libres de calquera criminalización, estigmatización ou aproximación moralista. Neste camiño impulsarase, entre outras medidas, un programa específico para o abandono do exercicio da prostitución onde se planifique un itinerario transversal e se garanta unha axuda periódica para tal fin.
- Impulso e colaboración coa formación e creación de novos recursos en perspectiva de xénero no ámbito da comunicación e fomento do cumprimento da Declaración de Compostela e doutros código deontolóxicos en materia de tratamento informativo da violencia machista.
- Garantir para todas as galegas o dereito ao aborto na sanidade pública e no interior do territorio galego, independentemente da semana de xestación cumprindo con garantías a lei e de mellora na súa atención evitando situacións de violencia nos procedementos de interrupción voluntaria, terapéutica ou euxenésica do embarazo. Garantir cando menos a creación de dous centros de referencia en Galiza para a atención da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE), na zona norte e na zona sur, con persoal

sanitario especializado, como garantía da execución dos protocolos internacionais sobre os Dereitos Sexuais e Reprodutivos.

- Estender a rede de Centros de Orientación Familiar garantindo o acceso a este servizo en condicións de equidade ao conxunto da poboación dotándoos dos recursos humanos, materiais e económicos suficientes.
- Traballar activamente na concienciación e na ampliación do marco legislativo contrario ao recoñecemento da práctica dos ventres ou barrigas de alugueiro.

### **Dereitos LGBT**

- Garantir o acceso a recursos sociais e asistenciais de atención á diversidade para as persoas LGBT+ en todo o país, mellorando os recursos e reforzando a capacidade de coordinación de CIM, centros Querote +, servizos sociosanitarios e áreas municipais específicas. Para este obxectivo propónse descentralizar a atención ás persoas LGBT+ para posibilitar a igualdade territorial en todo o país.
- Sacar dos hospitais os centros de ITS e garantir un seguimento local das persoas que así o precisen.
- Mellorar a atención específica á saúde sexual garantindo a dispoñibilidade de persoal formado e sensibilizado en ambulatorios ou centros específicos, sen necesidade de derivación hospitalaria.
- Mellorar os recursos públicos que garantan un envellecemento digno das persoas LGBT+, aplicando mecanismos para evitar a soidade non desexada a través de programas de envellecemento activo que fomenten o contacto interxeracional no propio colectivo. Desenvolver programas formativos sobre a realidade LGBT+ nas residencias públicas.
- Formación en diversidade profesionalizada nos centros de ensino e no eido sanitario e asistencial, como unha responsabilidade institucional que non dependa da vontade ou capacidade de asociacións e activistas.
- Traballar polo recoñecemento das persoas non binarias garantindo un tratamento respectuoso e inclusivo nos servizos públicos.
- Elaborar en coordinación con profesionais e activistas un plan galego de memoria LGBT co obxectivo de recuperar, conservar e divulgar a memoria das disidentes sexuais da Galiza do pasado.
- Pular polo recoñecemento e a promoción das producións culturais que dean visibilidade e celebren diversidade, así como poñer en valor as profesionais culturais do colectivo que traballan e producen en Galiza.
- Incluír a diversidade sexual e de xénero nos currículos universitarios, priorizando aqueles definidos pola lexislación en vigor (Educación Social, Maxisterio, Pedagogía, Psicoloxía e Dereito).

-Abrir un proceso de diálogo con entidades LGBT+ e axentes implicadas coa intención de elaborar unha nova lexislación que garanta os dereitos das persoas LGBT+, e que remate coa patoloxización social e sanitaria que aínda sofren as persoas trans. Entre tanto, proponse aplicar, desenvolver e actualizar a lexislación actual en materia de igualdade das persoas LGBT+ (Lei 2/2014) para que actúe como ferramenta nas diferentes discriminacións que aínda está a sufrir o colectivo.

- Elaboración dun protocolo de atención sanitaria que garanta unha atención non patoloxizante e respectuosa no conxunto do SERGAS para as persoas trans, no que participe con voz activa o asociacionismo trans. Promover a formación das e dos profesionais e a inclusión dos tratamentos que foren precisos no proceso de transición. A atención sanitaria das persoas trans no SERGAS débese rexer polo principio de proximidade, garantindo a dispoñibilidade de persoal de referencia con formación específica en todas as áreas sanitarias.

- Actualización e mellora dos protocolos de acoso escolar para erradicar a violencia LGBTIfóbica nos centros de ensino.

-Impulso dun Plan Galego de apoio ás vítimas de delitos de odio e de discriminación LGBTIfóbica, que recolla alternativa habitacional e laboral, asistencia xurídica específica e de graza, e dispoñibilidade de servizos médicos e psicolóxicos, e que inclúa formacións a axentes de policía e institucións implicadas. O Plan prestará especial atención ás vítimas nas que converxan varios eixos de discriminación.

- Impulso das asociacións LGTBI e establecemento dun diálogo continuo e estreito con elas para o tratamento das diversas necesidades do colectivo e elaboración de medidas legislativas e campañas de concienciación e contra a discriminación. Facilitación de espazos públicos para as súas actividades.

- Realización de campañas públicas de concienciación durante todo o ano, mais especialmente ao redor de datas asinaladas como o 17 de maio (Día internacional contra a lgbtifobia), Día da visibilidadelésbica galega (8 de xuño), 28 de xuño (Día do orgullo LGTBI) ou o 1 de decembro (Día contra a SIDA)

- Desenvolvemento de medidas de inserción laboral destinadas a persoas trans, que poñan freo á taxa de paro case absoluta que segue a afectar a este colectivo. Deseño dun protocolo contra agresións lgbtífobicas e discriminación no terreo laboral, así como programas formativos nas institucións públicas e planes de colaboración co ámbito privado.

### iii. Inclusión social

## **Loita contra a pobreza e a exclusión social**

En Galiza hai máis de 600 mil persoas en risco de pobreza e exclusión social. Segundo os últimos datos publicados polo Consello Económico e Social de Galiza (CES), a taxa de risco de pobreza e exclusión social descendeu no último ano (2022) até situarse no 18,4%.

Porén, a día de hoxe, o **20,3% das persoas de 50 e 64 anos está en risco de pobreza e exclusión social no noso País. É dicir, hai galegas e galegos que tendo un traballo, unha nómina, cobrando un salario todos os meses non lles dá para chegar a fin de mes e cubrir gastos.**

**Asemade, as persoas con nacionalidade estranxeira presentan un risco de pobreza e exclusión social moi superior (54,4%) ao rexistrado para as galegas e galegos (17,17%).**

A respecto da tipoloxía de fogares, o maior risco de pobreza continúa producíndose naqueles compostos por unha persoa adulta con crianzas a cargo (50,6%), isto é, a **metade dos fogares con menores está en risco de exclusión social.**

E se introducimos a perspectiva de xénero na análise dos datos  **vemos que os fogares monoparentais son os que rexistran unha maior taxa, co 30,25% dos mesmos en situación de pobreza ou exclusión social, por diante dos fogares unipersoais e sen núcleo, cunha taxa do 28,34% e 22,52%, respectivamente.**

Diante desta situación, desde o BNG impulsaremos as seguintes liñas de actuación:

- Impulsar, de maneira dialogada coas entidades do terceiro sector de acción social e os Concellos, a **reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza** para impulsar a creación dunha **Renda galega de inclusión social e laboral** concibida como un rendemento básico que englobe o conxunto de prestacións presentes e futuras, co obxectivo principal de evitar que ningunha persoa residente na Galiza caia ou fique na pobreza e na exclusión social, buscando para iso o seu desenvolvemento integral como ser humano e promovendo e mellorando as súas condicións económicas e sociais.

A Renda galega de inclusión social e laboral contemplará **dúas modalidades de prestación:**

- a) a renda básica de inclusión social e laboral, dirixida a aquelas persoas que non dispoñan de ingresos procedentes de rendas do traballo e cuxo nivel de ingresos non chegue ao mínimo para facer fronte aos gastos asociados ás necesidades básicas. Esta prestación estará suxeita a un convenio de inclusión social e laboral.
- b) a renda complementaria de ingresos do traballo, dirixida a aquelas persoas ou unidades de convivencia que, dispoñendo de ingresos procedentes do traballo, contan cun nivel mensual de ingresos insuficientes para facer fronte aos gastos asociados ás necesidades básicas.

Así mesmo, crearase unha **prestación complementaria de vivenda**, entendida como un complemento a calquera das modalidades anteriores dirixido a cubrir as necesidades relacionadas coa vivenda ou aloxamento habitual das persoas titulares das devanditas prestacións.

As contías das prestacións económicas fixaranse en función do **Salario Mínimo Interprofesional (SMI)**.

Incluirase na reforma da Lei de inclusión social a **regulación da Tarxeta Básica como un recurso de emerxencia** para garantir o acceso a produtos de primeira necesidade a aquelas persoas que así o precisen de acordo coa súa situación económica que servirá de

ponte para solicitantes de prestacións económicas entretanto non comezan a percibilas.

- Deseño de **programas específicos de loita contra a pobreza** dirixidos a fogares, colectivos sociais e persoas vulnerabilizadas.
- Elaboración dun **Plan de erradicación do chabolismo e de infravivenda.**
- **Reforzo e ampliación dos servizos sociais comunitarios** creando equipas diferenciadas para os labores administrativos, por exemplo a tramitación de axudas e prestacións, e os traballos de campo (prevención).

- Impulsar, en diálogo coas entidades sociais, a Lei do terceiro sector de acción social.

-Reforma da regulación dos centros especiais de emprego fixando con claridade a diferenza entre aqueles con e sen ánimo de lucro para blindar e garantir os dereitos das persoas con discapacidade e a súa inserción sociolaboral impedindo que a condición de discapacidade poida ser aproveitada polas empresas para facer negocio e / ou mermar os dereitos dos e das traballadoras.

## Unha Galiza acolledora e inclusiva

En 2022 case 40 mil persoas chegaron a Galiza procedentes doutros lugares do mundo.

Grazas á inmigración, a sociedade galega é hoxe máis diversa cá nunca. De feito, en dúas décadas a porcentaxe de persoas residentes en Galiza con nacionalidade estranxeira pasou do 1,3% ao 5,2% e a proporción de persoas nadas noutros países medrou do 4,2% ao 10,5%.

O noso país é unha terra acolledora. As galegas e galegos vivimos ao longo da historia –e aínda hoxe-

- a emigración polo que sabemos mellor que ninguén do valor da diversidade e da acollida.

Desde o BNG cremos que a mellor política de acollida é aquela que garante as mesmas condicións á poboación independentemente de cal sexa a súa orixe. Así as cousas, os datos evidencian que a orixe constitúe un condicionante e que as persoas nadas no estranxeiro ou mesmo as fillas e fillos das persoas migrantes (segunda xeración) sofren peores condicións socioeconómicas que as nadas en Galiza ou de pais/nais galegas.

Así, segundo os datos publicados polo IGE a taxa de risco de pobreza e exclusión social, que para o conxunto da poboación galega é do 18%, incrementase até o 54% na poboación estranxeira. De igual maneira, as fillas e fillos de inmigrantes dende o inicio da súa escolarización teñen peores resultados medios e asisten menos frecuentemente á Educación Infantil.

A nosa proposta é desenvolver un **Plan Galiza, terra de acollida** que promova a inclusión social e laboral da poboación migrante en Galiza incorporando medidas específicas dirixidas á poboación de segunda xeración co obxectivo de garantirmos as

mellores condicións de vida para as persoas que chegan ao noso País procedentes doutros lugares do mundo fornecéndolles apoio, acompañamento e asesoramento.

Mais non só as persoas migrantes sofren exclusión e racismo. A **comunidade xitana** leva décadas rexistrando maiores taxas de pobreza e exclusión social así como unha situación de desigualdade no ámbito educativo ou laboral, entre outros. A elas súmase a discriminación e o antixitanismo que perviven aínda na sociedade.

Así o demostran os datos achegados pola Fundación Secretariado Xitano:

- O 86% das persoas xitana está en situación de pobreza e o 46% en pobreza extrema.
- A pobreza infantil sitúase no 89% entre a comunidade xitana.
- 9.000 persoas xitanas aínda viven en infravivencias e chabolismo.
- Só seis de cada 10 persoas consegue titularse na educación obrigatoria.
- A taxa de emprego entre as mulleres xitanas sitúase no 16%.

Desde o BNG **comprometémonos a traballar man a man coa propia comunidade xitana e coas entidades sociais que a representan e a impulsar medidas concretas que permitan avanzar en igualdade, garantir os seus dereitos sociais, loitar contra a discriminación e promover o seu recoñecemento** favorecendo a súa participación.

#### i. Vivenda

A política de vivenda de Galiza debe aspirar a planificar e intervir a medio prazo sobre o parque inmobiliario residencial: o seu grao de accesibilidade, a oferta dispoñible, réximes de tenencia, localización, estabilidade residencial ou a calidade do hábitat doméstico ou urbano, entre outros, co fin de garantir que todas as persoas que queiran formar un fogar poidan acceder a unha vivenda digna e adecuada.

A intervención sobre o parque residencial construído debe abarcar dende a súa dimensión territorial até a escala doméstica, procurando unha maior sostibilidade social, ambiental e económica do mesmo e a mellora da calidade de vida cotiá dos ambientes construídos.

Ademais Galiza precisa xa dunha planificación estratéxica a medio prazo, que dea resposta á grave situación actual de dificultade de acceso á vivenda.

Poremos en marcha un **Plan Sectorial da vivenda de Galiza** que trace as liñas estratéxicas a 2040 con actuacións concretas por anualidades. Entre os seus obxectivos estratéxicos destacan os seguintes:

- 1) **Nova correlación entre a vivenda pública e a privada** que nos sitúe en cifras máis parellas ao contexto europeo. Para que as Administracións Públicas gañen en capacidade para garantir o acceso á vivenda, maior resiliencia fronte a contextos cambiantes e sirvan de contrapeso ao incremento de prezos do mercado libre. Poñendo en marcha entre outros as seguintes medidas:

- Acadar o 5% de vivenda principal pública nun horizonte temporal de 12 anos.
- Aumentar a porcentaxe de vivenda pública respecto da vivenda libre dando prioridade á fórmula de adquisición (e rehabilitación de ser o caso) de vivenda baleira en zonas de demanda de vivenda.
- Aumentar a función social da vivenda protexida a través da modificación da Lei do Solo de Galiza e da Lei de Vivenda de Galiza para o incremento dos períodos de protección e das porcentaxes de reserva, especialmente nas renovacións urbanas, así como a incorporación da reserva de vivenda protexida con destino ao alugueiro social.
- Priorizar nos investimentos o modelo de vivenda de promoción pública en réxime de aluguer.
- Impulsar formas de tenencia intermedias como as cooperativas de cesión de uso. Aportar seguridade xurídica. Favorecer o seu destino a vivenda de alugueiro social mediante concursos de dereito de superficie de patrimonio públicos do solo condicionados a este fin.
- Impulso de fórmulas de mediación da administración pública para aumentar a oferta de vivendas privadas con rendas limitadas, a través da articulación dun conxunto de medidas de contraprestación segundo o tipo de propietario, entre as que se inclúe o asesoramento, a tramitación e xestión dos contratos, a publicidade e información á sociedade e as axudas e xestión para o acondicionamento da vivenda.
- Solicitar a cesión gratuíta daqueles activos inmobiliarios de uso residencial da SAREB en Galiza que cumpran que se atopen nun estado axeitado para tal uso e que se empracen en zonas onde exista demanda de vivenda. Co fin de evitar despexos o IGVS deberá procurar a continuidade dos contratos vixentes mediante a solicitude de transferencia dos bens inmoebles e a subrogación dos contratos e a súa posterior incorporación á bolsa de vivenda pública.
- Suprimir a posibilidade de modificar á baixa a reserva para Vivenda Protexida en función dos demandantes.
- Modificar o réxime legal dos patrimonios públicos do solo para restrinxir a súa monetarización e favorecer o destino para VPP destinado a alugueiro social.
- Posibilitar o destino a vivenda protexida para alugueiro social dos terreos dotacionais.
- Prohibición de recualificación de terreos con destino a reserva para VP.
- Modificación da Lei de rehabilitación de Galicia co obxectivo de favorecer a rehabilitación do parque inmobiliario con destino a vivenda en réxime de alugueiro social.

## 2) **Nova correlación entre os usos residenciais e turísticos.**

Medidas de control e limitación da proliferación das Vivendas de Uso Turístico (VUT), especialmente en zonas de alta concentración na que o desprazamento de usos residenciais supón un grave problema de expulsión da veciñanza. A Xunta de Galiza impulsará a modificación da Lei de turismo de Galiza e do Decreto 12/2007 para



garantir as seguintes medidas:

- Que o rexistro das VUT no REAT por parte da Xunta só poida realizarse logo da comprobación de que a VUT se sitúen nun sector ou inmovible no que a ordenación de usos no planeamento ou normativa urbanística municipal e sectorial de aplicación determine que non se trate dun uso prohibido ou incompatible co planeamento, o que se acreditará co correspondente título habilitante municipal para o exercicio da actividade e, de ser o caso, co de natureza urbanística, ademais de coas restantes autorizacións e informes sectoriais procedentes. A Xunta esixirá na nova normativa o preceptivo título habilitante municipal, para a inscrición e para o inicio ou exercicio da referida actividade económica de carácter turístico.
- Iniciar un procedemento de revisión dos Rexistros de vivendas de usos turísticos, para dar de baixa, de oficio, a todas aquelas vivendas nos que a ordenación de usos do planeamento ou normativa municipal do sector no que se atope os prohiba ou sexan incompatibles, para o que deberá requirir, a todos os inscritos, a achega do correspondente título habilitante municipal para o exercicio da actividade de VUT no prazo que se sinala ao efecto.
- Establecer un maior control, mediante inspeccións, ordes de clausura e sancións sobre a oferta de Vivendas de Uso Turístico non inscritas no REAT ou que incumpren a normativa, co obxectivo de reducir a bolsa de vivendas que non cumpren coa legalidade ou coas súas obrigas fiscais.
- Modificar a Lei de turismo de Galicia para fixar un réxime temporal aos títulos habilitantes para o exercicio da actividade de VUT.
- Prohibición de destino a VUT das vivendas protexidas, incluídas as que xa perderon a cualificación.
- Planificación territorial das VUT. Realizar dende o Observatorio da Vivenda de Galicia un estudo sobre a afectación das Vivendas de Uso Turístico na accesibilidade á vivenda residencial e a calidade dos espazos urbanos, propondo medidas de actuación e orientacións específicas para as distintas realidades territoriais, tanto dende a propia Xunta de Galiza como en colaboración cos Concellos, que teñan como obxectivo mitigar os seus impactos negativos. Cos resultados desa análise

e para a súa planificación eficaz establecerase un réxime de limitación de concentración territorial de VUT.

### 3) **Nova correlación entre a vivenda ocupada e a vivenda baleira.**

Aumentar a oferta de vivenda, tanto pública como privada, mediante a mobilización e rehabilitación de vivenda baleira. Non só en centros históricos, senón en tecidos urbanos máis recentes. Impulsar unha política pública de adquisición de inmovibles con criterios urbanísticos, de demanda de vivenda e de eficiencia económica.

- Plan para a mobilización da vivenda baleira. Desenvolver un marco regulatorio propio para abordar o problema da vivenda baleira en Galiza co obxectivo de que as vivendas desocupadas inxustificadamente se incorporen ao mercado inmobiliario e cumpran coa súa función social. Esta nova regulación configurarase atendendo ás seguintes pautas:

- Modificar a lexislación para regular o procedemento de declaración de vivenda baleira, a definición de tipos de propietarios e a creación dun rexistro de vivendas baleiras.
- Delimitar as áreas nas que serán de aplicación medidas de intervención sobre as vivendas baleiras. A delimitación estará baseada en criterios obxectivos de demanda, tales como a demanda acreditada no Rexistro de Demandantes de Vivenda e non cuberta mediante vivenda pública ou as variacións nos prezos da vivenda libre, tanto de compra-venda como de alugueiro.
- Impulsar, nestes ámbitos de acreditada demanda e necesidade de vivenda, as seguintes regulacións:
  - Medidas impositivas que graven o incumprimento da función social da propiedade das vivendas. As cotas do imposto regularanse definindo tipos progresivos en relación co tipo de propietario e o total de metros cadrados. Así mesmo poderán aplicarse reducións neste imposto, tamén con criterio progresivo, por aquelas vivendas baleiras mobilizadas cara o alugueiro a prezos accesibles.
  - No caso de que a vivenda non sexa mobilizada pasado un tempo determinado e ante a negativa do propietario a acollerse aos programas de fomento, poderán aplicarse outras medidas de intervención directa por parte do IGVS, co fin de que estas vivendas baleiras poidan cumprir coa súa función social.
- A administración Pública articulará para o conxunto do territorio unha serie de medidas de fomento para mobilizar as vivendas baleiras, tendo en conta a demanda do ámbito e as capacidades económicas e tipo de propietario. Entre estas inclúense:
  - Axudas dirixidas a mellorar a habitabilidade, a accesibilidade e a eficiencia enerxética, priorizando as axudas a aqueles propietarios con menos recursos económicos. As axudas estarán condicionadas á posterior ocupación como vivenda principal ou como aluguer con prezo limitado.
  - A posta en marcha dun programa de mediación por parte do IGVS que procuren a posta en aluguer de vivendas baleiras privadas a prezos limitados, a través da articulación dun conxunto de medidas de contraprestación segundo o tipo de propietario, entre as que se inclúe o asesoramento, a tramitación e xestión dos contratos, a publicidade e información á sociedade e as axudas e xestión para o acondicionamento da vivenda.
    - Modificar e desenvolver o marco regulatorio do actual Censo de vivenda baleira da Xunta baixo os seguintes criterios:
      - Transparencia: Facer pública a información relativa ao Censo de Vivenda Baleira, incluíndo datos do municipio, tipo de propietario, número de vivendas en propiedade, estado do inmovible, superficie útil, data de última ocupación, data de licencia de primeira ocupación e se a vivenda se atopa baixo algún réxime de protección. Así como realizar e publicar unha cartografía deste parque inmobiliario mediante sistemas de información xeográficas.
      - Función social: Regular as obrigas sociais para os propietarios obrigados á súa inscrición (entidades financeidas, filiais inmobiliarias,...), establecendo mecanismos para

a disposición do parque residencial deste censo baixo rendas limitadas para as familias en situación de maior vulnerabilidade.

#### 4) **Novo modelo de adquisición e rehabilitación pública de inmobles.**

Programa de rehabilitación pública con criterios de selección de inmobles e localización obxectivos, baseados na demanda de vivenda pública e o grao de deterioro dos ambientes urbanos. Para que os programas de rehabilitación respondan a unha estratexia de acceso á vivenda, cohesión social e planificación territorial.

- Reformular a arquitectura das axudas á rehabilitación con criterios redistributivos, dirixíndoas prioritariamente aos sectores da poboación con menor renda e patrimonio, con dificultades para costear a vivenda principal e con problemas de salubridade e accesibilidade.

#### 5) **Un parque inmobiliario para o 2040.**

Nos últimos anos comprobamos que o tempo dos grandes crecementos urbanos rematou, hoxe a evolución demográfica indícanos que os retos deste tempo están, sobre todo, en adecuar o parque construído aos novos requerimentos.

- Accesible. Adecuar o parque inmobiliario ás necesidades derivadas do proceso de envellecemento da poboación e na mellora da calidade de vida e saúde das persoas.

- Innovador. A tipoloxía residencial debe adaptarse ás formas de vida actuais. A revolución dixital e as novas formas de traballo están a mudar os hábitos de vida e a nosa relación co entorno. O parque construído debe adecuarse aos novos requerimentos con solucións de calidade e accesibles.

- Sostible. A construción ten un enorme impacto ambiental, polo que a Administración Pública debe velar por un uso racional do solo e polo impulso de solucións constructivas menos contaminantes.

- Impulso da Lei de arquitectura de Galiza para alcanzar estes obxectivos. Apertura dun proceso de diálogo e de participación aberto a profesionais e sociedade.

#### **Outras medidas:**

##### **-A intervención de prezos e a declaración de mercados tensionados.**

Modificar o marco regulatorio propio para a declaración de áreas tensionadas co fin de facilitar a súa declaración e adecuala á realidade urbana galega. A Xunta de Galiza asumirá as competencias para impulsar, formular e efectuar a declaración de áreas tensionadas baixo os seguintes criterios:

- Declarar de urxencia e de forma transitoria como áreas de mercado tensionado todos os concellos de máis de 10.000 habitantes en que o prezo da vivenda se incrementase máis dun 20% nos últimos 5 anos.

- Comprometerse a resolver no prazo dun ano a primeira declaración de mercado tensionado en Galiza, que atendendo á realidade urbana galega facilite a limitación de prezos naqueles concellos que cumpran cos requisitos. (Pendenete de revisión)

- Ademais os concellos poderán realizar propostas de declaración de zonas tensionadas para o conxunto do concello ou para algunhas áreas do mesmo.
- A Xunta de Galiza, no exercicio das súas competencias, comprométese a impulsar e financiar un plan específico con medidas para corrixir os desequilibrios en cada unha destas áreas, procurando a colaboración e cooperación coas Administracións locais. Dito plan incluírá medidas de limitación e planificación dos usos turísticos das vivendas co fin de evitar o desprazamento da oferta residencial cara estes, así como medidas de mobilización de vivenda baleira que contribúan ao aumento da oferta residencial.

#### **-Impulso dunha lei galega que blinde o dereito á vivenda.**

Desenvolver un marco normativo equiparable ao que están desenvolvendo outras CCAA, que desenvolva as competencias propias da Xunta en vivenda, en materias como:

- Blindaxe da función social da vivenda e ao dereito subxectivo á vivenda.
- Impulsar un servizo de mediación, protección e asesoramento do inquilino.
- Regulación da vivenda baleira.

#### **-Rede de garantía de acceso á vivenda.**

No curto prazo resulta imprescindible pór en marcha medidas que garantan o acceso á vivenda nun contexto de colapso do Rexistro de Demandantes de Vivenda e de burbulla de prezos.

- Impulso dun paquete especial de axudas ao aluguer para aquelas persoas que se atopan en risco de impago do aluguer.
- Crear un programa antidespexos, orientado a actuar de forma preventiva, facilitando asesoramento e recursos ás familias en situación de vulnerabilidade para que poidan, ben acceder ás distintas axudas, ou ben procurarlles solucións habitacionais alternativas a baixo custo, xa sexa a través da vivenda pública como a través da mobilización de vivenda baleira, especialmente a inscrita no censo de vivenda baleira da Xunta que corresponde con aquelas propiedades da SAREB, entidades financeiras e filiais inmobiliarias.

#### **Emprego da vivenda pública como plataforma de innovación tipolóxica e constructiva.**

- No ámbito arquitectónico, impulsar un Plan de investigación e innovación da Vindeira Arquitectura Galega en colaboración coa universidade e o COAG que teña entre outros obxectivos a innovación de solucións constructivas, a dixitalización e a industrialización dos procesos constructivos.
- Galiza ten un gran potencial ademais nalgúns sectores como por exemplo na madeira, no que a Xunta pode comprometerse coa construción estrutural en madeira en canda menos o 20% das novas licitacións públicas e a incluír criterios de sustentabilidade e de redución da pegada de carbono das construcións nos pregos de contratación. Avanzar nunha normativa que dea cobertura ao uso da madeira estrutural.

#### **Plan de emancipación da mocidade.**

Elaborar un Plan para a emancipación dos mozos e mozas que viven en Galiza que teña como obxectivo reducir significativamente as taxas de emancipación e que inclúa, polo menos, as seguintes medidas:

- Aumentar a oferta de vivenda pública e de vivenda protexida de promoción privada, ambas en réxime de aluguer, e incrementar os seus cupos dirixidos á xente moza.
- Aumentar a oferta pública de aloxamentos dotacionais específicos para a mocidade e para o estudiantado, que permita solucións habitacionais de pequeno tamaño durante un período máximo de 5 anos.
- Promover novas tipoloxías de vivenda colectiva públicas especificamente deseñadas para as formas de vida e necesidades da mocidade (novos patróns de relación vivenda-traballo-lecer-servizos).
- Impulsar un programa de mediación e mobilización de vivenda baleira co fin de lograr a posta en aluguer a prezos limitados para a xente moza.
- Promover novas modalidades de contrato como a rehabilitación por renda, o cohousing, o coliving ou a cesión de uso, especialmente dirixidos á xente moza.
- Ampliar no curto prazo as axudas destinadas ao pago do aluguer a xente moza, cos seguintes criterios:
  - Ampliación da cobertura do Programa de bono alugueiro mocidade, con recursos propios que permitan ampliar o número de potenciais beneficiarios, así como adecuar as contías á realidade do mercado inmobiliario.
  - Convocatoria inmediata do Programa de bono alugueiro mocidade do Estado e cumprimento escrupuloso dos seus prazos de ditame e notificación das resolucións.
  - Adecuación do Programa de bono alugueiro mocidade á realidade dos pisos compartidos, pasando a considerar que no suposto de contratos de arrendamento de vivendas con varias persoas arrendatarias e convivintes sen relación de parentesco, o límite máximo de importe de prezo do alugueiro sexa proporcional a dito número de persoas.
  - Despregue dun programa propio de emancipación da Xunta, que de forma complementaria dea cobertura aos mozos e mozas con poucos recursos que quedan excluídos do Programa de bono alugueiro mocidade, como son a mocidade que se despraza por motivos de estudo sen contrato laboral.
- Ofrecer dende o IGVS unha oficina de información e orientación á emancipación, ofrecendo atención individualizada e adecuada segundo as franxas de idade, o xénero ou a situación socioeconómica.

### **Creación dunha comisión da vivenda pública e accesible.**

Encargada tanto da promoción e construción de nova vivenda, como da adquisición de vivenda usada e/ou rehabilitación, e a súa incorporación ao parque público.

Paralelamente, esta comisión da vivenda pública e accesible impulsará a incorporación de vivenda baleira a programas de aluguer con renda limitada, mediante distintas estratexias

segundo o tipo de propiedades e procurando criterios redistributivos.

### **Posta en funcionamento do Observatorio da Vivenda de Galiza.**

- Impulso do Observatorio da Vivenda de Galiza como motor de obtención de datos, análise e diagnósticos da situación da vivenda.
- Impulso dos Sistemas de Información Xeográfico para a visualización e tratamento de datos ao respecto da política de vivenda.

#### ii. Deporte e actividade física

Desde o BNG apostamos por asentarmos a práctica deportiva para a mellora da saúde en xeral e do nivel competitivo, a través das seguintes medidas:

**-Deporte escolar. Potenciar o deporte en idade escolar** dentro dos centros de ensino impulsando recreos activos e a terceira hora de educación física na educación primaria e secundaria, así como incluír a materia de Educación física no Bacharelato e Ciclos formativos.

**-Deporte, saúde e calidade de vida.** Crear o **Servizo de orientación e promoción da actividade física (SOPAF)** coordinado entre a Consellaría de Sanidade, a Secretaría Xeral para o Deporte, a Consellaría de Política Social, a Fegamp e as Deputacións Provinciais. Terá un carácter local/comarcal e dirixirase, preferentemente, a poboación maior de 65 anos cunha vida sedentaria que, por prescrición médica, dos servizos sociais ou por propia vontade, queiran mellorar a súa saúde e condición física.

**-Impulsar a colaboración cos concellos** para implantar un modelo que vertebre as actuacións conxuntas en materia deportiva para garantir a existencia de escolas deportivas municipais e a participación dos centros de ensino no deporte en idade escolar.

-Superar a intermediación provincial, acometendo o **traspaso de todas as competencias deportivas** (o que implica o traspaso de funcións e servizos) das deputacións provinciais á administración galega.

-Implantar un **plan coordinado de instalacións e infraestruturas deportivas** públicas que elimine duplicidades e que teña en conta a demanda real da actividade deportiva.

-Demandar o **traspaso á Galiza da xestión dos fondos públicos e as subvencións en materia de fomento deportivo e infraestrutura deportiva** destinados ao noso País, transferindo directamente os fondos do Consello Superior de Deportes, co fin de garantir unha maior eficacia e equidade na súa distribución.

-Reclamar que as federacións galegas de cada modalidade deportiva sexan as últimas instancias organizativas de cada un dos deportes en Galiza, así como asegurar o seu funcionamento democrático e a racionalización das súas funcións na formación

deportiva e no apoio aos novos deportistas.

-Asegurar a **participación das seleccións deportivas galegas en competicións internacionais** e a representación das federacións deportivas galegas nos organismos deportivos internacionais de forma directa.

-**Potenciar os centros de alto rendemento deportivo**, que proporcione ao noso país de servizos de tecnificación deportiva avanzada e axustada á realidade galega, evitando en grande medida a emigración de deportistas.

-**Fomentar a creación e o fortalecemento de clubs deportivos galegos profesionais** de referencia en modalidades deportivas que contan cunha gran base practicante, que sirvan de estímulo e espello a crianzas que se inician na práctica deportiva.

-Realizar unha **planificación de eventos deportivos na Galiza**, coordinando as distintas administracións deportivas, así como promover a participación de deportistas galegas/os en eventos internacionais, especialmente no ámbito lusófono e iberoamericano.

-**Impulsar a igualdade na actividade deportiva, rexeitando a visión androcéntrica** que dificulta a participación das mulleres e facendo un especial esforzo na súa incorporación á práctica e á competición deportiva. Apoio público para a visibilización das deportistas profesionais. Impulso ás modalidades de participación mixta.

- **Aprobación dunha Lei de Igualdade no Deporte** avanzando nos dereitos e recoñecemento das mulleres deportistas galegas e de calquera persoa que realice unha actividade deportiva no noso país. Esta lei centrarase na garantía de contar con espazos seguros para a práctica deportiva das mulleres, na promoción do deporte feminino en todos os espazos e públicos, na dotación de maior visibilidade nos medios de comunicación públicos, na dotación de máis medios económicos que fomenten a profesionalización do sector e na aposta por educar en perspectiva de xénero a todas as persoas que desempeñen un cargo ou traballo no deporte galego.

-**Potenciar e apoiar as prácticas deportivas con implantación social de carácter amador**. Desgravacións fiscais polos custos asumidos por deportistas amadores/as e os seus familiares de primeiro grao polos desprazamentos en competicións federadas, coa debida xustificación.

- **Recuperar e fomentar os deportes e xogos tradicionais de Galiza**, potenciando as federacións, clubs e competicións nacionais, para alén da súa proxección internacional, asegurando asemade unha difusión adecuada a través dos medios públicos de comunicación social.
- Apoiar especialmente modalidades deportivas que, sendo de recente incorporación, están a arraigar no noso país e mesmo a propiciar presenza internacional do deporte galego, como é o caso do **Fútbol Gaélico**.
- **Potenciar a actividade turística ligada ao deporte**, particularmente, os practicados ao ar libre (náuticos, de montaña, no rural...), evitando sempre o impacto sobre áreas naturais, especies sensíbeis ou elementos patrimoniais.

**-Facilitar o patrocinio e mecenado da actividade deportiva** por parte de empresas galegas, impulsando plans que as aglutinen de forma que a súa colaboración poida chegar a un maior número de deportistas.

- **Implantar un seguro obrigatorio de accidentes en deportes de risco** para persoas maiores de 18 anos, garantindo a asistencia sanitaria universal a todas as persoas deportistas menores de 18 anos.
- **Abaratar o custo económico da práctica deportiva**, tamén da federada, introducindo progresivamente toda a practica deportiva no ámbito de cobertura da sanidade pública.
- Implantar programas deportivos, tanto lúdicos como competitivos, para persoas con **discapacidade**, fomentando a integración en todos os eventos deportivos que se desenvolvan no noso territorio.
- Apoiar a **inserción laboral das e dos deportistas de elite unha vez que se retiran da practica deportiva** de alta competición.
- Impulsar a inclusión do **persoal Graduado en Ciencias da Actividade Física** e do deporte no sistema sanitario con funcións de prevención, rehabilitación e re-adaptación. Creación de unidades de exercicio físico dentro do sistema público de saúde, dirixidas por persoal titulado en educación físico deportiva.
- Modificar a **Lei Galega do Deporte** incluíndo os anteriores aspectos programáticos así como a regulación de competencias en materia de titulacións mínimas para a xestión e impartición de actividades físico deportivas, impulsando a figura do persoal Graduado na Actividade Física e Deportiva como a necesaria para prescribir exercicio físico a todos os niveis. Desenvolvemento do Decreto que determine o título habilitante para cada prestación de servizos deportivos.
- **Dignificación e transformación das actividades de tempo libre**, concibíndoas como máis unha forma de educación con enormes potencialidades de formación e mellora social.
- Elaboración do **Rexistro e do Plan de Instalacións Deportivas de Galiza**, dacordo co previsto na Lei do deporte de Galiza

### iii. Mocidade

A mocidade galega vive unha situación de emerxencia debido ás nefastas políticas do Partido Popular. O futuro para as mozas e mozos deste país, na actualidade, só ofrece dúas alternativas: a precariedade ou a emigración.

A imposibilidade de acceder a unha vivenda digna, a vulneración dos nosos dereitos lingüísticos en todos os ámbitos das nosas vidas, a falta dun ensino de calidade, e a precariedade laboral que caracteriza o mercado xuvenil de traballo, non son máis que algúns dos exemplos da realidade na que viven as mozas e mozos galegos.

É necesaria unha política que centre realmente os seus intereses no presente e no futuro da súa sociedade, que sexa alternativa e solución aos problemas da mocidade galega e que



poida garantir un futuro digno na nosa terra.

A alternativa política que a mocidade galega precisa debe estar baseada na participación directa das mozas e mozos galegos na análise das problemáticas e no deseño e avaliación das políticas públicas destinadas a elas.

As políticas de mocidade deben ser políticas integrais, coordinadas e transversais, que fagan partícipe a todos os departamentos do Goberno Galego para así garantir unha boa execución das políticas destinadas á mocidade galega.

Por iso presentamos estas medidas encamiñadas a mellorar a vida e a realidade da mocidade galega, (que se complementan coas que aparecen recollidas noutras partes do programa):

- a) **Aprobación dunha nova Lei de Mocidade**, que articule as mudanzas necesarias para garantir unha política xuvenil integral, coordinada e interdepartamental que atenda ás necesidades da mocidade galega. Esta Lei terá como pilar fundamental a consecución dunha participación directa da mocidade galega no deseño, execución e avaliación das políticas xuvenís da Xunta de Galiza, con especial atención á emancipación xuvenil, á accesibilidade do emprego non precario, á atención á saúde mental e en todo o referido a novo plan de ocio alternativo para a mocidade.
- b) **Realización un estudo específico sobre a situación laboral da mocidade galega**, que se utilice como base para a elaboración dun **Plan de Emprego Xuvenil** que garanta a correcta inserción laboral da mocidade galega e que rache coa temporalidade e a precariedade laboral.
- c) Elaboración dun **Plan Retorna para a mocidade emigrada** e adopción das medidas necesarias destinadas a revertir a situación de emigración forzosa que vive o noso país, facilitando o acceso a un traballo digno para a mocidade, aumentando o investimento en I+D+i e apoiando aos sectores produtivos e industriais.
- d) Levar a cabo a creación da **Bolsa de Vivenda para Estudantes en colaboración coas universidades galegas**, unha ferramenta de acceso á vivenda pública que permita ás estudantes desprazadas das súas localidades acceder a vivendas en réxime de alugueiro a prezos accesibles e con condicións de habitabilidade dignas.
- e) Aumento das **axudas para o alugueiro destinadas á xente moza**.
- f) Fomento da **creación dun tecido asociativo xuvenil forte** facendo verdadeiramente partícipe á mocidade galega do deseño e desenvolvemento de plans e políticas que afectan directamente á mocidade.
- g) Consenso e execución de alternativas de ocio para a mocidade galega coa **creación do Plan de Ocio Alternativo para a mocidade “Fóra do Testo”** deseñado por e para a mocidade galega e que fuxa do modelo de ocio consumista.
- h) Posta en funcionamento do **Consello da Mocidade**, como órgano consultivo de participación da mocidade galega.
- i) Recuperación da **liña pública de autobuses nocturnos coñecida como “Noitebús”** que achegue á mocidade galega aos lugares de ocio nocturno afastándoa da dependencia dos vehículos particulares.

- j) Ampliación das bonificacións, en termos de **gratuidade, no servizo de transporte público interurbano da Xunta de Galiza até os 30 anos.**
- k) Elaboración e posta en marcha dunha **Lei Galega de Educación** que atenda ás realidades específicas do noso país e garanta un ensino público, galego e de calidade.
- l) Redacción e execución dun **Plan de Atención á Saúde Mental na mocidade**, que aborde as diferentes problemáticas da mocidade neste eido.
- m) Creación un **plan Galego de Educación Afectivo Sexual na mocidade** con vontade de fornecer á mocidade galega de información e asesoramento en termos de seguridade e de respecto á diversidade.
- n) Poñer en marcha o **programa “GaliCrea”**, un plan de fomento e apoio na creación cultural para a mocidade.
- o) Creación dun **Plan de Impulso da Lingua Galega entre a mocidade** presente de xeito transversal en todas as políticas xuvenís do Goberno Galego.
- p) Remodelación e **modernización das OMIX**, co fin de dar servizo e cobertura das novas necesidades da mocidade galega, convertindo estes espazos en referencia para as mozas e mozos.

## **Eixo 5: Un país produtivo e dinámico:**

*Desenvolvemento dos sectores económicos estratéxicos para poñer o país a producir e crear emprego de calidade*

A política económica desenvolvida polo PP nos últimos 15 anos deixa un país cunha forte crise económica, con falta de pulso tecnolóxico e innovador, e cunha administración pública que desistiu do papel de intervención na economía e se converteu nun instrumento ao servizo dos intereses expoliatorios de grandes grupos económicos.

O declive económico, industrial e de sectores estratéxicos que caracterizou os 15 anos de goberno do PP pódese resumir na seguinte panorámica:

### **-PIB PER CÁPITA**

Segundo datos do IGE e no referente a índices, tomando como referencia o PIB per cápita medio da UE (27 membros) en 2022 en 100, o do estado español sitúa-se no 85,6% e o de Galiza no 78,7%. Por iso o PIB per cápita galego (25.906 euros) está un 21,3% por debaixo do da UE27 (32.917 euros) e un 8,1% por debaixo da media estatal (28.162 euros).

### **-POBOACIÓN ACTIVA E OCUPADA**

Segundo os últimos datos do IGE recollidos da EPA 3T/2023 do INE, a **poboación activa** en Galiza representa o **53,6%** da poboación en idade de traballar. A súa evolución desde 2009 foi á baixa: do 54,8% en 2009 a 53,6% en 3T/2023.

-Segundo os últimos datos do IGE recollidos da EPA 3T/2023 do INE, a **poboación ocupada** en Galiza

representa o **48,6%** da poboación activa.

### **-EMPREGO NA INDUSTRIA**

Segundo os últimos datos dispoñíbeis do IGE, comparando novembro de 2023 con novembro de 2009,

houbo unha evolución negativa do IPI en Galiza. O IPI galego caeu entre 2009/11 e 2023/11, do 121,170 ao 118,537:

#### **Índice de produción industrial. (Base 2015)**

	2009/Novembro	2023/Novembro
<b>Estado</b>	110,744	111,448
<b>Galiza</b>	121,17	118,537

*Elaboración propia a partir de datos do IGE*

Segundo datos da EPA (IGE-INE) entre o 4T/2009 e o 3T/2023 a industria perdeu 15.100 empregos.

O peso da industria no total do emprego baixou do 16,9% en 2009 ao 14,7% no 3T de 2023

O peso da industria galega no PIB é no 3T/2023 do 15,5%, por debaixo do mesmo trimestre de 2009.

### -EMIGRACIÓN EXTERNA DA MOCIDADE GALEGA 2009-2021

Emigración 0-34 anos 198.939

Emigración > 65 anos 175.588

**Emigración total 374.527**

### - INVESTIMENTO E AFORRO.


A taxa de investimento privado caeu desde o 18,8% en 2009 ao 16,1% en 2019 e a taxa de investimento


total caeu do 26,9% en 2009 ao 19,2% en 2020.

### AFORRO QUE FUXE DE GALIZA

CRÉDITOS E DEPÓSITOS EN GALIZA (millóns de euros)

	Depósitos	Créditos	Aforro que fuxe
Setembro de 2023	79.374	46.779	32.595





Resulta prioritario revertir o declive económico e industrial que lastra o futuro do país e iniciar unha nova etapa de desenvolvemento dos sectores estratéxicos e de impulso das grandes pancas de transformación da economía galega.

Esta nova etapa rexerese polos seguintes criterios e liñas de actuación

**-Impulso de modificacións estruturais do modelo económico** promovendo o desenvolvemento autocentrado dos sectores produtivos tradicionais e novos, a reactivación industrial de base tecnolóxica, o peche de ciclos e o incremento das cadeas de valor, a creación de emprego estábel e de calidade, e a incidencia territorial para corrixir desequilibrios.

**-Intervención pública no desenvolvemento económico** con medidas de regulación, de planificación xeral, sectorial e territorial; de asesoramento e axiliación de procedementos; de creación de equipamentos e servizos; de impulso da transferencia do coñecemento e das innovacións científico- tecnolóxicas; e de financiamento. Impulso da participación pública naqueles sectores estratéxicos para a economía como xeito de impulsar un desenvolvemento autocentrado, respectuoso cos dereitos da clase traballadora e que aproveite as potencialidades do noso país.

**-Fomento específico da cooperación empresarial**

Programa para o establecemento ou potenciación de clústeres onde as empresas poidan colaborar, compartir coñecemento e recursos, e encontrar oportunidades de negocio conxuntas. O programa incluírá o apoio financeiro de fomento da cooperación e fondos de investimento conxunto para actividades de investigación colaborativa e transferencia tecnolóxica, o acceso ás cadeas de subministro, a penetración nos mercados exteriores e a formación e capacitación conxunta. Así mesmo, o programa incluírá a organización de eventos e encontros onde promocionar a cultura da colaboración e artellar accións específicas conxuntas.

**-Estratexia país de impulso de PEMES, do traballo autónomo e do**

**cooperativismo** con medidas legislativas, fiscais, de financiamento, de innovación, de dixitalización, de acceso a compra e contratación pública e de fomento do emprego de calidade.

Creación dun marco no que as pequenas e medianas empresas e a economía social xoguen un papel máis importante no desenvolvemento empresarial ao constituíren a inmensa maioría de empresas e

da ocupación: medidas de impulso da súa dimensión e dinamismo e, en xeral, das políticas de cooperación empresarial, con acordos nos eidos produtivo, comercial, tecnolóxico, de enxeñería ou calquera outro baseado na procura de sinerxias.

### **-Mecanismos de apoio ao crecemento e consolidación da empresa galega**

Programa de estímulo do crecemento empresarial que inclúa asesoramento en operacións de fusións, adquisicións e alianzas estratéxicas, financiamento público e privado, apoio aos proxectos de I+D dirixidos a potenciar os catálogos de produto, dotación de solo industrial en óptimas condicións e colaboración na acción de penetración nos mercados estatal, europeo e global.

### **-Estratexia galega de captación e impulso de investimentos para unha nova economía**

A reactivación da economía e a mellora dos servizos públicos esixen un impulso do investimento, público e privado, que corrixa a baixa taxa de investimento que ven rexistrando o noso país nos últimos 15 anos.

Por ese motivo, a política económica da Xunta de Galiza no período 2024-2028 terá como prioridade e elemento chave o fomento dos investimentos produtivos nos ámbitos relacionados coa sostibilidade ambiental, a transición dixital, a innovación, a cohesión territorial e o desenvolvemento do capital humano e social. O financiamento procederá esencialmente da mobilización do aforro galego que non é aproveitado hoxe para investimentos produtivos no país. O Instituto Galego de Crédito e Investimento priorizará tamén o financiamento de iniciativas públicas, público-privadas ou privadas de interese xeral e estratéxico para Galiza relacionadas coa enerxía, as infraestruturas, os transportes, as comunicacións e a innovación.

## **Ámbitos estratéxicos da reactivación económica de Galiza**

### **1) Política de impulso e reactivación industrial**

A industria é un sector indispensable para desenvolver economicamente Galiza. Polo tanto, a actividade industrial debe ser planificada, regulada, fomentada e apoiada. Neste contexto histórico de desindustrialización é urxente impulsar un cambio de modelo industrial e produtivo, máis intenso en actividades de maior valor engadido e coñecemento, a través de políticas activas que dinamicen e ordenen os sectores existentes, planifiquen a súa diversificación e enfronten os retos dunha economía global na que Galiza non pode limitarse a ser o lugar de paso de industrias de enclave.

É necesario un papel activo por parte do goberno galego, que debe actuar para superar as limitacións impostas dende os gobernos de Madrid e Bruxelas deseñando unha folla de ruta propia, espremendo as posibilidades que ofrece este marco e traballando para

ter máis capacidade de decisión sobre os elementos que condicionan o desenvolvemento industrial.

#### Liñas de actuación:

- Aposta pola diversificación de sectores reducindo a dependencia exterior e apostando na creación de industrias e cadeas complementarias, diminuindo a necesidade de importacións e avanzando na creación de industrias complementarias que contribúan ao peche de ciclos produtivos no país e a un correcto funcionamento, non dependente, orientado ao exterior, dos sectores básicos e daqueles que se incorporen ao ecosistema industrial.
- Desenvolver unha estratexia específica para a e para afrontar a prexudicial perda de galegidade do tecido empresarial e a súa cooptación por parte de fondos estranxeiros que desenvolven un modelo económico especulativo e coxuntural.
- Deseño de estratexias específicas para a formación dos diferentes sectores monitorizando as necesidades e o seu seguimento dando prioridade á estabilización dos cadros de persoal
- Levar a cabo unha política proactiva para captar novos investimentos empresariais enraizados no país, que creen nova capacidade produtiva, amplíen ou modernicen a existente, xerando novo e cualificado emprego no noso país.
- Deseño dunha estratexia galega para equilibrar o fluxo das exportacións que supere a dependencia extrema dunhas poucas empresas e sectores como acontece co téxtil e a automoción nestes momentos.
- Apostar pola internacionalización e proxección exterior das empresas e producións galegas, exercendo en exclusiva desde o Goberno galego todas as competencias sobre comercio exterior e impulsando a creación de embaixadas comerciais en enclaves estratéxicos para as exportacións.
- Regular, a través dunha **Lei de localización empresarial** a política de apoios económicos da Xunta de Galiza de forma que préstamos, axudas e subvencións estean suxeitos a estritas cláusulas contra a deslocalización, supoñendo a súa devolución con intereses.
- Plan específico en colaboración cos axentes económicos e sociais para sectores en crise e cunha grande afectación por factores como a deslocalización, o Brexit ou as guerras comerciais, como son a automoción, o naval, o téxtil ou o sector TIC.
- Estratexia de impulso e desenvolvemento do solo empresarial e industrial ao longo de todo o territorio, con medidas de diversificación, especialización, dixitalización, dotación de servizos comúns, abastecemento enerxético de proximidade, bioeconomía circular, uso eficiente da auga, mobilidade sustentábel...

#### Medidas:

##### 1) Plan de fomento da actividade tecnolóxica e industrial (PFATI) para

**incrementar en 8 puntos o peso da industria no PIB (arredor do 23%) e xerar 12.000 postos de traballo en sectores estratéxicos (tradicionais e emerxentes) da industria galega até 2030.**

A reactivación da economía industrial de Galiza pasa por desenvolver un conxunto de políticas públicas concretadas nun Plan para o Fomento da Actividade Tecnolóxica e Industrial (PFATI) para a promoción dun tecido industrial orientado á creación de valor engadido e emprego de calidade no longo prazo. As accións deberán estar dirixidas á transformación das materias primas procedentes do sectores pesqueiro, acuícola, gandeiro, agrícola e mineiro (rochas ornamentais, por exemplo) ou aqueloutros onde Galicia teña vantaxes competitivas fronte outros territorios. As novas empresas industriais creadas ou as accións das xa existentes que reciban apoios ao abeiro do dito plan terán que cumprir con valores mínimos en indicadores relativos a cuestións ambientais, sociais ou de goberno corporativo, para garantir que se están dando pasos cara ao cumprimento dos dezasete obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas.

O Valor Engadido Bruto correspondente ao sector industrial está no contorno do 16% do PIB total do País e presenta un estancamento, mentres o do sector primario representa menos do 5% do total cunha tendencia igualmente lixeira, pero neste caso, á baixa.

Neste contexto, **faise perentoria a elaboración e implantación dun Plan para o Fomento da Actividade Tecnolóxica e Industrial (PFATI) cun horizonte temporal desde 2024 até 2030, estruturado en dúas fases consonte se establece na Táboa I.**

*Táboa I: Características básicas do PFATI*

Fase	Obxectivo xeral	Dotación orzamentaria	Orixe dos recursos
I: 2024-2027	Sector industrial: 20% PIB	Crecente ao longo da fase até chegar á 75% do gasto en I+D de Euskadi (% do PIB).	- Fondos procedentes da UE para financiar o PRTR (Plan de Recuperación e
I: 2028-2030	Sector industrial: 23% PIB	Crecente ao longo da fase até chegar á media da UE en gasto en I+D (% do PIB)	Transformación e Resiliencia). - Captación de recursos específicos nos mercados de capitais para o financiamento dun novo fondo tecnolóxico.

### Obxectivo

*O obxectivo deste plan é incrementar o peso do sector industrial no PIB até o 20% en*



2027 e 23% en 2030. As razóns que sustentan este obxectivo son as seguintes:

- (1) o sector industrial é o que é capaz de crear en termos relativos maiores niveis de valor engadido e pechar o ciclo produtivo das materias primas procedentes do sector primario e extractivo; isto favorecería unha desexable reorientación comercial dos outputs dos ditos sectores desde mercados onde o produto é indiferenciado e compite só por prezo a outros onde os produtos se diferencian polo seu nivel innovador e a marxe;
- (2) en consecuencia, é a industria o sector produtivo que precisa maiores niveis de innovación e tecnoloxía e, polo tanto, produciríase un desexable efecto “pull” sobre a actividade de transferencia, investigación aplicada e investigación básica nos centros investigación, que motivará a xeración de empregos cualificados e de calidade;
- (3) o incremento deste tipo de empregos, co conseguinte aumento dos salarios dos traballadores, e a mellora dos resultados empresariais, como consecuencia da maior competitividade das empresas, provocarían un incremento dos ingresos públicos, sempre e cando se desenvolvese un sistema impositivo caracterizado pola súa progresividade e diferenciación dos tipos de rendas no momento de seren gravadas;
- (4) o aumento da renda dispoñible para os traballadores incentivaría o consumo privado, que, a súa vez, fortalecería o sistema empresarial ao asegurar os seus ingresos e beneficios; asemade, o dito incremento dos ingresos públicos pola vía dos impostos permitiría manterse en niveis aceptables de déficit público e asemade destinar máis recursos a programas de incentivo da actividade industrial co que se fortalecería un círculo virtuoso na Economía.

Obviamente, será preciso realizar unha desagregación dos obxectivos xerais do plan e desenvolver un sistema de indicadores claros en diferentes ámbitos (económico, social, ambiental e de goberno corporativo) que permitan o seu seguimento periódico para detectar posibles desviación e articular accións correctoras.

### **Destinatarios**

Centrándose na eficiencia dos recursos, nuns materiais respectuosos co medio ambiente e nuns modos de produción sustentables, as empresas receptoras das axudas do plan de promoción industrial deberán fixar como obxectivo no longo prazo (visión) o asumiren un papel de referencia nas industrias punteiras do futuro nun nivel internacional. En tempos de redución do uso dos combustibles fósiles e os recursos naturais, as innovacións, as tecnoloxías e os produtos desenvolvidos e producidos polas empresas adheridas ao plan deberán estar orientados á presenza

en mercados internacionais cun posicionamento claro no ámbito da calidade e a diferenza derivada da innovación e da excelencia tecnolóxica e non dos custos baixos.

Para isto será preciso establecer unha sólida conexión entre o sector produtivo e os centros de investigación e transferencia de tecnoloxía. *Neste sentido, deberán ser obxecto de promoción aquelas empresas ou proxectos empresariais que incorporen aos seus produtos/procesos produtivos un compoñente de innovación tecnolóxica que lle proporcione vantaxes competitivas nos mercados internacionais. Para isto, será imprescindible que os proxectos apoiados sexan desenvolvidos coa colaboración de grupos de investigación establecidos nas universidades e centros de investigación e que se*

*comprometan á contratación de persoal cualificado e mantelos nos seus cadros con carácter permanente.*

Serán destinatarias prioritarias do plan de promoción industrial aquelas pemes existentes ou de nova creación que desenvolvan proxectos que respondan aos criterios anteriores e que se caractericen por:

- manteren unha clara orientación ao longo prazo;
- seren de propiedade familiar ou por teren unha cultura corporativa familiar onde se garanta a continuidade xeracional;
- manifestaren a súa vocación de xestión propia, malia estaren inseridas en redes internacionais ou sistemas de organización industrial complexos e internacionalizados;
- teren unha gran capacidade de adaptación aos cambios como consecuencia da súa flexibilidade, simplicidade organizativa e orientación ao mercado;
- seren capaces de tecer redes de cooperación con *outras empresas locais* pertencentes a diferentes niveis do sistema de valor (produtores de materias primas, loxísticas, distribución, etc.) para potenciar procesos de crecemento e internacionalización (eventualmente, as empresas locais colaboradoras tamén poderían ser beneficiarias de fondos para robustecer un tecido empresarial autóctono que responda a criterios de sustentabilidade ambiental, social e económica).
- asumiren altos niveis de responsabilidade social empresarial nos ámbitos ambientais, sociais e de goberno corporativo;
- e manteren fortes interconexións cos sectores produtivos propios do país e coa súa realidade social e cultural.

### **Recursos comprometidos**

En 2020, Galiza presentaba un gasto en I+D equivalente ao 1,1% do seu PIB, moi afastado da media Española (1,41%) e de Euskadi (2,1%), líder entre as comunidades autónomas do Estado Español. Se se analiza o gasto en I+D por habitante, compróbase que o dato de Euskadi (674,5 euros por habitante) case triplica o galego (232,6 euros por habitante) e a media española (328,6 euros por habitante) é un 40% superior ao gasto en I+D per cápita de Galicia.

A comparación é aínda máis negativa se se realiza cuns algúns estados federados alemáns ou austríacos caracterizados pola súa economía eminentemente industrial, tecnolóxica e internacionalizada. Isto significa que é fundamental colocar a Galiza nunha posición que lle permita competir en igualdade de condicións con outros territorios do seu contorno. Para conseguir os obxectivos do plan, cómpre incrementar os fondos destinados a I+D co obxectivo de ir converxendo coa comunidade autónoma líder no Estado Español (Euskadi) nunha primeira fase (2024-2027), e coa media europea nunha segunda (2028-2030).

Os fondos públicos para financiar este plan deberían proceder de recursos diversos, incluíndo os que procedan dos fondos europeos de recuperación, PERTES, etc., canalizados de xeito prioritario cara proxectos de PEMES, cooperativas e sectores

estratéxicos da economía galega. O financiamento podería complementarse coa captación de recursos financeiros a longo prazo nos mercados financeiros (en forma de capital ou en forma de débeda). Isto suporía canalizar esta iniciativa a través do sector instrumental (vg. Xesgalicia). En consecuencia, parece imprescindible atopar fórmulas de colaboración entre o sector público e privado para o desenvolvemento dos proxectos, mais conservando o control da administración galega nestas iniciativas.

### Instrumentos

*Recomendados: Fondos de capital risco e préstamos adaptados ao perfil dos proxectos*

*Os recursos cos que se dote o plan serán destinados preferentemente a incrementar os fondos de capital-risco orientados ao financiamento dos proxectos descritos con anterioridade.*

Este instrumento presenta vantaxes evidentes sobre outros alternativos (por exemplo, as subvencións directas ou en concorrencia). As causas de tal afirmación son as seguintes:

- i. Permiten ao sector público —a través dunha sociedade pública de capital risco— financiar proxectos adquirindo con carácter temporal unha participación no capital da empresa vehículo do proxecto e compartir cos emprendedores do proxecto os seus riscos, ao tempo que lle permite facer un seguimento do destino dos fondos achegados.
- ii. Dado o carácter temporal da participación, débense establecer cos promotores pactos de saída da sociedade de capital risco a través da venda das súas participacións por un valor que lle permita resarcirse do risco asumido. Isto permitirá cando o proxecto teña éxito xerar unha plusvalía que reforzará o fondo de capital risco para acometer novos proxectos. No caso de proxectos fracasados, a perda de valor da participación pública tería carácter de gasto puro, como acontecería cunha subvención.
- iii. Tal como se mencionou anteriormente, esta fórmula permite compartir risco cos promotores, mais tamén facilita o seguimento, acompañamento e asesoramento a través dos representantes da sociedade de capital risco nos consellos de administración das empresas financiadas.
- iv. Desde o punto de vista das contas públicas, os fondos destinados a adquirir as participacións no capital das empresas financiadas sería contabilizados como gasto do Capítulo VIII (variación de Activos Financeiros) e, polo tanto, non susceptibles de incrementar o déficit público.
- v. No caso de Galiza, xa existe un instrumento público que xestiona o entidades de capital risco: XesGalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. Trataríase de incrementar os recursos financeiros, humanos e materiais desta entidade para exercer esta función en colaboración con outras axencias públicas existentes (IGAPE) e entidades privadas (sector bancario, fondos privados de capital risco, etc.).

### Préstamos

Alternativamente, pódense reforzar cos recurso do plan outros mecanismos de financiamento da actividade empresarial apoiada. Entre estas ferramentas, cumpriría reforzar volume de fondos destinados a outorgar os préstamos que teñan, entre outras as seguintes características:

- i. Períodos de amortización: medio e longo prazo, adaptado á realidade do proxecto.
- ii. Períodos de carencia: total o parcial adaptados ao perfil real de xeración de fluxos libres de caixa do proxecto.
- iii. tipos de xuro: subsidiados e/ou con tramos fixos e variables dependentes dos resultados reais do proxecto.
- iv. Sen custos derivados de gastos de estudo, comisións de apertura, de amortización anticipada, etc.
- v. Con garantías prestadas por sociedades de garantía recíproca nunhas condicións favorables controladas polo sector público.

Para o outorgamento destes préstamos será fundamental a colaboración do sector bancario a través de acordos asinados co IGAPE e unha correcta avaliación dos riscos para non converter este mecanismo nun espurio de carácter subvencionador.

A creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento permitirá impulsar de maneira moito máis ampla e eficaz as citadas liñas de financiamento.

## **CORPORACIÓN INDUSTRIAL PÚBLICA GALEGA**

A continuada destrución de medios de produción, coa desaparición de empresas mesmo en sectores de calado estratéxico e nos que Galiza presenta enormes potencialidades, pon de relevo a necesidade urxente –como ven defendendo o BNG- dunha intervención pública directa. Porén, son coñecidos tamén os escasos resultados que as políticas de subvención e financiamento despregadas para apuntalar, a cargo de recursos públicos, empresas de dimensión relevante que atravesaban dificultades económicas. Neste senso, é evidente que amais de fornecer de financiamento e crédito ás empresas, algúns casos pola súa importancia estratéxica exixen dunha maior achega e implicación dos poderes públicos, e nomeadamente do Goberno galego no desempeño das súas competencias estatutarias.

Nun momento no que asistimos a unha retracción sen precedentes do investimento privado, e ao abandono de importantes sectores e ramas de actividade, a consecuencia de que o capital privado apenas atende criterios de rendibilidade económica a curto, apostarmos de vez polo desenvolvemento produtivo rumbo unha economía autocentrada, pasa indispensablemente por alargar a presenza pública na economía, consolidando e aumentando o accionariado público naquelas empresas que reunan as condicións precisas, mais tamén pulando por unha maior presenza na súa dirección.

Calquera aposta no sentido que se vén de enunciar exixe ademais dunha política planificada, en chave de articulación e co propósito de tecer e maximizar sinerxías. Neste sentido, achamos fundamental que na medida en que o Instituto Galego de Crédito e Investimento ten entre os seus cometidos promover a actividade económica e conceder créditos e liñas de financiamento, que ambos os dous obxectivos se vertebren nun vector común.

É por iso que resulta necesario que no seo do Instituto Galego de Crédito se constituía tamén unha Corporación Industrial Pública Galega a través da que se vehicule toda a iniciativa pública que a Xunta de Galiza desenvolva para asegurar a viabilidade daquelas empresas privadas ou semipúblicas que operando en sectores de alcance estratéxico atravesen dificultades. Non hai mellor garantía, coa intención de asegurar o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo en Galiza, que promover esa liña de intervención e a de creación de novos proxectos industriais no noso país, a través dun ente que integrado no axente financiador e no que se integren todas as empresas públicas e participacións en mercantís de titularidade privada ou semipública, das que sexa titular a Xunta de Galiza, así como os centros de traballo de empresas públicas dependentes da administración central do Estado que lle sexan transferidos ao Goberno galego.

### **Plans estratéxicos de impulso a sectores con grande potencial de crecemento e creación de emprego**

O PFATI é un plan de carácter xeral e estrutural, que se complementará con Plans estratéxicos de Impulso de sectores con grande potencial de crecemento: Polo da Bioeconomía circular, Polo Biotecnolóxico, Cadea monte madeira, Construción industrializada, Aeronática, Enerxías Renovábeis, Sector TIC, Alimentación, Saúde e coidados... Será un obxectivo central destes plans a cobertura dos elos baleiros das principais cadeas de valor dos sectores estratéxicos da economía galega.

#### **-Estratexia de bioeconomía de Galiza**

Esta estratexia incluírá a creación dun organigrama de impulso da bioeconomía para impulsar a transición cara a un novo modelo baseado na economía circular, no que se fomente o uso eficiente dos recursos, se alongue a vida útil dos produtos e se minimize a xeración de residuos. Creación do Centro de Innovación en Economía Circular e Bioeconomía.

#### **-Galiza potencia alimentaria e gastronómica (na terra e no mar)**

Impulso da Estratexia Alimentaria e Gastronómica de Galiza, con medidas estruturais relativas a diversificación da produción co impulso da produción vexetal (recuperación da capacidade produtiva en cereais, froitas, froitos secos, hortalizas, legumes e oleaxinosas), a innovación, a transformación e as cadeas de valor, ferramentas dixitais de comercialización, o papel da compra pública como elemento tractor,... No agro, desenvolvemento de instrumentos de ordenación (Mapa e Catálogo de solos), banco de proxectos agroforestais, recuperación de terras agrarias forestadas e posta en produción 100.000 ha de SAU e ampliar a superficie certificada en ecolóxico para aproximarse á media estatal e europea (Datos 2020: Galiza 3,6% da SAU, media Estado 10,2%, media UE 9,1%). No mar, investigación, mellora dos ecosistemas e rexeneración ambiental, mellora produtiva e comercialización da produción marisqueira, pesqueira e acuícola.

-Aposta decidida pola **Bioconstrución e a Construción Avanzada** con liñas de apoio ao uso de materiais de proximidade e con menor pegada de carbono como a madeira, o uso de materiais reciclados (como materiais de construción e demolición), o abastecemento enerxético de proximidade, a eficiencia e aforro enerxético, o uso das TIC e domótica aplicada ao benestar, a saúde e os coidados, ou a xestión eficiente da auga.

## - Industria do software

Plan de potenciación da industria do software a partir da existencia de persoal altamente cualificado (formado nas tres facultades de informática das tres universidades) e un entramado de pequenas e medianas empresas que cómpre vertebrar, fortalecer, agrandar e ampliar.

## -Plan de impulso do Sector naval

Tendo en consideración o valor estratéxico para o país do sector naval en canto que sector industrial tecnoloxicamente avanzado, con grande capacidade exportadora, e xerador de emprego e riqueza, o BNG impulsará un plan específico de impulso ao sector naval, coas seguintes medidas

- a) Levar a cabo todas as xestións necesarias para dotar de carga de traballo aos estaleiros públicos e privados que o precisen.
- b) Garantir un soporte financeiro necesario ao sector naval en Galiza, que permita acometer novos proxectos e captar pedidos tanto domésticos como internacionais.
- c) Promover acordos equilibrados entre as empresas principais e a industria complementaria presente nestes estaleiros, cunhas condicións de traballo equivalentes ás dos traballadores das principais.
- d) Constitución da Xerencia Galega do Sector Naval, con participación das Consellarías de Industria: para apoio dos Pequenos e Medianos Estaleiros e da industria auxiliar, en proxectos de internacionalización, estudos de mercado e misións comerciais, asociación e constitución de plataformas conxuntas para mellor posicionarse de cara a grandes proxectos; e da Consellaría de Traballo: que xestione un rexistro da formación e certificación profesional do persoal, de vidas laborais e contratos de traballo que proporcione aos poderes públicos un mapa laboral da poboación empregada no sector para os efectos de promoción de sistemas de estabilización do emprego, plans de xubilación, vixilancia da saúde e prevención de riscos, ou calquera outro que puidera ser oportuno.
- e) Constitución do Centro Tecnolóxico do Naval, dependente da Xerencia, e con capacidade técnica e financeira para promover a I+D+i en todos os ámbitos relacionados coa industria da construción naval e coa de equipamentos complementarios: turbinas, motores e propulsión, combustibles, dixitalización de procesos, materiais, etc...
- f) Aplicación da Lei do Sector Naval de Galiza (Lei 4/2010), impulsada por unha Iniciativa Lexislativa Popular, e aprobada por unanimidade no Parlamento Galego, mais nunca desenvolvida polo PP.
- g) Creación dun Centro de Reparacións do Naval na Ría de Vigo. A necesidade de diversificar o sector, xunto a falta de carga de traballo na construción naval, fan que a reparación e transformación de buques sexa un elemento fundamental para

o futuro do sector na Ría de Vigo, clave para manter o coñecemento e a capacidade profesional do sector.

- h) Reclamar a participación da Xunta de Galiza no Consello de Administración de Navantia.
- i) Creación do Complexo Integral da Construción Naval na Ría de Ferrol coas seguintes características principais:
  - Impulso de investimentos e das dotacións de persoal de xestión, enxeñería e produtivo no centro de Navantia en Fene, para poder desenvolver proxectos de traballo propios.
  - Superación do “monocultivo militar” en Navantia, mediante o acceso real a todo tipo de produción naval como mesmo se recolle no conxunto de actividades que constitúen hoxe o Obxecto Social da sociedade, e nomeadamente coa consolidación e potenciación das áreas de Turbinas, Reparacións e grandes transformacións, Eólica mariña, Offshore, etc.

### **Minaría. Unha minaría responsábel e ao servizo dos intereses do país**

Cómpre levar a cabo a revisión e o desenvolvemento normativo da Lei de ordenación da minaría de Galiza para reorientar o sector nun modelo que supere a subordinación a intereses alleos ao que volveu da man do Partido Popular. É preciso harmonizar a actividade mineira tendo en conta a criterios de responsabilidade, eficiencia e defensa social e ambiental. A actuación do BNG será orientada a:

- Actualizar a Lei Galega de minaría garantindo a seguridade xurídica, transparencia en participación pública na toma de decisións, recuperando a xestión pública do Catastro Mineiro de Galiza.
- Evitar o desenvolvemento daquelas actividades mineiras con maior impacto que utilicen técnicas prohibidas noutros países, como a cianuración do ouro ou a construción de depósitos de lodos augas arriba de núcleos habitados sen posibilidade de evacuación.
- Modificar a lexislación mineira para impedir a apertura ou ampliación de novas explotacións mineiras en espazos naturais protexidos e outro tipo de incompatibles coas actividades extractivas como as reservas fluviais e as súas bacías e os perímetros de protección de captacións de auga.
- Establecer o requisito de ter a disposición dos terrenos para poder solicitar calquera tipo de dereito mineiro.
- Elaborar o Plano Sectorial de Actividades Extractivas establecendo áreas de extracción, fora das cales os terrenos terán a condición de non rexistrables.
- Garantir que todos os proxectos de explotación mineira e as súas ampliacións sexan sometidos a avaliacións de impacto ambiental de xeito riguroso e transparente.
- Realizar unha revisión dos avais e plans de restauración para garantir a existencia dos medios

técnicos e económicos suficientes no momento do peche das actividades.

-Realizar un novo inventario de labores e depósitos de residuos mineiros en abandono garantindo o seu selado e restauración.

-Promover unha normativa da minaría urbana de Galiza que facilite a implantación de industrias de recuperación, valorización e reciclado de metais secundarios.

-Desenvolver unha revisión da normativa galega reguladora das augas minerais, termais, de manancial e de establecementos balnearios como un verdadeiro instrumento de protección da cantidade e calidade destas augas, promovendo ante a Administración do Estado a súa exclusión do marco da lei de minas.

-Impulsar un Plan Estratéxico do Termalismo que aposte por este recurso como un ben público, impulse a participación pública do sector e desenvolva o seu potencial alén do turístico, con especial atención á promoción da saúde pública, as aplicacións industriais e a revalorización patrimonial material e inmaterial.

### **Energía: un novo modelo enerxético ao servizo do país e da maioría social**

O mundo vive un momento de crise climática e enerxética que require de profundas transformacións. As mudanzas na xeración e no consumo de enerxía representan para Galiza enormes riscos por mor de decisións que son tomadas de costas aos intereses galegos e para favorecer o lavado de cara verde de grandes intereses económicos. Mais tamén supón enormes oportunidades que, nun momento clave, deben ser aproveitadas para impulsar desde o goberno da Xunta un novo modelo enerxético galego baseado en garantir que a riqueza dos recursos naturais do noso país reverta no noso desenvolvemento económico e social ao tempo que se preserve a biodiversidade e o medio ambiente. É preciso impulsar unha nova planificación pública, ordenada, democrática, consensuada e xusta que faga que o papel produtor de Galiza beneficie ás maiorías sociais.

Galiza está a tempo de liderar unha nova etapa de transformacións que aposte polo control social e público do sector enerxético para garantir que o acceso á enerxía é un dereito esencial e deixa beneficios no noso país ao tempo que avanzamos no aforro enerxético, na xeración descentralizada e distribuída e na democratización da enerxía, a través das seguintes liñas de actuación:

- Demanda activa da transferencia de todas as competencias en materia enerxética e da participación activa e directa de Galiza das planificacións de ámbito estatal e dos concursos de capacidade de acceso dos nós de transición xusta. Singularmente e de forma urxente, negociación da lei do sector eléctrico de forma que Galiza poida decidir sobre as instalacións enerxéticas de máis de 50Mw para poder facer unha planificación integral da expansión renovable.

- Reclamar a capacidade política da Galiza para ordenar os usos e actividades no seu litoral e declarar o litoral galego como espazo non apto para a instalación de parques eólicos mariños offshore, tanto en augas interiores como no mar territorial, por entender incompatible esas instalacións coa actividade e ordenación do sector pesqueiro, a actividade marisqueira, a protección medio ambiental ou a execución de competencias en salvamento marítimo, preferentes do punto de vista dos intereses



nacionais galegos, económicos, sociais e ambientais.

- Desenvolver as iniciativas necesarias perante as instancias oportunas para conseguir que a declaración de Galiza como territorio desnuclearizado feita polo Parlamento galego evite de maneira definitiva a implantación en Galiza de centrais nucleares ou depósitos de residuos procedentes destas instalacións.
- Impulsar un cambio de paradigma que aposte por situar a enerxía e os recursos enerxéticos como bens públicos ao servizo da maioría social incorporando estes principios ao marco legislativo e explorando cambios normativos que aposten por promover o aproveitamento enerxético do vento a través de réxime de concesións fronte ao sistema actual de autorización por tempo indefinido.
- Impulsar o beneficio directo para Galiza do seu papel produtor excedentario neto de enerxía eléctrica a través da demanda dunha Tarifa eléctrica a través de redución directa nas peaxes.
- Como medida inmediata, impulso dunha lei de garantía de acceso á enerxía e contra a pobreza enerxética que supere a insuficiencia das medidas parciais impulsadas desde o goberno social a través dos bonos sociais e dos seus complementos, que non cobren as necesidades da poboación con carencia material severa.
- Elaboración dun Mapa de necesidades e ordenación enerxética, sometido a avaliación ambiental estratéxica, como instrumento de planificación do desenvolvemento integrado e complementario de todo o mix enerxético (eólica, hidráulica, solar térmica e fotovoltaica, biomasa, biocombustíbeis, xeotermia, gases de vertedoiro, gases de EDAR, undimotriz e mareomotriz). Terase en conta a preservación da biodiversidade, a ocupación e ordenación do territorio, as actividades socioeconómicas preexistentes, etc á hora de establecer diferentes zonas de explotación enerxética.
- Aposta pola ordenación e a planificación para atallar a situación xerada no ámbito eólico. Impulsarase un novo consenso para substituír a vixente lei de aproveitamento eólico e planificar o desenvolvemento da enerxía eólica da próxima década harmonizando os obxectivos e intereses económicos, enerxéticos, sociais e medioambientais, garantindo a transparencia, a avaliación ambiental por parte das administracións públicas e a limitación dos procesos expropiatorios ao mínimo. Para iso, aprobarase un novo Plan Sectorial Eólico cunha ampla participación dos axentes implicados e que preceptivamente inclúa un informe do Consello Económico e Social e un amplo proceso de exposición pública. Canto ás novas instalacións, aplicaranse novos criterios económicos, sociais e ambientais para a aprobación de proxectos (incidencia socioeconómica, desenvolvemento de cadeas de valor, participación do tecido económico e social, retorno económico, redución do prezo da enerxía, licenza social). Canto ás instalacións en tramitación, priorizarase a protección da biodiversidade (ampliación rede natura, protección de hábitats sensíbeis) e farase unha avaliación correcta dos impactos sinérxicos e acumulativos no territorio e nas zonas habitadas e recorreranse aquelas fragmentacións artificiais que estivo a favorecer o goberno galego. Farase unha planificación das repotenciacións aplicando criterios de retorno e eliminación progresiva en espazos protexidos.
- Impulso dun Polo de innovación e experimentación en enerxía que aglutine Universidades, centros de investigación e tecnolóxicos, INEGA e tecido

empresarial/clústers para coordinar os esforzos no ámbito do desenvolvemento tecnolóxico e a innovación en materia de enerxías renovábeis para abordar transversalmente cuestións como o desenvolvemento tecnolóxico, a electrificación da economía e a transferencia do coñecemento, plans en materia de dixitalización e redes intelixentes, plans de mellora da cadea produtiva de sectores produtivos estratéxicos coma o sector primario e o estudo e monitorización dos efectos do cambio do clima e a produción/consumo de enerxía.

- Impulso dun Centro para a competitividade e I+D+i en almacenamento de enerxía así como participar no desenvolvemento de ferramentas e tecnoloxías que melloren a flexibilidade e a seguridade da rede eléctrica, que posibiliten dispoñer dunha verdadeira “smartgrid” ou rede intelixente.
- Impulso á participación pública do sector enerxético a través dunha Empresa pública de enerxía liderada pola Xunta de Galiza e aberta á participación das entidades locais e recuperación dos saltos hidroeléctricos de competencia galega cuxa concesión xa venceu ben para a explotación pública e directa ou para a restauración dos cauces.
- Plan de inspección das instalacións de produción, transporte e distribución de enerxía con especial atención ás eivas das poboacións rurais. Plan de mellora da calidade da rede e redución do seu impacto, revisando, modernizando e dixitalizando as redes de transporte e favorecendo as instalacións descentralizadas e o soterramento.
- Plan de modernización tecnolóxica para o fomento da eficiencia enerxética, do aforro e a descarbonización por sectores: doméstico, transporte e mobilidade, industrial, edificios e vivendas, sector primario, administración pública.
- Plans de formación da poboación como “prosumidora” e impulso do asesoramento da administración para fomentar a formación, información e desenvolvemento de proxectos enerxéticos integrais de proximidade. Apoio á creación de Oficinas de Formación e Transformación Enerxética, como instrumentos de dinamización dun novo modelo enerxético pegado ao territorio e primando o carácter supramunicipal.
- Estratexia de apoio ao autoconsumo e á xeración distribuída ambiciosa nesta materia abordando a xeración con varias tecnoloxías, o almacenamento, a dixitalización e crear axudas e incentivos aos sistemas descentralizados e distribuídos nos diferentes sectores económicos.
- Fomentar a creación de comunidades enerxéticas locais e redes de comunidades, incentivando a participación cidadá dentro destes proxectos a través da difusión e formación e favorecer e incentivando un papel activo dos concellos e tamén das Comunidades de Montes.
- Impulsar programas de autoconsumo e comunidades enerxéticas industriais nos polígonos e áreas de desenvolvemento económico.
- Manterase unha posición firme de defensa dos intereses de Galiza diante da situación xerada polo peche das centrais térmicas galegas, participando das correspondentes mesas de traballo e demandando do Estado e da Unión Europea a adopción de medidas xustas para o noso país, a incorporación a todos os organismos de

negociación e todos os fondos, plans e recursos económicos que se arbitraren.

— Negociarase co goberno central, recorrendo á vía xudicial se for preciso, a compensación a Galiza polo incumprimento e exclusión dos sucesivos plans do carbón.

## Sector primario e medio rural

### Estratexia Rural Galiza: impulso agrario e ao rural galego

O noso rural non é un territorio homoxéneo, senón que presenta unha diversidade cadavez maior. No rural galego encontramos hoxe realidades moi distintas desde o punto de vista demográfico, produtivo, das oportunidades de emprego, das comunicacións e dos servizos, entre outros aspectos. Por iso non podemos falar de políticas idénticas para todo o rural, senón de liñas de actuación que se deben axustar ás distintas realidades.

En todo caso, aínda que o rural non é xa sinónimo de agrario, e polo tanto o desenvolvemento do rural non se pode apoiar unicamente no desenvolvemento do sector agrario, consideramos que este segue tendo un papel central no noso territorio rural, e como modo de vida principal para a fixación de poboación no rural. Avanzado oséculo XXI, o papel da agricultura faise, si cabe, aínda un elemento máis vital.

Temos comprobado que as políticas emanadas de Bruxelas, e aplicadas nos distintos “marcos agrarios estatais” polo Goberno do Estado, non deixan de ser “somníferos placebos“ de desmantelamento dos nosos sectores produtivos.

Tamén os efectos nocivos das décadas de políticas “executoras” do Partido Popular na Xunta de Galiza, e que actualmente se centran en poñer os nosos recursos en mans decapital estranxeiro e de fondos de investimento, que están a acaparar recursos como auga, os nosos montes e boa parte da SAU galega.

Compre reaxir de inmediato. A relevancia das políticas agrarias afecta ao conxunto da sociedade.

Galiza precisa **facer valer** a súa capacidade produtiva e a calidade das producións. Asumamos as nosas competencias. Collamos as rendas da nosa política agraria.

Propoñemos unha estratexia **“Rural Galiza 2024-2028”** de impulso agrario e ao medio rural. Esta estratexia está baseada en 10 piares:

- a) Xerar espazos rurais atractivos para a poboación.
- b) Medidas de apoio ás actividades non agrarias nas zonas rurais.
- c) Ordenación do territorio.
- d) Plan de incorporación de mocidade á actividade agraria.
- e) Apoio ao pastoreo nos montes veciñais. Unha nova política para un monte multifuncional.

- f) Diversificación das producións agrarias, fomento das producións de calidade e da transformación das materias primas agrarias.
- g) Creación de novas redes de comercialización de produtos agrarios en ciclo curto.
- h) Fomento da agricultura ecolóxica.
- i) Mecanismos de interlocución no sector agrario.
- j) Reforma da administración: + próxima, + áxil. Reverter a actual tendencia de desmantelamento de servizos no medio rural.
- k)

## **Espazos rurais atractivos para a poboación**

Para isto non só se precisa emprego, senón tamén:

- o Mellorar a dotación de infraestruturas e servizos, con especial énfase nas zonas rurais máis afastadas, moi especialmente nas provincias de Lugo e Ourense.
- o Elaboración dun plan para avanzar de forma planificada no establecemento de redes de saneamento e abastecemento de auga nos núcleos rurais.
- o Plan de mobilidade no rural, con rutas e horarios suficientes para asistencia prioritaria no ámbito da educación, sanidade e servizos sociais.
- o Plan de recuperación de vivendas no rural e creación dun banco de vivendas, establecendo un marco de colaboración entre o IGVS, os Grupos de Desenvolvemento Rural, a FEGAMP e as Deputacións Provinciais.
- o Desenvolvemento enerxético que impulse o autoconsumo e que contribúa a abaratar a factura da enerxía no rural.
- o Fomento e priorización das comunidades enerxéticas locais, que repercutan os beneficios da produción de enerxía renovable nos habitantes dese territorio máis localizado.

As mulleres son o piar sobre o que descansa a vitalidade social dos espazos rurais. Precisamos transformar este espazo nun lugar menos hostil para elas. A día de hoxe é unha realidade que os cuidados (crianzas, maiores e dependentes en xeral) recaen sobre as mulleres, do mesmo xeito que tamén é maior o control social exercido sobre elas. Precisamos actuacións que, mellorando o benestar de determinados segmentos de

poboación, dean un respiro ás mulleres:

- o Xeneralizar a axuda no seu domicilio e o servizo de comida no fogar para todos os maiores con algún grao de dependencia. Priorizarase a prestación deste servizo a través dos servizos municipais ou ben a través de colaboracións publico-privadas con entidades que teñan unha traxectoria recoñecida na prestación destes servizos.

- 1) Creación de centros de día e vivendas comunitarias nos concellos rurais, para dar a posibilidade aos maiores que non poden vivir sos de recibir cuidados minimizando o desarraigo.

- 2) Fomentar a participación real das mulleres na actividade social nos espazos rurais, con actuacións especificamente deseñadas para elas.

- 3) Impulsar medidas transversais que impulsen o empoderamento das mulleres rurais e a súa participación en pé de igualdade na tomas de decisións a través do acceso á formación, información e recursos necesarios.

- 4) Visibilizar e pór en valor o inxente traballo das mulleres no ámbito rural.

- **Medidas de apoio á actividade non agraria nas zonas rurais**

- o Liñas de axudas á creación e impulso de actividades económicas nas zonas rurais (con criterios de selección que prioricen a transformación agroalimentaria que valorice a produción primaria da contorna, como liña estratéxica para acadar a soberanía alimentar galega).

- o Liña de axudas á innovación e novas liñas de negocio en empresas non agrarias.

- o Ticket rural: 10.000-15.000 €/ano a proxectos que se asenten no medio rural durante os 5 primeiros anos.

- o Fiscalidade reducida/nula. Cota autónomos reducida ou/e exención os 3 primeiros

anos.

Estas medidas de apoio terán unha maior intensidade naquelas áreas máis afectadas pola perda de habitantes e o envellecemento da poboación.

Procurarase un programa específico de formación rural para educación infantil e primaria co obxectivo de poñer en valor a potencialidade dos diferentes sectores produtivos das nosas zonas rurais (primario, secundario e terciario).

Incidirase na recuperación da autoestima de pertenza ao rural e da actividade agrogandeira como fornecedor de alimentos e de defensa da natureza, medio ambiente, biodiversidade

animal e vexetal, e garantías do territorio e da paisaxe.

Tamén se incidirá na captación e motivación de vocacións agrarias na ensinanza secundaria, co fin de garantir a supervivencia do tecido produtivo agrario profesional no noso futuro a curto e medio prazo.

## • Ordenación do territorio

Nun país caracterizado polo reducido peso da SAU en comparación cos países do noso entorno, e nun contexto no que ademais a maior parte dos propietarios de fincas rústicas non residen xa no entorno rural, a falta de ordenación de usos do territorio ou, alí onde existe un documento de ordenación, o seu incumprimento é especialmente grave.

Para afrontar este problema aplicaranse as seguintes medidas prioritarias:

- o Elaboración de Plans de Ordenación dos Usos da Terra e Orientación de Cultivos.
- o Apoio técnico e financeiro ás iniciativas de roturación e transformación en

pastos de superficies de monte aptas para este uso, sempre tendo en conta a sustentabilidade ambiental, incrementando a base forraxeira das explotacións e apoiando modelos gandeiros máis sustentábeis económica e ambientalmente.

- o Reactivación do Banco de Terras. O BNG impulsará as modificacións legislativas necesarias para que a actual normativa de recuperación da terra agraria e de reestruturación parcelaria estean dirixidas a:

- ✓ Actuar en zonas con clara vocación agrícola ou gandeira, de xeito que os procesos podan servir para mellorar as estruturas de produción redimensionar as parcelas e as explotacións, no camiño de optimizar os seus recursos e garantir a súa viabilidade.

- ✓ Establecer a obrigatoriedade de manter as fincas de reemprazo en produción, en axeitado estado de conservación ou, no seu defecto, incorporalas ao Banco de Terras para o seu arrendamento.

- ✓ Conseguir uns axeitados índices de reparcelamento, reducindo o número de fincas de reemprazo atribuídas a cada propietario; racionalizar o custo dos procedementos de concentración parcelaria e reducir o período de duración do proceso.

- ✓ Artellar outros mecanismos de reforma estrutural distintos dos procedementos clásicos de concentración parcelaria, como os polígonos agrarios de concentración e os polígonos agrarios de asociación, que permitan explotación directa ou a creación de Unidades de Xestión Agraria e, no terreo forestal, a poligonación en recintos que podan facilitar a creación e desenvolvemento de Unidades de Xestión Forestal.

✓ Velarase por que as persoas beneficiarias dos procesos de creación e execución dos polígonos agroforestais sexan persoas agricultoras, cooperativas ou agrupacións da zona onde se realiza a actuación, en particular no que se refire á figura de axente promotor, sendo beneficiarios da actuación con carácter público nas diferentes fases de actuación.

✓ Diseñar as infraestruturas viarias en función do seu uso agropecuario ou forestal aproveitando, na medida do posíbel, o viario preexistente, e evitando redes e cuadrículas alleas á tipoloxía tradicional e colaborando cos concellos no seu mantemento, como apoio ó desenvolvemento dos concellos rurais con poucos habitantes e moita circulación de maquinaria industrial imprescindible pola modernización e profesionalización do sector.

✓ Transferencia inmediata do Catastro á Xunta de Galiza para facilitar todos estes procesos.

A ordenación do territorio, entre outros aspectos, permitirá impulsar modelos produtivos que favorezan a desintensificación da actividade agraria, co obxectivo non só de acadar modelos máis sustentábeis ambientalmente, senón tamén economicamente, ao diminuír os custos de produción.

## • **Plan de Incorporación da mocidade á actividade agraria e impulso ao relevo xeracional**

Poñerase en marcha a **Iniciativa Mocidade-Medio Rural**, ligada ao emprego e coa formación e na dignificación do medio rural para facer que este sexa atractivo para a mocidade. Esta iniciativa incluírá as seguintes medidas esenciais:

- Priorización no PEPAC (Plano Estratéxico da PAC) dos investimentos dirixidos á instalación de agricultoras/es mozas/os.
- Planificación e execución dunha campaña continuada que teña como obxectivo incrementar o prestixio da actividade agro-gandeira.
- Posta en marcha dun plan de formación con saídas laborais específicas, nos centros dedicados a este fin.
- Desenvolvemento dun plan de axudas e incentivos que garantan o relevo no sector agro-gandeiro galego, facilitando a inserción da mocidade no sector, ligada tanto á produción de materias primas como á xeración de valor engadido na transformación das mesmas.
- Facilitar o acceso á terra mediante modelos innovadores. Posta en funcionamento do Banco de Explotacións para permitir a continuidade das granxas onde a persoa titular abandona a actividade, favorecendo o contacto coas persoas mozas interesadas en incorporarse a ela, procedentes ou non do medio rural. Esta medida estará acompañada do seguimento e asesoramento ás persoas que se incorporan á actividade agraria por parte dos servizos técnicos das oficinas da

Consellaría do Medio Rural. Asegurar o acompañamento técnico do proxecto de incorporación durante os cinco primeiros anos.

- Dedución fiscal no tramo autonómico do IRPF equivalente ao importe das axudas de incorporación percibidas nos dous primeiros anos tras da instalación.
- Dedución fiscal de intensidade variábel no tramo autonómico do IRPF dos rendementos económicos obtidos durante os cinco primeiros anos de incorporación, para facilitar a viabilidade económica da explotación no comezo da súa actividade.
- Desenvolvemento dun programa integral de Asesoramento, Seguimento e Tutoría para a Mocidade que se incorpora á actividade agraria, desde as Oficinas Rurais dependentes da Consellaría do Medio Rural. Este programa creará unha rede de antenas de asesoramento, axentes de dinamización tanto no eido público como privado, que traballarán de xeito coordinado para realizar o seguimento dos diferentes plans de emprendemento agrario.
- Blindaxe dos fondos do PEPAC (Plano Estratéxico da PAC) para asegurar as convocatorias anuais de axudas á instalación de agricultoras/es mozas/os.
- Establecemento da modalidade de incorporación a tempo parcial, que permita unha incorporación progresiva da mocidade, complementando con outras actividades, co fin de facilitar a súa instalación definitiva.
- Posta en marcha dunha liña de asesoramento específica para persoas que desexen incorporarse ao sector agrario sen experiencia previa no mesmo (novos entrantes), co obxectivo de superar as barreiras de acceso á terra, ao coñecemento e ao financiamento.
- As medidas tendentes a favorecer a incorporación da mocidade ás explotacións agrarias debense ver acompañadas doutras dirixidas especificamente á conciliación coa vida familiar.

### • **Apoio ao pastoreo nos montes veciñais**

A superficie comunal constitúe unha oportunidade de emprego e de mellora da economía rural. Desde a administración, en colaboración coas Comunidades de Montes, impulsarase un plan de fomento da gandería extensiva no monte, baseado no pastoreo. Poñerase en funcionamento a Escola de Pastores de Galiza, que permitirá desenvolver o Servizo Público de Pastoreo, en colaboración con todas as asociacións gandeiras do país.

Establecemento dun protocolo que mellore o actual servizo de queimas controladas, e que permita xestionar de xeito áxil e preventivo a acumulación de biomasa nos nosos montes, como ferramenta de loita e prevención dos devastadores lumes de sexta xeración.

Estas actuacións non só terán como obxectivo crear emprego e riqueza no rural, senón que a súa planificación e execución procurará a sustentabilidade ambiental e a prevención de



incendios.

Este plan contará non só cos necesarios incentivos económicos, senón tamén co asesoramento técnico por parte da administración.

Adaptaranse as actuais ordes de axudas paliativas por ataque de lobo e para a adopción de medidas preventivas, para recoller a singularidade da xestión do gando no monte, co fin de evitar a imposibilidade de localizar os restos de animais nun reducido límite de tempo despois do ataque.

Definirase un pago ecosistémico con cargo aos fondos do PEPAC para a gandería de montaña (dentro dos eco-reximes ou das axudas agroambientais), que sexa garante do territorio e da paisaxe, da coexistencia cos grandes carnívoros e defensor de actividades do patrimonio natural e cultural de Galiza como a trasterminancia, a rapa das bestas, curros das serras, etc...

Apoio mediante axudas directas para investimentos que faciliten o manexo da gandería extensiva no monte e o seu pastoreo e unha liña específica para promover a realización dos plans de aproveitamento silvopastoril na ordenación da superficie das CMVMC, que permita o seu recoñecemento no rexistro de montes con uso gandeiro.

## **Diversificación das producións agrarias, fomento das producións de calidade e da transformación das materias primas agrarias**

Galiza presenta un importante déficit agroalimentario, fundamentalmente pola nosa dependencia exterior para o abastecemento de producións vexetais e polo déficit de produtos transformados de maior valor engadido. Para correxir esta situación as políticas públicas deben impulsar:

- o Medidas específicas naqueles sectores nos que temos unha elevada dependencia exterior (hortalizas, cereais, froitas, etc): programas de comunicación e difusión dos selos de calidade, recuperación de variedades autóctonas, mellora do banco de xermoplasma, apoio á comercialización, mellora de infraestruturas, investigación, divulgación e promoción de medidas de loita sanitaria non-agresiva.

- o Apoio aos investimentos da industria, primando a participación dos produtores primarios mediante fórmulas asociativas, fundamentalmente naqueles produtos de maior valor engadido.

- Potenciación das marcas de calidade agroalimentaria.

- Priorización de modelos de transformación agroalimentaria sostible e fornecida con produtos de proximidade. Apoio a pequenos e medianos proxectos familiares e con gran capacidade de fixación de poboación na súa comarca, ou modelos de cooperativismo e economía social.

- **Creación de novas redes de comercialización de produtos agrarios en ciclo curto**

Fomentar a través de políticas públicas novas formas de comercialización que ofrezan unha saída comercial a produtores que, polo seu tamaño e dispersión, teñen elevados custos de distribución. A loxística e distribución asociativa é unha das posibles solucións para facer fronte aos desafíos que presentan os circuitos curtos. Propoñemos actuacións que financien os investimentos en capital fixo ou impulsen a dixitalización destas estruturas, dado que permitirían sentar as bases para un cambio na escala da comercialización.

Potenciación de feiras e mercados locais, que incidan na promoción dos produtos da zona, razas autóctonas ou promoción do noso patrimonio cultural, histórico e natural,

un formato que ademais en determinados lugares poden ser unha potente vía de atractivo turístico.

Apoio directo a grupos de consumo local que permitan establecer canles curtas de distribución de produtos locais e de quilómetro cero, cunha reducida pegada de carbono.

Posta en marcha dun programa de compra pública deste tipo de produtos locais, para xeneralizar o seu consumo na restauración colectiva (centros asistenciais, hospitais, colexios, comedores da administración, universidades,...). Incluindo ademais a obrigatoriedade dun mínimo de produtos locais e ecolóxicos nestes menús, adoptando a estratexia da UE “Da Granxa á Mesa” como folla de ruta para a implantación destas políticas públicas.

Cheque de compra de alimentación (cesta básica de alimentación) para as familias de menores rendas, que inclúa produto local e ecolóxico.

- **Plan de fomento da agricultura ecolóxica e sustentable**

Este plan debe estar consensuado co sector, contar cun amplo horizonte temporal e cunha ambiciosa dotación orzamentaria. Debe impulsar a agricultura ecolóxica no noso país, situado no furgón de cola polas políticas do Partido Popular: na actualidade Galiza representa apenas 1,6% da SAU certificada en ecolóxico no total do Estado.

O BNG márcase como obxectivo consolidar as producións agrarias de Galiza nos mercados estatal e europeo como referentes de calidade alimentaria en sistemas de produción social e economicamente sostíbeis e xeradores de servizos ambientais á sociedade.

Poñerese especial énfase na aplicación de medidas de racionalización e redución do uso de inputs externos, no desenvolvemento de sistemas de economía circular (en particular de medidas que faciliten a utilización de fertilizantes orgánicos producidos nas explotacións gandeiras) e de modelos de baixo carbono en todas as producións agrícolas gandeiras.

Procederese ao desenvolvemento e aplicación de normativa propia e adaptada ás condicións agro- climáticas e produtivas galegas, dentro das competencias exclusivas da

Xunta de Galiza, en materia de metodoloxías de cálculo de emisións de gases de efecto invernadoiro e secuestro de carbono nos solos agrarios e forestais.

## Mecanismos de interlocución no sector agrario

Impulsarase un ámbito galego de negociación, cun papel relevante da administración galega en materia de regulación e mediación, que permita chegar a acordos entre as partes e que teña como obxectivo conseguir que os prezos percibidos polo sector produtor cubran os custos de produción.

Promoverase unha reforma da Lei da Cadea Alimentar con indexación e referencias a marxes comerciais non abusivas. Mellorarase o coñecemento dos custos de produción no sector agrario mediante estudos específicos e a implantación dunha rede de explotacións que facilite resultados das distintas orientacións produtivas.

A administración galega manterá un diálogo permanente coas entidades asociativas quedesevolven a súa actividade no ámbito rural. Procederase á revisión dos actuais órganos de interlocución co sector, adecuándoos á representatividade actual. Establecerase o Comité de Seguimento Rexional do PEPAC en Galiza como un órgano realmente participativo, que aglutine a todos os colectivos e axentes que traballan a diario na aplicación directa de políticas de dinamización e desenvolvemento rural.

En diálogo cos axentes representativos do sector, abordarase unha revisión das liñas de axudas do segundo pilar da PAC no PEPAC. Os fondos comunitarios do segundo pilar da PAC, cuxo uso é competencia do goberno galego, deben primar a capacidade produtiva do país, reforzar a viabilidade económica das explotacións, reducir a dependencia de insumos externos, mellorar a sustentabilidade ambiental da produción agroalimentaria, apoiar as producións de calidade e o reforzamento da agroindustria galega.

Creación da Mesa pola loita contra a cambio climático, como órgano transversal dentro da Xunta de Galiza, que permita implementar á administración políticas áxiles e medidas urxentes na loita contra as pragas e enfermidades que se estenden polo territorio e que conte con todos os axentes traballando sobre o territorio (vespa velutina, enfermidade hemorráxica epizoótica, lingua azul, avispiña do castiñeiro, rata-toupa, flavescencia dourada, peste porcina africana, etc...).

### • Reforma da administración

Débase abordar unha reforma da administración agraria co obxectivo de que se converta nunha administración áxil, que dea resposta ás necesidades do sector e que teña capacidade promotora.

As distintas normativas publicadas desde 2022 viñeron engadir obrigas burocráticas ás que terán que facer fronte as persoas titulares das explotacións agropecuarias, que, xunto coa lexislación que desenvolve a aplicación da PAC no estado español para o período 2023-2027, veñen facer a vida máis espiñenta a quen ten a actividade agropecuaria como

actividade principal. Novas obrigas e outros custos a maiores. A “**simplificación administrativa**” ten que ser un obxectivo prioritario para facilitar a xestión das explotacións agro-gandeiras, sen renunciar á seguridade alimentar.

Neste ámbito promoveranse as seguintes medidas:

l) Modificar e simplificar as normativas de aplicación da PAC ao territorio galego, tendo en conta a nosa especificidade, evitando os criterios diverxentes entre distintas Consellerías e aqueles que son inasumibles no curto prazo por falta de medios e recursos (normativa do veterinario de explotación, plan de abonado, implantación global e inmediata do caderno dixital de explotación, etc...). No Comité Seguimento do PEPAC estableceuse unha mesa de traballo para incidir na loita contra a burocratización da tramitación de axudas do PEPAC, que permita a simplificación dos procedementos

administrativos e a unificación de criterios entre as diferentes Consellerías, servizos e áreas implicadas na aplicación das mesmas.

a. Recuperar a existencia dunha **Dirección Xeral de Innovación Agraria**. Baixo o impulso desta Dirección Xeral, as actuacións da Consellería do Medio Rural en materia de I+D+i orientaranse ao desenvolvemento de sistemas agrarios neutros en carbono, biodiversos e preservadores da calidade ambiental, e á redución da dependencia de insumos externos das explotacións. Estas actuacións reproduciranse dentro do sistema de formación regrada e non regrada das Escolas (CFEAs) de medio rural.

b. Plan de recuperación das capacidades dos centros de investigación (Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, Estación de Viticultura e Enoloxía de Galiza e Centro de Investigación Forestal de Lourizán, así como das estacións experimentais anexas).

o Reforzamento das actividades do LAFIGA como laboratorio oficial de análises agrarias, atendendo ás necesidades en materia de persoal e equipamento para facer fronte aos servizos encomendados.

o Potenciación do sistema de coñecemento e innovación agrario (AKIS) de Galiza (obxectivo transversal do actual PEPAC e sen desenvolver na actualidade no noso país), que permita captar fondos da UE e estruturar todo o sistema de transferencia de coñecemento, conectando os diferentes subsistemas implicados: asesoramento agrariopúblico e privado (entidades de aconsellamento), formación e capacitación agraria, centros de investigación e innovación (incluídos os das universidades).

c. Crear os Centros de Desenvolvemento Rural, nos que se centralice a xestión administrativa de apoio á actividade económica das áreas rurais (GDR, OAC, Distritos Forestais, asesoramento aos novos/as agricultores, ...).

d. Posta en marcha nestes centros dun sistema público de aconsellamento integral ás actividades agrarias desde un punto de vista produtivo, ambiental e económico, e tamén no relacionado coa transformación e comercialización agraria. O progresivo desenvolvemento deste sistema debe partir do asesoramento ás novas incorporacións e aos proxectos innovadores.

e. Mellorar a capacidade da Axencia Galega de Calidade Alimentaria

(AGACAL), na dupla vertente de instrumento básico de actuación da Administración galega en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico no sector agro-alimentario e forestal, así como de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acoillidos aos distintos indicativos de calidade. Dentro das súas actuacións priorizarase a facilitación dos trámites burocráticos, sobre todo para as actividades de control e certificación da produción artesá e doutras actividades en pequenas empresas e industrias, en paralelo coa mellora da eficiencia e eficacia dos traballos de aseguramento público da calidade diferencial dos produtos agrarios de Galiza.

## Actuacións de carácter sectorial

### Sector lácteo

- Consolidar a Galiza como a principal zona produtora de leite de vaca do estado español, situando o obxectivo de que Galiza chegue a cubrir o 50% da produción do estado mediante o aumento en 1/3 da produción actual en 10 anos, sen aumento das emisións de gases de efecto invernadoiro deste sector. Para isto fomentaranse de forma decidida os sistemas de produción con base forraxeira, con baixas emisións de carbono, garante da calidade das augas e dos solos.
- Dotar de transparencia as transaccións comerciais na cadea de valor do leite. Impulso á recuperación do funcionamento do Observatorio do sector lácteo e da correspondente Mesa sectorial, como elementos respectivos de subministro de información e de negociación.
- Incremento do apoio ao Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL), garante da alta calidade e seguridade do leite producido en Galiza e elemento dinamizador das actividades de investigación, formación e transferencia en materia de produción de leite.
- Neste sentido, consolidarase o Complexo Tecnolóxico Lácteo de Mabegondo, configurado polo LIGAL, como representante do sector produtor e da industria láctea radicada en Galiza, e polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), centro público de investigación aplicada da Consellaría do Medio Rural. Dentro das súas actividades, recuperarase de forma inmediata a liña de traballo dedicada á recollida de datos e á análise económica dos sistemas de produción e de custos de produción de leite de Galiza, que foi paralizada polos sucesivos gobernos do PP desde hai máis dunha década.
- Garantir a seguranza alimentar e a autenticidade dos produtos e derivados lácteos.
- Facilitar o incremento da superficie agraria útil das explotacións, para o aproveitamento sustentábel das condicións edafoclimáticas para a produción forraxeira e a recría de xovencas. Aplicación efectiva e inmediata das medidas dispoñíbeis en materia de mobilidade de terras (Banco de Terras, Banco de Explotacións, creación de Polígonos agro-forestais), para facilitar o incremento da superficie agraria útil das explotacións leiteiras galegas, a fin de lograr a mellora da súa sostibilidade económica, ambiental e social, favorecendo de forma decidida á explotación familiar, ben individual ou de base asociativa.
- Formación en xestión e administración empresarial para o sector produtor.
- Formación de man de obra especializada para atender a crecente demanda.

- Apoio á investigación e innovación no sector reforzando o ecosistema de I+D+i sectorial.

-Impulso á produción e transformación de leite en sistemas ecolóxicos a fin de duplicar a súa participación actual na produción comercializada, tendo en conta o importante papel das producións gandeiras ecolóxicas na conservación do medioambiente, o mantemento da biodiversidade e a mitigación das emisións de gases de efecto invernadoiro á atmosfera.

-Apoio á mellora xenética e ás ferramentas xenómicas emerxentes.

-Apoio para a adaptación da produción láctea ás novas demandas sociais:mitigación do impacto ambiental da actividade agraria (calidade da auga e do ar), benestar animal, impacto paisaxístico.

-Apoio ás producións de calidade diferenciada (leite ecolóxico, leite de pastoreo, queixos con DOP,...) na consolidación da produción e na procura de novos mercados. As producións de calidade diferenciada serán obxecto de atención especial por parte daAGACAL, a fin de consolidar a posición dos produtos lácteos galegos nos mercados. O volume da produción acollida ás diversas fórmulas de protección da calidade incrementarase nun 30% ao longo da lexislatura, coa incorporación efectiva de novas marcas como a de Leite de Pastoreo de Galiza, en colaboración co sector produtor e asindustrias transformadoras.

-Apoio ao sector industrial de transformación do leite:

- Favoreceranse as iniciativas industriais, especialmente de base cooperativa, quecamiñen na dirección de aumentar o valor engadido xerado na cadea e do peche dos ciclos produtivos no País.
- Apoio á innovación industrial en procesos e produtos.
- Apoio á procura e consolidación de novos mercados, mercados emerxentes e operacións globais.

## Sector vitivinícola

-Elaboración dunha lei do viño de Galiza que considere as potencialidades da nosa vitivinicultura.

-Financiamento de medidas de reconversión e reestruturación de viñado, con especial atención a “proxectos singulares” de agrupación de viñedos.

-Apoio aos investimentos nos procesos de industrialización e comercialización, especialmente nas pequenas adegas.

-Impulso dentro do Banco de Terras de medidas específicas para fomentar o arrendamento a longo prazo de superficies de cultivo de vide.

-Fomento da implantación dos Contratos Homologados como a mellor forma para establecer relacións contractuais entre o sector produtor e o transformador, así comofórmulas que permitan o pago ao contado da uva.

-Reconstitución das distintas Mesas do Viño como ferramenta de interlocución dosector

coa administración.

-Fomento das producións ecolóxicas e do uso de infraestruturas verdes nos viñedos para mellorar a biodiversidade, a pegada de carbono e hídrica, así como a sustentabilidade ambiental dos viñedos.

-Aproveitar a imaxe de Galiza para desenvolver unha estratexia de promoción conxunta das distintas zonas vitivinícolas e do enoturismo, tendo en conta, á súa vez, as especificidades de cada comarca.

-Realizar un inventario dos viñedos máis antigos de Galiza, co fin de protexelos, favorecer a súa conservación e poñelos en valor.

-Impulsar Convenios para a Paisaxe nas comarcas vitivinícolas para a protección, xestión e organización dos seus valores.

-Viveiros de pequenas adegas: creación de espazos industriais asociativos nas distintas D.O. e I.X.P. co obxectivo de potenciar a elaboración directa por parte de persoas produtoras, que

permitan a “transición” cara unha industrialización a pequena e mediana escala, para novos proxectos industriais ou investigación en novos produtos elaborados.

## Sectores gandeiros de carne

### Vacún

Fomento da extensificación dos sistemas produtivos, principalmente a través do apoio económico e técnico á implantación de pradarias de calidade en terras infrautilizadas e da divulgación de sistemas de manexo extensivos. Apoio ás explotacións de zonas de montaña e/ou sistemas de produción extensivos. Fomento da agricultura e gandería de montaña que contribúa a dar un valor adicional aos produtos obtidos nestas áreas.

Apoio financeiro aos proxectos de cebo de becerros para frear a saída de animais para o seu engorde noutros territorios e que o valor acrescentado fiquen en Galiza.

Desenvolvemento de proxectos piloto de produción de vacas-nai en zonas de monte, fomentando o establecemento de pastos baseados en especies leguminosas, implantados por técnicas de agricultura de conservación.

Accións dirixidas ao conxunto da poboación para transmitir unha imaxe veraz e xusta, apoiada na evidencia científica, sobre as externalidades proporcionadas polos sistemas de produción animal baseados no consumo de pastos e forraxes, que contrarreste a imaxe negativa do sector derivada da mala prensa sobre os impactos da produción no medio ambiente, no benestar animal e na saúde humana e fomente o recoñecemento social da profesión de gandeiro/a.

Atención e asesoramento público das explotacións de vacún de carne dirixido, en particular, ás novas incorporacións da mocidade a este sector e ás iniciativas levadas a cabo pola comunidade en terreos de monte veciñal.

Revisión do papel e funcionamento da fundación pública “Centro Tecnolóxico da Carne”, para garantir e reforzar o seu papel ao servizo do desenvolvemento do

sector cárnico galego.

Apoio decidido á IXP Ternera Gallega e ás Razas Autóctonas Galegas. Potenciar a mellora xenética da raza Rubia Galega e doutras razas autóctonas, diferenciando a súa carne nos mercados mediante melloras na etiquetaxe e a aplicación de novas tecnoloxías.

Potenciar as producións ecolóxicas, mediante unha mellor promoción e o fomentode instalacións adaptadas para o sacrificio de animais en sistemas ecolóxicos.

Posicionar a carne de vacún galega como produto *premium*, evitando prácticas comerciais baseadas en grandes descontos.

Impulso ás actuacións destinadas a mellorar o posicionamento competitivo da industria de transformación.

### Ovino-cabrún

Impulso aos proxectos silvopastorais que impliquen a explotación comunitaria demontes veciñais para o pastoreo.

Apoio ás estruturas asociativas, co fin de que estas xoguen un papel dinamizador na transferencia tecnolóxica, a dotación de persoal técnico especializado, a comercialización, e a mellora e tipificación dos produtos. Impulsar a agrupación de produtores de ovino-cabrún con fins de defensa sanitaria.

Liñas de actuación destinadas á potenciación das razas galegas.

Impulso ao desenvolvemento do ovino-cabrún de leite en Galiza, tanto na produción primaria como na transformación industrial para a elaboración de queixos e na comercialización.

Establecemento dunha mesa de prezos para ovino e caprino, co obxectivo de fixar prezos de referencia e proporcionar unha maior obxectividade e transparencia nos contratos.

### Gandaría sen terra

Implantación dunha normativa galega sobre elaboración e comercialización de pensos, que garanta que estes son elaborados con materias primas aptas e de calidade.

Impulso de novos modelos de produción de gando porcino e avícola, potenciando a cría en extensivo de cara á obtención de producións cun maior valor acrescentado.

Mellorar a xestión das dexestións gandeiras, priorizando a economía circular a través do seu uso como fertilizante.

### Apicultura

Ademais da importancia económica da apicultura como actividade agraria



vertebradorado espazo rural galego, as abellas xogan un papel fundamental na polinización da maiorparte das plantas cultivadas e espontáneas, incidindo de forma decisiva na biodiversidade da flora autóctona.

Esta actividade está comprometida na actualidade por numerosos perigos, entre os que se contan os derivados do cambio climático, o uso incorrecto de pesticidas e a acción de especies depredadoras invasoras, polo que é necesario fomentar

decididamente o mantemento de poboacións de abellas, atendendo ao seu papel centralde especie produtora e, sobre todo, polinizadora da flora silvestre e cultivada.

Por este motivo, a mellora da apicultura en Galiza é un compromiso do BNG, que dentro das accións a desenvolver no novo goberno incluírá a **redacción dun Plan Apícola de Galiza**, orientado á consolidar este sector na súa dualidade produtora/preservadora da biodiversidade, que conterà **medidas adicionais ás contempladas na normativa deaxudas actuais da PAC**, concretadas en:

- a. Axudas directas por colmea para fomentar a polinización e biodiversidade, favorecendo os apiarios fixos espallados en distintas localidades e transhumantes.
- b. Redución da carga burocrática na aplicación das normativas sanitarias e de trazabilidade, entre outras.
- c. Reforzo do control de calidade das meles importadas así como das adulteraciónsdo mel envasado.
- d. Reforzo do apoio á IXP Mel Galego.
- e. Axudas específicas para a adopción e mantemento de prácticas de apicultura ecolóxica
- i. Plan especial de loita contra a *Vespa Velutina*:. Coas seguintes medidas
  - Crear un Comité Asesor de carácter transversal (das consellarías implicadas) que coordine e informe todas as experiencias, investigacións e estratexias de control desta especie invasora. Neste Comité estarían representados todos os sectores afectados por esta especie invasora e predadora.

-Deseñar e levar a cabo unha campaña de trampeo masivo para a próxima primavera de parte da Administración previo asesoramento do citado Comité tendo en conta que debe ser sistemática, planificada e levada a cabo por persoal técnico. Terase en conta os diferentes tempos de aparición da primavera e polo tanto do cese da invernada das raíñas e comezo da súa actividade.

-Deseñar e levar a cabo un Plan Piloto de Control Remoto mediante a utilización de troianos controlados arredor de varias zonas representativas da presenza e presión do tártago, avaliación de resultados, análise e seguimento no Comité Asesor, da súa implantación.

-Facer públicos os datos de Seaga a respecto da retirada de niños, localización, incidencia, se é o caso, trampeo...

-Promover e coordinar investigacións arredor deste insecto para coñecer as súas estratexias de colonización, avance e implantación encamiñando as mesmas á un maior coñecemento do mesmo e a posibilidade da obtención de feromonas que faciliten a captura das mestras primarias posibilitando así unha recuperación do equilibrio dos insectos polinizadores hoxe ameazados.

## Sector hortofrutícola e flor

Revisión, dotación orzamentaria e posta en funcionamento das medidas da Estratexia da Horta de Galiza, na que se incorporan medidas relativas ao fomento do sector da horta, flor e planta ornamental.

Implementación do selo de calidade “Horta de Galiza”, que ampare e identifique os nosos produtos da horta.

Fomento do consumo de produtos hortícolas de tempada nos comedores dependentes da Xunta de Galiza.

Axuda ao incremento da horticoltura ao ar libre, nomeadamente con produtos decalidade diferenciada como pode ser o grelo.

Dotación de medios humanos e materiais suficientes aos Bancos de xermoplasma de Galiza para garantir a conservación das sementes e castes alí custodiadas e para levar a cabo a os traballos necesarios de avaliación agronómica, organoléptica e de mellora xenética orientada á súa valorización comercial, creando un marco estábel de colaboración con empresas multiplicadoras e viveiros especializados a fin de garantir o acceso público ás especies e variedades cun valor comercial recoñecido.

Elaboración e posta en funcionamento dun Plan de Análise e Desenvolvemento da Fruticultura de Galiza, abrangendo tanto ás especies de froito de pebida e de óso, así como aos froitos secos. Prestarase especial atención ao fomento da produción apoiada nas castes con valor comercial recoñecido que se conservan nos Bancos de xermoplasma de Galiza e iniciaranse traballos de prospección e avaliación doutras especies de froiteiras, como as nogueiras.

Reforzo das capacidades existentes de investigación e innovación no sector hortofrutícola galego, dirixido á sostibilidade e uso eficiente dos recursos, mellora xenética da produción así como das técnicas de postcolleita e calidade da froita e hortalizas frescas, nas especies de maior interese para Galiza.

Establecemento dun programa específico dirixido ao cultivo da castaña, dotado de forma estábel con medios materiais e humanos suficientes, para a avaliación e mellora das variedades autóctonas e para o estudo da resistencia de patróns deste cultivo a factores bióticos e abióticos, continuando os traballos realizados no CIFOR de Lourizán e suspendidos desde hai dous anos.

Elaboración dun plan específico de novas plantacións de castiñeiro para froito e de mellora das plantacións existentes.

Investigación, divulgación e promoción de medidas de loita sanitaria non

agresiva. Creación da Rede Galega de Sementes, Plantas e Gaios.

## **Pataca e cereal**

Mellora de infraestruturas que permitan reducir custos: regadío integral e mellorado seu uso.

Impulso ás estruturas de produción de pataca de semente propia.

Posta en marcha actuacións para o incremento da transformación industrial da pataca en Galiza.

Plan de promoción para a IXP Pataca de Galicia e fomentar a adhesión a mesmade máis produtores.

Apoio á instalación de empresas transformadoras, dando prioridade a aquelas iniciativas cooperativas.

Fomento da produción de cereais de calidade en Galiza.

Reforzamento da política de apoio á cooperación entre produtores de cereal e industria, para o desenvolvemento da produción.

Impulso das medidas de vertebración intrasectorial, nomeadamente a través do impulso da contratación homologada.

Extensión do programa de implantación dos pastos de montaña, coa inclusión do fomento da recuperación de variedades autóctonas de centeo do país xunto coas IXPs de Pan de Cea e Pan Galego (Caaveiro e Callobre), como ferramenta de recuperación da superficie cerealeira galega e da nosa soberanía alimentar.

## **Desenvolvemento da agroindustria e comercialización dos produtos agrarios**

Fomento da participación dos agricultores e gandeiros na industrialización e comercialización dos seus produtos mediante fórmulas asociativas e cooperativas.

Establecemento dunha estratexia selectiva de participación directa do capital público naqueles sectores onde for necesario.

Aplicación selectiva das axudas públicas aos investimentos na industria, concentrando o apoio naqueles proxectos que permitan desenvolver liñas novas e produtos de alto valor engadido, produtos transformados, IV e V gama e liñas novas, así como os promovidos por empresas que asinaren acordos interprofesionais.

Potenciación das marcas de calidade (Denominacións de Orixe, Denominacións de Calidade).

Simplificación da venda directa e da produción a pequena escala. Potenciación dos

circuíto curtos (km 0 ) como mellor forma de garantir produtos de calidade ao tempo que se contribúe ao tan necesario aforro enerxético.

Impulso da produción de artesanía alimentaria, paralizada durante unha década polo goberno do Partido Popular.

Rede de matadoiros móbiles comarcais e regulación sanitaria específica que permita a comercialización da produción das pequenas explotacións gandeiras nos circuíto curtos (km 0). Programa de recuperación de matadoiros municipais abandonados ou en desuso, en todas as cabeceiras de comarca, para permitir aos pequenos produtores abaratar os custos de sacrificio e fornecer de ferramentas que permitan a súa independencia e capacidade de decisión na cadea alimentaria.

Mellora das axudas á automatización, dixitalización e industria 4.0, que implica dar prioridade ás subvencións vinculadas á implantación de procesos de automatización na produción. Isto non só reducirá os custos loxísticos, racionalizará os procesos e aumentará a produtividade, senón que tamén contribuirá a garantir o benestar animal, mellorar a calidade dos produtos e a percepción do consumidor.

Optimización da eficiencia enerxética e promoción do uso de enerxías renovables nas industrias, como aspectos esenciais para avanzar cara un modelo máis sostible e respectuoso co medio ambiente.

Desenvolvemento dun Plan de Conectividade e 5G orientado a que todas as industrias agrarias de Galiza teñan acceso a internet de calidade. Esta iniciativa será fundamental para impulsar a dixitalización e a integración das novas tecnoloxías no sector.

## Un monte galego con futuro

A xestión do monte no país, debido en gran medida ao abandono das áreas rurais e aos cambios nos modelos de vida, demanda innovación para o futuro do monte e do medio rural. O modelo tradicional non é válido, non hai poboadores. Debemos centrar a solución dos lumes forestais na política preventiva, co deseño dunha política de aproveitamento sostible do territorio (actividade agraria).

Así, debemos partir do deseño de medidas que visualicen o escenario a 20 anos e intentar mirar con ollos de oportunidade o actual abandono de boa parte das terras demonte.

### PROPOSTAS:

- j) “Centros de xestión do monte”, pensando nunha ferramenta pública de apoio á xestión do monte privado.
- k) Apoiar técnica, económica e financeiramente os modelos de xestión conxunta nos polígonos agrícolas, gandeiros ou forestais (modelo UXFOR).

- l) Defensa do modelo xermánico de propiedade. Recoñecemento da propiedade comunal. Fiscalidade específica para CMVMC adaptada á realidade galega.
- m) Traballar en novos modelos de xestión do monte, crealos e incentivar o arrendamento. Devolución ao uso agrario das superficies indebidamente forestadas, como elemento necesario para tender á soberanía alimentaria da poboación galega.
- n) Sobre a base do carácter multifuncional do monte, establecerase unha estratexia de regulación das masas de eucalipto.
- o) Medidas fiscais que penalicen economicamente a actividade produtora en masas desordenadas e favorezan a realizada en masas onde se apliquen técnicas silvícolas correctas.
- p) Con carácter xeral, regularase a produción nas zonas forestadas en terreo de monte, orientada á aplicación de técnicas silvícolas con limpezas de mato, rareos e podas con orientación protectora-productora.
- q) Priorizar modelos de gandaría extensiva e ecolóxica nos montes.
- r) Novos modelos de xestión das comunidades de montes sen veciños/as.
- s) Plan de recuperación e posta en valor das masas de frondosas.
- t) Fomento da produción de madeira de calidade e do seu uso para carpintería, móbeis e usos estruturais na construción, así como para a provisión de produtos bio-baseados (téxtil, embalaxes, enerxía e mesmo a construción e electrónica), atendendo ao aumento da demanda de materiais e produtos naturais, renovables, sostibles e de baixo impacto ambiental. A biomasa forestal, a madeira e os produtos e materiais derivados da madeira deben posicionarse para satisfacer as demandas da nova bioeconomía.
- u) Artellar actuacións financeiras e axudas para atraer e impulsar oportunidades de emprendemento local en base á valorización dos ecosistemas forestais autóctonos, que permitan visibilizar os distintos aproveitamentos ecosistémicos (almacenamento de carbono nos solos e vexetación), ambientais (biodiversidade, defensa contra o lume) e culturais apoiados en actividades da economía local. Ofertar produtos e servizos á sociedade mediante un modelo de xestión con rendibilidade económica, baseado nun monte con especies autóctonas, de crecemento máis lento, pero multifuncional e biodiverso.
- v) Concentración e simplificación normativa.

### Lumes forestais:

#### *Política integral preventiva:*

Tomando como referencia o deseño de faixas de xestión de biomasa, a planificación de actividades preventivas sobre o territorio precisa un esforzo adicional na identificación dos puntos con maior perigo de incendio, a identificación dos valores en risco (forestais non forestais) e a priorización de actividades en **puntos de maior risco potencial e zonas estratéxicas**. Paralelamente é preciso un traballo de extensión agroforestal, que, entre outros obxectivos, consiga a conciliación dos intereses que teñen os distintos axentes sobre o territorio e a efectiva aplicación das medidas preventivas que

precisa

un territorio máis preparado ante os lumes (por exemplo, creando novos equipos de prevención integral de incendios). O principal obxectivo deste último punto é evitar queo lume siga sendo a expresión de conflitos sobre o uso da terra.

#### *o Política de extinción*

De xeito adicional, resulta importante tamén dedicar esforzos na labor de **extinción** adeseñando as actividades de autoprotección de axentes en risco por incendio forestal(vivendas, núcleos ou infraestruturas), de xeito que se evite o efecto de absorción de recursos de extinción en caso de incendio.

A falta de equilibrio entre o investimento en prevención e en extinción, particularmentecentrado na adquisición de medios e equipamento tecnolóxico, non mellora a resilienciado territorio ante os eventos de incendios nin permite garantir a capacidade de extinción en todas as circunstancias.

A utilización de recursos debe responder a criterios de perigo, priorizando lugares estratéxicos sobre o territorio e concentrando esforzos naqueles sitios que presentan un maior risco.

É preciso seguir facendo avances nas actividades de xestión de emerxencia tras o incendio, concentrando esforzos naquelas zonas que presentan unha maior severidadedespois do paso do lume e mitigando os potenciais efectos negativos que estas áreas poden xerar e deseñar un programa de rehabilitación de áreas queimadas no medio e longo prazo.

Resulta imprescindible o apoio por parte dos centros de investigación públicos en materia agroforestal.

## **Mar.**

### **Estratexia de defensa e desenvolvemento do sector do mar e da cadea mar industria como pilar da economía galega**

A situación do sector marítimo-pesqueiro galego é o resultado de políticas que converteron á que era primeira potencia pesqueira europea nunha frota envellecida e mermada en número de buques, de capacidade pesqueira, de tripulantes e en peso económico.

Na industria conserveira e transformadora, que nunha gran parte traballa con produtos importados, ten cada vez máis peso de fondos de investimento estranxeiro.

A ocupación do mar por actividades moi alonxadas da extrativa, como a acuicultura intensiva e a eólica mariña prevista, gañan terreo progresivamente.

En canto ao ámbito das competencias exclusivas, pesca en augas interiores, marisqueo, miticultura e gran parte das decisións sobre control de vertidos e saneamento das rías, todos os datos indican un abandono paulatino e unha falta de interés sobre o coidado da calidade das augas e polo tanto dos sectores que viven delas. As actuacións que se levan a cabo fanse dun xeito rotineiro que se amosa cada vez máis inútil, sen ir á orixe dos

problemas e sen combater decididamente a contaminación, a introducción e existencia de especies invasoras mais, sobre todo, sen investigar as verdadeiras causas que veñen producindo dende hai anos unha alarmante perda de produtividade nas rías e sen actuar en consecuencia.

#### **Datos de referencia sobre o sector do mar:**

##### **. PIB (IGE):**

A pesca supón o 1,8% do PIB galego (no ano 2000 era un 2,4%), o 2,9% dos postos de traballo do conxunto da economía galega (no 2000 era o 3,8%) que aínda son 30.911 empregos.

O sector do mar no seu conxunto (pesca, marisqueo, miticultura, piscicultura e conserva) é a 4ª actividade económica do país, representa o 4,8% do PIB e supón 64.000 postos de traballo.

##### **. Menor peso da pesca extractiva (IDEGA):**

Dende 2011, o valor da produción de toda a pesca galega pasou de 3.705,4 a 5.548,03 m. e. (+49,7%) malia que a extractiva baixou de 1.014,9 millóns de euros a 673 (-66,3%), principalmente pola redución de cotas. O incremento débese aos 2.188,9 millóns de euros na conserva e os transformados a base de peixe. De aquí tamén o aumento das exportacións (récord de vendas en 2021 con máis de 2.400 m. e.), do que o PP sempre presume.

E nestas últimas, hai cada vez máis capital estranxeiro: A canadense Cooke mercou o 80% de Nueva Pescanova. Iberconsa (2º operador de peixe e marisco conxelado do Estado) pertence maioritariamente ao fondo estadounidense Platinum Equity dende 2019. A conserveira Albo, de Vigo, foi mercada na súa totalidade, no 2016, por un grupo chino. Conservas Garavilla, no 2015, por un grupo italiano. O mesmo grupo mercou 40% de Calvo en 2012. Discefa, da Coruña, principal distribuidor de polbo conxelado de Galiza pertence a un fondo de capital risco madrileño dende 2016.

##### **. Menos buques (REXISTRO EUROPEO DE BUQUES E CENSO GALEGO DE BUQUES PESQUEIROS), menos tripulantes (MINISTERIO SEGURIDADE SOCIAL) e menos PERMEX (CONSELLERÍA MAR):**

Entre 2010 e 2022 os buques pesqueiros en Europa reducíronse nun 11,4%. No mesmo período, en Galiza diminuíron un 16,8% (en Portugal un 10,4%), pasando de 4.952 a 4.240 (máis de 700 buques).

Dende o 2009, o rexime de afiliación á Seguridade Social da pesca e acuicultura caeu un 20% (de 23.552 afiliados a 19.627).

O número de permisos de marisqueo a pé pasou de 4.755 a 3.700 (-22%)

##### **. Máis vertidos nas rías (CONSELLERÍA INFRAESTRUTURAS):**

O Plan de Control de Vertidos de Augas de Galiza constatou que, en 2020, detectáronse 249 vertidos contaminantes ás rías galegas e no 2021 (só ata

setembro) foran xa 265. Polo tanto, as actuacións da Xunta en saneamento e depuración son totalmente insuficientes e, polo tanto, a produción pesqueira, marisqueira e mexilloeira está a sufrir cada vez maiores consecuencias.

. Eólica mariña (MITECO):

Potencial ocupación de 2.200 quilómetros cadrados de costa en Galiza, o 44% de todo o Estado.

A día de hoxe hai 12 proxectos presentados que, de levarse a cabo (algúns deles solápanse entre si) suporían máis de 500 MW de potencia (o Goberno central establecía entre 1.000 e 3.000 MW en todo o Estado para 2030)

## Liñas de actuación

### I) En relación coa UE

A hiperregularización do sector pesqueiro proven hoxe en gran parte da UE, que mantén unha políticouniformizadora e homoxeneizadora para o conxunto da frota europea, sen ter en conta a singularidade da galega, un sector que tampouco defenderon os sucesivos gobernos do Estado español e da Xunta de Galiza prexudicándoa e discriminándoa gravemente.

O obxectivo do BNG é rematar co desmantelamento deste sector produtivo, mantendo e recuperando a capacidade pesqueira e os postos de traballo no sector polo que cómpre despregar prioritariamene todas as accións políticas conducentes a

- . O recoñecemento de Galiza como “zona altamente dependente da pesca”.
- . A revisión do chamado “principio de estabilidade relativa, para garantir unha distribución equitativa e axustada ás capacidades produtivas de Galiza.
- . O recoñecemento da capacidade directa de negociación de Galiza, a súa participación e consentimento naquelas cuestións de especial relevancia en materia pesqueira, nomeadamente na reforma da PPC.
- . A negociación da distribución equitativa de cotas de pesca para a frota galega, que parta da capacidade extractiva do sector.
- . A esixencia da exención de TAC e cotas para a pesca artesanal e a súa redefinición.
- . Recoñecemento das confrarías e da actividade de marisqueo a pé na lexislación europea, sobre todo no referido á equiparación de dereitos con outras organizacións (OPPs) e sectores (marisqueo a frote).

No inmediato é urxente dirixir todos os esforzos a evitar e/ou minimizar as consecuencias de lexislación xa vixente e doutra en elaboración, que contrarresten os seus efectos



negativos sobre o sector pesqueiro e a actividade que del se deriva:

. Regulamento da prohibición das artes de fondo:

- Suspensión da prohibición das artes de fondo, exclusión das artes fixas como o palangre e o enmalle e rexeitamento da ampliación, contemplada no Plan de Acción da UE para conservar os recursos pesqueiros e protexer os ecosistemas mariños de zonas vedadas, sen informes científicos exhaustivos e sen os estudos pertinentes de impacto socioeconómico.
- Medidas compensatorias das consecuencias socioeconómicas derivadas da prohibición.
- Medidas que eviten despezo de buques e manteñan os postos de traballo na frota afectada.

. Negociación da adaptación das medidas recollidas no Regulamento de Control da Pesca á frota galega, nomeadamente

- A exclusión da frota artesanal do mesmo.
- Os mecanismos de regularización da frota pesqueira galega respecto da potencia dos motores das embarcacións, que eviten a expulsión de buques do mar.
- A eliminación da retroatividade nas sancións que impediría o acceso ás axudas FEMPA.

. Reforma da obriga de desembarque pola imposibilidade, na práctica, do seu cumprimento. A prohibición de descartar peixe sometido a cota que non dá a talla, que estea vedado ou para o que xa non se dispoña de cota implica sancións e problemas contínuas para o sector.

. Descarbonización da frota. A inviabilidade de prescindir dos combustíbeis fósiles para as embarcacións a día de hoxe fai necesario o mantemento transitorio das subvencións ao gasoil pesqueiro que quere prohibir a OMC. E tamén implica que o programa de redución de emisións nun 55% para o 2030, contemplado no Plan Fit For 55 da UE, se adapte a esa realidade.

## 2) En relación co Estado español

A centralización da maioría das competencias relacionadas co mar, coa costa e co sector pesqueiro galego no Estado vén conlevando unha histórica discriminación e o sometemento a normas dictadas fóra da nosa realidade que cómpre revertir:

. Transferencia das competencias dos portos de interese xeral do Estado, Salvamento Marítimo e loita contra a contaminación, navegación marítima e mariña mercante, investigación oceanográfica, inspección de buques, dominio público marítimo e marítimo-terrestre e mar territorial, ISM, formación, así como o traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral.

. Transferencia e xestión directa dos fondos FEMPA

. Declaración de Galiza como país libre de eólica mariña e de minaría submarina,

nomeadamente nas Áreas Mariñas Protexidas e nas Áreas Mariñas de Importancia Ecolóxica ou Biolóxica, incluíndo o Banco de Galiza fronte ás costas galegas.

. Implantación inmediata das medidas incluídas nas emendas do BNG á lei 5/2023, de Pesca Sostíbel e Investigación Pesqueira:

- Elaboración dun catálogo de enfermidades profesionais propias dos traballadores e traballadoras do mar, nomeadamente mexilloeiros, mariscadoras e mariscadores, percebeiros e mergulladores para a recolección de recursos específicos.
- Voto dos tripulantes embarcados en altura e grande altura.
- Convenios colectivos que garantan condicións laborais dignas para os tripulantes de pesca de altura, grande altura e litoral.

. Concentración das competencias de inspección no corpo de Gardacostas de Galiza (hoxe existen catro corpos de inspección: Gardacostas de Galiza, funcionarios do Ministerio de Agricultura e Pesca, Garda Civil e funcionarios da UE).

. Control e prohibición dos produtos importados provintes de países con estándares de calidade, de seguranza alimentaria, de orixe da pesca e de medidas de protección social e de seguridade no traballo que cumpre o noso sector e a industria galega.

. Renegociación do actual acordo de pesca con Portugal para a equiparación das cotas e as condicións que regulan a actividade.

. Modificación dos requisitos de acceso ás prestacións do ISM por ceses de actividade forzosa.

. Redución do IVE aos produtos pesqueiros.

. Medidas de fomento da remuda xeracional.

. Medidas de incorporación da muller á actividade marítimo-pesqueira.

### **3) En canto ás competencias propias da Xunta de Galiza**

Após 15 anos de Goberno do Partido Popular, o sector pesqueiro galego non só non foi defendido de lexislacións europeas e do Estado extremadamente gravosas. Tampouco, no referido a competencias propias, se levaron a cabo políticas firmes e decididas para a súa protección e apoio, para potenciar o seu desenvolvemento, aumentar os postos de traballo e contribuír ao medre da renda das comarcas pesqueiras.

As distintas problemáticas do mar en Galiza proveñen da falla de ferramentas propias para regular a actividade marítimo-pesqueira pero tamén da falla de implicación e vontade política e orzamentaria para facer fronte aos múltiples desafíos actuais dende as competencias das que xa dispón o Goberno galego.

É pois moi necesario exercer as competencias exclusivas que xa se teñen en toda a súa extensión e moi especialmente para o coidado e a preservación dos recursos das rías galegas, para a dignificación do desenvolvemento da actividade produtiva e para o incremento de riqueza e postos de traballo dignos.

Neste sentido, o BNG, á par do sector, leva anos denunciando a perda de produtividade das rías galegas e demandando que a Xunta de Galiza, en estreita colaboración co sector do mar, cos centros de investigación e co sistema universitario, analice as causas do deterioro medioambiental e da merma de produtividade. A partir desa análise debe desenvolver e executar un **Plano Estratéxico de Recuperación das rías** galegas (Plan Rías), con recursos propios e reclamando da UE e do Estado os fondos necesarios para o seu financiamento e que, cando menos, contemple:

- O control estrito de vertidos aos ríos e ao medio mariño, o progresivo e decidido saneamento das rías e a elaboración dun protocolo de desaugamento dos encoros.
- A recuperación e posta en explotación dos bancos marisqueiros que actualmente teñan experimentado descenso da produtividade, dirixida ao incremento das capturas, do emprego e da obtención duns ingresos dignos para manter a actividade.
- Promoción de hatcherys públicas ou mixtas para surtido de semente propia, eliminando así a dependencia exterior nos cultivos e garantindo a oferta necesaria de semente das distintas especies autóctonas.
- Creación dun seguro público de produción marisqueira que supla os efectos de eventuais perdas da produción.
- Control na introducción de especies mariñas alleas e depredadoras e contención da súa expansión no caso de non poder erradicalas.
- Potenciamento dos centros de investigación da Consellería do Mar e da colaboración entre estos e as universidades galegas e, nomeadamente, mellora do funcionamento do INTECMAR como principal ferramenta para o control mariño e a vixilancia constante da salubridade dos produtos do mar, ampliando a realización de analíticas aos fins de semana e días festivos co obxectivo de evitar as situacións que repercuten negativamente nos produtores e nos consumidores que se veñen dando reiteradamente na actualidade.

## Investigación

. Apoio ao estudo da bioloxía de novas especies para coñecer a capacidade de explotación e os mercados existentes para as mesmas, levando a cabo os estudos necesarios a través dos centros de investigación da Consellaría do Mar e liderando a busca de novas posibilidades produtivas.

. Promoción da investigación destinada a reutilizar e transformar para outros usos as cunchas e refugallos procedentes dos moluscos bivalvos, así como para a súa comercialización.

. Establecemento, de acordo co sector, dunha rede de reservas mariñas para mellorar o rendemento produtivo e garantir a biodiversidade e a reprodución, tanto xenético coma de especies e de ecosistemas.

. Creación dun Consorcio para a coordinación e o traballo en rede de todos os centros de investigación, as universidades e o sector co obxecto de dispor do maior complexo científico tecnolóxico europeo de estudo e coñecemento do mar, adicado fundamentalmente a:

- Estudo e investigación da contaminación
- Investigación do cambio climático en relación co mar e as rías.
- Investigación sobre usos de produtos do mar: Alimentación, estética, biomedicina, biomateriais ...
- Investigación e innovación en relación coa construción naval e novos prototipos (buques non tripulados para investigación, loita contra a contaminación, baixos en emisión ...).
- Estudos de apoio a sectores produtivos relacionados co mar.
- Desenvolvemento de sistemas de monitoreo e obtención de datos e tratamento mediante big data.

### **Comercialización**

. Obtención de valor engadido dos produtos. A unificación de lonxas, a procura de mercados e a posibilidade de venda directa como elementos fundamentais para tirar o maior rendemento posíbel de produtos que na actualidade só benefician a intermediarios ou vendedores externos ao mundo do mar.

. Creación dunha Sociedade mixta Comercializadora galega para a promoción do produto galego e como medio para obter o maior beneficio económico del, que leve a cabo a súa comercialización de xeito competitivo cos seguintes obxectivos:

- Elaboración dunha marca propia para os produtos galegos do mar que se identificarán na súa etiquetaxe.
- Levar a cabo os controis de mercado que impidan a mestura do produto propio con outro de procedencia descoñecida.
- Seguemento efectivo dos elos da cadea comercializadora e busca de acordos cos profesionais, cos distribuidores e cos grandes compradores para lograr vías de acordo e colaboración.
- Aposta decidida polas Denominacións de Orixe Protexida (DOP's).
- Proxección internacional e promoción dos produtos do mar da Galiza.

. Identificación clara da orixe galega dos produtos propios comercializados destinados á industria de transformación e elaboración.

### **Portos**

. Elaboración duna nova lei de Portos de Galiza, para reverter o carácter privatizador e de procura do lucro da actual na vez de cooperación e beneficio público. En tanto non se aprobe, modificarase a vixente nos seguintes aspectos:

- Exención do pago de taxas pola realización de actividades no denominado dominio público portuario ás administracións locais e ás entidades sen ánimo de lucro.
- Creación dun Órgano de Coordinación Portuario Municipal, como instrumento de participación institucional e social en materia de portos, onde estarán representados tanto o goberno local como Portos de Galiza.
- Axilización do procedemento para a transferencia da titularidade aos concellos dos espazos de dominio público portuario que estean integrados nos cascos urbanos das vilas e cidades e que non teñan uso portuario.
- Modificación do réxime sancionador para eliminar ou reducir as abusivas sancións que inclúe.

. Mellora das infraestruturas portuarias e dos servizos e mantemento dos portos galegos, en particular aquelas dirixidas a humanizar a actividade das redeiras.

### **Ensino pesqueiro**

- . Elaboración de programas acaídos nos diferentes campos das pesqueiras (elaboración, comercialización ...).
- . Coordinación dos distintos niveis de ensino relacionados co mar e a pesca: FP e universitaria.
- . Realización de cursos de formación de tripulantes adecuándoos á súa actividade laboral.
- . Realización de cursos de especialización que faciliten a formación de traballadores e alumnos galegos, como vía para incentivar a remuda xeracional.

### **Cultura mariñeira**

- . Implicación do ensino na posta en valor da cultura mariñeira.
- . Elaboración dun Plano de Recuperación do patrimonio marítimo e embarcacións tradicionais.
- . Establecemento dun programa de concesión de axudas a entidades sen ánimo de lucro destinadas á recuperación de embarcacións tradicionais para o uso en actividades de promoción sociocultural.
- . Exención do pago das taxas portuarias para as embarcacións tradicionais.
- . Campañas de divulgación e publicitación da nosa riqueza cultural no mundo do mar para a súa posta en valor.

### **Outras medidas**

- . Modificación, coa participación do sector, do Decreto polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidaos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia galega, para adaptalo á realidade actual e

evitar os múltiples problemas que xera a súa aplicación.

. Modificación do Decreto polo que se regula o Consello Galego de Pesca, para dotalo de maior capacidade de decisión e equiparar a representatividade de homes e mulleres.

. Recuperación para o público do Servizo de Gardacostas de Galiza.

## Comercio. Promoción do comercio local e de proximidade

As consecuencias das sucesivas crises económicas, da perda de capacidade adquisitiva das maiorías sociais, o avance do comercio electrónico, a proliferación de grandes superficies comerciais, a desregulación ou a dificultade no acceso ao crédito son grandes eivas para o desenvolvemento do comercio local.

Nos últimos 15 anos pecharon en Galiza 1 de cada 4 pequenos comercios como consecuencia das dificultades que atravesamos o sector máis tamén pola falta de políticas de apoio efectivas do Goberno Galego.

Para frear esta perda de negocios do tecido comercial galego son precisas medidas decididas que apoiem e impulsen ao comercio local; pola súa potencialidade para dinamizar a economía e polo seu papel como xerador de emprego; poñendo en valor a produción propia, apostando por un consumo sostible e polo seu papel fundamental para a cohesión e dinamización das nosos pobos e cidades, configurando o espazo urbano e dotándoo dun carácter único, facilitando que as rúas e prazas sexan lugares de encontro da veciñanza.

No BNG defende a posta en marcha de un PLAN INTEGRAL DE PROMOCIÓN DO COMERCIO DE PROXIMIDADE co fin de mellorar e fortalecer a posición competitiva do sector e frear a perda de tecido comercial froito da profunda crise que atravesamos o comercio.

Un plan que debe ser deseñado de maneira aberta e participativa contando coa participación activa de comercios, do tecido asociativo, das distintas consellerías e das organizacións sindicais, co fin de mellorar e fortalecer a posición competitiva do sector e frear a perda de tecido comercial froito da profunda crise que atravesamos o comercio.

Partindo unha diagnose previa da situación actual do sector comercial este documento recollerá as seguintes liñas de actuación:

- Tomaranse as medidas necesarias para **declarar Galiza zona saturada de grandes superficies comerciais** e establecer unha moratoria que impida novas aperturas na próxima década.
- Reclamar do Goberno do Estado a devolución das competencias invadidas en materia de regulación de horarios de apertura e períodos de rebaixas, co obxectivo de evitar a competencia desleal que sofre o pequeno comercio por parte das grandes superficies comerciais.
- Desenvolvemento de campañas multiformato de concienciación sobre a calidade e o **valor social do comercio en orixe** para contrarrestar o impacto da oferta permanente de baixada de prezos das grandes firmas.

- Impulso dunha plataforma de venda en liña para **facilitar o acceso á comercialización dixital das pequenas e medianas empresas** do noso país e así facelas máis competitivas.
- Posta en marcha dun ambicioso programa de formación e asesoramento para a mellora e modernización da xestión comercial, así como para incentivar a remuda xeracional.
  - Elaboración dun **Plan sectorial de equipamentos comerciais** co obxecto de lograr un nivel adecuado de equipamento comercial e unha correcta distribución territorial dos establecementos, que asegure a necesaria accesibilidade de toda a poboación a unha oferta comercial equilibrada e suficiente.
  - Fomento do **asociacionismo comercial** como estratexia que permite obter vantaxes, como incrementar a oferta, reducir gastos, acceder a campañas de promoción conxunta, etc.
  - Posta en marcha de campañas de promoción e fidelización do **comercio de proximidade**, incentivando o consumo no pequeno comercio, a compra de produtos locais e galegos, así como a distribución e relación comercial directa entre persoas produtoras e distribuidoras.
  - Fomento dos **centros comerciais abertos** como fórmula de oferta competitiva do comercio tradicional fronte a outros formatos.
  - Recuperación, fomento e modernización dos **mercados municipais e zonas comerciais** así como a rehabilitación e/ou mellora das súas contornas, que inclúa a peonalización de espazos a través dun Plan específico de apoio e fomento dos mercados de abastos e da cultura praceira así como das zonas de mercado e rianxo.
  - Aplicación de plans coordinados de promoción do turismo, da gastronomía e do comercio local, co obxectivo de estimular a actividade comercial das zonas tradicionais.
  - Programas de axudas para a implantación ou a mellora de establecementos específicos que comercialicen produtos autóctonos e de produción ecolóxica.
  - Establecemento dun fondo de avais mediante a fórmula máis acaída en que participen Goberno galego e concellos.
- Recoñecemento da artesanía como un ben cultural e patrimonial da Galiza.
- Apoio ao artesanado galego, fomentando a súa formación e profesionalización así como impulsar desde a administración galega o recoñecemento legal das súas especificidades laborais, colaborando co sector.
- Elaboración, en colaboración co propio sector artesán, de un **plan cuatrienal** que sirva de apoio, difusión, visibilización e comercialización da artesanía galega, en todas as dimensións. Neste plan establecerase, ao menos, un **calendario anual de feiras** a celebrar nas sete cidades galegas, así como nas zonas de especial interese artesanal .
- Creación, con carácter bianual, de unha **Feira Internacional especializada en Artesanía** que se celebrará nun dos recintos feirais de Galiza, para a visualización internacional do sector artesán galego."

## Turismo. Un novo modelo turístico para Galiza

A redefinición do modelo e da estratexia turística de Galiza, adaptándonos de maneira real á **Declaración de Glasgow**, debe ser o obxectivo fundamental na próxima lexislatura. E este novo modelo debe axudar a reequilibrar demográfica, territorial e produtivamente Galiza. Ademais, de servir como ferramenta para profesionalizar e revalorizar o sector, facéndoo máis competitivo ao tempo que se incrementa a calidade no destino e se avanza na erradicación de prácticas perversas que están a debilitar a actividade dos colectivos directamente implicados na xestión profesional do turismo.

O novo modelo turístico debe basearse nun estudo dos datos de comportamento do mercado e das persoas que elixen Galiza cada ano. A análise científica destes datos guiará as políticas de planificación, xestión de fluxos, regulación das actividades e a implementación de servizos e infraestruturas turísticas no territorio. A actividade será estudada e clasificada tipoloxicamente para deseñar os espazos e as actividades, tendo sempre a sustentabilidade como principio reitor do turismo en Galiza. O obxectivo principal será a xeración de valor, baseada en criterios da calidade fronte aos da cantidade, buscando evitar problemas de sobrecarga nos espazos naturais e urbanos e tratando de atraer o perfil turístico máis rendíbel social, medioambiental e economicamente.

O turismo como unha actividade que se entrelaza con múltiples facetas da nosa vida, debe desempeñar un papel crucial nas estruturas de planificación territorial, urbanística, paisaxística e económica. O turismo debe convivir harmoniosamente con outras actividades, aportando perspectivas especializadas na definición dos documentos reitores que se analicen en cada caso. Por iso, un dos obxectivos fundamentais será a valorización das nosas singularidades como nación e dos nosos valores como pobo. Buscamos que a actividade turística sirva para mellorar a situación do noso patrimonio histórico, cultural, paisaxístico e mesmo lingüístico, outorgándolle ao turista unha experiencia singular e única: a experiencia galega.

Para lograr isto, deseñaranse os espazos de colaboración público-privada para a reflexión sobre o sector, os modelos e a análise de problemas en tempo real. Involucraremos aos axentes sociais, ás entidades locais e aos entes de xestión nos diferentes territorios turísticos de Galiza, a analizar e reflexionar sobre o turismo, para valorizar o sector a o seu peso económico no territorio e fuxir da política de datos macro que non poucas veces provocan debates negativos para as actividades turísticas. Traballaremos xuntos na redefinición do novo modelo, na definición dunha nova Estratexia Galega de Turismo que aposte pola calidade, competitividade, sustentabilidade e profesionalización do sector.

### Propostas para un novo turismo para Galiza

Fican claros os eixos reitores desa nova política turística para Galiza: Gobernanza (planificación), Intelixencia (xeración e xestión de datos), colaboración público-privada sustentabilidade, revalorización do sector e xeración de riqueza e oportunidades.

#### Medidas concretas:

I. **Adaptación do Marco Lexislativo:** A Lei de Turismo de Galicia de 2011, aínda que foi un marco regulador importante na súa época, hoxe en día está amplamente superada pola rápida evolución do sector turístico e o significativo crecemento



experimentado na última década. Esta lei non foi capaz de adaptarse e responder eficazmente a novos desafíos e problemas que emerxeron co paso do tempo.

Un dos problemas máis notables é a **masificación de espazos concretos**, que pode levar a unha sobrecarga de infraestruturas, deterioro do medio ambiente e unha experiencia turística degradada. A lei actual non proporciona solucións suficientes para xestionar e controlar estas realidades.

Outro problema é o do **autocaravanismo incontrolado**, que se converteu nunha tendencia popular pero que xa está xerando conflitos como a ocupación ilegal de espazos públicos e privados pola falta de instalacións adecuadas para estes vehículos, ocasionando un impacto ambiental considerábel.

**Así mesmo, o crecemento das vivendas turísticas** tamén está ocasionando problemas para o acceso da poboación ao uso residencial das mesmas, e mesmo depreciando o valor doutros recursos aloxativos que xeran maior valor engadido. A lei actual non proporciona xa un marco regulador claro para equilibrar os intereses de residentes locais e os visitantes turísticos.

Polo tanto, é evidente a necesidade dunha nova Lei de Turismo de Galicia que poida abordar estes desafíos e proporcionar un marco regulador actualizado e adaptado á realidade turística actual de Galicia. Esta nova lei deberá centrarse en promover un turismo sustentable e responsable, protexendo os dereitos dos residentes locais, preservando o medio ambiente e garantindo unha experiencia turística de alta calidade.

2. **Reforzo da Estrutura Administrativa:** Reforzaremos a estrutura administrativa e o papel do Turismo no organigrama do Goberno da Xunta de Galiza, evitando duplicidades administrativas entre consellarías e establecendo modelos de gobernanza que animen a participación público-privada na reflexión e análise de modelos.
3. **Redefinición do Xacobeo:** Redefiniremos o Xacobeo e os seus obxectivos turísticos e culturais, buscando frear a banalización dos itinerarios e unha mellor experiencia turística no Camiño. Elaborarase un Plan de Xestión que evite a conxestión do Camiño de Santiago, reequilibre o peso dos diferentes camiños e inclúa plans específicos para as zonas saturadas ou con risco de saturación.
4. **Eventos Turísticos Sectoriais:** Impulsaremos e apoiaremos os eventos turísticos sectoriais de carácter profesional e o Turismo MICE, para o que contamos con infraestruturas altamente competitivas e un alto valor engadido na oferta complementaria.
5. **A Enogastronomía como recurso de alto valor:** Potenciaremos o perfil enogastronómico da nosa oferta turística como un dos valores fundamentais. A percepción turística da nosa oferta neste ámbito é sempre moi alta. En colaboración cos sectores implicados, produción e recolección de alimentos, transformación, distribución e restauración, buscarase pór en valor toda a cadea enogastronómica procurando xerar riqueza e oportunidades sobre todo nos espazos rurais que funcionan como despensa da restauración local, buscando que a experiencia gastronómica estea intimamente ligada e comprometida co territorio e o seu desenvolvemento sustentábel.
6. **Diversificación das Propostas Turísticas:** Diversificaremos as propostas turísticas de Galiza máis aló do sol e praia, espazos naturais, balnearios, buscando o

equilibrio territorial, a minoración de densidades residenciais, a preservación de espazos, e a creación de emprego de calidade, ademais de incentivar o arraigo das empresas no rural galego.

Apoiaranse actividades turísticas e a creación de empresas en ámbitos nos que Galiza, tanto no interior como na costa, é especialmente atractiva, o surf e as actividades náuticas na costa ou o sendeirismo, o montañismo ou o ciclismo no interior.

7. **Redefinición do Turismo Rural Galego:** Impulsaranse medidas de apoio ao Turismo Rural, un sector grande que nestes momentos se atopa estancado ou en lixeiro retroceso e que ten que ser un dos motores do turístico nos pequenos concellos. Analizaranse as causas do estancamento deste turismo para implantar medidas de recuperación do sector.
8. **Deseñarse unha Estratexia de Turismo Urbano:** O turismo urbano segue medrando sen que Galiza conte cunha estratexia de turismo para o enorme potencial que teñen as súas cidades en múltiples niveis da demanda turística actual. Cada vez é maior o turismo que se achega aos nosos ámbitos urbanos sen que exista planificación para atender as súas demandas nin para evitar e regular os conflitos de masificación puntual de espazos.
9. **Observatorio Turístico de Galiza:** Potenciarase o Observatorio Turístico de Galiza, en colaboración co Clúster de Turismo, as Universidades, as Escolas de Turismo e as entidades fornecedoras de todo tipo de datos que afectan ao turismo e á súa planificación.
10. **Consellos Consultivos Sectoriais:** Constituiremos consellos consultivos sectoriais por actividade turística, como órganos de reflexión e colaboración na definición de modelos e planificación.
11. **Órgano de Inspección Turística:** Crearemos un verdadeiro órgano de inspección turística que loite contra o intrusismo e que persiga actividades turísticas non profesionais ou non axeitadas aos criterios de sustentabilidade.
12. **Definición dos Perfís Profesionais:** Estudarase e definiranse os perfís profesionais axeitados para as diferentes actividades de xestión turística que se presten en Galiza. E procurarase que a oferta de ensino regrado, universitaria, media ou profesional, contemple as demandas profesionais no sector. Co obxectivo de valorizar o emprego no sector turístico e contar cunha profesional ben cualificada que incida positivamente na competitividade turística e na profesionalización do sector. Loitarase activamente contra a precarización laboral no sector.
13. **Rexistro Profesional Actualizado:** Manterase un rexistro de servizos, empresas e profesionais turísticos permanentemente actualizado.
14. **Loita contra o Intrusismo:** Loitarase contra o intrusismo no sector, obrigando a que as administracións e empresas que accedan ás axudas e subvencións en materia turística, contén cos perfís profesionais axeitados á xestión turística. Apostaremos pola mellora na calidade da formación e pola formación continua para o sector, o reforzo da inspección e unha nova ordenación dos establecementos e vivendas turísticas que supere as deficiencias actuais. A Xunta de Galiza colaborará coas entidades locais na profesionalización do sector co obxectivo de eliminar a temporalidade nas contratacións

públicas de persoal técnico de turismo, converténdolas en contratacións de postos de carácter estrutural.

15. **Mobilidade en Transporte Colectivo:** En canto á mobilidade interna, buscaranse solucións transversais ás dificultades de mobilidade de persoas en transporte colectivo no territorio galego, que evidentemente sirvan para a xestión do turismo mais tamén para solucionar un problema que afecta sobre todo á poboación residente e que urxe solucionar. A modelo de mobilidade pasará por fórmulas de transporte sustentábeis e responsábeis co medio natural e coa realidade do territorio.

Na mobilidade exterior, buscarase aumentar e diversificar a conectividade aérea coas principais cidades internacionais, principalmente con aquelas cidades emisoras da tipoloxía de turismo que poida máis beneficiosa para Galiza no plano da rendabilidade medida en criterios de calidade.

Traballárase tamén en establecer medidas para un mellor aproveitamento económico da chegada de cruceiros aos nosos portos estudando estratexias que minoren economicamente o impacto ambiental que ten esta tipoloxía de turismo.

16. **Emprendemento e captación de investimento:** Incentivarase o emprendemento en materia de turismo, apoiando novos modelos de negocio que axuden a xestionar fluxos e a configurar paquetes, prioritariamente os que, baseándose na sustentabilidade, aposten polos recursos do rural galego buscando convertelo nun territorio competitivo e con presenza no mercado emisor.

17. **Os obxectivos da Declaración de Glasgow:** O turismo do futuro inmediato ou será sustentábel ou non será. As propostas enunciadas anteriormente terán que incidir con urxencia nos obxectivos de loitar contra o cambio climático recollidos na Declaración de Glasgow.

## Eixo 6. Un país asentado na ciencia, no coñecemento e na tecnoloxía

### i. I+D+i

Galiza leva perdidos moitos anos en materia de I+D+i pola desidia do Partido Popular. A súa falta de visión estratéxica e o desprezo amosado pola ciencia e a investigación ao longo deste tempo, sitúan o noso país á cola en investimento (1,1% do PIB) moi lonxe da media do estado (1,43%) e da media europea (2,3%).

Retos e accións estratéxicas:

- a) Incrementar o **investimento en ciencia I+D** de maneira progresiva até o **3% do PIB en 2030**.
- b) Dedicar á ciencia, I+D, o **3% dos orzamentos**.
- c) Definición dunha **carreira profesional investigadora** para todo o persoal científico— técnico que desenvolve a súa actividade nos centros de investigación e prestación de servizos tecnolóxicos.
- d) Crear unha verdadeira **Axencia Galega da Ciencia** que coordine os diferentes grupos científicos incentivando a colaboración no sistema científico, centralizando a xestión e orientando o sistema investigador cara á resolución dos problemas da sociedade.
- e) **Creación da Innogal, Fundación galega para a ciencia**, entendida como unha fundación sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e independente cuxo obxectivo é impulsar, promover e desenvolver a investigación e xeración de coñecemento científico, humanístico e tecnolóxico en beneficio da sociedade, do Sistema Universitario Galego, dos centros de investigación e, en xeral, do ecosistema investigador de Galiza.
- f) Deseño dun **programa forte de retención, captación e retorno de talento**.
- f) Promoción da **ciencia aberta** mediante a creación de repositorios institucionais de publicacións, metodoloxías, datos...
- g) Impulsar a **cooperación e coordinación** entre os distintos axentes do ecosistema investigador galego a través da creación da **Rede galega de coñecemento, ciencia e tecnoloxía**.

## AS PERSOAS, CHAVE DA CIENCIA

-- Definición dunha **carreira profesional investigadora completa**, desde a formación á consolidación, para todo o persoal científico— técnico que desenvolve a súa actividade nos centros de investigación e prestación de servizos tecnolóxicos. Todas as políticas que decidan apostar polo I+D teñen que visar cara á creación e potenciación dun sistema científico que non teña como obxectivo principal a cantidade ou a competitividade senón a calidade da ciencia feita no país e para o país.

-- Mellora das condicións laborais das investigadoras e investigadores predoutorais: Para tal fin propóñense as seguintes medidas:

- Contratación dos/as investigadores/as predoutorais, con plena cotización á seguridade social, dereitos laborais, vacacións reguladas, dereito a paro...
  - Aumentar o número de contratos pos-doutorais nas súas convocatorias anuais en función do número de teses lidas cada ano.
  - Crear un Estatuto Galego do Persoal Investigador en Formación, que recolla os dereitos de todo o persoal investigador en formación, pre—doutorais, pos—doutorais, alumnado con bolsas de colaboración..., independentemente de se tiveren contrato ou non.
  - Posibilidade de acceder a todas as bolsas/contratos independentemente da idade ou do ano de finalización do grao/mestrado, impedindo a discriminación por idade e a caducidade encuberta dos títulos académicos.
- **Plan Retorna de persoal investigador, técnico, tecnólogos/os e persoal de apoio** á investigación emigrado a outros estados ou a outras zonas do Estado español e Plan de Retención do persoal investigador, técnico, tecnólogos/as e persoal de apoio.
- Garantir como mínimo a taxa de reposición entre o persoal docente e investigador universitario camiñando cara á creación neta de emprego.
- Aumentar o persoal en postos de técnicos/as de apoio á investigación e tecnólogos/os, traballo moitas veces realizado por persoal predoutoral ou por persoal xa contratado durante horas extras non pagadas.
- Posibilidade de todo o persoal investigador predoutoral de impartir horas de docencia, dirección de TFG e TFM sen necesidade de posuír unha bolsa específica para iso, xa que contarán para o seu currículo e o feito de ter un contrato non implica unha maior capacidade de docencia.
- Impulsar os doutoramentos industriais en empresas galegas, permitindo a formación de novos/as traballadores/as da ciencia en campos aplicados.
  - Estabelecer convocatorias de persoal pre e posdoutoral asociada a proxectos.
  - Fortalecer a contratación de persoal técnico e investigador conxuntural máis alá do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, non condicionados pola idade das persoas demandantes.
  - Promoción da solicitude de proxectos por parte da Xunta e das empresas aos grupos de investigación, facendo que pasen a ser actores activos tanto na formación coma no aproveitamento do I+D.
  - Incentivar a transferencia do coñecemento ao tecido produtivo.
  - Incentivar, no caso dos proxectos aplicábeis, a cooperación da universidade coas empresas.
  - Favorecer a creación de spin off e empresas que produzan grazas ao coñecemento extraído da investigación.
  - Empregar a Axencia Galega da Ciencia para coordinar a diferentes grupos para

crear colaboracións entre eles, axudando na xestión e na prestación de servizos tecnolóxicos.

- Transferencia a Galiza das competencias e dos medios materiais do CSIC radicados en Galiza.

## A UNIVERSIDADE, XERADORA DE COÑEC EMENTO

Impulso ao sistema universitario de I+D: o BNG impulsará a investigación universitaria no sistema galego de I+D+i de xeito que poida desenvolver axeitadamente a súa misión básica: a xeración de coñecemento e a súa difusión a través dunha educación superior de calidade. Estas actuacións centraranse na:

- Promoción xeral da investigación, que ten como obxecto darlles soporte aos aspectos básicos e xerais da actividade de I+D e da produción científica como elemento esencial no proceso de xeración de novo coñecemento.

Apoiaranse entre outras as seguintes medidas:

- Financiamento basal regular dos grupos potenciando a calidade da investigación, as actividades de transferencia, o dinamismo e o tamaño destes.
- Financiamento en convocatorias regulares de proxectos de I+D+i que fomenten a colaboración empresa—universidade e mobilicen fondos privados para a investigación. (volver o programa INCITE).
- Facilidades para o mantemento do persoal técnico e investigador nos grupos á marxe das necesidades docentes das universidades.
- Fomentar o retorno do talento que marchou durante a crise.
- Fomento da internacionalización da actividade dos grupos e axuda para a consecución de fondos europeos.
- Consolidación e estruturación do sistema Público de I+D, que deberá promover a consolidación e especialización competitiva das unidades de investigación. Para iso prestarase especial atención á consolidación e articulación de servizos de apoio, en particular ás infraestruturas e ás unidades de xestión da innovación.
- Posta en valor das capacidades e resultados da investigación pública.

Nesa dirección o BNG potenciará os viveiros de empresas de base tecnolóxica ou spin-off, a creación de novas empresas a partir de ideas xurdidas das actividades de investigación que levan a cabo os centros públicos.

## TRANSFERENCIA DE COÑEC EMENTO AO TECIDO PRODUTIVO

**Programa de Articulación do Sistema de Investigación e Innovación:** O BNG impulsará un modelo de transferencia de tecnoloxía que facilite a integración dos coñecementos científicos e a tecnoloxía empresarial, de xeito que a combinación do sistema

público de I+D e os centros de investigación e innovación sexan o gran laboratorio de I+D do tecido empresarial galego, para o que levaremos a cabo as seguintes medidas:

- I. Apoiar a creación e desenvolvemento de centros de alto nivel e excelencia científica.
- II. Favorecer as relacións de colaboración na investigación entre os centros de investigación, as universidades, os centros tecnolóxicos e as empresas.
- III. Completar a oferta de centros tecnolóxicos e de investigación existente en Galiza e fortalecer a recién creada rede de Centros Tecnolóxicos de Galiza.
- IV. Crear novos espazos para actividades de I+D e innovación que completen a oferta galega de servizos avanzados e de solo para a I+D e a creación de empresas de base tecnolóxica, coa rede de incubadoras de empresas e a oferta de espazo en réxime de aluguer na rede de Parques Científicos e Tecnolóxicos.
- V. Para o axeitado desenvolvemento das funcións dos complexos hospitalarios, o BNG impulsará o traballo en rede, a capacitación dos seus recursos humanos e unha maior relación coas organizacións de soporte da innovación.

**Programa de investigación e innovación empresarial:** o BNG levará a cabo programas de impulso aos sectores empresariais centrados no apoio á I+D aplicada, isto é, á actividade de investigación desenvolvida fundamentalmente polas empresas xunto co resto dos axentes do sistema. Serán programas priorizados, en que o carácter estratéxico dun proxecto, dunha tecnoloxía ou dun problema tecnolóxico determinan o apoio que van recibir, e buscarán a concentración e o impacto do esforzo realizado, o que significa que o obxectivo é financiar actuacións articuladoras, en que conflúan diversos axentes e se prime a calidade.

## **PERSPECTIVA DE XÉNERO, IGUALDADE E CONCILIACIÓN FAMILIAR NA CIENCIA E NA INNOVACIÓN**

Creación dun Departamento de xénero e igualdade dentro da Axencia de investigación, con dotación de persoal formado en igualdade e xénero, procedente do ámbito da educación social, socioloxía/psicoloxía e tamén persoal con formación xurídica. Obrigatoriedade de contar con Oficinas Xénero e Igualdade en todos os centros de investigación, universidades, etc., dependentes do Departamento de Xénero e como canle directo para proporcionar información e asesoramento en todas as cuestións dependentes do Departamento de Xénero, que ademais actúen como observatorio para o cumprimento dos Plan de Igualdade, garantan a transparencia dos procesos, etc. Como no caso do propio Departamento de Xénero, estas oficinas deben contar con suficiente persoal contratado especializado para levaren a cabo as súas funcións.

Dentro do Departamento de Xénero e Igualdade deberán facerse as seguintes accións:

- a) Crear unha canle habilitada para denuncias (con posibilidade de seren anónimas) en cuestións de xénero e igualdade.
- b) Obrigatoriedade de ter un plan unificado de igualdade en todas as institucións de I+D+i (sexa cal sexa o ámbito xurídico).

Proporcionar asesoramento para a creación e posta en marcha dos Plans de Igualdade. Penalizar á institución que non o teña e/ou cumpra (por exemplo non deixando concorrer a convocatorias de financiamento público).

c) Transparencia nos datos desagregados por xénero e exigencia de actualización real dos plans de igualdade entre homes e mulleres.

d) Penalizar as institucións en que non se protexese vítimas de discriminación por xénero, raza, orientación sexual, etc., así coma fronte a situacións de acoso, ou outras de especial vulnerabilidade.

Obrigatoriedade de que haxa en todas as convocatorias públicas de proxectos de investigación e de contratos de I+D+i supostos de interrupción por maternidade, paternidade (en caso de ter collido a baixa), programas de asistencia a fertilidade (FIV), risco durante o embarazo e lactancia, enfermidade ou coidado de persoas dependentes. Non penalizar nas convocatorias (tanto as de RRHH como as de proxectos) as baixas de maternidade e paternidade, baixas por risco durante o embarazo e a lactancia, coidado de persoas dependentes, enfermidade, ou programas de asistencia á fertilidade (FIV). Supervisión de todas as convocatorias para confirmar o seu cumprimento. Promover que a lexislación avance de cara a ampliar o período de baixa de paternidade obrigatoria até 6 semanas, equiparándoo á de maternidade.

e) Introducción de medidas específicas para evitar o abandono das mulleres científicas e investigadoras en etapa predoutoral e posdoutoral. Crear axudas de RRHH para que, no caso de mulleres contratadas con cargo a proxectos de investigación, en situacións de baixa durante o embarazo, maternidade, FIV, e riscos durante o embarazo e lactancia, as investigadoras poidan ser reemprazadas por outra investigadora/investigador, garantindo que haxa un solapamento de como mínimo dun mes para transferencia de coñecemento.

f) Introducir medidas para apoiar o desenvolvemento profesional, como por exemplo proxectos semente, para favorecer a promoción cara a postos de maior independencia.

g) Non penalizar a mobilidade, establecendo supostos que consideren as mesmas situacións que se recollen no punto 4, e axudas e programas de mobilidade que teñan en conta non so as/ os investigadoras/investigadores, senón tamén a súa contorna familiar específica.

h) Como complemento do anterior, promover a estabilidade das persoas investigadoras, para estas poderen permanecer no lugar en que desenvolveron a súa vida persoal.

i) Creación dunha bolsa de persoas mentoras en cada institución para orientar con perspectiva de xénero a quen o precisar na súa carreira.

j) Introducción de medidas específicas para garantir a promoción e acceso de mulleres a postos de responsabilidade e toma de decisións. establecemento de cotas (50:50) en postos de toma de decisións para promover o acceso das mulleres a postos de liderado e dirección.

l) Paridade en todas as comisións de selección de prazas, bolsas, concursos...

m) Paridade nos regulamentos electorais xerais das universidades e centros de investigación.



n) Medidas para adaptar a actividade laboral das persoas investigadoras que permita a conciliación:

-Adaptar os horarios docentes/laborais/ reunións; tamén durante o embarazo.

-Na universidade, permitir a redución de horas docentes mentres houber menores/maiores ao cargo, tanto para mulleres como para homes.

-Campañas de visibilización e concienciación a prol do cambio de condutas para favorecer a conciliación.

o) Visibilización de referentes femininos (no ámbito da ciencia, das humanidades e das artes...), así como dos problemas cotiáns das mulleres investigadoras: teito de vidro nos postos de liderado e dirección e cimentos pegañentos nos inicios da carreira, penalización por maternidade, invisibilización, precarización, dificultades de conciliación, etc; para combater prexuizos e nesgos de xénero.

p) Introducción de accións específicas para favorecer a conciliación por maternidade e paternidade, como por exemplo creación de novas garderías e ampliación do número de prazas (no caso das universidades e hospitais), creación de salas de lactancia en todos os centros, dotación de axudas económicas para o coidado das fillas e fillos que posibiliten a realización de actividades puntuais, como a participación en paneis de avaliación, congresos, etc., coas que facilitar a paridade de xénero na actividade científica.

q) Dotación de axudas económicas para persoas ao coidado de dependentes que posibiliten a realización de actividades puntuais, como a participación en paneis de avaliación, congresos, etc.

r) Recursos nas universidades e centros de investigación en prol da saúde mental. Aínda que aparentemente non teña que ver co xénero, o certo é que os datos mostran que as mulleres son máis vulnerábeis a sufriren doenzas deste tipo.

#### i. Axenda dixital e TIC

Segundo o CES (Memoria 2022), Galiza é a comunidade con menor grao de dixitalización (conectividade, capital humano e uso das TIC), xunto con Extremadura, Castela-A Mancha, Castela e León e Cantabri. Só recibe formación en Tecnoloxías da Información e Comunicación o 14,1% das persoas empregadas. Galiza era a 4ª CCAA con menor porcentaxe en 2021.

Para facerlle fronte a esta situación, compre poñer en marcha unha iniciativa estratéxica de país en materia de capacitación e competencias dixitais, mediante un Consorcio público do que formen parte a administración autonómica, as entidades locais e as universidades. O obxectivo central desta estratexia é reforzar as competencias dixitais das empresas, con especial atención a PEMES, das persoas autónomas, das profesionais e persoas traballadoras.

É imprescindible combater as desigualdades xeográficas, sociais e xeracionais no acceso ás TIC, sobre todo no rural, pola mala cobertura ou polo elevado prezo da conexión ás redes.

Ao mesmo tempo, cómpre ter en conta outras ameazas e riscos relacionados con procesos de mudanza que vai acelerar a crise sanitaria e socioeconómica:

En materia de liberdades e ciberseguridade, a pretensión de utilización de ferramentas tecnolóxicas para o control social, a invasión da privacidade e a utilización masiva de datos persoais.

En materia de servizos públicos, a tendencia a abrir a porta a novas prestacións e novas vías de negocio dixital vencellados a servizos de saúde ou ensino, coa potenciación da teleasistencia e a teledocencia.

A maiores, cómpre ter en conta a necesidade de velar pola presenza da lingua galega no ámbito dixital e na internet, con medidas que favorezan a utilización do galego en novos formatos, canles e soportes.

Trátase, en definitiva, de prepararse para un futuro que xa é presente e que estará marcado pola transformación dixital, e por outras tendencias relacionadas coa tecnoloxía *cloud*, o *big data* e a analítica, a internet das cousas, o *blockchain*, a ciberseguridade, a realidade virtual e aumentada, a automatización, a robótica ou a intelixencia artificial.

## Liñas de actuación

### a) **Transformación dixital inclusiva como panca de desenvolvemento e calidade de vida.**

A transformación dixital é unha revolución que progresa a unha velocidade exponencial en contraposición coas anteriores revolucións tecnolóxicas e socioeconómicas, que o facían de xeito lineal. Como tal é un perigo xa que pode deixar desconectada a moita xente no social e no laboral, máis tamén a un país e a unha economía. Porén é tamén unha oportunidade que se se sabe aproveitar pode colocar a Galiza nunha situación vantaxosa, xa que as tecnoloxías de información e comunicación (TIC) poden permitir un desenvolvemento máis xusto e integrador.

É labor prioritario do goberno crear o escenario no que as empresas e as persoas poidan desenvolver toda a capacidade de actuación que se nos presenta. Revolucionar a política educativa para que haxa unha continua adaptación aos escenarios cambiantes, tanto os xa establecidos como adiantándose aos que se podan establecer. Concienciar sobre a necesidade de mudar e actualizar as capacidades para adaptarse a un escenario laboral continuamente cambiante, xa que o ciclo de vida dos traballos e os negocios vai modificándose cada vez a maior velocidade.

Debe impulsarse un cambio no modo de afrontar o ensino en xeral e o ensino das matemáticas en particular, o que será moi relevante para despertar vocacións STEM. Desenvolvemento da capacitación de profesorado de matemáticas na formación do “pensamento computacional” como base da formación que precisará o futuro. Esta formación é básica para que a futura cidadanía entenda a base dos algoritmos e estea familiarizada co funcionamento dos sistemas informáticos e coa IA.

Resulta vital a recuperación do talento galego perdido que traballa fóra para o que atopamos certas dificultades: os salarios máis baixos, a valoración das traballadoras e traballadores e a escaseza de proxectos altamente innovadores que marquen tendencias. Cambiar actitudes no trato ao persoal, para que se sinta valorado, ben pagado e comprometido cos proxectos. Fomentar o ecosistema de empresas TIC que desenvolvan

proxectos innovadores e disruptivos.

Por outra banda non todo ten que ser dixital. Non podemos deixar atrás unha parte da poboación por falta de medios, coñecemento, discapacidade ou idade. O mundo dixital é imparabile e o goberno ten que procurar que ninguén quede atrás. A rede CeMIT é unha ferramenta infrautilizada que ten que chegar a todos os concellos do país e servir como punto de atención dixital a toda a cidadanía.

A transformación dixital non se dará sen que haxa un forte investimento para que as redes de alta velocidade cheguen a toda a cidadanía. Na Galiza rural aínda hai unha gran fenda a ese respecto. Unha rede segura e de calidade é fundamental para promover as actividades socioeconómicas tradicionais e atraer outras novas.

### **b) Talento feminino nas TIC.**

Precísanse as capacidades femininas nas TIC. A complementariedade de ambos sexos nas TIC vólvese imprescindible e non podemos permitir as baixas ratios de participación profesional feminina neste eido. Debemos afrontar unha concienciación mediante a visión positiva e ilusionante das novas tecnoloxías dende idade temperá. Temos que traducir a cada vez maior utilización feminina da rede, xa maior que a masculina, nunha integración crecente no mundo laboral.

### **c) Modernización e dixitalización da administración**

A xestión interna da administración ten que ser obviamente dixital, máis no seu trato coas persoas hai que manter certa dispoñibilidade presencial: puntos de atención na xestión dixital ademais de seguir permitindo xestións presenciais. Estes puntos de atención na xestión dixital deben formar a cidadanía, máis tamén prestar axuda ou mesmo a realización dos trámites dixitais coa administración, e, por suposto, dar soporte contra os cibercarrachos. Segundo a lei 39/2015 eses puntos teñen que existir en todas as oficinas presenciais de rexistro de calquera administración pública.

É fundamental a coordinación interadministrativa para a compartición de recursos, sinerxias, estratexias, programas. A Xunta ten que colaborar ao máximo con concellos e deputacións e traballar conxunta e coordinadamente con eles para unha maior eficiencia e aproveitamento de recursos.

O obxectivo é potenciar a dixitalización mais sen deixar a ninguén atrás, manter presencialidades que son importantes para moita xente máis tamén dan unha imaxe de proximidade da administración á cidadanía.

### **d) Intelixencia artificial, robótica, Big Data**

Galiza non pode perder o tren das tecnoloxías dixitais e da intelixencia artificial. Por iso desde o BNG promoveremos a creación de departamentos especializados que estuden a súa evolución, deseñen plans de actuacións nas mesmas e fomenten a súa implantación na sociedade.

A IA é unha oportunidade máis tamén un perigo. Temos que ser conscientes que non é malvada en si mesma. As súas decisións estarán marcadas polo algoritmos programados por persoas, polo que será prioritario desenvolver políticas de supervisión que garantan

principios éticos e non discriminatorios no desenvolvemento da IA.

En canto aos datos, desenvolveremos o **proxecto de Soberanía do Dato** para que a administración dispoña da máxima información para a súa aplicación no desenvolvemento de planificación e de liñas de actuación política. E impulsaremos o cumprimento da normativa europea e galega sobre os Datos Abertos e a súa accesibilidade e interoperabilidade.

Ademais, impulsaremos actuacións para evitar ás fake news e a utilización da mentira para a manipulación de vontades.

#### **e) Lingua e tecnoloxías intelixentes**

É fundamental non quedar atrás para garantir a vida dixital en galego. Temos que transformar o perigo en oportunidade para espallar a lingua por todo o mundo e facela presente.

Toda esta tecnoloxía disruptiva vaia aparecendo ten que ser afrontada baixo o prisma lingüístico e procurando ferramentas en galego para a súa utilización. Promoveremos a creación dun departamento de lingua e tecnoloxías intelixentes, convenientemente orzamentado, para que poida actuar no día a día e na adaptación do galego a este mundo cambiante.

## Eixo 7. Un país con traballo digno na nosa terra

Galiza é hoxe máis desigual do que era en 2009. As sucesivas crises económicas e, sobre todo, as decisións políticas adoptadas polos sucesivos gobernos españois, e por Feijóo e Rueda desde a Xunta de Galiza deixan menos persoas traballando das que había hai unha década, 117.200 persoas desempregadas (últimos datos dispoñíbeis da Enquisa de Poboación Activa correspondentes ao terceiro trimestre de 2023) e, aquelas que teñen emprego, traballan en peores condicións laborais e gozan de menos dereitos.

Así, o peso das rendas do traballo en relación ao Produto Interior Bruto (PIB) continúa a caer pasando do 48% en 2009 ao 44% en 2022. Pola contra, as rendas do capital continúan en ascenso.

Ao mesmo tempo, a perda de persoas activas continúa a ser unha constante nos últimos anos en Galiza. Independentemente de que se cree ou non emprego, a poboación activa descende. Desde o ano 2009 até o terceiro trimestre de 2023, reduciuse en 57.900 persoas (un 4,39%). O mesmo acontece coa poboación ocupada que pasou de 1.155.400 en 2009 a 1.144.400 no terceiro trimestre de 2023.

As sucesivas reformas laborais aprobadas polas forzas estatais desde Madrid en 2011 (PSOE) e 2012 (PP) e as modificacións posteriores, non só favoreceron o despedimento e a destrución de postos de traballo, senón que supuxeron a perda de importantes dereitos laborais e precarizaron as condicións de traballo. En decembro de 2023 máis do 24% dos contratos foron temporais e dos indefinidos máis do 5,4% son fixos-discontinuos e o 18,5% son indefinidos a tempo parcial, segundo os últimos datos da Seguraza Social. Ademais, do total de 33.994 contratos iniciais de carácter temporal asinados en decembro de 2023 en Galiza, o 65,7% o foron de duración menor ou igual a 1 mes, (representando o 49% do total de contratos), segundo os últimos datos do IGE.

A este respecto, en 2022 a poboación asalariada só medrou nos tramos de ingresos máis baixos, de até 1,5 veces o SMI, situándose no 33,6% as traballadoras e traballadores que tiveron uns ingresos inferiores ao SMI mentres caeu nun 32,3% o número de persoas traballadoras con salarios maiores que 1,5 veces o SMI.

Alén diso, as desigualdades por razón de xénero lonxe de reducirse, perviven. Así se reflicte, por exemplo, na fenda salarial. Segundo os datos do IGE a diferenza salarial entre mulleres e homes en Galiza no ano 2009 era de 4.677 euros; en 2022 (últimos datos) aínda alcanzan os 4.519 euros.

Cómpre ter en conta que os datos referidos ao traballo remunerado non cuantifican as duplas e mesmo triplas xornadas que soportan as mulleres como consecuencia da feminización dos coidados e que, segundo datos do IGE (2018), fai que máis do 67% das persoas que deixaron de traballar ou reduciron a xornada laboral para coidar de familiares dependentes foron mulleres, unha cifra que alcanza o 80% cando falamos de redución de horas de traballo para coidado de crianzas.

No que respecta á mocidade, a falta de expectativas laborais nos ámbitos profesionais en que se formaron, xunto coa precariedade e temporalidade laboral, seguen a dificultar a

emancipación (tendo en conta ademais a falta dunha oferta ampla e asequíbel de vivenda pública en alugueiro) e o desenvolvemento dun proxecto de vida no país en que naceron e lles gustaría vivir e traballar. Para moitas e moitos a única saída segue sendo a emigración, un fenómeno que é a mostra máis clara e dramática do fracaso das políticas económicas e de emprego dos gobernos do PP. Máis alá dos datos cuantitativos (emigración de 141.881 menores de 30 anos entre 2009 e 2021, pendente actualización dato), a emigración xuvenil é un drama para o país porque supón a perda da xeración mellor formada da historia. Segundo estimacións do Foro Económico de Galiza, a emigración xuvenil ten como consecuencia, entre outras, que haxa cada ano 1.500 nacementos menos, que se deixen de crear 315 novas empresas, e unhas elevadas perdas económicas polo custo de formación das persoas tituladas (178 millóns de euros/ano se a formación superior remata en 4 anos, 311 millóns se a rematan en 7)

Para facerlle fronte a esta grave situación, o BNG asume como unha prioridade as políticas que promovan a creación de postos de traballo mais tamén todas aquelas tendentes a dignificar o emprego establecendo condicións laborais e salariais dignas, que permitan ás persoas desenvolver a súa vida con normalidade.

Un país bo para traballar é aquel que é capaz de xerar postos de traballo para toda a súa poboación en condicións de facelo, e que garante que eses traballos son dignos, estábeis, con dereitos e xustamente remunerados. Neste sentido, a nosa aposta estratéxica de goberno en materia de emprego ten as seguintes liñas de actuación:

### 1) Competencias en materia laboral e de fomento do emprego

—Demanda da **competencia de inspección laboral** e elaboración dun plan de intensificación dos controis da Inspección de traballo sobre a causalidade da contratación así como sobre a economía irregular, especialmente nos sectores e colectivos de maior incidencia co fin de promover o emprego estábel e con dereitos.

—Demanda da transferencia de todas as políticas de **formación continua** e de fomento do emprego para Galiza. Potenciaranse os servizos públicos de emprego para a busca activa de traballo adaptándoos ás particularidades socioeconómicas do noso país.

— Defensa da **derrogación das reformas laborais** e traballar pola recuperación dos dereitos eliminados avanzando en novas conquistas que garantan un país de traballo digno e de calidade.

### 2) Relacións laborais e negociación colectiva

—Traballar desde Galiza pola creación dun **marco galego de relacións laborais**. Isto implica ter como obxectivos convenios de ámbito galego mais tamén que, en todo caso, os convenios de nivel superior ao de empresa teñan prevalencia sobre os de rango inferior e tamén os estatais. Igualmente os acordos sobre materias concretas ou acordos de estrutura a nivel de Galiza deben prevalecer sobre aqueles de ámbito estatal de semellantes características.

—Potenciar a negociación colectiva no marco galego promovendo acordos a través do diálogo social.

### 3) Contratación

—Aposta polo respecto do **principio de causalidade** para toda a contratación temporal, derogando toda normativa que non o respecte, así como penalizar a contratación temporal.

—A Xunta de Galiza non colaborará nin contratará por vía das ETT nin empresas que o fagan.

-Incluír nos pregos de contratación garantías laborais e límites ás subcontratacións e ás empresas de traballo temporal.

### 4) Xornada laboral

—Promover a redución da **xornada laboral até as 35 horas** semanais como medida do reparto do traballo, sen redución de salario.

-Promover un mellor reparto do tempo de traballo con horarios laborais encamiñados a facilitar a corresponsabilidade e o disfrute do tempo de lecer.

-Limitar a realización de horas extraordinarias.

### 5) Sinistralidade e saúde laboral

—**Plan Galego contra a Sinistralidade Laboral** que fomente a formación en prevención de riscos laborais e o control nos sectores que tenden a un elevado número de accidentes no traballo, a redución de horas da xornada laboral nas tarefas de máis risco, estableza mecanismos de promoción profesional para as persoas traballadoras que desenvolvan as actividades en ambientes perigosos para a saúde e o deseño de actuacións específicas para paliar a alta sinistralidade no mar e no agro.

—Promover un Estudo galego de riscos e enfermidades laborais para avaliar rigorosamente os riscos específicos das profesións que pola estrutura socioeconómica do país poidan ter un impacto concreto no territorio (por exemplo, canteiras e louseiras) e deseñar medidas específicas desde a Xunta de Galiza en colaboración co Sergas.

-Avaliación dos efectos na saúde e na seguridade de actividades laborais relacionadas con novas actividades económicas, sector servizos, tecnoloxía, venda on line... especialmente aquelas sometidas a altos índices de inestabilidade, temporalidade, horarios prolongados, desprazamentos continuos...

### 6) Planificación, impulso e seguimento de políticas activas de emprego

—Reforzo do Servizo Público de Emprego de Galiza e cumprimento da recomendación da Comisión Europea sobre Garantía Xuvenil, para que as persoas menores de 25 anos reciban unha boa oferta de emprego, formación continúa ou prácticas, nun prazo non superior a catro meses tras quedar en situación de desemprego ou finalizar a formación regrada.

—Revisión das políticas de fomento de emprego deseñando unha estratexia global que teña como obxectivo a creación de emprego estábel e con condicións laborais dignas. Para iso, revisaranse as subvencións ás contratacións para eliminar as xenéricas e priorizar a aqueles colectivos de difícil inserción.

-Desenvolvemento dun marco legislativo e dun proxecto de país no ámbito da educación/formación permanente ao longo de toda á vida atendendo a necesidades de actualización, ampliación de coñecementos, aprendizaxe de novas capacidades...

-Creación dun Observatorio do Emprego coa participación do sistema universitario galego para analizar e facer seguimento sobre

- Necesidades de emprego en sectores estratéxicos da economía galega, nomeadamente no sector primario (mar e terra), enerxías renovábeis, transporte, industria, construción industrializada, TIC, robótica...
- Necesidades en relación coa remuda xeracional tanto no sector público como no privado, con especial atención á realidade do sector primario e a súa relación coa cohesión e o desenvolvemento territorial
- Necesidade, perfís profesionais e formación permanente en materia de dixitalización (en colaboración con Corsorcio de Capacitación e Competencias Dixitais)
- En coordinación co departamento de educación, avaliación e seguimento da relación demanda/oferta entre os sectores produtivos e a formación profesional

## 7) Medidas antideslocalización de empresas e do emprego

—Oposición ás deslocalizacións das empresas radicadas en Galiza, adoptando políticas impeditivas e disuasorias, excluindo a percepción de axudas e contratacións públicas ás empresas que leven a cabo o desprazamento total ou parcial do traballo ao exterior na procura do abaratamento baseado na redución das condicións laborais dos traballadores e traballadoras.

-Modificación da Lei de subvencións de maneira que a declaración de deslocalización empresarial suporá a obriga para a empresa de proceder ao reintegro das cantidades percibidas nos oito anos anteriores, xusto cos intereses que correspondan. Estas empresas ou outras nas que participasen terán prohibido obter axudas outorgadas por entidades do sector público por un período de 8 anos.

Enténdese por deslocalización o cesamento ou redución significativa da actividade dunha empresa (de cando menos a metade do cadro de persoal) e que simultaneamente ou nun período de tres anos antes ou despois desenvolva a mesma actividade noutro territorio.

## 8) Medidas en materia de pensións



—Plan de garantía das pensións, derogando as últimas reformas do sistema público de pensións pois, para alén de implicar demorar o desfrute e unha caída nas contías supoñen unha medida negativa na creación de emprego ao retrasar a idade de xubilación e dificultar o acceso de outras persoas ao mundo laboral.

—Creación dunha comisión de estudo integrada por expertos, axentes sociais e forzas políticas para determinar as medidas a adoptar para garantir a viabilidade do sistema público de pensións, especialmente na hipótese de a Galiza -no marco dun novo status político- asumir a xestión integral da Seguranza Social. En calquera caso, o obxectivo é mellorar contía das pensións e acurtar a distancia entre a pensión media na Galiza e a media estatal.

### **Emprego público**

En materia de emprego público, impulsaremos as seguintes medidas:

- Recuperación dos niveis de emprego público e impulso da negociación colectiva.
- Impulsar unha modificación, previa negociación social, da Lei 2/2015 para estender os permisos de 22 semanas ás persoas proxenitoras diferentes da nai biolóxica que xa recoñeceu o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, de cara a avanzar en materia de coresponsabilidade.
- Frear a amortización, a privatización e o peche de servizos así como a contratación de empresas privadas para desenvolveren traballos propios do persoal público.
- Cobertura e substitución áxil das baixas e vacantes.
- Pular pola promoción interna horizontal, vertical e cruzada que sexa efectiva e real.
- Plan para a recuperación do poder adquisitivo perdido e os importes recortados na última década.
- Traslado dos dereitos do V Convenio a acordos reguladores das condicións de traballo, especialmente das antigas categorías de persoal que se funcionaricen. Transparencia na funcionarización determinando con carácter previo todas as condicións nas que ficará o persoal funcionarizado.
- Promover a redución da xornada laboral até as 35 horas semanais.
- Concursos abertos e permanentes para a provisión de postos, reducindo ao mínimo as comisións de servizo que se regularán con criterios obxectivos suprimindo os concursos específicos.
- Descentralizar os comités de prevención de riscos laborais achegándoos aos centros de traballo.

### **Fenda salarial e loita contra a temporalidade, a precariedade do emprego feminino**

—Aplicación e ampliación do marco laboral vixente canto a políticas de igualdade, conciliación e fomento da coresponsabilidade no eido laboral.

—Rescisión dos contratos da Xunta coas empresas que non cumpran a igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres.

-Desenvolvemento de medidas en materia de formación e inserción laboral en determinados sectores moi masculinizados, por ex TIC e os STEM.

-Impulsar a visibilidade do traballo non remunerado no fogar e profundar no coñecemento do uso e reparto dos tempos a través da realización periódica da Conta Satélite da Producción Doméstica do IGE e da colaboración coas universidades galegas no desenvolvemento de estudos específicos sobre o valor deste traballo. Así mesmo, impulsarase un Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados que co fin de valorizar e divulgar a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para as mulleres o desequilibrio que persiste na actualidade.

### Traballo autónomo

Galiza, con 135.256 traballadoras e traballadores por conta propia, é o territorio do conxunto do estado con maior porcentaxe, en relación ao número de traballadores/as totais afiliadas a Seguridade Social. É dicir, son máis da quinta parte dos traballadores e traballadoras galegas. Porcentualmente, Galiza ten un 74,7% máis de autónomos que Madrid un 35,1% máis que Cataluña e un 27,3% máis que a media do estado.

O BNG impulsará unha **Estratexia país para o traballo autónomo** con medidas legislativas, fiscais, de financiamento, de innovación, de dixitalización, de acceso a compra e contratación pública e de fomento do emprego.

No marco de contribuir a unha mellora das condicións laborais das autónomas e autónomos, reclamará a ampliación e modificación das cuberturas actuais en materia de cotas á Seguridade Social, no dereito universal a disfrutar dun período vacacional no exercicio, e a cambios mais obxectivabeis en materia fiscal que a continuación citamos:

- As subvencións percibidas no primeiro ano de actividade económica, ben sexan dirixidas a investimentos ou a gastos correntes, estarán exentas como ingreso na declaración da renda anual.
- A fiscalidade no IRPF para as persoas obrigadas tributarias, suxeitas ao réxime da Estimación Directa Simplificada, debe ter un carácter progresivo sobre os rendementos netos ou beneficios, xerados en cada trimestre. Establecendo unha táboa por Rendementos netos ou Beneficios ata os 12.000,00 euros, de 12.001,00 euros a 15.000,00 euros, de 15.001,00 a 18.000,00 euros e de 18.001,00 a 24.000,00 euros, aos que se lle aplicarían cotas do 5%, 10%, 15% ou o 20%. Eliminando, polo tanto o actual do 20% que se lles aplica a todas as persoas afectadas por este sistema.

### Fomento da economía social e o cooperativismo

A Economía Social representa a case o 7% do PIB de Galiza

O ecosistema da economía social aglutina cooperativas, mutualidades, sociedades laborais, empresas de inserción, centros especiais de emprego de iniciativa social, confrarías de pescadores, sociedades agrarias de transformación, fundacións e asociacións con actividade económica e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos na Lei 6/2016 de Economía social.

Atendendo a importancia económica, social e territorial do sector, desde o BNG impulsaremos unha Estratexia de país para a economía social con medidas legislativas, fiscais, de financiamento, de innovación, de dixitalización, de acceso a compra e contratación pública e de fomento do emprego.

En consecuencia co carácter estratéxico da economía social, impulsaremos as seguintes medidas demandadas polo sector

1. Fortalecer o recoñecemento institucional da economía social como un AXENTE máis do sector económico e social galego, proponendo para elo:

a. Fortalecer os órganos de participación institucional propios da economía social, como son o COGACO e o Consello de Economía Social de Galicia, dotándoos de personalidade xurídica e capacidade para facer efectiva a súa función de co-GOBERNANZA.

b. Incluír o sector da economía social dentro da Lei de Participación Institucional de Galicia, cumprindo, deste xeito, coa recomendación do Consello de Europa de 9 de outubro e promovendo que o sector de economía social se sitúe ao maior nivel de interlocución.

2. Modificación do marco xurídico co fin de actualizar a normativa actual, axustándoa á realidade do sector e evitando o intrusismo.

a. Modificar a Lei de Economía Social de Galicia co fin de evitar o intrusismo de entidades que, non cumprindo os principios de economía social, queren incluírse na mesma.

Particularmente, cabe reseñar neste punto a atenta vixianza desde os rexistros competentes en materia de centros especiais de emprego de inserción social sen ánimo de lucro (en adiante, CEEIS) e as empresas de inserción, incrementando a súa capacidade de auditoría e control para evitar un uso fraudulento das fórmulas de

economía social.

Establecemento de criterios diferenciadores nas ordes de axudas, tanto para CEEIS como para empresas de inserción.

b. Reforma da lei de Cooperativas de Galicia.

Elaboración dun novo texto legal, adaptado ás necesidades, demandas e situacións socioeconómicas actuais: tipo de cooperativas, capital social, regulamento, etc. A nova norma debe ter como obxectivos, entre outros, unha maior seguridade xurídica e unha simplificación dos trámites burocráticos.

Identificación das distintas realidades do cooperativismo, para unha regulamentación eficiente que favoreza a creación, funcionamento e consolidación das cooperativas galegas.

3. Creación dun HUB de Innovación e Economía Social, que execute accións de desenvolvemento da economía social nos distintos sectores. Este centro conformaríase como coordinador da Rede Eusumo.

4. Aprobación da II Estratexia de Economía Social de Galiza, na que a economía social estea integrada dentro da estratexia intelixente a nivel de Europa como un sector máis. Esta estratexia debe ser transversal ao conxunto do goberno galego e dar resposta aos retos ca economía social ten que desempeñar en sectores como o agroalimentario, os servizos sociais, o sector educativo, o sector cultural, o sector medioambiental e o sector das enerxías renovables.

5. Establecer mecanismos de axuda para propiciar un salto cualitativo nas empresas de economía social, salto que permita crear empresas de maior dimensión, mantendo os sinais de identidade de gobernanza da economía social e que sosteñan os seus factores de competitividade no mercado.

a. Programas de consolidación empresarial

b. Programas de ampliación de mercados a nivel estatal

c. Programas de apoio á concentración de empresas

6. Potenciar a compra pública responsable, como política pública que favoreza a consolidación dun sector económico que redistribúe riqueza, fixa poboación e reduce as desigualdades.

a. Potenciar a contratación reservada, como fórmula principal para fomentar a contratación de persoas con discapacidade e/ou en situación de exclusión social e consolidando o OBSERVATORIO DE

CONTRATACIÓN RESERVADA DE GALIZA co obxectivo de analizar a evolución da contratación tanto a nivel local como a nivel autonómico.

b. Potenciar as fórmulas que favorecen o acceso á contratación pública ás empresas que sitúan ás persoas no centro (cláusulas de socias, mellora do coñecemento do catálogo de produtos e servizos das entidades no mercado público) potenciando, deste xeito, os ecosistemas locais e mellorando a redistribución da riqueza e a fixación de poboación.

7. Atraer investimentos cara a economía social para desenvolver fortalecer o ecosistema e permitir o desenvolvemento en sectores emerxentes. Aproveitamento do Instituto de Crédito e Inversión para canalizar investimentos cara aos sectores da economía social.

8. Desenvolvemento de medidas específicas para os seguintes ámbitos: enerxía, cultura, educación, agroalimentación, medio ambiente, servizos sociais.

## Unha mocidade con futuro, unha Galiza con futuro

Aprobación e desenvolvemento dun **Plan Plurianual de Emprego Xuvenil**, que conceda preferencia á inserción laboral nos sectores estratéxicos da nosa economía, coa finalidade de asegurar o relevo xeracional nestes sectores e, ao tempo, garantir unha Galiza viva e equilibrada territorialmente.

-O Plan Plurianual de emprego xuvenil contemplará cando menos as seguintes actuacións:

- Creación de emprego de calidade para a mocidade mediante programas de axudas e incentivos á contratación de xente moza cunhas condicións de traballo dignas, tendo como obxectivo a estabilidade laboral e a independencia económica da mocidade galega e rematar cun modelo de axudas que colabora coa precarización do traballo xuvenil con cartos públicos.
- Creación dun servizo específico para a mocidade, dentro do Servizo Galego de Colocación, que contemple diferentes actuacións en materia de formación, búsqueda de emprego e reciclaxe, co fin de ofertar un emprego de calidade e fuxir das fórmulas das bolsas de traballo ou das ofertas das ETTs. Este servizo deberá ser facilmente accesíbel e promocionado a través dun bo uso das novas tecnoloxías.
- Medidas para favorecer a empregabilidade da mocidade emigrada, mediante a elaboración do **Plan Retorna**, que inclúa medidas específicas e transversais aos sectores a reactivar para favorecermos a recuperación da nosa xuventude emigrada.
- Apoio ao emprendemento xuvenil para a creación de empresas que xeren valor engadido en Galiza. Programa de micro créditos para financiar proxectos de emprendemento/emprego xuvenil.
- Apoio específico ao emprendemento xuvenil para a creación de empresas orientadas ao sector da tecnoloxía e da innovación.

—Estabelecemento da remuneración de prácticas e contratos de formación, cando menos, no SMI, defendendo o seu aumento.

No primeiro ano do mandato desenvolverase un programa piloto de inserción e experiencia laboral para mozas e mozos de menos de 30 anos coa **creación de 3.000 empregos en colaboración cos concellos e o terceiro sector**, mediante contratos de dous anos de duración, prorrogábel por un terceiro, dirixido a mozas e mozos titulados de FP e graduados, que deberán realizar un programa formativo de 3 meses remunerado antes de iniciar a actividade laboral

O obxectivo do plan é desenvolver programas en materia ambiental (xestión de residuos, biodiversidade), xestión do patrimonio natural e a biodiversidade; xestión e recuperación do patrimonio cultural; xestión dos recursos hídricos; mobilidade activa e saudábel; transición enerxética; educación permanente de persos adultas e dixitalización; desenvolvemento rural, etc

Tendo en conta a importancia das políticas de vivenda pública, xunto coas de fomento do emprego estábel e de calidade para a emancipación e o desenvolvemento dun proxecto de

vida, desenvolveranse actuacións específicas en materia de vivenda dirixidas á mocidade. Estas actuacións aparecen recollidas no programa de Vivenda.

## **EIXO 8: Un país que cuida o territorio e os recursos naturais**

### **Ordenación do territorio e urbanismo**

A carencia, até o de agora, dunha auténtica política de ordenación do territorio que servise para artellar, protexer, ordenar e pór en valor o noso territorio é unha das eivas máis graves e persistentes que sofre o noso país.

Cómpre ter en conta que a xestión do territorio é de vital importancia para Galicia. A nosa Terra ten unhas características territoriais especialmente singulares e nomeadamente diferenciais con respecto ao resto do Estado español, e historicamente nunca se tiveron en conta, impóndosenos modelos alleos, que non eran os acaídos para a nosa realidade e as nosas necesidades. E isto, por desgraza, non mellorou dende a creación da Autonomía, xa que non se tivo unha política territorial centrada nas súas especiais características.

Neste senso, é necesario lembrar que Galiza, con aproximadamente o 5% do territorio de España, posúe nada máis e nada menos que o 50% das entidades de poboación. Obviamente, con esta realidade non se deberían aplicar aquí modelos propios doutros territorios, como foi, por exemplo, o caso da división provincial e municipal, do deseño das infraestruturas de transporte ou do reparto de competencias autonómicas e locais. E esta situación non se corrixiu a partir da asunción por parte da Xunta das competencias en Ordenación territorial, senón que se fixo seguidismo e aceptación submisiva do que viña de fóra.

Como consecuencia de todo isto, durante as últimas décadas asistimos a un proceso de despoboamento territorial xeneralizado combinado coa concentración e conxestión dos centros urbanos do redor do Eixo Atlántico mediante a expansión territorial difusa ao seu redor. En particular, asistimos a un crecemento expansivo sobre distintas coroas suburbanas que dificulta a dotación neses ámbitos dunha implantación equilibrada de equipamentos, transporte público e servizos básicos. Ademais, esta disfunción entra en conflito coa nosa histórica ordenación territorial polinuclear, que sofre un proceso de abandono constante.

Ao tempo que os instrumentos de ordenación territorial supramunicipal permaneceron conxelados no tempo sen implementarse, a Xunta está a promover a desregularización mediante a planificación discrecional do territorio con leis de acompañamento e lexislacións paralelas que, pola porta de atrás, multiplican a permisividade de iniciativas e usos do territorio. A realidade é que desde a aprobación da primeira Lei de Ordenación do Territorio en 1995 non se desenvolveu máis ca un plan Territorial integrado -o POL- e tivemos que agardar a 2011 para que isto acontecese. Ademais, cando se quere legislar non se fai a través de instrumentos sub-urbanísticos senón a través doutras normas para poder saltar o marco normativo, como aconteceu coa Lei 5/2017 de iniciativas empresariais ou a regulación dos parques eólicos exentos de cumprir cos requirimentos da Lei de Ordenación do Territorio.

Froito deste desleixo por parte do PP e da imposición de deseños alleos sufrimos eivas graves que minguaron as capacidades de desenvolvemento do País. Por este motivo é hora de reaccionar e mudar as políticas territoriais, co obxectivo de enfocalas cara ao desenvolvemento endógeno ordenado e ao aproveitamento sustentable das súas capacidades de produción económica, social e ambiental.

## Cara a un novo modelo de ordenación territorial

Temos que ser conscientes de que o modelo de ordenación territorial e urbanística convencional -orientado á regulación do uso e zonificación do solo- é unha ferramenta insuficiente para afrontar os novos retos territoriais, sociais, económicos e ambientais do noso país. A nosa percepción actual da complexidade da cidade e do territorio apenas encaixa nas categorías redutivas de clasificación e cualificación do solo.

As rápidas mutacións ás que estamos a asistir tanto no espazo como nos modos de vida requiren un cambio profundo de modelo, pasando de plans de expansión e crecemento que conducen á saturación do territorio a formular estratexias de protección das paisaxes e do medio natural (rural e urbano), e instrumentos de transformación, rehabilitación e reciclaxe dos tecidos construídos, das infraestruturas e das actividades existentes.

Debemos, por tanto, cambiar de paradigma respecto de que consideramos como obxectivo prioritario nos deseños urbanísticos tendo en conta que a situación natural do solo é a do solo rústico, que é o activo principal sobre o que debemos planificar tendo en conta que é o soporte de actividades hoxe fundamentais: servir de base para produción alimentaria, servir de soporte de infraestruturas enerxéticas, ofertar servizos ecosistémicos de calidade (auga, aire, solo ...) ou dar consistencia ás paisaxes con fins que van máis alá de criterios ornamentais. Ao mesmo tempo, debemos apostar por reducir a mobilidade dotando de servizos esenciais á poboación nun rango temporal reducido que permita fomentar unha mobilidade activa en contornas saudábeis e seguras.

A partir destas premisas, é posible reorientar o carácter dos plans urbanísticos e territoriais para convertelos en instrumentos máis útiles, flexibles e abertos á innovación, capaces de abordar os retos emerxentes:

- O acceso universal a unha vida urbana saudable
- A incorporación activa da natureza e consideración dos límites biofísicos dos procesos de transformación territorial
- A descarbonización das economías e a sustentabilidade enerxética
- As necesidades de rexeneración urbana e recuperación do parque habitacional deficiente
- A flexibilidade e hibridación de usos
- desenvolvemento de formas sostibles de mobilidade
- A implantación de iniciativas de bioeconomía e da nova economía do coñecemento
- O desenvolvemento comarcal e a distribución acaída de competencias

Fica claro que non podemos pensar en facer urbanismo mediante os métodos clásicos.

O urbanismo hoxe desenvólvese a través de Plans de Mobilidade Sustentábel, ordenanzas de mobilidade axenda urbana, xestión pública da vivenda, regulación de usos terciarios e comerciais, plans de transporte público ou definición de estratexias de infraestruturas verdes.



Polo tanto, no BNG buscaremos reorientar as políticas de Ordenación do territorio creando un marco normativo que permita o desenvolvemento integral do noso País. Reformularemos en profundidade todos os instrumentos que afectan ao territorio facéndoos máis sinxelos, máis áxiles e con mellor delimitación de competencias, no camiño dunha verdadeira planificación e protección da nosa Terra.

Criterios e liñas de actuación:

**1) Reestruturación e simplificación da lexislación e normativa existente en materia de ordenación do territorio e urbanismo** creando novas leis de Ordenación do Territorio, de Urbanismo e demais instrumentos de ordenación que impidan o espolio dos nosos recursos naturais e que estean inspiradas no respecto e adecuación á realidade comarcal de Galiza, reorientando o carácter dos plans urbanísticos e territoriais para convertelos en instrumentos máis útiles, flexibles e abertos á innovación, capaces de abordar os retos emerxentes e que permitan un acceso universal a unha vida urbana saudable. Especificamente, propónse, no primeiro ano da lexislatura, a simplificación da Lei 1/2021, dándolle carácter vinculante ás DOT e fixando o alcance territorial dos PTI, así como a derogación daquelas medidas que son contrarias á Ordenación do territorio por implicaren a defensa de intereses parciais e sectoriais.

**2) Actualización das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)** pola absoluta súa actual vaguidade e incapacidade para regular os procesos territoriais fundamentais, e convertelas no instrumento no que facer o equilibrio preciso entre as necesidades sectoriais de políticas concretas (industrial, agrícola, medio ambiente, etc.) e o rigoroso compromiso de construímos unha Terra máis verde e descarbonizada, mediante:

- Incorporación de carácter normativo e regulador á planificación estratéxica e territorial.
- Desenvolvemento dunha folla de ruta fronte ao cambio climático na procura de aprobar e implantar unha estratexia ambiental integral e transversal.
- Desenvolvemento dunha cartografía e unha normativa da infraestrutura verde e para a conectividade e restauración ecolóxica (documento xa sometido a información pública) para a súa posterior incorporación á planificación tanto territorial como urbana.
- Resposta aos novos retos de ordenación urbanística e territorial, sobre todo no que ten que ver coa xestión do solo NON urbano e o establecemento de limitacións para o seu desenvolvemento, priorizando a consolidación dos ámbitos prexistentes nos novos desenvolvementos. (anulación do solo urbanizable non desenvolvido?!/ crecemento 0)
- Desenvolvemento dun modelo de xestión enerxética sustentable sobre a base dos nosos recursos e necesidades.

**3) Desenvolvemento e implantación dun mapa comarcal efectivo** (coa modificación da Lei 7/1996 de desenvolvemento comarcal), que permita avanzar máis eficazmente cara a un reparto racional de competencias e un modelo de ordenación policéntrica que reverta a tendencia á concentración da poboación en áreas metropolitanas. Deste xeito conseguiríase:

- Articular o territorio galego, ao servizo da cidadanía e das súas necesidades funcionais
- Superar os localismos estériles, nomeadamente evitando a competencia entre cidades
- Dotar de equipamentos, infraestruturas e servizos axeitados aos asentamentos/áreas urbanas e metropolitanas segundo o seu tamaño actual e desexábel
- Reforzar a rede de cabeceiras comarcais e, en xeral, as cidades medias e vilas

**4) Creación de Plans Territoriais Integrados (PTI)**, instrumentos de ordenación que recollan a realidade física, administrativa e de xestión do noso territorio e que nos permita avanzar na fórmula de defender as escalas supralocal de goberno, sexan as Áreas Metropolitanas en contextos de forte urbanización e as Comarcas en áreas de menores densidades.

Os PTI fixarán, en colaboración directa cos concellos, os espazos reservados a sistemas xerais, infraestruturas, dotacións básicas etc. Deste xeito, os criterios xerais das clasificacións do solo e os criterios de desenvolvemento estableceranse a escala comarcal ou metropolitana, deixando aos concellos a competencia de xestionar as previsións indicadas no seu ámbito.

Deste xeito, procuraríase:

- Evitar o crecemento descontrolado da cidade de baixa densidade e o consumo desmedido de recursos naturais, enerxéticos etc.
- Minimizar a ocupación xeral do solo para o establecemento de grandes implantacións urbanísticas, e priorizar a reciclaxe dos tecidos construídos xa existentes ou que están insuficientemente xestionados e urbanizados ou cunha ocupación parcial
- Favorecer a internalización da pegada ecolóxica das cidades, por exemplo, con sistemas efectivos de reciclaxe e minimización de lixo, así como coa creación de infraestrutura verde suficiente e funcional
- Fomentar a reforma e mellora de tecidos urbanos xa consolidados
- Propiciar un cambio radical do modelo de mobilidade, pasando a sistemas ferroviarios, de metro lixeiro e marítimos eficientes e adaptados ás áreas urbanas e metropolitanas
- Evitar os espazos urbanos monofuncionais, por exemplo, só dedicados ao turismo
- Diseñar a futura rede galega de infraestruturas ferroviarias e viarias
- 

**5) Desenvolvemento dos PTI das áreas urbanas** e, en concreto, das localizadas na megalópole litoral sobre o Eixo Atlántico, incorporando un instrumento de ordenación en coordinación con Portugal (ver proposta I3). Entre outros aspectos, os PTI urbanos poderían:

- Posibilitar que as dúas principais áreas metropolitanas poidan competir nun escenario internacional incerto con cidades globais

- Xerar as sinerxías precisas co resto do corredor urbano atlántico do cal participan as cidades da Galiza occidental

**6)Simplificación dos instrumentos de planeamento e a súa tramitación** converténdoos en documentos que sirvan de base para que os concellos poidan ter autonomía en coordinación co planificado nos PTI. Paralelamente, colaborar cos concellos para a implantación de Axendas urbanas, co obxectivo de deseñar e planificar actuacións para a mellora da calidade de vida e a sustentabilidade das distintas tipoloxías de asentamentos existentes na Galiza.

**7)Incorporación activa da infraestrutura verde e a consideración dos límites biofísicos dos procesos de transformación territorial** favorecendo a sustentabilidade enerxética. Neste senso, estudarase a creación, coa complicitade das comunidades locais, de novos espazos naturais de xeito que se consigan manter os procesos ecolóxicos esenciais e que posibilite, entre outros efectos, xestionar de forma efectiva as agresións sistemáticas que sofren.

**8)Desenvolvemento do PTE de Mobilidade,** co propósito de:

- Crear a rede galega de ferrocarrís e tren de proximidade que o País precisa
- Diminuír drasticamente a dependencia do vehículo privado para todos os desprazamentos que se fan na Galiza
- Contribuír á descarbonización e, polo tanto, ao cumprimento efectivo do compromiso básico que a Galiza pode e debe asumir na loita contra o cambio climático

**9)Desenvolvemento do PTE de Xestión de terras,** que propicie, entre outras cousas, a delimitación dos espazos agrarios precisos para o mantemento da base territorial das explotacións e da soberanía e a seguridade alimentarias nacionais e a loita, entre outros, contra os incendios forestais.

10)-Constitución dun ente de coordinación da planificación horizontal e sectorial de modo que se garanta a compatibilidade entre todos os informes sectoriais coa planificación horizontal.

**11)Garantir a participación efectiva da veciñanza nos procesos de planificación territorial e urbana** e creación de medios para facilitar a información, o funcionamento e a xestión da planificación territorial e urbana.

**12)Intervención no mercado inmobiliario, fomentando a rexeneración urbana, recuperación do parque habitacional deficiente e un significativo investimento público**

en creación de vivenda pública, social e de alugamento .

- Fomentar a creación dun parque de vivendas públicas en alugueiro suficiente, que permita contrarrestar a tendencia xeral á especulación do mercado inmobiliario.

**I3)Potenciación da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal**, impulsando os instrumentos de coordinación e planificación e o desenvolvemento de estratexias conxuntas no eido das infraestruturas, medio ambiente, territorio, transportes, servizos, axenda urbana, emerxencias, desenvolvemento económico, dereitos sociais e laborais, lingua e cultura, entre outros.

**I4)Desenvolvemento das actuacións en materia de Cartografía e Meteoroloxía de Galiza**, tendo en conta a importancia fundamental que ten a información territorial para o desenvolvemento e a planificación dos servizos públicos, das actividades económicas e da propia seguridade e benestar da cidadanía

**I5)Recuperación e protección efectiva dos topónimos oficiais e da microtoponimia galega**, dado que é un dos elementos diferenciais máis característica da nosa Terra e da nosa lingua, que forma parte do noso Patrimonio e que tamén ten importantes repercusións na xestión do territorio e das actividades de base espacial.

En resumo, una ordenación do territorio integral, que sirva de fundamento para o desenvolvemento do noso País e para o benestar das nosas xentes.

## **Emerxencia ambiental e acción polo clima**

O Cambio global provocado por un sistema económico baseado na depredación de recursos sitúa a humanidade diante dun desafío sen precedentes. O deterioro ambiental, a perda de biodiversidade, os fenómenos meteorolóxicos extremos, a emerxencia climática, o incremento das temperaturas e das secas, a desertización e erosión do solo, a contaminación da auga e do ar... son algunhas das manifestacións máis evidentes deste proceso, que obriga a unha acción pública decidida para facerlles fronte. con. Fronte ao marketing e ecopostureo que caracteriza a actuación de grandes empresas e do goberno do PP, o BNG defende políticas públicas integrais, ambiciosas, valentes e transformadoras, que incidan nas verdadeiras causas do cambio global, que poñan o foco nos seus responsabeis, e que defendan non unha “transición” interesada e especulativa senón un novo modelo económico, produtivo e de consumo.

A actuación política do BNG terá pois como finalidade garantir a sustentabilidade para as xeracións presentes e futuras, buscando un equilibrio entre defensa do medio e desenvolvemento e modernización, através das seguintes liñas de actuación:

— Demandar todas as competencias en materia de clima, meteoroloxía e xestión dos recursos hídricos, e, transitoriamente, garantir a máxima coordinación na avaliación, planificación e toma de decisións.

-Apostar por un modelo económico que teña en conta os límites do sistema ecolóxico. Adaptar o modelo económico a un futuro sen enerxías fósiles, establecendo fitos e obxectivos en materia de descarbonización.

-Promover unha reforma fiscal en profundidade para adoptar o modelo de fiscalidade ecolóxica.

-Crear o **Observatorio Galego do Clima** entendido como rede especializada de información, seguimento, avaliación e previsión sobre os cambios no clima e os seus efectos sobre a saúde, as desigualdades, o medio, a biodiversidade, os recursos, a produción de alimentos, as actividades económicas. O citado Observatorio deberá garantir a análise territorializada e por sectores.

-Creación dun organismo público que aglutine todas as competencias autonómicas en relación co clima, co obxecto de garantir unha actuación integral e transversal nesta materia que comprometa a todos os departamentos do goberno galego.

-Apertura dun amplo proceso de participación institucional e social para elaborar a Lei de Acción polo Clima e unha Estratexia Galega fronte á Crise Ambiental. A elaboración e aprobación da Lei e da Estratexia deberá comprometer a todos os ámbitos institucionais e deberá procurar a implicación de todos os sectores económicos e sociais para loitar eficazmente contra as causas da emerxencia climática, mudando de raíz as políticas do chamado “capitalismo verde” en relación coa ordenación do territorio, a protección da paisaxe e dos ecosistemas, a mobilidade, a xestión dos residuos, o monte, a enerxía, a minaría, a xestión da auga e en xeral as políticas económicas que fomentan a depredación dos recursos, a despoboación e o empobrecemento do noso país.

-Creación dun organismo independente encargado de avaliar os avances da Estratexia e o cumprimento dos obxectivos de redución de gases de efecto invernadoiro.

-Reestruturación do organigrama de goberno para darlle a centralidade necesaria e o peso político que merece ás políticas relacionadas coa emerxencia ambiental e coa prevención da crise climática. Neste contexto, reforzarase a cooperación e a coordinación entre o goberno da Xunta, os gobernos locais e o ámbito universitario.

--Creación dun comisionado para a emerxencia ambiental e o cambio climático, dependente da presidencia da Xunta, para impulsar e coordinar, de maneira transversal, as políticas do goberno galego nesta materia.

-Desenvolver o Mapa de Riscos relacionados coa emerxencia ambiental e a

emergencia climática e activación de mecanismos de prevención e resposta en relación cos sectores económicos estratéxicos, a saúde, as infraestruturas, os equipamentos, os recursos hídricos, os fenómenos meteorolóxicos extremos ou a evolución do litoral

—Adoptar, en toda a actividade da Xunta e entes autonómicos, a compra e contratación pública verde, e establecer medidas que a promovan no resto do sector público galego (concellos, universidades, centros de ensino, centros sanitarios, etc). (esta cuestión xa aparece noutras partes do programa, con maior amplitude)

-Avanzar na creación de circuitos de produción, comercialización e consumo de calidade e proximidade (km0), co obxectivo de minimizar os impactos ambientais.

-Fomentar as infraestruturas verdes e a arquitectura e urbanismo con criterios bioclimáticos, utilizando como criterio preferente na obra pública

-Promover a economía circular co fomento da prevención, o ecodeseño, a reutilización e a reciclaxe dos materiais e através do mercado de produtos reciclados e de segunda man.

—Obrigir a internalizar os custos ambientais nas actividades contaminantes.

—Estabelecer plans de loita contra a contaminación en todas as súas formas, tanto aérea (incluídas a lumínica e acústica) como acuática e edáfica.

## Biodiversidade e patrimonio natural

O BNG considera que a defensa da diversidade biolóxica debe ser unha prioridade das políticas públicas e dos orzamentos: ten que ser entendida como un “escudo protector” para as persoas e para o planeta e un “seguro de vida colectivo”. A Biodiversidade é unha *vacina* contra a ameaza de novas crises sanitarias e contra a emerxencia climática

O PP promoveu nos últimos anos varias reformas legais (Lei de depredación do 2017, lei de ordenación do territorio de 2021, lei de simplificación administrativa de 2021...) que crean unha auténtica “barra libre” para os grandes proxectos depredadores do territorio, facilitan a súa aprobación pasando por riba dos intereses dos concellos e das persoas propietarias e constitúen unha gravísima ameaza para hábitats e especies que deberían gozar da máxima protección por estar declarados de interese comunitario e de interese prioritario.

Como consecuencia destas decisións, o medio natural do noso país está a padecer un continuado deterioro que é urxente inverter xa que a súa conservación e protección do ten indubidábeis beneficios ecolóxicos, sociais, para a saúde e para a prevención do cambio climático. Ten ademais grandes potencialidades económicas se se impulsa un desenvolvemento racional, responsábel e respectuoso co territorio e as comunidades locais.

A política do BNG en relación co patrimonio natural e a biodiversidade inspírase nos principios de prevalencia da protección ambiental, precaución e prevención do cambio climático, e desenvolverase mediante as seguintes liñas de actuación

**-Creación por lei do Fondo de Conservación da Natureza**, que se dotará con achegas dos orzamentos públicos, taxas fiscais finalistas, ingresos procedentes de sancións por incumprimento da normativa ambiental e por medio de doazóns. Este fondo destinarase a financiar: actuacións de preservación da biodiversidade; actuacións de creación e xestión de áreas naturais protexidas; fomento de paisaxes agroforestais multifuncionais (agrarias, pastos para gandería en extensivo, espazos abertos, humidais, bosques de frondosas, froiteiras...); solucións baseadas na natureza fronte ao risco de incendios e a ameaza do cambio climático; fomento de iniciativas de custodia do territorio

-Revisión da normativa de uso e xestión dos Espazos Naturais Protexidos (ENP), priorizando a conservación e fomentando a participación e información da poboación local.

**-Ampliación da Rede Natura 2000 mediante unha proposta ambiciosa que permita avanzar desde o raquíctico 12% actual até unha porcentaxe superior ao 20%**, co obxectivo de ir achegando o noso país á media estatal e europea. O inicio do procedemento de ampliación suporá a protección preventiva destas zonas e a súa exclusión dos proxectos de forestación, enerxéticos, mineiros...

-Aprobación dos plans de ordenación para cada un dos espazos da Rede Natura 2000, que inclúan as accións de conservación e protección necesarias en atención as súas particularidades e ademais recolla medidas en beneficio da poboación que vive nestes espazos.

-Ampliación da Rede de Espazos Naturais, atendendo ás necesidades de eficiencia para a conservación dos hábitats e da biodiversidade. Prestarase atención especial a lugares singulares, como por exemplo a inclusión da Serra do Galiñeiro no Parque Natural Monte Aloia. Dar continuidade na Galiza ao Parque Peneda – Gerês e establecer mecanismos de coordinación e convenios de colaboración.

-Iniciar os procedementos participativos para a elaboración e aprobación das propostas de declaración dos Parques Naturais do Monte Pindo, Trevinca, Queixa-San Mamede, Ancares e Courel, mais non só como instrumentos de protección senón tamén de desenvolvemento territorial. Os parques deben mudar de modelo, non poden impedir a actividade agrogandeira senón tornala plenamente compatíbel para que o coidado do medio actúe tamén como factor de desenvolvemento social.

-Ampliación territorial do Parque Nacional das Illas Atlánticas (coa incorporación das Illas Sisargas, entre outras zonas) e definición de novos plans de uso e xestión.

-Aprobación da Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e para a Conectividade e a Restauración Ecolóxica, que xa foi obxecto do procedemento de información

pública, e do correspondente plan de implementación e seguimento.

-Plan de protección, restauración e posta en valor de humidais.

-Plans de conservación e recuperación de especies ameazadas que aínda non contan con este instrumento de xestión. En Galiza existen 201 especies ameazadas, das cales 75 están en perigo de extinción e 126 en situación vulnerábel. Tanto a lei 42/2007 do patrimonio natural e a biodiversidade como a lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia prevén a aprobación de plans de recuperación para as especies en perigo de extinción e plans de conservación para as especies vulnerábeis. Só tres especies teñen plan de conservación ou de recuperación.

-Desenvolvemento dun novo Plan Estratéxico de xestión das Especies Exóticas Invasoras e para o desenvolvemento dun sistema estandarizado de análise de riscos para as especies exóticas en Galicia. As especies exóticas invasoras constitúen unha das principais ameazas para a biodiversidade, e conlevan riscos para os equilibrios ecolóxicos, para a saúde e para as actividades económicas (a agricultura, gandaría, pesca, marisqueo, apicultura, etc..

— Evitar, con carácter xeral, o cultivo, cría e comercio de organismos xeneticamente modificados con destino 18 á alimentación humana e animal.

—Desenvolver políticas encamiñadas á protección da biodiversidade, tanto mariña como terrestre.

—Estabelecer plans de conservación das especies mariñas protexidas e labores de seguimento para as capturas accidentais das especies mariñas ameazadas, así como medidas paliativas, en consonancia coa lexislación vixente e directrices internacionais.

—Reducir a superficie ocupada polo Eucaliptus globulus, priorizando a súa eliminación nos seguintes ámbitos: os espazos naturais protexidos, as terras agrarias forestadas, os humidais, os bosques de ribeira e as bacías fluviais. Prohibición da forestación con Eucaliptus nitens e outras especies invasoras en todo o territorio galego.

—Prohibir o cultivo de especies alóctonas nos espazos protexidos e nos bosques de ribeira.

—Limitar os cultivos enerxéticos e o aproveitamento da biomasa forestal residual exclusivamente con fins de xeración de enerxía eléctrica, priorizando o uso da biomasa para restituír a materia orgánica e os nutrientes ao solo, así como para a compostaxe e aproveitamento calorífico tradicional.

—Adaptar a actividade forestal ao cambio climático, tendo en conta as situacións de risco (lumes, erosión, perda de capacidade de retención e de fertilidade, etc) nos nosos montes.

—Procurar alternativas para evitar a degradación e a perda de solo fértil nos montes. Reverter este proceso é imprescindible para garantir a existencia



dos propios sistemas forestais, a conservación dos ecosistemas e a produción de recursos no futuro.

-Fortalecer o corpo de axentes forestais e de medio ambiente para reverter as políticas de retallamento e desmantelamento, co obxectivo de que poidan exercer con medios e con garantías o seu labor.

-O lobo é unha das especies máis emblemáticas da fauna galega e suxeita a unha complexa situación de conservación. Tras décadas de fracaso na toma de medidas para a convivencia coa gandería resultan precisos novos enfoques cara unha xestión moderna e de solucións. Propoñemos a posta en marcha dun ambicioso plan de medidas de prevención, asesoramento e atención inmediata ás explotacións gandeiras, e un pago àxil e xusto dos danos ocasionados.

-Plan de protección e recuperación do cabalo galego de monte desde o punto de vista histórico-etnográfico-cultural, social e económico, e atendendo ao seu importante papel na preservación de hábitats de interese prioritario.

-Elaborar un plan de xestión do xabaril con medidas de control e redución de danos.

—Custodia do Territorio. O goberno galego establecerá un protocolo de colaboración activa coa Rede Galega de Entidades de Custodia do Territorio para apoiar o seu imprescindible labor e elaborar conxuntamente as liñas básicas de actuación neste ámbito.

### **Participación pública e educación ambiental**

Co obxectivo de impulsar a participación e o coñecemento do conxunto da sociedade nas políticas de defensa do medio, o BNG tomará as seguintes medidas:

—Impulso ao tecido asociativo ecoloxista e fomento da transparencia na xestión das administracións públicas. Creación dunha Rede de Información e Participación neste ámbito.

— Desenvolver coa participación de todos os axentes implicados unha nova Estratexia Galega de Educación Ambiental, para promover cambios significativos nos estilos de vida, tanto individuais como colectivos, que consideren necesariamente os aspectos económicos, sociais, políticos e éticos da crise socio-ambiental. No desenvolvemento da Estratexia promoverase o traballo coordinado entre os departamentos de medio ambiente e ensino.

- Promover a introducción de contidos sobre emerxencia ambiental no sistema educativo, para abordar a crise climática desde unha perspectiva ecosocial

. Apoio ás entidades e profesionais no seu labor de educación ambiental e promoción do voluntariado ambiental.

-Reformulación e reactivación dos órganos consultivos na materia: COGAMA, OGEA, etc.

## Protección dos animais

- Creación dunha unidade administrativa de Protección Animal
- Fomento do respecto e da protección animal, impulsando as modificacións normativas necesarias para impedir a realización na Galiza de touradas e outros espectáculos con animais. Fin de zoolóxicos e acuarios con fins de entretemento.
- Aplicar os convenios e tratados internacionais que supoñen unha mellora no campo da protección e do benestar animal.
- Impulsar as alternativas ao uso de animais en toda clase de ensaios e experimentacións, apostando polos modelos xa validados no ámbito europeo.
- Lanzamento dunha Estratexia Galega de prevención do abandono e maltrato animal que inclúa medidas de sensibilización, aproveitando os medios de comunicación públicos e programas específicos nos diferentes ámbitos do sistema educativo.
- Establecemento dun programa de apoio económico e técnico para as entidades protectoras de animais, refuxios e santuarios.
- Recoñecemento legal da figura do Santuario animal dotándoos dos medios necesarios. Establecemento de convenios con este tipo de refuxios para a acollida de animais de granxa provenientes de decomisos ou abandonos.
- Accións de fomento da adopción fronte á compra de animais de estimación ou compañía, fomento da esterilización, a identificación e o apoio ás entidades para o obxectivo sacrificio cero.
- Apoio aos Concellos para a creación e funcionamento de refuxios públicos e para o desenvolvemento de iniciativas e medidas de control responsábel de animais da rúa como a xestión de colonias felinas ou os servizos de rescate e acollida. Campañas de esterilización para animais de compañía.
- Reconsideración xurídica da caza, vetando a munición de chumbo e aumentando as exixencias para a obtención dunha licenza. Prohibición da práctica ou participación na caza ás persoas menores de idade, de acordo ao criterio superior de protección da infancia e da adolescencia. Especial control de cans empregados para actividades cinxéticas.

.-Limitación das batidas de control da fauna salvaxe. Priorizarase a xestión destas especies empregando métodos efectivos, contrastados cientificamente e incruentos”.

- Introducción no currículo escolar de temarios sobre protección e benestar animal. Promoción de campañas educativas nos centros de ensino a respecto da fauna salvaxe.
- Creación e apoio dos centros de recuperación da fauna salvaxe.
- Sinalización e creación de zonas de paso específicas para animais nos espazos onde, como consecuencia da construción de infraestruturas, puideren ter perigo.
- Campañas para o fomento de espazos públicos que permitan a presenza de animais de compañía e normativización para o acceso de animais de compañía ao transporte público, albergues para persoas sen fogar, casas de acollida para mulleres vítimas da violencia de xénero, residencias para maiores ou vivendas tuteladas.
- Creación de simboloxia (tipo bandeira azul) que identificaría aqueles concellos con mellores prácticas en protección e benestar animal.
- Fomentar a existencia, para atender a demanda, de menús vexetarianos e veganos nas cantinas dos centros públicos dependentes da administración galega (centros de ensino, hospitais, residencias, albergues, campamentos de verán, centros oficiais, cárceres...)
- Lexislar para impedir o establecemento de novas granxas peleteiras e procurar a o cambio de actividade das existentes
- Formación á Policía Autonómica na defensa medioambiental e da protección dos animais. Establecemento de protocolos de actuación claros para este corpo en casos de abandono, maltrato, accidentes, rescates, etc...

## Axenda urbana galega 2030

Nos últimos anos foi cobrando forza o debate sobre o modelo urbano e a necesidade de avanzar cara a cidades e vilas que poñan no centro as persoas, a convivencia, a cohesión e integración social, así como a protección da saúde, do medio e da biodiversidade

Nos últimos anos acelerouse o debate sobre os modelos urbanos, poñendo en primeiro plano a necesidade de transformacións profundas na organización da vida nas nosas vilas e cidades.

A experiencia do BNG nos gobernos municipais é un aval para impulsar desde o goberno galego unha nova etapa en relación coa Axenda e o Modelo Urbano. Trátase de aproveitar o mellor das experiencias de éxito desenvolvidas en todo o mundo, mais tamén de procurar solucións propias, adaptadas á realidade e ás necesidades do noso país.

O goberno galego ten que impulsar e liderar esta transformación urbana, nun proceso participativo e en diálogo coas entidades locais e cos axentes sociais,

co obxectivo de aprobar no prazo máximo de 2 anos a Axenda Urbana Galega 2030.

O modelo urbano defendido polo BNG ten como obxectivo central converter as cidades e vilas galegas en referentes de calidade de vida, benestar, integración social, equilibrio ambiental e dinamismo socioeconómico e cultural. Para conseguilo, atenderá os seguintes criterios:

### **Cidades e vilas amábeis**

O espazo público debe ser entendido como dereito básico das persoas, como a sanidade, a educación ou a vivenda. As persoas teñen dereito a dispor dun espazo público de calidade para desenvolver as súas vidas e relacións sociais con seguridade e equidade.

A organización e planificación das cidades debe facerse poñendo as persoas no centro, primando os criterios humanos e sociais sobre outros intereses. O espazo público, en canto escenario principal da vida nas cidades, debe concebirse como un lugar amábel, acolledor, integrador e diverso. As solucións técnicas e as innovacións tecnolóxicas (smart city) teñen que poñerse ao servizo dos intereses da maioría.

### **Cidades e vilas inclusivas**

O espazo público é o lugar da vida das persoas en condicións de igualdade, sen discriminacións relacionadas coa idade, xénero, clase, ou por factores físicos, sensoriais ou intelectuais.

As políticas urbanas garantirán a accesibilidade universal, física, sensorial e de comunicación.

Fomentarase a función dos espazos públicos como lugares de relación social, integración e cohesión para todas as persoas, atendendo ás necesidades dos colectivos máis vulnerábeis

Atenderase á diversidade xeracional, funcional, socioeconómica, coa finalidade de combater a segregación xeracional ou social.

O modelo urbano responderá á perspectiva de xénero, co obxectivo de facer fronte á desigualdade e á discriminación, así como favorecer a plena integración das mulleres no espazo público, na vida social, económica e cultural.

### **Cidades e vilas compactas**

Fronte á disgregación e á expansión cara ás áreas periurbanas, o modelo urbano do BNG aposta pola planificación e construción de servizos e equipamentos de proximidade: mercados, centros de saúde e sociosanitarios,

equipamentos socioculturais, centros educativos, equipamentos deportivos... Ao mesmo tempo, considera necesario fomentar e protexer o comercio de proximidade no centro urbano e nos barrios, poñendo freo á proliferación de grandes superficies. Serán tamén criterios centrais do modelo urbano compacto: a diversidade e mestura de usos do espazo público: sociais, económicos, culturais, deportivos, de lecer; a rehabilitación e rexeneración de edificacións e zonas degradadas; medidas en materia de vivenda e ordenación urbana que eviten a especulación, a xentrificación e en xeral a proliferación de actividades económicas que expulsen poboación dos centros urbanos.

### **Cidades e vilas saudábeis**

O modelo e a axenda urbana deben considerar prioritario o benestar físico e emocional, fomentando cidades e vilas que protexen e melloran a saúde.

Para conseguilo, será prioridade atender as seguintes cuestións:

- Redución da contaminación vinculada ao tráfico e a actividades industriais: prevención de mortes e patoloxías asociadas á contaminación e ao ruído.
- Deseño dos espazos públicos e do viario urbano con criterios de seguridade e primacia das persoas usuarias máis vulnerábeis.
- Beneficios da biodiversidade, do coidado do medio ambiente urbano, das zonas verdes e arboradas, dos cursos de auga e humidais, da paisaxe tradicional e dos montes periurbanos...
- Papel central das cidades e vilas na acción sobre a emerxencia do clima

Asemade, o BNG impulsará desde o goberno as seguintes liñas de actuación en relación co modelo urbano:

### **En relación co espazo público e a mobilidade.**

A organización e transformación do espazo público farase tendo en conta o principio “as persoas primeiro”. Deberase garantir a mobilidade peonil en condicións de seguridade obxectiva e subxectiva, priorizando esta na xerarquía da mobilidade: a pé, en bici, vehículos de mobilidade persoal, transporte colectivo, automóbil privado.

Promoverase a elaboración e aprobación de Plans Municipais e Territoriais de Mobilidade Sostíbel, dacordo cos criterios establecidos na Lei e na Estratexia de Mobilidade Sostíbel, saudábel e segura.

Protenciarase a mobilidade natural e activa sobre a motorizada e pasiva,

tanto nos espazos urbanos. Fomento da mobilidade ciclista, dacordo co establecido no Plan galego de fomento da mobilidade en bici.

Fomento do transporte público, con solucións adaptadas a cada territorio/área urbana, e co fomento do transporte público a demanda para núcleos rurais.como nos rurais, creando espazos de preferencia peonil.

No ámbito rururbano e interurbano crearanse itinerarios peonis e ciclábeis:

-Itinerarios libres e continuos sen obstáculos dun mínimo de 2.5 m de largo:

-Cando sexa posíbel establecerase a plataforma única coas medidas de calmado de tráfico necesarias

### **En relación coa seguranza viaria**

Primariase a seguranza das vías e espazos públicos mediante políticas de restrición (limitación de acceso, desvíos...) e calmado de tráfico (pasos peonís sobreelevados, redutores físicos de velocidade...)

Toda a rede de estradas e rúas en contornas de núcleos terán velocidade máxima de 30 qm/h Nos espazos públicos de preferencia peonil, a velocidade máxima dos vehículos autorizados será de 10 qm/h

### **En relación coa infancia (Cidades e vilas da infancia)**

O espazo público debe ser concebido como escenario da socialización e da aprendizaxe de nenos e nenas

Potenciarase a presenza de nenos e nenas no espazo público con autonomía e seguridade. Crearanse camiños escolares seguros como primeira medida de recuperación do espazo para as crianzas e para o desenvolvemento autónomo

Crearanse canles de participación infantil na vida municipal

### **En relación coa natureza e as infraestrutura verde:**

Desenvolvemento da infraestrutura verde urbana con actuacións en edificacións, espazos públicos, zonas verdes e arboradas, biodiversidade e espazos naturais perirubanos, continuidades e corredores verdes: rías, ríos e humidais, montes...

Atención á preservación e conservación da paisaxe: preservación dos equilibrios e das paisaxes tradicionais, creación de áreas de protección paisaxística, rexeneración de paisaxes degradadas...

## **En relación coa economía circular e fomento do km 0:**

Planificación da xestión sustentábel dos residuos, auga, enerxía, abastecementos (mercados e circuitos de produtos frescos de proximidade)

-ciclo da auga (abastecemento, saneamento, depuración, reutilización):

Abastecemento: preservación dos recursos, redución do consumo, eficiencia nas redes de distribución (redución de perdas), reutilización de augas usadas

Saneamento: planificación e priorización das infraestruturas, ampliación e mellora da redes de saneamento, ampliación e mellora das infraestruturas de depuración; reutilización de augas e lodos de depuración...

-ciclo da enerxía: redución do consumo, eficiencia enerxética, abastecemento con enerxías renovábeis, autoabastecemento con enerxías de km 0 en edificios e equipamentos públicos (xeotérmica e fotovoltaica, uso da biomasa para calor)

-ciclo dos materiais: consideración dos residuos como recursos

Xestión e tratamento da materia orgánica con criterios de autosuficiencia, proximidade e circularidade: compostaxe domiciliaria, comunitaria e en miniplantas/plantas comarcais Xestión e tratamento de residuos de construción e demolición (RCD): ordenanzas municipais e estímulo para o tratamento e reutilización fronte a “valorización” en depósitos e vertedoiros (ocos de canteiras)

Fomento dos sistemas de depósito, devolución e retorno para envases e embalaxes

-ciclo dos alimentos

Fomento da produción agroalimentaria local, de proximidade e de calidade, potenciación dos mercados e circuitos de produtos frescos de proximidade. Fomento de centros de transformación e envasado. Apoio ás cooperativas e asociacións de consumo.

## **En relación coa vivenda e os usos residenciais**

Intervención pública no mercado da vivenda, para garantir a súa consideración de dereito básico das persoas, fronte á especulación e o negocio privado.

Desenvolvemento de plans de rexeneración e rehabilitación urbana. Protección e conservación patrimonio construído e do parcelario.

Fomento da bioconstrución e materiais reciclados e sustentábeis. Apoio a medidas que garantan a eficiencia e autosuficiencia enerxética.

Plans de garantía da accesibilidade nos edificios residenciais e nos equipamentos e transportes públicos.

## Ciclo integral da auga:

Unha das manifestacións máis evidentes do cambio climático son as alteracións do ciclo hidrolóxico e os períodos cíclicos de seca, como acontece nos últimos anos en Galiza.

Estas alteracións afectan á biodiversidade, á saúde, ao abastecemento humano e ao desenvolvemento de sectores económicos esenciais.

Para facer fronte a esta situación, débese superar a visión limitada centrada nas infraestruturas do ciclo urbano da auga e débense prever e planificar as actuacións precisas relacionadas coa biodiversidade, coa protección dos solos e das paisaxes e as necesidades dos diferentes sectores económicos.

Precísase pois unha Estratexia Galega da Auga a medio e longo prazo baseada nos seguintes principios e criterios de actuación:

- Levar a cabo un amplo proceso de participación, social e institucional, co obxecto de chegar a acordos do país que sitúen a auga como unha cuestión estratéxica e pactada, situada por riba das ópticas políticas ou territoriais (Pacto galego da auga).
- Estar baseada na nova cultura da auga, apostando pola protección dos recursos, unha boa base de información sobre as reservas de auga superficiais e subterráneas, a conservación e calidade das masas de auga, a redución e eficiencia no consumo e a reutilización das augas, a corresponsabilidade social e a concienciación para o uso sustentábel e eficiente dos recursos.
  - Priorizar as solucións baseadas na natureza e as infraestruturas verdes.
- Aplicar as melloras tecnolóxicas para garantir a máxima eficiencia na xestión dos recursos.
- Unha nova gobernanza da auga, coa corresponsabilidade dos diferentes niveis da administración e das comunidades de persoas usuarias.

A Estratexia Galega da Auga e o Pacto Galego pola Auga atenderán cando menos as seguintes cuestións

- Preservación e conservación dos recursos hídricos e da biodiversidade, con especial atención aos humidaes e masas de auga continentais
- Estudo das reservas de auga superficiais e subterráneas, así como da súa protección e calidade.
- Estudo do impacto das actividades económicas e nomeadamente da gandaría intensiva e das plantacións forestais na cantidade e calidade das reservas de auga



-Análise territorial dos recursos e dos escenarios de evolución da demanda a medio e longo prazo, tanto para actividades económicas como para o consumo humano. Fixación de prioridades ao respecto.

-Medidas de planificación e xestión relacionadas coas actividades económicas e co ciclo urbano da auga.

-Establecemento de medidas orzamentarias para garantir os investimentos necesarios, coa participación dos diferentes niveis da administración

-Pacto local da auga: estrutura tarifaria e criterios sobre os investimentos en infraestruturas hidráulicas

-Aplicación dos principios da nova cultura da auga

-Nova gobernanza da auga. Creación do consello galego e dos consellos territoriais para o uso sustentábel da auga. Fomento da creación de consorcios e mancomunidades públicas de xestión directa. Recoñecemento pleno das comunidades de auga e fomento do seu funcionamento e mellora.

-Planificación e xestión en relación co uso eficiente, o aforro e a reutilización dos recursos hídricos

-Implantación de diferentes alternativas segundo os territorios e fomento das solucións baseadas na natureza

-Fomento do desenvolvemento tecnolóxico para a xestión intelixente e eficiente dos recursos. Fomento do aforro hídrico e enerxético.

A Estratexia e o Pacto Galego pola Auga será aprobados polo goberno galego logo da súa presentación, debate e votación polo Pleno do Parlamento.

Xunto coas actuacións estratéxicas e de planificación, o goberno do BNG impulsará un **plan de medidas urxentes 2024-2026**, en colaboración coas demais administracións e para responder as seguintes necesidades e demandas relacionadas co ciclo da auga, tanto en núcleos urbanos como nas áreas rurais.

-Programa de investimentos na mellora de redes de abastecemento e construción de novas infraestruturas, priorizando solucións baseadas na natureza, protección e conservación das masas de auga, aproveitamento de augas pluviais e reutilización de augas grises.

-Programa de investimentos para mellorar o acceso á auga en zonas de produción agrogandeira.

-Programa de axudas para sectores económicos afectados polo cambio

climático debido a secas, pragas, incendios, incremento de temperatura do mar...

En correspondencia co anterior, o BNG impulsará desde o goberno galego as seguintes liñas de actuación:

—Reclamación da xestión pola Xunta de Galiza da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, e as competencias exclusivas na xestión de toda a rede fluvial de Galiza.

—Modificación da **Lei de Augas** co fin de integrar de modo efectivo os principios da Directiva Marco, procurando o consenso social.

—Evitar a creación de novos encoros, e revisar a planificación para que se garantan caudais ecolóxicos suficientes e efectivos nos encoros xa existentes.

—Desenvolvemento de medidas de saneamento integral de todos os cursos e ecosistemas fluviaís.

—Potenciación dunha **Rede de Vixilancia e control do estado ecolóxico dos ríos** galegos. Mellora da coordinación da inspección ambiental. Persecución e condena efectiva dos vertidos incontrolados e ilegais. Sistema público de seguimento de vertidos, con garantía de obxectividade e independencia de axentes e entidades encargadas da mostraxe e análises de vertidos.

—Implantación de modelos de saneamento con maior viabilidade ambiental e económica, en particular:

- a) preferencia do saneamento descentralizado
- b) técnicas e procesos de recuperación dos recursos contidos nas augas residuais (enerxía, nitróxeno, fósforo e outros elementos nutrientes)
- c) sistemas naturais e de baixo custo, en particular as zonas húmidas construídas. Control das captacións de augas para usos industriais e domésticos e medidas para a redución de perdas e fugas, así como medidas, incluso sancionadoras, para acadar a máxima eficiencia da agua utilizada e o mínimo consumo.

—Redución na aplicación de herbicidas e fitosanitarios, mellora dos tratamentos terciarios en depuración e reutilización de augas residuais depuradas.

### **Protección e xestión do mar e do litoral**

Os recursos mariños teñen un valor estratéxico, tanto ambiental como económico. Así, será prioridade do BNG a súa defensa, a planificación do seu uso e a mellora do hábitat, impulsando as seguintes medidas:

Defensa e reclamación das plenas competencias de Galiza en todo o relacionado co mar e o litoral.

Revisión dos aspectos lesivos da actual lei de xestión integral do litoral

—Mellora da calidade do hábitat marítimo e costeiro, incluída a paisaxe. Planificación do uso do medio mariño e do litoral, facendo compatíbel a actividade pesqueira coa conservación da biodiversidade.

—Fomento do uso racional e sustentábel da pesca de baixura e marisqueo, empregando entre outras medidas as reservas mariñas.

—Regulación e limitación da acuicultura mariña industrial, tanto en terra como na auga.

—Saneamento integral do litoral, ampliando e mellorando os sistemas de depuración existentes e rematando cos vertidos de augas residuais sen depuración.

—Limitar e controlar estritamente a importación de especies foráneas (semente de moluscos, etc) para repoboación.

**-Protección e descontaminación da costa.** Desenvolvemento dun programa integral de concienciación, educación, control e eliminación da contaminación mariña, con especial atención á eliminación de residuos plásticos e similares nas instalación portuarias, nos areas e nas marismas.

-En cumprimento do previsto na Disposición Adicional Terceira do POL, que establece na zona unha Área de Mellora Ambiental e Paisaxística, traballar en coordinación con outras administracións para sacar o complexo ENCE da ría de Pontevedra e recuperar os terreos ocupados por ENCE e ELNOSA.

## Prevenición e Xestión de residuos

Desde sempre o BNG propuxo e defendeu una política de residuos baseada na prevención (antes denominada redución), na recuperación e na reciclaxe.

Hoxe non só é una proposta do BNG, senón que é una obriga legal recollida na normativa europea, estatal e, mesmo da Xunta de Galiza. Malia que estes

obxectivos están recollidos na normativa por imperativo legal non se adoptaron as medidas para a súa efectiva implantación e posta en funcionamento. Así, por exemplo, os obxectivos fixados no PXRUG da mesma Xunta de Galiza para o ano 2020, quedaron moi lonxe de acadarse. Estamos arredor do 20% dos residuos reutilizados ou reciclados, cando o obxectivo estaba fixado no 50% para o 2020.

O BNG impulsará desde o goberno un grande acordo de país en relación coa prevención e xestión dos residuos municipais. Nunha primeira fase, este acordo terá en conta a coexistencia de sistemas. A partir de aí, establecerase un Plan que permita cumprir os obxectivos marcados pola normativa europea.

Co obxectivo de desenvolver unha política de residuos que faga posíbel o cumprimento e, mesmo a superación, dos obxectivos fixados pola normativa, e atendendo tamén aos principios de proximidade e redución das emisións de gas de efecto invernadoiro, o BNG promoverá as seguintes medidas:

1) Aumento da selección e, cando sexa posíbel, tratamento ou reciclaxe en orixe, co fomento da compostaxe individual e comunitaria e plantas comarcais de reciclaxe e de compostaxe, neste caso cando sexan necesarias. Redución paulatina pero drástica das medidas de tipo finalista como a incineración e os vertedoiros.

2) Establecemento dun sistema de bonus/malus para o cumprimento dos obxectivos de prevención, reutilización e reciclaxe. Primaranse aos concellos e aos xeradores de residuos de todo tipo con primas económicas, mentres que se fará un recargo ou taxa a aqueles outros que incumpran os obxectivos. En ambos casos os bonus e os malus serán proporcionais ao grado de cumprimentos e incumprimentos de cada entidade ou organismo.

3) Lanzamento do Plan Galego de Compostaxe para a fracción orgánica fermentábel dos residuos urbanos, os lodos de depuradora, a biomasa de orixe vexetal e análogos, con un sistema de xestión dos biorresiduos adaptada á realidade galega, primando o tratamento de proximidade (compostaxe doméstica e comunitaria), e de máxima calidade técnica.

- O Plan de compostaxe incluirá -alí onde sexa necesario- a implantación de complexos de compostaxe de ámbito comarcal, inventario dos residuos compostábeis, medidas para a valorización do compost e fomento da investigación e prácticas vinculadas coa compostaxe.

4) Colaboración coas entidades locais no financiamento de programas, na elaboración de plans, na redacción de ordenanzas tipo e na creación de corpos de inspección.

5) Implantación do sistema de Depósito, Devolución e Retorno dos envases lixeiros .

6) Desenvolvemento dunha Estratexia Galega sobre os Plásticos (redución da produción, substitución por outros materiais, recuperación e reciclaxe....)

7) Revisión da normativa e desenvolvemento dun novo **Plan de xestión dos residuos industriais** que promova a recuperación e a reutilización e minimize os impactos sobre o medio.

### **Novo modelo de mobilidade**

As políticas de fomento da mobilidade motorizada non son sustentábeis desde o punto de vista social, económico, ambiental e da saúde. Unha das consecuencias máis negativas destas políticas son os elevados índices de sinistralidade viaria, coas súas terribes consecuencias de persoas mortas, inválidas, feridas e danos materiais e económicos. Estamos a falar de arredor de 100 persoas mortas e de arredor de mil millóns de euros perdidos cada ano como consecuencia da violencia vial, a maiores dos sobrecostos dos seguros, especialmente nas provincias atlánticas.

Polo tanto, hai que inverter totalmente as prioridades. Os maiores esforzos deben ir para mellorar a seguridade vial e adaptar as vías para que respondan ás necesidades reais da forma máis segura, potenciar os camiños de ferro interiores e de proximidade e primar ademais as mobilidades amábeis, a peonil e a ciclista.

O mesmo poderíamos dicir do transporte público, en que a satisfacción das potenciais demandas hai que facelas por medios racionais e adecuados, buscando unha proporcionalidade entre necesidades e medios para satisfacelas. Nun país tan complexo e variado como a Galiza, as solucións uniformes non son válidas; non ten sentido mover un autobús de varias toneladas e altamente contaminante para desprazar cantidades moi pequenas de viaxeiras; non resulta sustentábel nin económica nin ambientalmente. Solucións como o transporte á demanda ou similares poden ser unha boa alternativa adaptada ás nosas peculiaridades.

Tendo isto en conta, o BNG impulsará as seguintes liñas de actuación

### **En materia competencial e de autogoberno:**

**Transferencia inmediata á Galiza de infraestruturas básicas** como a AP-9 e AP 53. Demandarase ao goberno do Estado que atenda o requerimento da Comisión Europea e proceda á anulación das prórrogas da AP9 concedidas de maneira ilegal.

- Reclamación da **competencia plena sobre os nosos portos.**

—Reclamación da competencia plena sobre os aeroportos galegos e **creación dun ente galego de coordinación aeroportuaria** encargado de deseñar e implementar unha política aeroportuaria galega baseada na coordinación, especialiación e complementariedade e non na competencia entre os aeroportos galegos e as subvencións públicas a aeroliñas privadas.

- **Creación dun ente que promova e xestione o futuro tren de proximidade galego (GALTREN).** O obxectivo é enlazar os principais núcleos de poboación arredor das cidades cun medio económico, ecolóxico e eficaz como son os camiños de ferro. Tamén conectar entre si cidades que carecen na actualidade deste servizo (Lugo-Santiago).

- 3) Demanda da condonación da débeda contraída pola Autoridade Portuaria da Coruña con Portos do Estado, e o impulso dun organismo público, coa participación das distintas administracións e entes implicados, para acometer a transformación dos terreos do porto interior, mantendo sempre a titularidade pública dos mesmos.
- 4) Garantir a execución das infraestruturas viarias pendentes e unha solución real e efectiva ao grave problema de seguridade viaria na A-8.

### En materia ferroviaria:

Fomento do transporte ferroviario de mercadorías e integración plena de Galiza no Corredor Atlántico, coa inmediata aprobación do Plan Director do Corredor e o Plan de Investimentos correspondente. Conexión por tren dos portos, plataformas loxísticas e grandes parques empresariais

Demanda do remate das infraestruturas ferroviarias que permitan vertebrar a alta velocidade na Galiza e a modernización da rede ferroviaria: o remate da conexión por alta velocidade coa meseta, a plena execución do Eixo Atlántico coa construción dos treitos pendentes Ferrol - A Coruña e Vigo - Tui; a mellora da antiga liña do FEVE entre Ferrol e Ribadeo; así como a adecuación a altas prestacións ferroviarias dos treitos Lugo – Ourense, A Coruña – Lugo e Monforte – Ponferrada.

Impulso decidido á conexión ferroviaria de alta velocidade entre Vigo e Porto como elemento clave da vertebración e integración da Eurorrexión e espiña

dorsal do Espazo Atlántico Ferrol-Lisboa.

Garantir que as vías e os trens de alta velocidade contén coas condicións de seguraza e seguridade acaídas: sistema ERTMS, sinalización correcta, etc

Demanda de mellora dos horarios e servizos no tren de media distancia entre Vigo- Coruña e Coruña-Ourense, actualmente moi saturados.

Esixencia da recuperación dos servizos de trens suprimidos, tanto de media como de longa distancia. Recuperación dos trens nocturnos de longo percorrido

Esixencia do impulso do ferrocarril de proximidade.

### En materia de transporte público por estrada

**-Mellora do transporte por estrada.** Revisión da concesión das liñas interurbanas de autocares, mellora do transporte comarcal e impulso do transporte a demanda en zonas rurais (con fórmulas como o taxi a demanda)

**-Intermodalidade real, non só física.** A intermodalidade non é construír estacións de tren e bus contiguas, é que haxa unha verdadeira interconexión entre tren, bus, barco, bici... Isto significa facilitar o acceso e estacionamento na contorna das estacións, facilitar a interrelación bici-tren, coordinar horarios, crear aplicacións e plataformas de información de toda a oferta, incentivar o uso do transporte público con incentivos na redución de prezos, crear mecanismos que permitan a utilización indistinta dos diferentes medios de transporte a prezos reducidos para persoas que o usan a diario

**Creación dun Consorcio Galego de Transportes** impulsado pola Xunta e coa participación de RENFE e os concellos. Impulso da tarifa plana de transporte intermodal (Bus, tren, barco e taxi rural) cun prezo fixo mensual, descontos para determinados colectivos en función da renda e gratuidade para estudantes, persoas paradas e persoas xubiladas.

### En materia de fomento da mobilidade activa

**-Plan de mobilidade activa,** fomentando modos de mobilidade natural (en bici, a pé) en áreas urbanas, con cambios profundos no modelo de cidades e vilas e na relación coas súas contornas máis próximas

-Apoio á planificación urbanística orientada a reducir a necesidade de desprazamentos e ampliación dos espazos peonís nos centros urbanos, acompañados da mellora dos servizos de transporte colectivo.

-Estratexia do fomento da mobilidade ciclista e desenvolvemento das seguintes

medidas de promoción da bici

-Establecer vías ciclistas seguras que fomenten a mobilidade sustentábel entre concellos e permitan explotar o turismo en bicicleta.

-Solicitar e impulsar a extensión da rede Eurovelo e Vías Verdes na Galiza como vías primarias de comunicación ciclista e cicloturista.

-Incorporar aparcadoiros para bicicletas nos lugares de interese turístico das vías ciclistas e en equipamentos públicos.

-Coordinar as accións para o fomento das vías ciclistas con todas as administracións implicadas.

-Crear Mesa Galega pola Mobilidade Ciclista, na que, ademais do Goberno da Xunta, estean representados os diferentes concellos, as deputacións, a Dirección Xeral de Tráfico, as asociacións e clubs ciclistas e a Federación de Ciclismo.

-Mellorar a seguranza viaria facendo beiravías transitábeis nas estradas con velocidades superiores a 50km/h con alta densidade de tránsito.

-Sinalizar a presenza de ciclistas nas vías de alta afluencia de bicicletas coa lenda de distancia mínima lateral no adiantamento de 1,5 m.

-Axustar as velocidades primando os modos de desprazamento ciclista e peonil, fixando como velocidade máxima 30 km/h nos núcleos poboados, comezando polas da Xunta de Galiza.

### En materia de rede viaria de estradas e autovías:

-Avanzar cara á gratuidade de todas as autovías de titularidade autonómica.

- Mellora da rede viaria de estradas e autoestradas, priorizando a seguridade viaria e o desvío de tráfico de paso por vías de alta capacidade e circunvalacións

### En materia de transporte e loxística

- -Elaboración dun **Plan nacional transporte e loxística** atendendo aos criterios de racionalidade, sustentabilidade e eficacia.  
  
-Desenvolvemento das plataformas loxísticas (PLISAN, Porto Seco de Monforte...) e das súas conexión coa rede viaria e ferroviaria.
- -Desenvolvemento da estratexia marítima de Galiza e fomento do transporte por mar.

Seguridade e emerxencias



Os acontecementos vividos nos últimos anos evidenciaron as importantes carencias do sistema de seguridade, de emerxencias e salvamento en Galiza. A ausencia dunha planificación actualizada, dunha adecuada coordinación e cunha organización non axustada á realidade galega, xunto con recursos frecuentemente escasos e, en todo caso, insuficientes para a cobertura eficiente do servizo en todo o territorio galego, provocaron que a atención á poboación galega dependese, en non poucos casos, do voluntarismo e compromiso das profesionais ou mesmo da propia cidadanía.

O BNG entende necesario impulsar dende os poderes públicos un sistema que teña como obxectivo a protección integral de todas as persoas ante calquera risco ou ameaza. E por iso o BNG defende a necesidade de avanzar cara á creación dun sistema de emerxencias e protección civil público, integral, polivalente e que dea cobertura eficaz a todo o territorio.

En consecuencia, impulsaremos desde o goberno os seguintes criterios e liñas de actuación:

- Reforzo do carácter público e a xestión directa dos distintos servizos adicados á protección civil e xestión das emerxencias.
- A planificación e ordenación dos dispositivos de atención ás situacións de emerxencia, prestando especial atención ás actuacións de carácter preventivo. Na planificación valorarase a necesidade de elaborar plans integrais específicos de carácter local ou comarcal que atenda todos os riscos particulares existentes nunha concreta demarcación.
- Impulsar a coordinación e cooperación entre todas as Administracións Públicas con competencias na materia, potenciando a utilización de medios tecnolóxicos que faciliten a comunicación da información en situacións de emerxencia.
- A elaboración dun novo marco normativo en materia de emerxencias e protección civil, adaptado á realidade da Galiza do século XXI.
- Atender á capacitación profesional das integrantes dos corpos de bombeiros e salvamento, aos seus medios e condicións laborais; impulsando a elaboración do regulamento do bombeiro profesional, pendente dende 2007.
- Facer efectiva a creación dun corpo galego de policía, de carácter integral, que atenda a todo o territorio galego e cunha organización axeitada á realidade de Galiza, e que progresivamente asuma as funcións que actualmente teñen atribuídas aos FFCC de seguridade do Estado.

## **O sistema integrado de Protección Civil de Salvamento**

O BNG impulsara desde o goberno un sistema integral e integrado de protección civil e emerxencias co obxectivo de estendelo en todo o territorio galego de maneira profesionalizada, preservando o seu carácter público e cuns custos asumíbeis para todas as administracións.

Neste marco, o BNG impulsará desde o goberno galego as seguintes actuacións:

- Transferencia a Galiza das competencias en materia salvamento marítimo

- Xestión pública directa do CAE 112, así como a coordinación efectiva de todos os servizos de protección civil, emerxencias e salvamento
  - Desenvolvemento do mapa de emerxencias co obxectivo de asegurar a cobertura rápida e eficaz en todo o territorio galego
  - Cooperación e coordinación cos parques de bombeiros existentes, promovendo á comarcalización dos parques municipais
- A mellora da dotación de medios dos grupos de emerxencias supramunicipais, a determinación precisa das súas funcións de prevención e protección, e o establecemento dunhas bases laborais e salariais dignas e comúns para todo o territorio,
- A mellora de dotación de medios e formación dos grupos de protección civil, en colaboración coas administracións locais
  - Elaboración de plans territoriais e locais de emerxencias así como de plans de formación e autoprotección da poboación

## A Policía Galega

O BNG acredita nun modelo de policía galega integral, que terá como prioridade a protección dos dereitos e liberdades das persoas para o que deberá contar cunha estrutura organizativa axeitada á realidade de Galiza, e con recursos e medios abondos para atender as funcións que teña atribuídas, tanto na prevención e asistencia á cidadanía, como de investigación e persecución das infraccións ao ordenamento xurídico.

Para lograr estes obxectivos, o goberno do BNG desenvolverá as seguintes liñas de actuación:

- Efectiva creación do Corpo de Policía de Galiza xa previsto no Estatuto e contemplado na Lei de 2007 que, con carácter inmediato, asumirá as competencias e funcións que actualmente ten conferidas a Unidade da Policía Adscrita, cuxos efectivos e medios pasarán a integrarse naquel.

Constatada a falta de actualización e cobertura do cadro de persoal da Sección da Policía Adscrita a Galiza, procederase ao incremento do mesmo e á elaboración dun novo catálogo de postos de traballo axustado á realidade actual de Galiza.

- Impulsarase a aprobación por parte do Parlamento do Estado da proposición de lei orgánica de transferencia das competencias en materia de tránsito e seguridade viaria. Logo da súa aprobación impulsarase un Plan de despregamento do Corpo de Policía de Galiza que permita, en todo o territorio galego, o exercicio efectivo con persoal propio da Policía galega das competencias transferidas.

A estes efectos, procurarase facilitar a integración dos/as funcionarios/as da Garda Civil de Tráfico actualmente en servizo no noso País, de acordo cos procedementos e exixencias determinados

legalmente.

O Plan de despregamento deberá contemplar a progresiva substitución da Policía Nacional e Garda Civil nas súas funcións de policía xudicial, de tráfico, seguraza cidadá e orde pública, e policía administrativa que serán asumidas polo Corpo de Policía Galega.

- Constituirase a Xunta de Seguraza de Galiza, integrada paritariamente pola Administración do Estado e a autonómica, que garantirá a coordinación entre as distintas Policías que traballen no País.
- Potenciarase a integración das Policías locais coa Policía galega, co fin de garantir unha efectiva coordinación, homoxeneizar as condicións de traballo de todos os efectivos policiais e fomentar a súa carreira profesional.

## Eixo 9: un país con identidade, con cultura e con historia de seu

O pobo galego sente orgullo da súa identidade, das súas raíces e da súa historia. Ese sentimento de querenza e de pertenza ten unha enorme forza de cohesión, de mobilización e de transformación. Porque a identidade non é unha realidade estática, fosilizada, encerrada nas vitrinas dun museo.

Cremos e practicamos unha idea de identidade viva, en movemento, como unha ponte entre o pasado e o porvir. Porque desde a razón, con consciencia e orgullo do que somos podemos alcanzar todas as metas. Acreditamos nun país vivo, con unha cultura vizosa, movido pola forza transformadora da ciencia, do talento, da creatividade. Un país orgulloso e que mira con confianza o porvir. Un país sen ataduras e sen límites.

### Cultura

Nos últimos quince anos o Partido Popular e os Gobernos de Feijóo e Rueda desmantelaron, programa a programa e centro a centro, a cultura deste país. O Partido Popular é sinónimo de ataque constante a todo o que representa o potencial creativo e a identidade propia de Galiza, e o tándem Rueda-Feijóo son alumnos avantaxados do discurso españolista e centralizador.

É preciso deixar atrás esta etapa negra, poñer en valor todo o potencial creativo que temos, proxectando desde Galiza un discurso cultural propio, unha ollada propia no mundo, dun xeito plural e aberto.

**A CULTURA É UN DEREITO** que, ademais, xera riqueza; a expresión máis visíbel do que somos e de como entendemos o mundo. É, para alén do máis, unha ferramenta esencial para a cohesión, a transformación social e o fortalecemento da identidade nacional. En todas as dimensións que hoxe se manifesta a cultura, da sociocultural á patrimonial e da económica á creativa, a Xunta de Galiza ten obriga de atender con políticas públicas específicas o desenvolvemento de cada unha delas.

Neste sentido, o BNG acredita nunha cultura galega viva, con intención formadora no persoal e transformadora no social, que estimule a participación cidadá, apoie a creación artística, faga aínda máis visíbel a nosa produción cultural e actúe como elemento de dinamización, desenvolvemento e vertebración territorial, social e económica do noso país.

Así mesmo, entendemos a galega como unha cultura dinámica e aberta, que dialoga en igualdade co resto de culturas do planeta, que quere seguir achegando a súa identidade e creatividade ás demais e que ten, para iso, que participar plenamente das redes e dos circuitos culturais internacionais.

A promoción da identidade galega e a defensa da diversidade cultural son, neste sentido, dúas caras da mesma moeda, que deben ser desenvolvidas conxuntamente desde unha mirada transversal de xénero, polo que cómpre avanzar na igualdade na cultura co reforzo positivo da presenza da muller nas diferentes áreas da creación.

O modelo cultural que o BNG defende é integral e estratéxico, asume un compromiso investidor axeitado, capaz de deseñar e desenvolver o horizonte futuro ao que queremos chegar tendo en conta todos os planos en que a cultura se manifesta hoxe en día: o da creación, promovendo a formación, a investigación e a excelencia artística; o dos sectores culturais, apoiando a existencia dun tecido empresarial galego que sustente con profesionalidade, saber facer e independencia o talento artístico existente; o patrimonial, con políticas que favorezan a conservación e o aproveitamento sustentábel e responsábel do noso patrimonio e o poñan en relación coas dinámicas creativas actuais; e o sociocultural, promovendo a implicación activa do pobo e a implantación comunitaria das políticas e dos proxectos, a través da cooperación dos diferentes axentes culturais -asociativos, públicos e privados— existentes no territorio.

Trátase de pór en marcha unha nova Consellaría de Cultura, sen apelidos, que desenvolva unha política cultural planificada para un cambio profundo en tres **eixos**:

- 1) Nas políticas sectoriais, con base na elaboración de plans específicos para os diferentes ámbitos da cultura galega.
- 2) Nas ferramentas administrativas e lexislativas, revisando as leis do sector e procurando a adecuación dos entes e organismos administrativos ás políticas de impulso cultural que se queren desenvolver, a partir da consideración de seis ámbitos esenciais: sociocultura e cultura de base; empresas culturais; creación, formación, investigación e innovación cultural; patrimonio; dimensión internacional da cultura galega; espazo galego de comunicación e cultura.
- 3) Nas formas e procedementos, facendo do diálogo cos sectores unha ferramenta de participación e cooperación que permita integrar a pluralidade de voces no deseño de políticas culturais e no deseño, planificación e avaliación desas políticas.

Para conseguilo, o BNG aposta como idea forza na necesidade dun profundo cambio na visión da cultura. De entendela baixo unha óptica liberal a entendela como DEREITO CIDADÁN a salvagardar, no mesmo plano que outros dereitos básicos.

En coherencia con esta idea, impulsaremos A LEI GALEGA de dereitos culturais e sistema público da cultura con tres obxectivos centrais:

### **OBXECTIVO I**

Actualizar o sistema institucional da cultura logo de 40 anos de continuismo para adaptalo aos grandes retos e oportunidades que abre este tempo, nomeadamente no marco da dixitalización e a tecnoloxía ao que a cultura feita en galego non pode permanecer allea.

Para este obxectivo fundamental estruturaremos a Consellería de Cultura en dúas grandes áreas: COOPERACIÓN CULTURAL E SECTORES CULTURAI

#### ***DIRECCIÓN XERAL DE COOPERACIÓN CULTURAL***

Terá como finalidade impulsar a cultura comunitaria, a conexión da cultura coa cidadanía, en colaboración con asociacións, administracións locais e outras entidades e institucións para o que se desenvolverán as seguintes liñas de actuación:

- Implantación sociocomunitaria das políticas culturais, co obxectivo de avanzar nunha sociedade máis formada, dinámica, participativa, equitativa e crítica.
- Desenvolvemento de políticas híbridas de cultura con educación, igualdade, inclusión, sustentabilidade, memoria e valores sociais que se poden traballar dende a cultura.
- Política integral de cooperación cos concellos, a través dun programa unificado de axudas, programacións, formación de técnicos culturais e recursos para a xestión, así como do apoio específico ás dotacións da rede de espazos culturais e á rede de bibliotecas.
- Coordinación interinstitucional da programación cultural de longo alcance, co fin de rendibilizar recursos, evitar duplicidades e conxugar esforzos e actividades ao longo do ano.
- Posta en marcha dun programa cultural específico para o medio rural, que parta dos elementos culturais e patrimoniais do propio territorio e da creatividade, tradicións e protagonismo da veciñanza, para valorizar as dinámicas culturais rurais e poñelas en relación coa identidade nacional, comezando pola elaboración dun mapa galego da cultura comunitaria.
- Actualización e redeseño do Mapa de Equipamentos Culturais de Galiza a partir do cal elaborar un Plan Galego de Infraestruturas Culturais en colaboración coa Fegamp e o Observatorio da Cultura Galega.
- Reformulación dos conservatorios de música e danza e integración nunha rede galega, previa planificación dos recursos existentes para salvagardar a formación artística regrada.
- Deseño e desenvolvemento dun programa integral de vertebración do asociacionismo local, comarcal e galego mediante un sistema de acompañamento a proxectos, eventos e equipamentos tendo en conta a súa incidencia social e territorial.
- Elaboración de políticas estratéxicas en colaboración coas entidades locais e consensuadas cos sectores culturais non profesionais: corais, bandas de música, teatro amator. Incluirán actuacións en materia de: formación, creación de agrupacións, dotación de espazos, axudas para a produción de espectáculos, circuitos de programación...
- Estabelecemento, en colaboración coas entidades locais, de medidas de apoio, divulgación e creación/consolidación de circuitos culturais que fixen o acceso á cultura no territorio.

### ***DIRECCIÓN XERAL DOS SECTORES CULTURAIS***

Terá como finalidade artellar as políticas públicas ao redor da cultura profesionalizada e traballar para conseguir os obxectivos 2 e 3 da Lei galega de dereitos culturais e sistema público da cultura.

### **OBXECTIVO 2**

Mellorar o financiamento da cultura galega camiñando cara ao 2% do orzamento da

Xunta, máis cercano ao nivel de emprego e PIB que a cultura representa hoxe en Galiza.

Este obxectivo vehicularase por medio do Plan estratéxico para o financiamento e desenvolvemento dos sectores culturais a partir das seguintes medidas:

- Reformulación da actual AGADIC, a partir do diálogo cos sectores culturais, co obxectivo de procurar maior eficacia no mantemento, desenvolvemento e reforzo do tecido profesional das empresas culturais galegas, e a difusión social da nosa produción cultural, mais partindo da dimensión global da nosa cultura. A AGADIC debe ser a axencia do goberno galego centrada no apoio, impulso e estabilidade do sector profesional da cultura galega en todas as súas dimensións e ámbitos.
- Estratexia específica de reforzamento dos espazos de produción públicos.
- Creación dunha Lei de mecenado cultural de Galiza e desenvolvemento de políticas de incentivos fiscais e deducións para o fomento do sector cultural.
- Elaboración de plans directores para cada un dos sectores culturais que inclúan apoio especializado de cara á unha maior profesionalización, fortalecemento económico e difusión social, co obxectivo de mellorar as condicións laborais e combater a precariedade.
- Deseño de liñas de crédito específicas, a través do Instituto galego de crédito, para proxectos culturais.
- Atención prioritaria á situación socio-laboral das e dos traballadores da cultura.
- Impulso da Lei do Fondo Cultural Galego previsto no Estatuto co obxectivo de defender e promocionar os valores culturais galegos e xerar recursos financeiros a favor da nosa cultura.
- Revisión da natureza e funcións do Consello da Cultura Galega e a súa reformulación en relación coas necesidades presentes e futuras da nosa cultura e dos nosos axentes culturais. Impulso e redefinición do Observatorio da Cultura Galega.
- Cidade da Cultura. Definición de usos dos edificios cunha perspectiva transversal que vincule ao conxunto da acción de goberno e supere a adscrición orzamentaria do Gaiás á Consellaría de Cultura, permitindo liberar fondos para o fomento dos sectores culturais galegos. Trátase de pasar do esquema Gaiás - Cidade da Cultura ao esquema Gaiás - Xunta de Galicia, cunha nova definición conceptual e de usos.
- Redefinición da relación entre cultura e turismo para traballar conxuntamente co Plan Xacobeo en aras de mellorar o sistema de patrocinios e a súa repercusión no sistema cultural galego.

### **OBXECTIVO 3**

Apoiar a creación a través de políticas públicas que promovan a calidade da formación artística, a innovación nos procesos de traballo e a visibilidade social das creacións.

- desenvolvemento de instrumentos de apoio á creación mediante un fondo de proxectos creativos, desenvolvemento de bolsas e residencias literarias e artísticas,

establecendo medidas específicas para o apoio á creación moza e novos valores.

- Impulso dos apoios non monetarios como son a cesión de espazos públicos, recursos humanos e materiais xa existentes.
- Impulso das funcións estatutarias da RTVG no senso de favorecer a creación e difusión da cultura galega.
- Creación do Pasaporte Cultura co obxectivo de crear e fidelizar públicos, fomentar o acceso a actividades plurais, eventos e espazos culturais diversos cun sistema de incentivos (redución de prezos, sorteo de agasallos, bonos...).
- Desenvolvemento dunha política ordenada e coherente de apoio a eventos culturais: festivais, feiras... con criterios que interesa fomentar (presenza de creación e contidos culturais galegos, retornos sociais e de desenvolvemento territorial, criterios de sustentabilidade, experimentación, innovación, etc...).
- Potenciar a CULTURGAL como a gran feira dos sectores culturais, garantindo o seu financiamento, fomentando os encontros profesionais intersectoriais, a innovación, a diversificación de contidos e a internacionalización.
- Recuperación da dotación económica e do nome dos Premios Nacionais da Cultura Galega.
- Creación do Instituto Rosalía de Castro para a proxección exterior da cultura e lingua galegas. Un organismo público cuxo obxectivo será promover e difundir internacionalmente o estudo da lingua galega no exterior, a tradución da literatura e o pensamento escrito en galego, así como a creación cultural galega en ámbitos como o teatro, o cinema, a danza e artes do movemento, a música, as artes visuais, o deseño ou o patrimonio.

### **Medidas específicas por sectores:**

#### **Audiovisual**

- Aprobación, en diálogo co sector, dunha nova Lei galega do audiovisual que responda á realidade do século XXI.
- Investimento do 6% do orzamento anual da CRTVG no apoio e impulso á creación audiovisual galega e en galego, especialmente o cinema.
- Creación do Consello Audiovisual de Galiza entendido como autoridade independente de regulación da comunicación audiovisual encargada de velar polo cumprimento da normativa aplicábel aos prestadores de servizos de comunicación audiovisual, tanto públicos como privados.
- Impulsar accións de fomento real das rodaxes e creación dunha Film Commission que promova e impulse as relacións internacionais do cinema galego.
- Creación dunha liña de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a subtitulación de producións audiovisuais producidas en Galiza.



- Recuperación da plataforma dixital *Flocos* e do circuito de difusión *Cinemas Dixitais* do audiovisual galego.
- Impulsar a actividade audiovisual e cultural da Fimoteca de Galiza, dotándoa dos recursos profesionais necesarios, cubrindo a praza de dirección, vacante desde 2019, abrindo ao público a biblioteca e a mediateca e ensanchando o proxecto didáctico.
- Preservar o arquivo histórico documental e cinematográfico da Fimoteca de Galiza a través da catalogación e dixitalización dos seus fondos como corresponde ao legado desta fimoteca nacional.

### **Artes escénicas e do movemento**

- Elaboración dun plan estratéxico de Artes Escénicas (danza, teatro, circo, monicreques, maxia...) con liñas de actuación urxentes no ámbito da mediación, a conservación, o mantemento e a difusión.
- Dignificación orzamentaria e organizativa do Centro Coreográfico Galego e do CDG a través duns estatutos que garantan o seu pleno rendemento e autonomía artística.
- Redefinir as accións da Rede Galega de Teatros e Auditorios para fomentar proxectos estables de residencias e investigación, profesionalización e innovación na xestión e comunicación dos espazos e o desenvolvemento da súa identidade.
- Creación do Conservatorio Profesional de Danza en Compostela.

### **Sector editorial e do libro**

- Desenvolver a Lei do libro e da lectura, comezando polo Plan de Fomento da Lectura, que incorpore políticas estratéxicas centradas no libro en galego, consensuadas co sector (AELG, AGE, FLG, BAMAD, AGPTI, AGAPI, GALIX...) vinculada coa lei marco dos dereitos culturais e do sistema cultural galego.
- Estabelecer un programa marco que planifique o proxecto de tradución que Galiza precisa e a proxección do libro galego e os autores e autoras no mundo a partir de proxectos de intercambio nacional e internacional.
- Incrementar os programas de adquisición de fondos para bibliotecas, fomentando a compra directa en librarías, con atención prioritaria á oferta de fondos en galego.
- Desenvolver a Lei de bibliotecas, recuperar o nivel de financiamento das bibliotecas públicas e planificar un modelo territorial de bibliotecas públicas que facilite que todos os concellos teñan garantido o acceso bibliotecario.
- Impulsar proxectos que impliquen achegar a literatura galega e os seus autores e autoras de forma transversal a diferentes espazos de socialización para achegar e formar desde o libro e a lectura en galego.
- Crear proxectos de dinamización do libro en galego encamiñados a se desenvolveren nas librarías como espazos de convivio e intercambio de experiencia cultural e literaria.

- Garantir, con criterios de cantidade, calidade e diversidade, a presenza e participación activa do sistema literario galego no conxunto das feiras do libro, dentro e fóra de Galiza, de forma consensuada cos diferentes axentes vinculados ao libro galego.
- Garantir o acceso á literatura en galego activando un programa de achegamento para as persoas invidentes a través da oferta de audiolibros.

### **Música**

\_Revisión do sistema de contratos patrocinio e de adxudicación de axudas a festivais musicais.

\_Promoción internacional da música galega a través dun plan específico para acadar este obxectivo.

\_Promoción interna da música galega, na radio e televisión públicas, a través do plan Xacobeo ou nos criterios de axudas a programacións musicais de diversa índole.

\_Apoio ás salas de concertos e ao papel que desenvolven no ecosistema musical. Conexión con redes estatais de salas para favorecer a promoción exterior da música galega.

\_Coordinación competencial co proceso do “estatuto do artista”.

### **Sector artes plásticas**

- Activar programas de apoio á formación e produción de artistas a través de residencias de interrelación co Estado español e a nivel internacional, comezando por Portugal.

- Crear un Consello da Arte Contemporánea que vele polos intereses da mesma.

- Impulsar a educación en artes plásticas.

- Incrementar o orzamento de adquisicións por parte das institucións públicas a artistas galegos e a galerías de arte galegas.

- Desenvolver programas de apoio ao coleccionismo para incentivar a compra de arte galega ou en galerías de arte galegas, con especial atención ás creadoras máis novas.

- Diseñar un programa de apoio ás galerías de arte para acudir a feiras de arte estatais e internacionais que axuden a visibilizar a obra de artistas galegos.

- Elaborar un plan director actualizado que poña en valor a identidade propia do CGAC, desde o presente e proxectado cara ao futuro, como espazo central que proxecte o relato da arte galega en relación coa internacional.

### **Cultura dixital**

- Crear unha liña específica de axudas para a creación e o desenvolvemento de contidos culturais dixitais galegos.

- Impulsar a cultura e a lingua galega a través do sector do videoxogo, un sector que move máis orzamentos e beneficios que o sector audiovisual e no que Galiza xa se está a facer un oco de seu. Desenvolvemento dun programa de impulso que atenda á dimensión creativa e empresarial e que contemple o seu aproveitamento educativo,

lúdico, divulgativo e de internacionalización para o conxunto da sociedade, nomeadamente para a infancia e mocidade.

-

## **PATRIMONIO CULTURAL MATERIAL E INMATERIAL**

- Elaborar un Plan Autonómico Patrimonial de Galiza con dotación orzamentaria para o seu desenvolvemento, que incorpore no seu contido un plan sectorial específico de educación patrimonial.
- Diseñar un Observatorio do Patrimonio Galego, unha ferramenta que permita estar á vangarda na xestión e posta en valor do noso legado histórico e cultural, material e inmaterial, en todas as súas fases clave: conservación e restauración, investigación, formación, documentación e difusión.
- Promover o patrimonio cultural material e inmaterial desde criterios de transversalidade institucional, promoción da propia identidade, sustentabilidade e aproveitamento social e económico.
- Poñer en valor o patrimonio material e inmaterial arqueolóxico, arquitectónico e antropológico de Galiza dende etapas prehistóricas ata hoxe en día para facelo accesíbel ao coñecemento da sociedade e da investigación a través da linguaxe dixital e a realidade virtual e aumentada.
- Crear unha Fototeca Nacional Galega dixitalizada, pública, gratuíta, de acceso universal pola rede, que integre as coleccións dispersas, e que compile o patrimonio fotográfico de Galiza, tamén da emigración.
- Proceder á dixitalización dos fondos documentais de Museos e Arquivos Públicos facéndoos accesíbeis para favorecer a investigación, a divulgación e coñecemento histórico e patrimonial en todos os niveis educativos e para a sociedade en xeral.
- Declarar BIC a música e a danza tradicional galega como patrimonio inmaterial.
- Apoiar o desenvolvemento de eventos e festas de carácter histórico como elemento útil para a divulgación e a posta en valor do patrimonio local, en base a un criterio de rigorosidade histórica na programación de contidos e de participación veciñal na fórmula organizativa.
- Estabelecer e dotar economicamente programas de conservación, restauración e rehabilitación de bens patrimoniais, no eido rural, para evitar o seu espolio e xerar oportunidades de desenvolvemento económico, social e cultural ao seu carón, paliando o despoboamento destas áreas.
- Redactar manuais e libros de boas prácticas en relación aos principais retos a día de hoxe, como poden ser o emprego de enerxías renovables e a sostibilidade ambiental no patrimonio arquitectónico, os estudos de capacidade de acollida e carga en monumentos e cascos históricos ou os plans de salvagarda e xestión de riscos.
- Incrementar a protección a patrimonio en risco de desaparición: arte galega en América, arte do exilio, da emigración e legados e arquivos de artistas.

- Impulsar o uso das novas tecnoloxías dixitais no noso patrimonio cultural, para garantir a súa correcta protección e favorecer a súa accesibilidade por parte da cidadanía e público interesado.
- Velar polo estrito cumprimento da Lei de patrimonio cultural a respecto da protección dos bens protexidos e dos bens declarados BIC para garantir a súa conservación e, de ser o caso, o acceso público como acontece coa Casa Cornide ou co Museo Carlos Maside.
- Revisar e actualizar a Lei de patrimonio cultural, devaluada pola vontade do Partido Popular de condicionar a súa desprotección a intereses especulativos e espoliadores desde a aprobación de diferentes leis alleas e insensíbeis á protección do patrimonio, co obxectivo de recuperar o nivel de protección patrimonial necesario para o vizoso patrimonio histórico cultural galego, material e inmaterial.
- 

### **Museos e arquivos**

- Desenvolver a Lei de museos e outros centros museísticos encamiñada a potenciar a función social dos museos como ferramentas para o desenvolvemento da comunidade e a transformación social, vinculada coa Lei marco dos dereitos culturais e do sistema cultural galego, conforme os eixos que deben vertebrar a política museolóxica: a igualdade, a atención á cidadanía, a preservación da memoria e a conservación e posta en valor do Patrimonio.
- Crear unha rede nacional de espazos culturais e patrimoniais.
- Activar unha política de actualización de postos de traballo nos museos que comece a revertir a infradotación de persoal.
- Reordenar as coleccións museolóxicas cunha ollada decolonial e feminista.
- Estructurar os diferentes museos galegos nunha rede coordinada e organizada que nos permita reconstruír o relato cultural galego ampliado e ler a nosa historia desde o presente para interpretar o mundo desde o noso patrimonio museolóxico.
- Aprobar un Plan de arquivos incluíndo nel, entre outras cuestións, a avaliación das necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galiza; a configuración, organización, integración, servizo e difusión dos arquivos de Galiza, priorizando aquelas accións que sexan máis urxentes; a incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal ao longo de todo o plan; medidas tendentes ao uso non sexista da linguaxe tanto na xestión do material como nas dinámicas de traballo do persoal.
- Impulsar a recuperación, conservación, catalogación, dixitalización e revitalización dos arquivos gardadores da nosa memoria oral para os dispoñibilizar publicamente ao disfrute e investigación.

## Historia de Galiza

Co obxectivo de fomentar o coñecemento e divulgación da historia colectiva, o BNG impulsará desde o goberno as seguintes liñas de actuación:

- Fomento do coñecemento e divulgación dos diferentes períodos da historia de Galiza, favorecendo a súa socialización por medio dos medios de comunicación públicos, do ensino formal e informal, do asociacionismo... e através de diferentes formatos e tecnoloxías: web, redes sociais, banda deseñada, libros, exposicións, audiovisuais, podcast, realidade virtual, videoxogos...
- Organización de programacións temáticas sobre períodos históricos, acontecementos ou personalidades relevantes da historia de Galiza.
- Atención á investigación e ao coñecemento da historia con perspectiva de xénero e desenvolvemento de programacións para contrarrestar o seu relegamento e para poñer de relevo a súa participación en diferentes ámbitos e procesos históricos. Fomento de contidos e plataformas para visibilizar e divulgar a historia das mulleres galegas.
- Fomento da utilización de personaxes e contidos da nosa historia como fonte de creación artística, literaria, audiovisual, dixital... e atención específica á creación e produción de contidos para a poboación infantil e xuvenil.
- Programacións específicas arredor de fitos e conmemoracións: continuidade das propostas en relación coa centenario do SEG e programación en 2024 sobre a figura de Castelao vencellada ao 80 aniversario do Consello de Galiza (gobierno galego no exilio) e á publicación de Sempre en Galiza.
- Fomento de festas e celebracións históricas xeradoras de identidade, de coñecemento do pasado, de dinamismo social e económico, e de atractivo turístico.

## Símbolos Nacionais: himno e Panteón de Galegas e Galegos Ilustres

- Desenvolver a Lei do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres aprobada no Parlamento galego para facelo accesíbel á sociedade para o seu uso civil e laico.
- Impulsar a restauración do texto fidedigno do himno nacional recollido na Lei de símbolos e poñer en valor o seu coñecemento entre a sociedade.

## Memoria histórica democrática e antifascista

Nos últimos anos o movemento memorialista e organismos internacionais como o Comité de Dereitos Humanos das Nacións Unidas situaron na axenda pública a necesidade dunha política de memoria histórica en relación coa ditadura franquista e a transición. Os marcos do debate evolucionaron desde as actuacións de reparación simbólica cara ao respecto ás normas do dereito internacional, que sitúan o dereito á verdade, á xustiza e á reparación como eixos vertebradores das políticas públicas da memoria.

Fronte ao auxe dos discursos revisionistas ou negacionistas -que forman parte dunha tendencia máis ampla de dereitización e radicalización españolista- reforzouse a denuncia dos crimes da ditadura e a blindaxe da súa impunidade ao abeiro dunha transición que se baseou na continuidade do aparello institucional, político e empresarial franquista, na imposición da monarquía entronizada por Franco, a negación da realidade plurinacional do Estado e a prohibición do dereito democrático de autodeterminación.

Na Galiza, logo de décadas de inxente traballo social e institucional protagonizado e impulsado polo movemento memorialista de base (asociacións, familias, traballos de investigación, editoras,...), as mobilizacións de denuncia do espolio franquista, simbolizadas na loita pola recuperación do Pazo de Meirás – que aínda está pendente de decisións xudiciais e políticas- puxeron no centro da axenda o debate sobre os crimes da Ditadura e a necesidade de políticas públicas de memoria.

Froito deste contexto e grazas á presión política e social na que sempre estivo en vangarda o nacionalismo galego, no ano 2022 aprobouse a Lei de memoria democrática, que se ben supera o marco establecido na lei de memoria histórica de 2007 aínda non cumpre os estándares internacionais fixados polas Nacións Unidas, nomeadamente en relación co recoñecemento do dereito á xustiza.

No ámbito galego, nos pasados 15 anos, a Xunta do PP caracterizouse pola eliminación de todas as programacións públicas sobre a memoria postas en marcha polo BNG durante a época do bipartito. O desmantelamento do proxecto da Illa da Memoria e a conversión de san Simón nun parque temático en mans de empresas privadas constitúe o exemplo máis claro do intento de manipulación e silenciamento da historia recente e do desprezo cara ás vítimas e as súas familias.

Fronte a este desprezo e a este desleixo programado, para o BNG debe ser unha prioridade o impulso de políticas públicas de memoria histórica, que se guiarán polos seguintes criterios:

### **Inserción no coñecemento e estudo da historia de Galiza.**

A actuación en relación coa memoria histórica, as medidas relacionadas co estudo, divulgación, homenaxe, recoñecemento, reparación... deben ter como obxectivo dar a coñecer a evolución histórica de Galiza desde comezos do século XX, os procesos de transformación social, de modernización, de autoorganización e de construción da identidade nacional que estaban en curso nos anos 30 e a devastación que supuxo a violenta represión do fascismo español para toda unha xeración e para o país no seu conxunto. Deberá atenderse ao todo o período da ditadura, aos procesos de resistencia popular e a todas as formas de represión, dando a coñecer as súas consecuencias devastadoras na sociedade galega actual. Neste sentido, farase fincapé non só nas vítimas individuais, senón no propio país como vítima do fascismo español, por exemplo para estudar e dar a coñecer o xenocidio cultural e lingüístico.

## Perspectiva de xénero e do colectivo LGBT+

Debe dársele prioridade ao estudo, divulgación e recoñecemento do papel das mulleres como protagonistas da resistencia e solidariedade e como activistas e na transmisión de memoria, poñendo de relevo a brutal represión que sufriron (incluíndo as vexacións de carácter machista).

Desde unha perspectiva histórica, deben poñerse de relevo as conquistas da sociedade galega e os avances feministas antes de 1936, a brutal represión que sufriron as mulleres durante a ditadura, así como todas as sexualidades disidentes e as persoas que dun xeito ou outro non seguiron os estándares da moral normativa, ademais da continuidade dos prexuízos machistas e LGBTfóbicos institucionalizados pola ditadura e aínda presentes na sociedade actual.

## Carácter integral e continuidade no tempo.

O desmantelamento do relato pseudohistórico imposto polo franquismo e que no fundamental se mantivo ao longo da transición require unha acción sostida no tempo, planificada, coherente e coordinada coa implicación de diferentes estamentos e departamentos administrativos (gobierno galego, gobernos municipais, deputacións, administración de xustiza, arquivos, universidades e grupos de investigación...).

## Socialización e participación.

A extensión do coñecemento histórico é unha tarefa prioritaria e debe contar coa implicación decidida da investigación, dos medios de comunicación e do sistema educativo público. Será obxectivo preferente a divulgación destes contidos entre a mocidade, empregando os medios e linguaxes máis eficaces.

Dacordo con estes principios, o BNG impulsará desde o goberno galego as seguintes medidas:

- **1) Marco legal. Lei galega de recuperación da memoria histórica** e de recoñecemento e reparación das persoas e colectivos que represaliou o franquismo.

A lei será a base do desenvolvemento dunha verdadeira política pública de memoria histórica democrática antifascista galega, asentada nos principios do dereito internacional: Dereito á Verdade, á Xustiza e á Reparación, así como de garantías de non repetición.

En relación co dereito á xustiza, esixencia da aprobación dun novo marco legal estatal que resolva as seguintes cuestións: fin da impiedade dos crimes do franquismo imprescritíbeis e inamnistiábeis por tratarse de crimes contra a

humanidade, derogación da lei de amnistía de 1977; apoio ás iniciativas de denuncia da impunidade dos crimes do franquismo, nomeadamente á Querela Argentina.

-Demanda da anulación do xuízo que condenou a morte a Alexandre Bóveda e de todos os xuízos, sentenzas e resolucións ditadas por tribunais franquistas por razóns ideolóxicas, de crenzas, de opción sexual...

• **2) Creación dun departamento de memoria histórica dentro do organigrama do goberno, con carácter central e transversal.**

-Desenvolvemento dun programa de investigación para o coñecemento da verdade e creación do **Arquivo Público da Memoria** da represión e da resistencia antifranquista a partir dos materiais recollidos no proxecto Nomes e Voces e outras achegas.

- Impulso do programa público de Localización, Exhumación, identificación e enterramento digno das persoas vítimas de desaparición forzosa. Intervención xudicial nas exhumacións.

- Colaboración co departamento de educación para a inclusión dos contidos de memoria histórica nas programacións escolares.

-Colaboración cos medios de comunicación públicos para a divulgación de contidos relacionados coa historia de Galiza e nomeadamente co período da Ditadura e a Transición.

-Recuperación do **Consello pola Memoria** como órgano de participación social no impulso e seguimento das políticas públicas da memoria (asociacións, investigadores e investigadoras, familias).

• **3) Memoria con perspectiva de xénero. A memoria das mulleres.**

-Desenvolvemento dunha programación de carácter plurianual sobre a represión franquista contra as mulleres galegas que inclúa medidas de investigación, divulgación, reparación, homenaxe e acceso á xustiza. Nesta programación desenvolverase un programa específico de estudo, divulgación e homenaxe sobre as mulleres como protagonistas da resistencia contra a Ditadura franquista -incluíndo a resistencia armada-, como integrantes das redes de solidariedade e como artífices da transmisión da memoria.

-Creación de contidos sobre “muller e memoria histórica democrática”, fomentando a elaboración de materiais didácticos que poñan de relevo o papel das mulleres como activistas políticas e sociais e como obxecto dunha persecución, represión e restrición de dereitos e liberdades cuxas consecuencias aínda perviven na sociedade actual.

- Impulso de medidas de recuperación da memoria oral e de localización, dixitalización e acceso ao público á documentación dos arquivos e institucións galegas. Por tratarse dun tema moi pouco coñecido, impulsarase a investigación e a divulgación en relación co “Patronato de Protección a la Mujer”.



#### 4) Rede de Lugares da Memoria Histórica Democrática Antifascista.

Creación, en colaboración co movemento asociativo e os concellos, dunha rede de espazos da memoria para facer presente no territorio galego a homenaxe permanente ás vítimas do franquismo e os ideais polos que loitaron. Programa de sinalización e dinamización da Rede de Lugares, e creación dun espazo web interactivo de información e divulgación sobre a historia e o significado dos espazos de memoria.

-Declaración de **San Simón como Illa da Memoria** e elaboración dun Plan de usos para a illa de San Simón que debe regular os usos e actividades do espazo. Restrinxir, no interior da illa, as actividades que sexan ofensivas para a memoria das vítimas da represión. (ver anexo)

-Recuperación do **Pazo de Meirás** para o uso e o patrimonio público, declaración BIC garantindo a unidade e integridade do conxunto e impulso dun plan de usos no que deberá ser eixo central o coñecemento da Ditadura, da resistencia antifranquista e da loita social pola recuperación deste espazo. Reclamación da devolución de todo o patrimonio roubado durante o franquismo, con especial atención ao Pazo de Meirás e a todos os bens roubados pola familia do ditador. Elaboración dun estudo histórico e xurídico sobre todos os bens espoliados por Franco e polo franquismo en Galiza e dun Estudo das vías para reclamar a súa devolución.

**5) Eliminación da simboloxía franquista**, tanto material como simbólica: nomes de espazos públicos e de edificios, símbolos, honores e distincións, celebracións de orixe franquista...

- Institucionalización por medio dunha lei do **Día da Galiza Mártir**. Celebración institucional desta data en lembranza de Alexandre Bóveda e de todas as persoas perseguidas e asasinadas polo fascismo.

#### 5) Recoñecemento e homenaxe nacional á guerrilla antifranquista.

Promover unha homenaxe institucional á guerrilla antifranquista galega mediante un acto público ao que se convidará ás entidades da memoria histórica galega e ás familias das persoas homenaxeadas, e no que se fará un recoñecemento específico ás as mulleres que participaron na loita armada antifranquista. Desenvolvemento dun programa de estudo, divulgación, sinalización e posta en valor da historia, dos referentes e dos lugares da guerrilla antifranquista. e recoñecemento no

**7) Laicismo** nas institucións: actitude de respecto a todas as crenzas e non participación como representación institucional en celebracións relixiosas. Ademais doutros factores, cómpre ter en conta que moitas destas representacións teñen orixe franquista.

## **Anexo. San Simón, Illa da Memoria**

1. Declaración da Illa de San Simón como Illa da Memoria.

2. Plan de usos para a illa de San Simón que debe regular os usos e actividades do espazo con seguintes criterios:

- Determinar as funcións do espazo e do equipamento, primando as seguintes: recuperación, divulgación e dinamización da memoria histórica democrática galega e da loita polas liberdades e os dereitos civís; estudo e divulgación da historia das illas e da súa contorna; valores paisaxísticos e ambientais do conxunto.
- Desenvolver uha programación anual de actividades de iniciativa pública, con especial atención á recuperación da memoria histórica democrática.
- Promover as visitas escolares e didácticas ao espazo, salientando os seus valores históricos, ambientais e culturais e a súa función como lugar simbólico da memoria histórica democrática.

Este plan de usos deberá elaborarse coa participación, cando menos, dos concellos da contorna e das asociacións da memoria histórica, e será sometido a debate e aprobación no Parlamento.

3. Restrinxir, no interior da illa, as actividades que sexan ofensivas para a memoria das vítimas da represión. Para determinar este tipo de actividades realizarase unha consulta coas asociacións galegas da memoria histórica e coas familias das persoas que estiveron presas no lugar.

4. Potenciar o carácter público do espazo, a súa condición de BIC e de parte da Rede Natura, e, en consecuencia, evitar a tendencia á privatización do uso e prohibir expresamente a realización no interior da illa de actividades con claro interese lucrativo.

## **Eixo 10: Un país aberto ao mundo**

A nosa voz internacional propia será tamén a nosa principal achega á construción dun mundo diferente, baseado na soberanía, a xustiza social, a paz e a solidariedade entre os pobos.

O Bloque Nacionalista Galego comprométese a que a Galiza, como nación que é, desenvolva unha política exterior propia e dinámica, baseada nunhas relacións internacionais autónomas e diversificadas, que favorezan mutuamente os intereses de todas as nacións implicadas. Somos partidarias de fortalecer a presenza directa de Galiza en todos os foros internacionais, de múltiple e diverso signo, quer económico, quer comercial, deportivo ou de calquera outro ámbito.

Neste senso, a acción exterior que propón o BNG aséntase en dúas liñas de actuación fundamentais:

1. A defensa dos intereses políticos de Galiza a través da negociación directa de acordos económicos con terceiros países aproveitando, de maneira especial, o inmenso potencial neste ámbito que representa a lusofonía.
2. Defender políticas internacionais comprometidas cos valores que representa o nacionalismo galego, que son os do respecto pola soberanía de todos os pobos, o anti-imperialismo, a paz e a solidariedade internacional, a solución pacífica dos conflitos e a solidariedade e o dereito de cada pobo a decidir sobre o seu futuro.

Para tal fin, propomos como accións prioritarias neste ámbito:

- A aprobación dunha nova **Estratexia Galega de Acción Exterior** que desenvolverá os distintos mecanismos, órganos e entidades relacionados coa política internacional; creación da rede de delegacións galegas no exterior; creación da marca país; desenvolvemento dun plano global de actuación no marco exterior, que integre e supere cualitativamente toda a acción exterior desenvolvida até o de agora pola Xunta e as súas consellerías e órganos dependentes, e que conte tamén coa colaboración e complementariedade do poder local e os distintos movementos sociais implicados nesta área. Impulsarase a colaboración cos distintos axentes europeos e internacionais, en particular naquelas áreas que se definan como prioritarias para Galiza.

- Creación do Instituto Rosalía de Castro para a promoción e a difusión exterior da cultura e da lingua galega en colaboración cos leitorados e cos centros de cultura galega. Desenvolvemento dunha estratexia nesta materia tendo en conta a presenza en eventos internacionais sectoriais, áreas prioritarias de expansión, e áreas onde xa existe implantación.

### **Relacións Galiza-Portugal (Estratexia Atlántica de Galiza)**

A política de relacións con Portugal do goberno galego non se debe circunscribir á política diplomática das relacións exteriores. O tronco común histórico, cultural e idiomático de Galiza e Portugal engade ás relacións de veciñanza típicas das relacións internacionais un valor no que as nosas relacións con Portugal constitúen unha peza clave

no noso desenvolvemento como país.

A visión das relacións con Portugal, nomeadamente o espazo da eurorexión Galiza-Norte de Portugal, estará orientada a aproveitar as sinerxías e as vantaxes comparativas da nosa común historia no económico, no social e no cultural, para avanzar no desenvolvemento económico e cultural de Galiza. As políticas de cooperación con Portugal articularanse sobre a base de tres niveis ou espazos territoriais:

- 1) Espazo  
transfronteirizo
- 2) Galiza-Norte de  
Portugal
- 3) Portugal e países lusófonos

**I.- O territorio propiamente fronteirizo: o Minho transfronteirizo e a Raia Seca do interior.** Estes dous ámbitos posúen unha dobre especificidade: ser zona de contacto fronteirizo e ademais teren séculos de relacións sociais entre a parte galega e a portuguesa. Esta dobre característica converte á fronteira galego-portuguesa en singular mesmo dentro das zonas transfronteirizas de Europa, que debe ser aproveitada.

Aínda que a liña fronteiriza continúa sendo competencia exclusiva dos gobernos centrais dos Estados, nas áreas fronteirizas as competencias son compartidas co gobernos autonómicos e os locais; estes son os actores fundamentais da cooperación sobre todo cando se trata de potenciar e garantir o desenvolvemento integrado nos devanditos territorios.

Medidas:

- A cooperación nas zonas de fronteira estará enfocada preferentemente ao plano local, de xeito que permita un desenvolvemento conxunto captando os recursos financeiros que a UE destina para a cooperación transfronteiriza entre Estados (en concreto o Programa Operativo de Cooperación Territorial España Portugal (POCTEP).
- Aproveitar o feito transfronteirizo como unha oportunidade mediante a planificación e o desenvolvemento conxunto do territorio, superando os obstáculos administrativos entre estados e facilitando as relacións entre as poboacións fronteirizas baseadas na colaboración de entidades locais e cidadáns. Nesta liña fomentárase propostas como as tarxetas para a cidadanía dos espazos transfronteirizos que permita o acceso a servizos, equipamentos e actividades.
- Potenciación de organismos de cooperación territorial, que deberán ter competencias delegadas polas diferentes administracións (galegas, españolas e portuguesas, estatais e locais) para a xestión conxunta dos espazos transfronteirizos, como son o val internacional do río Miño e o espazo da

Raia Seca. Estes organismos de cooperación territorial terán como misión a planificación conxunta do desenvolvemento económico e as accións da protección e valorización do patrimonio natural e cultural do territorio fronteirizo galego-portugués, como pode ser o desenvolvemento das figuras de protección da Rede Natura 2000, a coordinación de iniciativas de desenvolvemento socioeconómico, de estratexias de recuperación ambiental, prevención de riscos, explotación pesqueira e turística sustentable, saneamento das augas, protección da biodiversidade de ambas beiras do Miño así como dos espazos naturais do interior, etc.

- Revisaranse co goberno central os criterios do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza (POCTEP) co obxecto de que os fondos do citado Programa vaian

orientados efectivamente ao desenvolvemento local das áreas transfronteirizas e á eliminación dos problemas administrativos que persistentes e que dificultan as relación entre os cidadáns das poboacións fronteirizas.

**2.- Eurorexión Galiza-Norte de Portugal** como figura territorial europea recoñecida, con singularidade na mesma UE ,debido ás relacións históricas.

Neste ámbito, reclamase unha maior iniciativa do goberno galego nas políticas de cooperación, tanto a nivel de administracións como estimulando as relacións entre os sectores da sociedade galega, co obxectivo de lograr unha maior integración no socioeconómico e cultural entre Galiza e o Norte de Portugal.

Medidas:

- 1) Impulsar a AECT Comunidade de Traballo Galiza-Norte de Portugal como auténtico marco institucionalizado da cooperación territorial, con cesión de competencias por parte dos Estados. Ademais do goberno galego e a administración da Rexión Norte, fomentárase a participación neste órgano do tecido institucional, económico, universitario, sindical.
- 2) Animar a unha oferta educativa conxunta e á homologación de titulacións por parte das seis universidades da eurorrexión. Facilitar a relación e o intercambio entre alumnado e persoal investigador orientado á investigación conxunta.
- 3) Fomentar as relacións empresariais e integración económica a través do estímulo á formación de cadeas de valor e complementariedade empresarial.
- 4) Cooperación dos estados español e portugués nos investimentos estratéxicos conxuntos en enerxía, na innovación e en investigación.
- 5) Infraestruturas de comunicación: tren de alta velocidade; tren do Minho como elemento articulador da zona sur de Galiza e da área de Vigo.
- 6) Novas infraestruturas viarias que comuniquen parques industriais do norte de Portugal coa A-52 e a A-9.

**3.- Portugal e países lusófonos**

- Creación dunha delegación permanente de Galiza en Lisboa coas seguintes funcións
  - o Representación institucional de Galiza
  - o Fomento da cultura galega
  - o Relacións económicas e empresariais
  - o Relacións cos países lusófonos
- Cumprimento e desenvolvemento da Lei para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía (Lei Paz Andrade), con especial atención aos seguintes ámbitos
  - Ensino do portugués na Galiza
  - Relacións económicas
  - Relacións culturais
  - Recepción recíproca da TVG e RTP
    - Impulso do Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade
- O deseño e aprobación dun **Plan estratéxico de acción lusófona** que trace a folla de ruta e obxectivos da incorporación de Galiza à CPLP. Para tal fin, crearase un grupo de traballo que inclúa representantes de todos os departamentos e áreas da Xunta de Galiza implicados (relacións exteriores, política lingüística, economía, pesca e cultura, entre outros) así como outros axentes, colectivos, institucións e entidades sociais susceptibles de contribuir a ese proxecto estratéxico.
- O impulso da incorporación de Galiza á **Comunidade de Países de Língua Portuguesa** (CPLP) como membro observador asociado.

### A Galiza global-Galiza Emigrante

-Reformar a lei de galegitude para dar xusto cumprimento ao estipulado no artigo 7 do Estatuto de Autonomía e que permita ás comunidades galegas participar con plenos dereitos dos diversos aspectos que os unen ao conxunto do pobo galego. A historia das diásporas galegas é ampla e moi diversa e foi mudando co tempo. É necesario adaptar a lei ao século XXI, incluíndo as novas formas de organización que estas comunidades desenvolveron nas últimas décadas, tendo en conta tamén aqueles grupos con máis tradición.

-Colaboración tanto a nivel individual como a nivel colectivo. Será prioritario atender as necesidades das colectividades, dado que as actividades que realizan son un apoio fundamental no día a día das galegas e galegos emigrados e das súas familias. A administración terá especialmente en conta dous aspectos: a protección e salvagarda do patrimonio cultural das comunidades, un tesouro do pobo galego a transmisión e fomento da lingua galega, como expresión máis diferencial do noso pobo e dando cumprimento ao Estatuto de Autonomía

- Atención ás persoas das comunidades galegas máis vulnerables (persoas de baixas rendas, vítimas de violencia xénero...), e establecemento de medidas efectivas para asesoría e respaldo económico en colaboración coas oficinas consulares e outros organismos dependentes do goberno estatal.
- Creación dun portal administrativo dixital para as persoas que queiran retornar a Galiza e apertura dunha liña de axuda económica para facer fronte aos gastos iniciais, bolsas para iniciar formación en educación superior, a convalidación de títulos académicos, así como un seguimento ao longo do tempo para garantir a integración social.
- Establecemento de canles de diálogo e de relación entre as comunidades galegas espalladas polo mundo. Para avanzar neste obxectivo, contaras co asesoramento do Consello das Comunidades Galegas.
- Creación dunha Pista Única conformada polos tres aeroportos galegos, coordinación aeroportuaria para incrementar as conexións co Estado e co mundo (especialmente Europa) co obxecto de facilitar os desprazamentos de lecer, de relación familiar e os laborais.
- Recuperación de todas as conexións anteriores á pandemia, con especial atención aos trens nocturnos,.
- Demanda diante do goberno central de garantía de que non se produce dupla tributación no caso das pensións do estranxeiro das persoas emigrantes retornadas, Ademais, garantiremos o dereito á asistencia sanitaria deste colectivo.
- Medidas para facilitar o coñecemento e estudo da lingua e da cultura galega en galego así como de acceso a contidos dixitais na nosa lingua.
- Aproveitamento das **redes de colectividade galegas no exterior**, así como do asociacionismo galego, para a defensa, promoción e información dos intereses galegos, prestando especial atención à **nova diáspora**.

## **Solidaridade internacional, política pola paz e o antimilitarismo e cooperación ao desenvolvemento**

O BNG impulsará desde o goberno o aumento progresivo do **financiamento destinado á cooperación internacional** e o desenvolvemento, co obxectivo inmediato de superar nesta lexislatura 0,2%, sen perder a perspectiva de chegar ao 0,7%. O obxectivo é que o investimento froito desta cooperación permita a creación de estruturas que favorezan realmente o desenvolvemento e non supoñan unha simple axuda asistencial.

Por conseguinte, o BNG asume os seguintes compromisos da Cooperación Galega

### **I. Seguir avanzando dende o consenso.**

A política de cooperación segue a ser unha das que máis consenso suma tal e como amosan os acordos acadados no último ano a nivel estatal e galego.

Ademais seguimos a ser unha das sociedades europeas que máis apoia a solidariedade internacional.

## **2. Garantir compromisos orzamentarios suficientes e previsibles.**

Partindo do mínimo dos 9 millóns, establecido no programa 331A de cooperación ao desenvolvemento nos orzamentos xerais da Xunta en 2024, debemos establecer un calendario de crecemento anual que acade de forma progresiva o 0,2% do orzamento consolidado ao final da lexislatura. Sen perder de vista a obriga de chegar ao 0,7% de acordo aos compromisos internacionais adquiridos.

**3. Reforzar á sociedade civil para facer fronte a onda de autocratización e declive democrático que se vive a nivel global e que afecta con máis intensidade aos países socios da Cooperación Galega.** Isto pasa por fomentar a participación en espazos de decisión, reducir a burocratización dos procesos de financiamento e a rixidez dos procedementos e por promover liñas específicas de fortalecemento institucional para entidades da sociedade civil.

## **4. Unha acción humanitaria á altura.**

Temos que aumentar a capacidade dos actores galegos da cooperación para dar resposta á terrible situación internacional. Para elo debemos adicar á acción humanitaria alomenos o 20% da axuda reembolsable e facelo prestando especial atención aos grupos especialmente vulnerables: mulleres, infancia, persoas refuxiadas, grupos étnicos, etc. Neste eido compre poñer especial énfase na a educación en emerxencias para asegurar o futuro nos de nenos e nenas que viven en contextos de crises humanitarias. Ademais debemos defender máis que nunca o respecto ao dereito internacional, ao dereito internacional humanitario e a paz fronte a situacións intolerables como a que estamos vivindo en Gaza.

## **5. Avanzar cara unha Cooperación Galega máis especializada, ampliada e coherente.**

Froito da madurez e de moitos anos de traballo continuado temos desenvolvido ámbitos de especialización propios nos que achegamos un valor engadido e único (pesca, desenvolvemento rural, hábitat, auga, saneamento, traballo en países lusófonos...). Aínda así compre dar pasos adiante para fortalecer máis as nosas capacidades de traballo dende o enfoque feminista e ecoloxista, xa que son eidos de traballo esenciais para promover os cambios estruturais que se precisan á hora de salvagardar ás persoas máis vulnerables. Ao tempo, tamén temos que ser máis ambiciosos e tratar de ampliar o número de actores galegos que participan activamente desta política pública para chegar cada vez máis lonxe (outros departamentos da Xunta, máis entidades locais, etc.).



## Eixo II: Un país con xustiza, con dereitos e liberdades

Queremos unha Galiza que sexa vangarda no mundo na defensa de dereitos civís e políticos máis avanzados para o conxunto da poboación en moitos ámbitos que puntualmente foron tratados en anteriores apartados deste programa electoral mais tamén noutros relacionados cunha maior calidade democrática, unha maior participación social no proceso de toma de decisións e dunha maior transparencia.

Neste sentido, mentres Galiza non asuma competencias plenas e exclusivas en materia xudicial, de seguranza, dereitos e liberdades, o Goberno galego manterá unha posición activa para lograr avances e eliminación de restricións aos dereitos civís. O Goberno galego cooperará activamente coas entidades sociais de defensa dos dereitos e liberdades públicas que operan no noso País (Esculca, MDC,...).

Aliás, propomos as seguintes accións:

- Reforma da Lei electoral, co obxectivo de termos un mecanismo electoral limpo, xusto e fiábel, sobre a base dun reparto de representación proporcional aos votos, o recoñecemento do dereito a voto aos 16 anos, a rebaixa ao 3% da barreira electoral e o establecemento da circunscrición única en todos os procesos electorais, coa excepción das municipais. Campañas máis transparentes, que garantan a igualdade e o pluralismo.
- Prohibición do mailing, garantía de espazos adecuados nos medios de comunicación públicos para todas as forzas políticas e obrigatoriedade nestes de debates nas horas de máxima audiencia.
- Lei galega de Transparencia e de Participación cidadá, que promova a implicación permanente do pobo na acción de goberno. Particularmente, debe regular e promover a realización de consultas populares, orzamentos participativos, etc. e alargar o ámbito, a facilidade e a eficacia da Iniciativa lexislativa popular.
- Acabar coa corrupción. Combate firme a todas as formas de corrupción, promovendo as mudanzas lexislativas necesarias e impulsando a transparencia na xestión e na contratación pública.
- Fin das 'portas xiratorias'. Promoveremos unha lexislación estrita sobre incompatibilidades co fin de evitar a colusión entre a xestión pública e intereses privados e as 'portas xiratorias' entre o exercicio de cargos públicos e o emprego en corporacións privadas relacionadas con aqueles.

- Defender as liberdades públicas e os dereitos civís. O goberno galego prestará especial relevancia á defensa do exercicio -quer individual, quer colectivo- de todos os dereitos recoñecidos legalmente e de todos aqueles que entendemos que se deben recoñecer. En todo o caso, terá unha actitude activa de combate á limitación de dereitos e, por tanto, para lograr a definitiva derrogación de medidas autoritarias como a chamada 'Lei da mordaza'.
- Creación dun Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura de ámbito galego nas competencias de execución pola Xunta que supoñan privación de liberdade (centros de menores de reforma, unidades de ingreso psiquiátrico, calabozos da policía autonómica e policía local). Este mecanismo non estará vinculado á Valedoría do Pobo e terá garantías de independencia.
- Modificación da figura da Valedoría do Pobo, regulando a obriga de motivar no proceso de queixa as dilixencias acordadas ou denegadas, convertendo a queixa nun proceso contradictorio.
- Regulación da obriga na valoración do candidato/a á Valedor/a da experiencia en defensa de dereitos civís e liberdades públicas. Regulación legal da efectiva separación de funcións públicas dos representantes institucionais da Xunta e das entidades locais en relación a eventos relixiosos. Incompatibilidade da asistencia destes representantes ou de funcionarios/as públicos/as en carácter de tales a actos relixiosos.

## Xustiza

- Impulsar a creación do Consello Xudicial de Galiza, como órgano de goberno da administración de xustiza en Galiza, para o exercicio tanto das competencias propias como as que por desconcentración ou delegación lle sexan conferidas polo Consello Xeral do Poder Xudicial.
- Potenciar un administración de xustiza áxil, moderna, comprensible e accesible para toda a cidadanía como instrumento necesario para garantir o dereito á tutela xudicial efectiva e para o establecemento dunha xustiza eficaz e de calidade.
- Avanza na dignificación do servizo de asistencia xustiza gratuíta, ampliando as intervencións cubertas polo sistema, incluíndo a orientación e asesoramento previos á vía xudicial, a actualización e mellora das condicións das profesionais encargadas da súa prestación, e da infraestrutura necesarias para o desenvolvemento do servizo.
- Promover a ampliación da planta xudicial galega para adaptala á realidade social, económica e tecnolóxica de Galiza.
- Fomentar a utilización voluntaria dos sistemas alternativos á vía xudicial para a solución de conflitos; así como impulsar a elaboración dun modelo de execución penal inspirado nos

principios da Xustiza Restaurativa orientado á reparación integral da vítima e a reinserción real do penado.

- Promover as condicións para garantir a efectividade do dereito ao uso do idioma galego na administración de xustiza, así como fomentar a elaboración de textos xudiciais, doutriniais ou xurisprudenciais en galego.

### Uns medios públicos ao servizo da sociedade galega

A situación actual do panorama mediático e o estado dos medios de comunicación públicos galegos fan necesario establecer medidas para garantir o pluralismo informativo e o dereito de acceso nun momento en que se suceden as denuncias de manipulación e partidismo.

Nunha situación como a de Galiza, os medios de comunicación públicos son especialmente necesarios como unha ferramenta imprescindible para a consolidación da democracia e a normalización do país. Forman así parte imprescindible e de especial relevancia na conformación dun espazo galego de comunicación que constitúe un eixo fundamental para a defensa da identidade, a cultura e a propia existencia como país.

Mais, os medios públicos corren o risco de ser sometidos á manipulación e o control do partido que detenta o poder e esa situación, levada ao extremo, pode convertelos nunha transposición dos propios gabinetes de comunicación da formación política que dirixa a presidencia da Xunta. Esta situación, que está a ser denunciada de maneira continuada, pon en risco unha das trabes do propio pluralismo democrático e colide co dereito á información e o dereito de acceso que tiñan que estar garantidos nun servizo público como é a CRTVG.

Os medios públicos, nos distintos soportes e formatos, teñen que atender non só o pluralismo e diversidade do noso país en todas as súas formas senón que deben actuar como ben público que son, contribuíndo á promoción da nosa cultura e a nosa lingua, ao fortalecemento do sector audiovisual e os distintos ámbitos relacionados coa súa actividade e ofrecendo contidos acaídos de maneira especial para o público infantil, destinatario preferente para promover a normalización lingüística nas novas xeracións. Deben responder, desta maneira, a súa condición de ben e servizo público para a que foron creados. É urxente, polo tanto, establecer os mecanismos para garantir o pluralismo político e social non só no ámbito informativo senón tamén na creación e difusión dos distintos contidos que compoñen as súas programacións.

Por esta razón, desde o BNG impulsará desde o goberno:

- **A renovación da Dirección Xeral da CRTVG a través da convocatoria dun concurso público** que poña fin á politización dos medios de comunicación públicos de Galiza.
- **Garantir a misión de servizo público** a través do impulso e cumprimento dos seguintes principios:

a.- A CRTVG ten como obxectivo contribuir á promoción da sociedade da información constituíndo un eixo fundamental do espazo galego de información. Será tamén ferramenta necesaria para promover o debate democrático, o espírito crítico, a participación cidadá no desenvolvemento político, social, económico e cultural galego e garantirá o pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galiza.

b.- Como ben e servizo público que é, a CRTVG velará polo estrito cumprimento da imparcialidade e veracidade informativa, a liberdade de expresión e a formación de opinión pública plural, fuxindo en todo o momento da manipulación e o control ideolóxico da produción informativa, do privilexio de opinións favorábel a un determinado grupo político de forma discriminatoria ou dunha programación encamiñada a revalidar os valores ou os idearios do partido gobernamental. Trátase, polo tanto, de protexer os medios públicos da dependencia do poder político que padecen nesta altura, como se comproba nas propias escaletas informativas ou nos contidos da programación.

c.- A prioridade da CRTVG é promover e defender a identidade de Galiza, da súa lingua e da súa cultura, co estímulo á produción editorial, teatral, musical, audiovisual e demais expresións artísticas e escénicas do país.

d.- Formentar a produción audiovisual propia e de emisións que contribúan á proxección de Galiza cara ao exterior e de información ás comunidades galegas do exterior.

e.- Os medios públicos reflectirán o pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galiza, contemplando a perspectiva da realidade social, laboral, económica e cultural do país e de todo o seu tecido social, nos contidos informativos, divulgativos, educativos e de entretemento. A tal fin, garantirase o dereito de acceso, segundo criterios obxectivos de representación e implantación social, sen que poida excluírse ningún grupo social e co máximo respecto ao pluralismo e á participación democrática de toda a sociedade galega respecto á dignidade humana, ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe.

f.- Deberán fomentar a través dos contidos a igualdade e a non discriminación, a diversidade sexual, integrando a perspectiva de xénero e fomentando accións positivas, así como o uso da linguaxe non sexista.

g.- Defenderán a protección da xuventude e da infancia e, a tal fin, prestarase unha especial atención á programación dirixida á infancia e á mocidade, garantindo unha das principais funcións da radio e televisión públicas, o fortalecemento da Cultura e a lingua propias de Galiza, así como o seu papel educativo, socializador e galeguizador.

h.- Garantirán o respecto escrupuloso á obxectividade, a imparcialidade, a neutralidade, a veracidade e o pluralismo, erradicando a manipulación e a cancelación de contidos e profesionais.

i.- Asegurarán a separación entre informacións e opinións, a identificación de quen sustenta estas últimas e a súa libre expresión.

l.- Darán máxima continuidade na prestación do servizo e a plena cobertura do conxunto do territorio, garantindo as desconexións locais, espazos fundamentais para o dereito da cidadanía a acceder ao que acontece na súa contorna máis próxima.

m.- Garantirase que cumpra coa súa función estratéxica como motor do desenvolvemento da produción audiovisual independente, con transparencia e evitando a concentración das compras nun número reducido de provedores.

n.-Asegurarán o dereito das persoas con discapacidade ao acceso de forma efectiva aos contidos emitidos.

ñ.- Garantirán os dereitos dos consumidores e usuarios en relación coa programación, coa publicidade e coas outras modalidades de promoción comercial.

o.- Fomentarán o coñecemento dos valores ecolóxicos e do respecto e protección do medio ambiente.

p.- Será misión dos medios públicos a conservación e custodia dos documentos que de acordo coa normativa de patrimonio cultural deban integrar o patrimonio documental. Substituír este apartado polo seguinte : A conservación e custodia dos documentos que de acordo coa normativa de patrimonio cultural e de arquivos de Galiza, deban integrar o patrimonio documental de Galiza,velando pola conservación dos arquivos históricos audiovisuais e sonoros.

q) Fomentarán e pularán pola promoción estratéxica para a converxencia dixital, garantindo a presenza do galego nas plataformas dixitais.

r) Como condición da súa natureza de servizo público, os servizos informativos serán conformados por profesionais da información. A produción, realización e a edición dos servizos informativos non poden ser cedidas a terceiros.

2.- Especial atención ao público infantil. Pola súa condición de servizo público nun país con lingua e cultura propia e un alarmante proceso de desgaleguización nas novas xeracións, é de especial relevancia que a programación dos medios públicos presten un especial coidado para a produción e difusión de contidos destinados aos público de menor idade. Neste sentido;

2.1. A Corporación de Radio Televisión de Galiza garantirá unha ampla oferta en galego destinada á infancia e mocidade, facilitando o seu acceso coa distribución a través dos paquetes básicos das operadoras de televisión por fibra óptica, satélite, adsl, tecnoloxía móbil e calquera outra.

2.2. Garantirase que a oferta dirixida ao público infantil e xuvenil estea dispoñíbel para todos os dispositivos e servizos de contidos audiovisuais.

2.3. Esta oferta contará con aplicacións actualizadas, programas e xogos co fin de garantir contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega pública ou independente.

- **Creación da autoridade audiovisual** encargada de avaliar se os novos servizos significativos que se pretendan incluír se axustan á misión de servizo público encomendada e se alteran a competencia no mercado audiovisual. Ademais, a autoridade audiovisual establecerá un procedemento para que se poida solicitar a súa intervención no caso de incumprimento da función de servizo público.
- **Creación de novos mecanismos de control interno**, alleos á dirección, que funcionarán como vixiantes da independencia con respecto ao poder político e económico e como garantes do pluralismo informativo.

-O **Consello de informativos** que responderá a un regulamento propio aprobado nos tres meses posteriores.

-A **Valeduría da audiencia**. Figura que ten como obxectivo funcionar como interlocutora co público espectador, desde a recepción de queixas até a resposta a preguntas.

-**Editora de Igualdade**. Formará parte do cadro de persoal da CRTVG e terá como obxectivo velar polo cumprimento estricto na eliminación da discriminación e o machismo e promover contidos e iniciativas que contribúan á igualdade e á eliminación do machismo.

- **Creación do Consello Asesor** como novo mecanismo de control externo que se suma á propia Comisión do Parlamento Galego, o Consello de Contas e á Autoridade Audiovisual.